Alonso de Moure, veciño e xuíz da Vita de Chantada, comprou a Rodrigo de Sergude, veciño da aldea de Sergude en Villaquinte, todo o dereito que tiña nos lugares do Pereiro, Millaras, e Vales, sitos en San Juan da Coba, que traía en foro do Mosteiro de San Juan da Coba, pagándolle anualmente dúas fanegas de pan.

Pasou ante Alonso Vázquez, escribano e notario da Súa Maxestade.

1537, CAMBA

Frei Alonso de Segovia, Prior do Mosteiro de Chantada, con poder da abadesa, monxas e convento de San Paio de Antealtares da Cidade de Santiago, aj'orou a Alonso de Moure, veciño e xuíz da Vila de Chantada, o lugar de San Jillao sito no coto de Santa María ele Pesqueiras, coas súas viñas, soutos, regueiros, bodegas, e hennida. O lugar de Brandián, sito na feligresía de Villauje, que era do Mosteiro de San (...) de Chouzán, e o lugar do Pereiro, sito na feligresía de San Juan da Coba, segundo os traía por si, en renda anual de oito cántaros de viño, e medio; e un moio de pan, e dúas fanegas de pan, e unha fanega, e catro maquilas de pan.

Pasou ante Alonso Vázquez, escribano dedito Mosteiro de Chantada.

1537, CAMBA

Alonso de Moure, veciño e xuíz da Vita de Chantada, comprou a Pedro Vázquez de Moreda a propiedade e vecindade, a súa leira de herdade, que estaba

no agro do Seixo, e a tiiia qforada a Cristobo da Dehesa, en precio dun ducado de ouro.

Pasou ante Alonso Vázquez, escribano de Chantada.

1537, CAMBA

F'ei Alonso de Segovia, Prior do Mosteiro de San Salvador de Asma, digo de Chantada, con poder do Reverendo Abade Benito de Valladolid, aforou a Basca do Casa,; veciño da aldea de Costoia, o lugar que se elida de Abra! do Fondo, coas súas casas, e herdades. O lugar de Lence, sito na aldea de Linares, feligresía de San Jorge de Asma, e o seu terreo de harta na ría de ferreiros de Chantada, en renda anual de doce tegas de pan postas na tulla do Mosteiro, catro cántaros de viña pagados tamén no Mosteiro, e Olttras oito tegas de pan no co,po deste instrumento.

Pasou ante Alonso Vázquez, escribano de Chantada.

1537, CAMBA

Alonso de Maure, o vello, veciño e xuíz de Chantada, aforou a Cristobo da Devesa, o Souto de Roca, cercado sobre sí, sito na feligresía de San Gillao de Mourelos, e a leira do agro do Seijo en San Pedro de Líncora, demarcada sobre sí, segundo as traía Gómez García, na renda anual de seis canastos de castañas secas, un bo touciño, e catro galiñas.

Pasou ante Alonso Vázquez, escribano de Chantada.

1538, CAMBA

Álvaro de Losada, merino e alcalde maior do Condado de Lemas, aforou a Suero de San Payo, morador na feligresía de San Vicenzo de Yreja Feita, varias viíias e bens, que tiña en varios territorios da feligresía de San Cristóbal de Martín, en renda anula de un parco cebado en pe ó tempo da matanza, o mellar despois do primeiro, con dezasete maravedís, sete cañadas de viiio por San Martín; e polo día de San Vizenzo un bolo bo de trigo, un cabrito, e un pato.

Pasou ante Antonio Fernández, escribano e notario da Súa Maxestade.

1539, CAMBA

Don Pedro Alvarez Osario, marqués de Astorga, padroeiro verdadeiro insolidum do préstamo da metade da sincura da Magdalena de San Salvador de Villasante na diócesis de Lugo, fixo donación perpétua a Alonso de Maure, o seu xuíz, e maiordomo de Chantada, para que lle sucedera e o representase no que quixera.

Foifeita e primada polo dita marqués, sellada coas súas armas, na cidade de Astorga.

1539, CAMBA

Alonso de Maure, veciíio de Chantada, comprou a Estebo García, veciíio de Viana, o seu lugar de Viana, con tódalas súas pertenzas, que eran do diezmo de Deus, sito nas feligresías de San Pedro de Viana, Santa Cruz, e San Vicenzo de Agrade, todo esto por precio de dezasete ducados de ouro. Aforouno ó mesmo por sí, a tres voces, con un moio de pan de renda anual, que eran dezaseis tegas dereitas pala medida de Ávila.

Pasaron ambas escrituras a testimonio de Alonso Vázquez, escribano de Chantada.

1541, CAMBA

Alonso de Maure, alguacil maior do Reino de Galicia, veciíio de Chantada, pro medio do seu criado Alonso Ramos, comprou a Martín López, veciño da Vila de Melgazo en Portugal, o lugar de Pazos, sito na feligresía de San Pedro de Viana, vendéndoa pala cantidade de oito ducados de ouro.

Pasou a testimonio de Rodrigo González, escribano e notario público da Cidade de Ourense.

1541, CAMBA

Alonso de Maure, alguacil maior do Reino de Galicia, veciño da Vila de Chantada, por medio de Alonso Ramos, comprou a Inés Yáiiez, veciña da Vila de Melgazo en Portugal, viúva de Lapo González, tódolos bens maiores que lle poidesen pertencer por herdanza e sucesión dos seus pais Alelara González, e Gil González, e Rodrigo Pérez, o seu tío, nas feligresías de Santa María da Nogueira, San Andrés de Rivas de Miíio, Santa Marina de Chantada, e San Juan da Coba, os cales traía Juan González de Castro, Teresa de Vigo, e Alonso Caíioto.

Pasou ante Rodrigo González, escribano e notario propio da Súa Maxestade.

1543, CAMBA

Alonso de Maure, alcalde da fortaleza de Chantada, aforou a Pedro Pérez, rexidor e veciíio de dita vila, segundo o ganara da citada vila e concello de Chantada, a Casa que tiíia e poseía confinando coa Barrera de dita fortaleza, e coa outra casa súa, na que vivía Gregario López, e saía a plaza, e Iglesia da mesma vila, en renda anula de trece maravedís e medio de prata, e catro galiíias cebadas.

Pasou ante Pedro Vázquez, escribano.

1548, CAMBA

Martín de Losada, comprou a Teresa Rodríguez Rivadeneira, a súa nai, señora do Coto de Bebille, o seu lugar de Vilannaio1; que o traía Francisco de Lodeiro

en seis tegas de pan, e o lugar de Junqueira, que poseía Juan do Campo en renta de cinco tegas de pan, e unha de trigo, e oittros servicios, sitos na feligresía de San Cosme de F'olleda.

Pasou ante Bartolomé López, escribano e notario da Súa Maxestade.

1552, CAMBA.

Alonso de Maure, merino da Vila de Chantada, comprou a Pedro de Andemil, veciño do lugar de Andemil na feligresía de San Salvador de Villauge.

Pasou ante Juan Fernández Salgado, escribano.

1556, CAMBA

Bartolomé de Ulloa, veciño da feligresía de San Fiz de Asma, aforou a Miguel de Meigide, da mesma vecindade o lugar de Meigide, segundo o traía da súa mán, e o viña pagan.do en foro do Mosteiro de San Salvador de Chantada, con tódalas súas casas, herdades, parados, e o muiño, en renda anual de vinte e oito tegas de pan, catro capóns cebados, e un cabrito cun pipo de viifo con el.

Pasou ante Fernando Rodríguez, escribano da Súa Maxestade.

1557, CAMBA

A señora Beatriz Correa, muller do seifor Ares Conde Taboada, comprou a Alonso López de Suerio, veciño da feligresía de Santa María de Sabadelle, cinco fanegas de castañas secas de renda anual, situadas na súa casa e lugar de Suerio, e en precio de trinta ducados.

Pasou ante Sebastián López, escribano da Súa Maxestade.

1558, CAMBA

Aquí se atopa a compulsa un foro antiguo, que fixo o Monasterio de San Benito o Real de Valladolid, nos lugares do seu dominio na terra de Chantada, a Alonso de Maure o vello.

Arquivo de pleitos de diferentes lugares.

CAMBA, 1558.

Compra de Alonso de Maure, veciño e rexidor de Ourense, a Alonso, Fernando, Gregario y Bastín da Ermida, .fillos e herdeiros de Juan da Cidadella e Elvira de Cea, no lugar de Ferreiros en Argozon.

Pasou ante Martín Fernández, escribano da Súa Maxestade en Chantada.

1559, CAMBA

O ilustrísimo seífor don Francisco Blanco, hispo de Ourense, fixo título de rexidor da Cidade de Ourense, a Martín de Losada, por renuncia jeita por Afonso de Maure.

1561, CAMBA

Martín de Losada, veciíio e rexidor da Cidade de Ourense, compro ó excelentísimo seíior don Pedro Álvarez Osario, marqués de Astorga, unha harta confinante coa Fortaleza de Chantada.

Pasou ante Antonio de Villalpando, escribano da Cidade de Astorga.

1562, CAMBA

Catalina de Linares de Meixide, viúva de Pedro de Meixide, subaforou afavor de Pedro Vázquez Vareta, veciíio do Coto de Pesqueiras, oforo que ela adquirira de Rodrigo Vázquez de Ulloa e de Sancho de Ulloa, no lugar de Meixide Grande, coas condicións con.tidas no foro.

Pasou a testimonio de Juan Fern.án.dez, escriban.o da Súa Maxestade.

1563, CAMBA

Alonso de Maure, veciiio de Chantada, comprou a Esteban de Seíiorín, veciiio da aldea de Seiiorín, tres tegas novas de pan centeo de renda hipotecada sobre a súa leira da naveira do Lameiro de Vilaboa, sita nafeligresía de Camporramiro, por trinta e seis maravedís de prata.

Pasou ante Pedro de Eiriz, escribano de Chantada.

1563, CAMBA

Sebastián de Maure, clérigo e veciíio de Chantada, comprou a Esteban de Seiiorín, veciíio do lugar de Seíiorín nafeligresía de Santa María de Camporramiro.

Pasou ante Alonso de Maure, escribano de Chantada.

1564, CAMBA

Martín de Losada, veciiio e rexidor da Cidade de Duren.se, casado cunha filla de Alonso de Maure e de María Díez, recibiu enforo do moi magnífico seíior don Pedro Baca, gobernado,; e xustiza maior da Vita de Chantada, e a súa terra, de Alonso de Freán, alcalde de ordinario e de Pedro de Paramo, prior xeneral de dita vila, unha casa, sita na dita vita, que Jora de Bartolomé López, escribano, cunha horra, e salido hacia atrás, debéndolle a dita vila medio real cada ano, e oittra casa coa súa harta, e que se debía de doce anos atrás a cantidade de oittro medio real.

Pasou ante Juan Fernández, escribano da Súa Maxestade, veciíio de Monforte de Lemas.

1565, CAMBA

Martín de Losada, veciíio e rexidor da Cidade de Ourense, residente na vila de Chantada, aforou a Juan Ferreiro, veciíio de Viana, o lugar que se elida de Viana, que Jora de Ares Ferreiro, defunto, pai dedito Juan, sito nafeligresía de Santa Cruz

e San Pedro de Viana, coas súas casas, herdades, árbores, prados, e pastos, e con todo o demáis a dita lugar pertencente, aforándoo todo en seis fanegas de pan, un carneiro capado, e catro capóns cebados.

Pasou ante Juan Ferreiro, escribano da Súa Maxestade, e da audiencia e terra de Chantada.

1568, CAMBA

Juan. Suárez da Somoza, como marido de Ynés de Maure, filia de Alonso de Maure, ,fixo varios requerimentos a distintos renteiros dos lugares de Mariz, Nande, Pausada, Outeiro de Gomesende, Henosa, Regueira, Castenda, Ravelas, Surriva, e Olttros para que lle pagasen a respectiva parte de renda, que soían. pagar a dita Alonso de Maure.

Están asin.ados por Gaspar de Sobrado, escribano da Súa Maxestade, veciío do Alfoz de Chantada.

1577, CAMBA

Compra de Pedro Vázquez Vareta, veciío do lugar do PiHeiro, a Juan do Outeiro, Zapatero, e a Pedro de Outeiro, veciHo da feligresía de San Vicenzo Dargozon, no lugar da Chanca.

Acta notarial de Miguel Femández, escribano do municipio e Audiencia da vila de Chantada.

1581, CAMBA

Pedro de Aguiw; veciío de Villardecire, pediu execución contra Alonso de Miopedroso por rendas atrasadas, que lle debía do lugar de Villardecire, que lle ciforara en renda anual de catro fanegas e tres maquilas de pan, e seis capóns.

Pasou ante Álvaro de López Aguia1; escribano.

1583, CAMBA

Pedro de Aspay o mozo, comprou a Dominga de Lamas, solteira e a Ynés de Lamas, a súa irmá, muller de Bartolomé García, veciHas do Coto de Santa Cruz, filias de Pascual Vilar e de Catalina de Lamas, o lugar de Viana, con tódolas súas pertenzas, pagándolles anualmente en recoíiecemento de propiedade unha fanega de pan.

Pasou ante Juan de Logilde, escribano da Súa Maxestade, veciío do Coto de San Juan de Laje.

1587, CAMBA

Diego de Lemas y Camba, dono da Fortaleza de Villw; ciforou a Alonso de Maure e a Dominga Fernández, a súa mulle,; un souto chamado de Tras Asma, sito na feligresía de San Fiz de Asma, demarcado sobre sí por tódalas partes, co seu

regueiro, todo isto en renda anual de doce fanegas de castaFías secas, e limpias, e un toucilio.

Pasou ante Juan Varela de Quiroga, escribano aprobado pala real audiencia deste Reino na xurisdicción de dita Fortaleza de Chantada.

1592, CAMBA

Alfonso de Losada Rivadeneira, gobernador e veciíio da Vila de Chantada, ciforou a Gregario Mon.teiro, cerralleiro, da mesma vecindade, a casa da Morada, en que este vivía e estaba ó postigo de dita Vila, co seu territorio alto, e baixo, entradas, e saídas, en renda anual de doce reais en diíieiro de a trinta e catro maravedís, e dúas galiíias cebadas, todo pagado na casa do aforante de dita vila.

Pasou ante Estebo Tenreiro, escribano de Chantada.

1598, CAMBA

Pedro de Parajita, e Ynés do Varreal, veciíios de Carballedo, en Santa María de Sabadelle, arrendaron por razón de venta a Sebastián Fernández, clérigo, cura e rector de San Juan de Lqje, vinte e catro moios de viíio rasete, puro, os cales lle debería de pagar en oito anos na súa viíia e bodega de Lebesende, sita na riveira de Lagares de Santa María de Pesqueiras.

Pasou ante Gregario Fernández de Boán, escribano da Súa Maxestade no coto de San Paio de Muradelle.

BIBLIOGRAFÍA

a. **Fontes Escritas:**
-A.C.F.C. (ARCHIVO DA CASA FORTALEZA DE CAMBA, Rodeiro -Pontevedra-)

b. **Fonte bibliog1·áficas: ,**
-BARREIRO MALLON, B. (1972): *Arrendamento,* Gran Enciclopedia Galega, 2.
-FORM,9SO LAMAS, M. (1905): *Apuntes para a Historia de Chantada,* Lugo.
-M,ARINO VEIJ3,AS, D. (1983): *Seiiorío dq Santa María de Meira,* A Coruña.
-PEREZ FERNANDEZ, L. E PEREZ MENDEZ, L.F. (1999): *Historia de la Casa-Fortaleza de Camba,* Pontevedra.
-VAZQUEZ SEIJAS, M. (1955-1973): *Fortalezas de Lugo y a su Provincia,* Lugo.
-VILLARES, R. (1982): *La Propiedad de la Tierra en Galicia 1500-1936,* Madrid.

MANUEL GARCÍA GIL E FRANCISCO JAVIER VALES FAILDE: DOUS MEMBROS DO ALTO CLERO NADOS NA PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE CAMBA (RODEIRO)

Rubén Víctor Lois Calviii,o
Vicesecretario Xeral da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia

Manuel García Gil e Francisco Javier Vales Failde naceron nos lugares de Toiriz e Fornas, ambos da parroquia de San Salvador de Camba, o 14 de marzo de 1802 e o 7 de decembro de 1872, respectivamente.

Trátase de dous integrantes do alto clero, pois Manuel García Gil chegou a ser arcebispo de Zaragoza e cardeal (un dos poucos galegos que alcanzaron tan alta dignidade eclesiástica) e Francisco Javier Vales Failde foi auditor da Rota española e capelán de El-Rei Alfonso XIII.



Igrexa barroca de San Salvador de Camba.

Neste traballo só pretendo dar unba visión xeral destas personalidade relevantes, sen perxuício de que nun futuro próximo faga estudios máis detallados e puntuais sobre as mesmas.

MANUEL GARCÍA GIL

Coa finalidade de establecer un certo orden na exposición seguirei un criterio cronolóxico comezando este traballo por o cardeal Manuel García Gil para concluir con Francisco Javier Vales Failde.

Manuel García Gil era o noveno fillo de Jacinto García Vales e de Ana Coucheiro Antón. Chama a atención que García Gil non usara o apelido da súa nai (Coucheiro) e o sustituira por Gil. O apelido Gil era o da súa bisavoa materna Anastasia Gil, veciña de San Paio de Refoxos (Silleda). É probable que se decidira polo apelido Gil en memoria de dous familiares que foron bispos: Felipe Antonio Gil Taboada, bispo de Osma e arcebispo de Sevilla, e Cayetano Gil Taboada, sobriño do anterior, bispo de Lugo e arcebispo de Santiago de Compostela.

Cursou estudios no seminario de Lugo ata alcanzar as ordes de subdiácono e, despois dun largo período de reflexión, decidiu pedir o hábito na Orde de Predicadores ingresando no convento de Santo Domingo de Lugo en outubro de 1825 e ordeándose de presbítero o 10 de marzo de 1827.

Enseñou filosofía catro anos en Lugo e o terminar este período foi nomeado mestre de estudiantes no Centro de Estudios do Convento de Santo Domingo de Santiago de Compostela. En 1835 decretouse a supresión <leste convento e no reparto que se fixo dos membros desta comunidade a Manuel García Gil correspondeulle o convento de Oviedo. Encontrándose de camiño hacia esta cidade asturiana recibe en Lugo a noticia de que o convento do seu destino tamén foi pechado. Por este motivo fixou a súa residencia en Lugo para vivir dedicado o ministerio sacerdotal. En 1843 figura como profesor do seminario, foi vicario ecónomo de Montecubeiro (Castroverde) e vicerrector do seminario de Lugo. A súa fama como persoa competente extendeuse por toda Galicia, de modo especial con motivo das intervencións escritas, destacando <lúas: a relativa á ilicitude do vicario capitular de Mondoñedo e a referente a frenoloxía de Mariano Cubí.

Os relixiosos enclaustrados estaban facultados para aceptar beneficios eclesiásticos e canonxías. En Lugo algún dominico optou por este camiño, Manuel García Gil, sen embargo prefiriu non pedir gracia así como non presentarse a ningunha oposición. Foi o seu un servicio calado, cunha intensa labor ministerial e, sobre todo, entregado a formación de futuros cregos.

En 1849 o bispo de Lugo Fr. Santiago Rodríguez Gil O.P. presentouno a nunciatura para que o seu nome figurase entre as personas dignas para alcanzar o episcopado. Foi promovido por Su Santidad para a diócese de Badajoz no consis-

torio de 23 de decembro de 1853 e a raíña Isabel II deu o pase as bulas pontificias o 12 de marzo de 1854.

A súa consagración episcopal celebrouse o 23 de abril de 1854 e o consagrante foi o arcebispo de Santiago de Compostela Miguel García Cuesta. Este foi un día memorable en Lugo que incluso se reflexa nunha poesía escrita en galego por un admirador:

"Dios premiou tantas virtudes
Qu' o seu premio sempre alcanza
Os que traballan na viña
E os que sudan pra labrala"

A súa marcha a Badajoz supuxo para el un gran sacrificio. Era tanta a súa pena por deixar Lugo que se marchou sen dicir adeus, saíndo de incognito desta cidade. O 20 de maio de 1854 escribiu unhas liñas de despedida "A los habitantes de Lugo"que se publicaron no boletín oficial da provincia.

O seu extraordinario cariño por Lugo expresouno García Gil cando despedíndose dos fieles de Badajoz (o ser destinado a Zaragoza) manifesta así os seus sentimentos:

"Lugo es mi patria, allí abrí los ojos a la luz, allí hice mi carrera y elegí mi estado; allí estaban mis parientes, mis amigos, muchos hijos espirituales, todavía algunos compañeros de mi infancia y hermanos de mi religión. Mil lazos me ligaban con aquel noble y religioso pueblo, el más rico para mí, el más feliz, porque es la corte en la que se ostenta constantemente en su trono el Soberano Rey Sacramentado".

Antes da súa entrada en Badajoz o 13 de xuño de 1854, precisamente nos primeiros días <leste mes, visitou o colexio de misioneiros dominicos de Ocaña (Toledo) que foi o único convento da Orde en España que permaneceu aberto tras a exclaustración. Era rector o P. Antonio Orge que foi discípulo seu en Lugo e neste centro cursou estudios San José María Díaz Sanjmjo a quen Fr. Gil alentou na súa vocación misioneira. Díaz Sanjmjo era coma él da diócese de Lugo, da parroquia de Santabaia de Suegos (Pol), donde naceu en 1818 (dezaseis anos despois de García Gil). Poi alumno seu no seminario de Lugo. Díaz Sanjmjo foi beatificado o 29 de abril de 1851 e canonizado o 19 de xullo de 1988.

García Gil pasou a primeira temporada en Badajoz delicado de saúde e sen estar restablecido das indisposicións produciuse a aparición do cólera morrendo máis de 600 persoas na capital e fuxindo máis dun tercio da poboación. Cos fondos recaudados no pazo episcopal habilitouse un hospital na iglesia de Santa María, a parte de atender a moitos enfermos pobres que seguían estando nas súas casas. A veces socorría ós enfermos dando a súa roupa. Poi García Gil en Badajoz un bispo venerable pola súa piedade, activo e infatigable nas súas tarefas apóstolicas.

Diego Florido pintou un cadro en recordo de García Gil no que aparece socorrendo a enfermos e necesitados. Este cadro pode contamplarse no claustro da catedral de Badajoz ten el representase o bispo vestido de sobrepelliz, muceta e amplo sombreiro de tella, acompañado de dous cregos e, con ambas mans extendidas, repartindo en plena rúa unhas moedas a un neno coa súas roupas desgarradas, e un ancián, dúas nais cos seus fillos en brazos, algúns nenos e un home xoven esperando o seu turno confiados na bondade e xenerosidade do prelado. En novembro de 1854 foi condecorado coa gran cruz de Isabel la Católica.

Prestou García Gil en Badajoz unha gran atención os cregos e relixiosos, mostrou unha gran predilección polo seminario e conseguiu levar a cabo a publicación do Boletín Eclesiástico do Obispado que consideraba como instrumento necesario para manter unha comunicación constante cos cregos e fieles.

Nomeado arcebispo de Zaragoza, a entrada solemne na Seo tivo lugar o 17 de abril de 1857.

Pouco a pouco vaise acercando a realidade da archidiócese zaragozán, buscando un coñecemento directo cas persoas, institución e asuntos, como demostra a relación elaborada para a visita ad limina.

O ingreso de García Gil na archidiocese de Zaragoza coincidiu co comenzo da guerra entre Francia e Piamonte, por unha banda, e Austria, pola outra. Cundiu a insurreción polos diferentes territorios italianos sen que os estados pontificios constituiran unha excepción. Ante esta situación García Gil manifestou o seu convencemento de que os bispos tiñan que facer o posible para que o Papa recibira unha axuda económica especial por parte dos fieles católicos. O 16 de abril de 1860 remitiu o nuncio unha letra por valor de 44.000 reás. O papa Pío IX emitiu un empréstito o verse abrigado polas circunstacias porque atravesaba o patrimonio pontificio. Este empréstito constaba de 190 millóns de reás ó 5% e García Gil dirixiuse os diocesanos exhortándoos a suscripción de accións. A diócese de Zaragoza foi das que mellar respondeu ó empréstito cunha cantidade de 955.150 reás de vellón. Só foi superada polas dióceses de Gerona e Toledo. Pero aínda fixo máis donativos: o do 10 de agosto de 1863, de 60.000 reás; o do 24 de setembro de 1864, de 33.000; o do 17 de xullo de 1865, de 20.000, etc.

Un golpe de estado derribou a raíña Isabel II fuxindo esta a Francia e constituíndose ó longo da xeografía española xuntas provinciais e locais de goberno. Comezaba así o chamado Sexenio Revolucionario que duraría ata 1874.

O novo goberno, fruto desta nova revolución, estaba presidido polo xeneral Serrano, ocupando a carteira de Gracia e Xustiza, Antonio Romero Ortiz. Este goberno suprimiu a Compañía de Jesús, disolveu as conferencias de San Vicente de Paul e cancelou as pensións que recibían os seminarios.

O ministro de Fomento Manuel Ruíz Zorrilla suprimiu a relixión como asignatura obrigatoria nos plans de estudios dos institutos e das facultades universitarias así como tamén a facultade de Teoloxía nas universidades.

A cidade de Zaragoza sumouse o movimento revolucionario da Gloriosa o 29 de setembro de 1868 e o 16 de outubro fixo pública García Gil a súa posición ante o cambio político ocurrido en España nunha circular dirixida ó clero na que subliñaba que a igrexa debe manterse por arriba das convulsións políticas, poñendo de manifesto que nada era máis contrario ó ministerio sacerdotal e ó espírito de caridade e de paz que un eclesiástico metido a tribuno político. A súa reacción ante a nova situación política non podía ser máis ponderada e equilibrada.

A idea de convocar un concilio ecuménico foi madurando pouco a pouco no ánimo do papa Pío IX, perantes de anuncialo oficialmente quixo consultar respecto á conveniencia da súa celebración a bispos de diferentes países. O papa elaborou persoalmente unha lista de 32 pertencentes a Italia, Estados Austríacos, Francia, Baviera e España. Os prelados españoles consultados foron: Miguel García Cuesta, cardeal arzebispo de Santiago de Compostela; Fernando de la Puente, cardeal arcebispo de Burgos; Mariano Barrio Fernández, arcebispo de Valencia; Manuel García Gil, arcepisbo de Zaragoza; Juan Antonio Moreno Maisonave, arcebispo de Valladolid; Fernando Blanco Lorenzo bispo de Ávila, e Anastasio Rodrigo Yusto, bispo de Salamanca.

García Gil, corno queda expresado, foi un dos consultados e respostou ó papa mostrándose abertamente favorable á idea da celebración do concilio.

O 8 de decernbro de 1866 os bispos foron invitados polo cardeal Caterini, prefecto da sagrada congregación do concilio, en nome do papa, ás celebracións do centenario do martitio dos apóstolos Pedro e Pablo que terían lugar en Roma en xuño de 1867.

García Gil decidiu ir as celebracións de Roma aproveitando, o mesmo tempo, esta viaxe para asistir a canonización dun mártir da súa archidiócese, do beato Pedro de Arbués, antiguo coengo de Zaragoza.

Os bispos presentes en Roma levaron un escrito o papa no que lle agradecían a súa vixiante solicitude para a conservación do depósito sagrado e recordábanlle o definido no concilio de Florencia, celebrado no século XV: que o Romano Pontífice é o Vicario de Cristo, o xefe da igrexa universal, o pai e doutor de tódolos os cristiáns. Consideraban neste escrito tamén no acerto no proxecto de convocar concilio ecuménico e facían votos para que aquela asamblea ofreza a humanidade unha nova ocasión de acercarse a igrexa, columna e fundamento da verdade. García Gil tomou parte importante na redacción do escrito o que deixamos feito referencia.

Pío IX convocou concilio o 29 de xuño de 1868 para que comezase o día da Inmaculada, o 8 de decembro do ano seguinte. García Gil comunicou ó clero a súa decisión de saír de Zaragoza para o concilio o 18 de novembro de 1869. En Roma hospedouse no convento dominko de Santa María Sopra Minerva.

O 8 de decembro tal como estaba programado, foi a solemne apertura do Concilio Ecuménico Vaticano I e o día 14 tivo lugar a segunda congregación xeral na que se realizou a votación para elixir os 24 membros que pasarían a integrar a

comisión de fide. O resultado do escrutinio fixose público na terceira congregación xeral, o día 20. O elixido con máis votos resultou ser García Gil.

¿Cal foi a razón pala que o arcebispo de Zaragoza alcanzou o maior número de votos para formar parte da comisión de fide?. Os historiadores do concilio recoñecen que o tema da infalibilidade do papa pesaba moito no ánimo dos bispos á hora de confeccionar as listas dos posibles integrantes da comisión. García Gil figuraba en todas as que se foron preparando. Está, pois, claro de que a razón pala que foi elixido García Gil co maior número de votos radicaba en que era candidato tanto do grupo da maioría corno do da minoría. Pero ¿por qué o incluían uns e outros nas listas?. Seguramente polo seu talante moderado e aberto ó dialogo, e porque o apreciaban non só os bispos españois e dominicos, senón tamén os que o trataron en Roma con motivo das viaxes que fixo en 1862 e 1867. Como xa deixamos indicado, nesta última ocasión García Gil foi un dos redactores da mensaxe episcopal ó Papa.

García Gil suscribiu en xaneiro de 1870 unha proposta para que fara sancionada polo concilio a suprema potestade do Romano Pontífice que, polo mesmo que era suprema, resultaba inmune cando se pronunciaba en cuestións de fe e costurnes.

Martín Tejedor sinala tres nomes de bispos españois de carácter conciliador no tema da infalibilidade do Papa: García Gil, Montserrat Navarro e Ramírez Vázquez. García Gil mantivo un perfecto equilibrio nas súas actitudes, anque se mostrou sempre moi convencido tanto da verdade en si como da oportunidade da súa definición.



A aportación de García Gil ó Concilio Vaticano I foi moi importante. José Bada Panilla exprésase así: "Poi un dos bispos máis destacados da súa xeneración e, sen dúbida, a figura española máis sobresaliente no Concilio Vaticano l. Poi nomeado presidente da importante comisión de fide e interveniu na redacción da constitución sobre a infalibilidade pontificia. Aoque era infalibilista, nun momento crucial pensouse que podería mediar entre a maioría dos infalibilistas e a minoría da oposición". Por outra banda, as súas intervencións na aúla conciliar foron de altura, ben preparadas, intencionadamente concisas e alexadas de todo protagonismo persoal.

A promoción ó cardenalato de Fr. Manuel García Gil acordouse no consistorio celebrado por Pío IX o 12 de marzo de 1877. O seu nome como posible candidato para a dignidade cardenalícia sonara xa con anterioridade. Á morte do arcebispo de Burgos, cardeal Fernando de la Puente, ocurrida o 12 de marzo de 1867, a raíña

Isabel II e o ministro de Estado pediron parecer ó nuncio Barili sobre bispos que considerara dignos do cardealato. O nuncio presentou ós arcebispos de Valencia, Mariano Barrio; Valladolid, Juan Ignacio Moreno Maisonave e Zaragoza, Manuel García Gil. A raíña decidiuse por Moreno Maisonave.

Dez anos despois volveron a recordar os méritos de García Gil para acceder ó cardealado. Nesta ocasión foi o pronuncio cardeal Simeoni o que pensou nel. Tratábase de cubrir a vacante de Sevilla, por marte do cardeal Luis de la Lastra Cuesta, pero existían dificultades para o acordo cas autoridades do Estado. Simeoni non era partidario do traslado que desexaba o presidente do consello de ministros, Antonio Cánovas del Castillo, que pretendía que pasara a Sevilla o bispo de Orihuela, Pedro Mª Cubero. Tampouco era favorable o pronuncio á candidatura do patriarca das Indias Occidentais, Francisco de Paula Benavides, para a sé hispalense. Inclinábase polo arcebispo de Burgos, Anastasia Rodríguez Yuste. Pensaba, sen embargo, que o metropolitano máis digno era o de Zaragoza. Para él era este último un prelado que concentraba na súa persoa a estima de todos polo seu celo e profundidade doctrinal, "é merecedor, con preferencia a todos, da dignidade cardenalícia". O pronuncio apuntaba unha razón que impediría o seu traslado a Sevilla: a súa idade, 74 anos, e unha sordeira que sufría desde facía varios anos.

No consello de ministros do 7 de decembro de 1876 Cánovas del Castillo apoiou decididamente o traslado de Benavides a Sevilla, presentándoo tamén para a púrpura carcenalícia xunto co arcebispo de Santiago de Compostela Miguel Payá Rico. Parecíalle oportuno presentar ó mesmo tempo a García Gil, pero, "non como candidato de goberno, senón só como persoa grata á Santa Sé".

A principios de 1877 o goberno español seguía presionando á Santa Sé a favor do patriarca das Indias Occidentais, Francisco de Paula Benavides, e manifestando que no caso de que o Papa estivera disposto a crear soamente dous cardeais españois, inclinábanse por Benavides, preferíndoo ó arcebispo de Zaragoza. En Roma alegábase en contra de Benavides o seu descoido na visita pastoral á diócese de Sigüenza.

En febreiro de 1877 estaba xa decidida a creación de tres cardeais para España, accedendo ó Vaticano as esixeocias do goberno, pero sen excluir a García Gil.

A noticia da súa promoción a cardeal foi adiantada a principios de febreiro e a comunicación oficial fíxoselle desde a nunciatura o día 22 do mesmo mes. Nesta comunicación expresábanlle que a súa próxima elevación á púrpura cardenalícia tomara o Papa.

O consistorio celebrouse o 12 de marzo e nel foron creados cardeais: Francisco de Paula Benavides, patriarca das Indias Occidentais; Manuel García Gil, arcebispo de Zaragoza, e Miguel Payá Rico, arcebispo de Santiago de Compostela.

No consistorio do 21 de setembro recibiu o capelo cardenalício das mans de Pío IX e foille adxudicado o título de presbítero da iglexia de San Esteban no Monte Celia.

O Papa Pío IX faleceu no Pazo do Vaticano o 7 de febreiro de 1878 cando contaba 86 anos e despois de rexir a sé apostólica máis de 31. Por este motivo o cardeal García Gil, disposto a participar no cónclave que daría sucesión a Pío IX saíu de Zaragoza con dirección a Roma o 11 de febreiro de 1878.

A apertura do cónclave verificouse o 18 de febreiro e entraron nel 60 cardeais. Ó día seguinte entrou o cardeal Ignacio do Nacimento Moraes Cardoso, Patriarca de Lisboa.

O 20 procedeuse á terceira votación na que resultou elixido sumo pontífice o cardeal Joaquín Pecci, con 44 votos. O elixido tomou o nome de León XIII.

García Gil faleceu o 28 de abril de 1881 a idade de 79 anos. Foi o seu sucesor o cardeal Francisco de Paula Benavides que, como queda constatado, era o gran protexido de Cánovas del Castillo.

JAVIER VALES FAILDE

Nos cursos de doutoramento que fixen na facultade de dereito da Universidade de Santiago de Compostela, un dos traballos que presentei foi o que levaba por título "O auditor da rota Javier Vales Failde" e recordo que o punto de partida para a elaboración do mesmo foi o libro de D. Paulino Pedret Casado, catedrático de dereito canónico e meu profesor nesta disciplina académica, que se titula "Mis maestros gratuitos". Di o autor Pedret Casado que só escribe dos mestres que xa morreron e que lle ensinaron sen ningunha obligación de facelo, empezando por D. Vicente Camota Pérez, seguindo con Francisco Javier Vales Failde, Constante Amor Neveiro, Pablo Pérez Constanti, Rodrigo Sanz López, César Vaamonde Lores, padre Atanasia López e concluíndo con Joaquín Arias Sanjmjo.

Pedret Casado coñeceu a Vales Failde en novembro de 1922 no pazo da nunciatura, visitouno en varias ocasións na súa casa da rúa de Martín de los Heros, diron pequenos paseos por Madrid nos que conversaron sobre Amor Neveiro, o popular párroco de Santa María Salomé, sobre a austera educación moral de algunhas familias inglesas e sobre a gran formación dos bispos deste país (Vales pasou unha temporada en Londres acompañando á famlia do xeneral Weyler).

No mes de decembro, nun destos paseos, encontraron o catedrático de árabe Asín Palacios e contoulle Vales que sendo capelán de rnonxas en Zaragoza o arcebispo Soldevila, rnáis tarde cardeal aconselloulle que deisaxe esos estudios e se dedicase a teoloxía.

Segue decindo D. Paulino Pedret que en decernbro de 1923 notou que Vales non tiña tantas ganas de saír a pasear corno antes e que oíu rumores de que fora proposto por El-Rei para suceder como vicario xeral castrense a Jaime Cardona. Volveu dúas veces pola casa de Vales Failde e foille imposible velo. O 30 de marzo, Venres Santo, quedou forternente sorprendido cando viu mm xornal de Madrid a

noticia de que D. Javier Vales Failde aparecera morto no seu leito. Foi esta, explica Pedret, unha das impresións máis tristes que recibiu na súa vida. O día seguinte foi ó enterro e pudo ver no mesmo ó capitán xeneral Weyler, vestido de paisano.

Despois desta pequena referencia ó libro de D. Paulino Pedret Casado paso a expoñer o currículum vitae de D. Javier Vales Failde, ilustre crego, sociólogo e escritor.

Vales Failde naceu, como queda xa indicado, o 7 de decembro de 1872 en Fornas, parroquia de San Salvador de Camba, concello de Rodeiro (Pontevedra) e diócese de Lugo.

En Chantada, e despois en Ourense, fixo os seus prirneiros estudios con gran brillantez e cursou logo a carreira de dereito na Universidade de Santiago de Compostela na que se doctorou. Ó lado do seu tío Benito Failde Rivadeneria, deán da catedral de Tui, cursou teoloxía, celebrando a prirneira misa na capela da casa solariega da súa nai en Failde, parroquia de San Esteban do Salto, no concello de Rodeiro.



Casa de Vales de Fornas.



Casa de Vales de Failde.

Por liña materna era parente moi cercano do arcebispo que foi de Valladolid, José Antonio Rivadeneira, natural da parroquia de San Miguel de Buciños, concello de Carballedo (Lugo); e por liña paterna estaba emparentado co que foi arcebispo de Zaragoza, cardeal Manuel García Gil, coñecido por "El Santo Gallego", natural asimesmo de San Salvador de Camba.

Despois dos estudios de teoloxía en Tui trasladouse a Madrid, donde en 1898 é nomeado vicario xeral e ocupa a cátedra de Principios de Econonúa Cristiana do Seminario de Madrid. O bispo de Madrid Guisalola fixoo provisor en 1903, e en 1914 foi nomeado auditor da Rota Española como sucesor do máis tarde cardeal

primado Reig. Foi capelán de su majestad El-Rei Alfonso XIII, cura do Real Palacio e receptor da Real Capela. Asistiu espiritualmente a Montero Rios na súa última enfermidade.

Foi membro da Real Academia de Ciencias Morales e Políticas, correspondente da Real Academia da Historia, membro da Real Academia de Xurisprudencia (chegando a vicepresidente da mesma) e rector da Universidade Católica na que dedicou varios cursos o estudio biográfico e crítico de "Las reinas de España". Estaba proposto para bispo de Xión, vicario xeral castrense e patriarca das Indias, cando, ó parecer, privouse da vida.

Deixou escritas varias obras de carácter relixioso, histórico e social, das que cabe enumerar as seguintes:

-"La emigración gallega" (1902)
-"Rosalía de Castro" (1906)
-"Elogio a la memoria de la fundadora del Asilo de Huérfanos, Ernestina Manuel de Villena" (1908)
-"Federico Ozanam, fundador de la sociedad de San Vicente de Paul" (1913)
-"Las causas canónicas para el divorcio" (1916)
-"La emperatriz Isabel" (1917)
-"La Rota Española" (1920)
-"La disolución del matrimonio rato no consumado" (1921)

Ante a imposibilidade material de facer un análise de toda a súa obra, porque resultaría desmesurado, si considero imprescindible referirme ós libros que levan por título "La emigración gallega" e "Rosalía de Castro", por ser o seu contido o de maior interese e actualidade.

No libro "La emigración gallega" estudia Vales Failde a emigración na súa esencia e significado, fixa o seu concepto e sinala os inconvenientes e perxuícios que para Galicia entraña.

Estudia como causas da mesma a multiplicidade dos impostos e a súa desigual distribución (fai unhas breves consideracións sobre o imposto de consumos, arma política de fácil manexo para o caciquismo e que produciu en Galicia feridas incurables); a educación defectuosa; a falta de protección da agricultura; a crise gandeira; a desunión da agricultura e a gandería, e a inmoralidade.

Sinala que a emigración galega produciu toda clase de miserias. O espectáculo que ofrecían algunhas aldeas era horriblemente angustioso. Conta que nunha igrexa parroquial da provincia de Pontevedra, e asistindo ós divinos oficios, viu unicamente tres xoves entre o grupo de algúns anciáns, e un era xorobado e dous coxos.

Indica como remedios contra a emigración a represión da usura; a supresión do imposto de consumos e a rebaixa das demáis contribucións; a persecución ás axencias de embarque; a difusión das publicacións que se ocupan dos danos da

emigrac10n; a educación e ensinanzas prácticas; a protección á agricultura, e a unión da agricultura e a industria.

A obra "Rosalía de Castro" comprende unha introducción, IV capítulos e un apéndice.

Refírese na introducción a outras poetisas galegas. Concretamente a Sofía Casanova, Narcisa Pérez de Reoyo, a Avelina Valladares, a Filomena Dato Muruais e a Emilia Calé.

De Avelina Valladares, irmá do novelista e filólogo galego do mesmo apelido, retirada sempre na súa casa de Vilancosta, situada nos márxenes do Ulla, di que é autora de sentidas poesías como a titulada "A probe orfiña" da que recollemos o comenzo:

Orfiña quedei no mundo
desqu'a luz do mundo vin;
nunca agarimo sentín
dos pais que me deron ser.
Prendiña d'o meu amor,
vídiña da súa vida,
a negra morte estrevida
non m'os deixou conocer.

No capítulo I, sinala as datas do nacemento, de cando escribiu os primeiros versos (algúns deles foran !idos no Liceo de San Agustín de Santiago), do casamento con Manuel Murguía -que tanto laborou polo renacemento intelectual galego- e da súa morte.

O 17 de maio de 1863 firma Rosalía de Castro a adicatoria a Fernán Caballero de Cantares Gallegos, e precisamente a esta obra dedícalle Vales Failde o capítulo II do seu libro. Dí o autor que ó comparar a nosa poetisa os campos sempre verdes, húmedos e exuberantes de Galicia cos de Castela, as nosas casas, cubertas por frondosas árbores e verdecidas por tupido emparrado, cos grises e pardos pobos casteláns sin unha árbore, nin unha fonte; que ó encontrarse mm país alleo, sin a nai amante, síntese presa da nostalxia e ansiando voltar a súa terra, e exprésase así:

Airiños, airiños, aires,
airiños d'a miña terra,
airiños, airiños, aires,
airiños, levaim'e a ela.
Sin ela vivir non podo,
non podo vivir contenta,
qu'a donde queira que vaia
cóbreme unha sombra espesa.

Rosalía de Castro, según Vales, é unha poetisa social, porque esboza, con clarividencia, os principais problemas sociais que afectaban a Galicia, deixándonos entrever, en ocasións, o oportuno remedio. A ern.igración foi maxistralmente sentida por ela, presentándonos a un galego que se ve forzado a abandonar a súa terra e que despois de despedirse da súa horta que tanto amou, das árbores por el prantadas, da fonte que apagou a súa sede, do cern.iterio no que descansan os restos mortais do seu pai, diríxese a cornpañeira da súa vida e dille:

Adiós tamén, queridiña...
Adiós por sempre quizais...
Dígoch'e este adiós chorando
Desd'e a veiriña do mar
Non m'olvides queridiña,
si morro de soidás...
Tantas légoas mar adentro...
¡Miña caisiña! ¡Meu lar!

Sinala como causa da emigración galega a miseria:

Venderon ll'os bois
venderon ll'as vacas.
o pote d'o caldo,
i-a manta d'a cama.
Venderon ll'o carro
i as leiras que tiña,
Deixaronno soio
c'oa roupa vestida.
María, eu son mozo,
pedir non m'e dado,
eu vou po'lo mundo para ver de ganalo.
Galicia está probe,
i-a Habana me vou
¡Adiós, adiós, prendas
d'o meu corazón!

Con igual claridade sinala os seus efectos negativos:

Este vaise i aquel vaise
e todos, todos se van,
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.

Tes en cambio orfos e orfas
e campos de soledad,
e máis que non teñen fillos
e fillos que non teñen pais.
E tes corazóns que sufren
Longas ausencias mortais,
Viudas de vivos e mortos
Que ninguén consolará

E fai apoloxía da pequena propiedade:

Miña casiña, meu lar,
cantas ouciñas
d'ouro me vales

No capítulo III apunta Vales Failde que "así como o libro dos Cantares encerra as principais <loores, as amarguras máis intensas de Galicia, o de Follas Novas contén as <loores, as penas e as amarguras que torturaron a alma de Rosalía de Castro". Os cambios continuos de residencia inspiraron a Rosalía de Castro a poesía titulada "¡Adiós!" na que vai despedíndose dos obxectos que a rodearon, dende as paredes da súa casa ata Santo Domingo, onde reposan os seus restos mortais.

¡Adiós! Montes e prados, igrexas e campanas
¡Adiós! Sar e Sarela, cubertos de enramada
¡Adiós! Vidán alegre, moiños e hondanadas,
Conxo ó d'o craustro triste e as soedades prácidas,
San Lourenzo ó escondido, cal un niño antr' as ramas,
Belvís, para min sempre o d'as fondas lembranzas,
Santo Domingo, en donce cant'eu quixen descansa,
Vidas d' a miña vida, anacos d' as entrañas.

Vales ó final do capítulo III do seu libro exprésase así: "A dor de Rosalía non é o de pesimismo absoluto con que Leopardi coloreou todos os seus versos, nin tampouco aquela quexumbrosidade desgarradora de Byron; nin siquera os xemidos da alma inqueda, indócile caracterizados no Desespoir de Lamartine; as dores de Rosalía de Castro son prácidas, son resiñadas, son hastra doces".

Vales foi testigo presencial do traslado dos restos mortais da nosa xenial poetisa, desde o apacible cerniterio de Iria Flavia á monumental igrexa de Santo Domingo de Santiago, o día 25 de maio de 1891. Fai a descripción do mismo no Capítulo IV e relata, con gran luxo de detalles, o longo recorrido polas rúas de

Santiago, desde a estación do ferrocarril hasta Santo Domingo, destacando o tributo de admiración e agarimo, que en nome da xuventude escolar fixo o malogrado Alfredo Brañas, hoxe tamén enterrado na mesma igrexa.

O autor do mausoleo foi o artista galego D. Jesús Landeira e a descripción do mesmo foi feito polo escritor, tamén galego, D. José Tarrío.

No APÉNDICE recolle, entre as moitas poesías consagradas á memoria de Rosalía de Castro, algunhas ó azar de Francisco de la Iglesia González, M. de Marcos Santos, J. Barcia Caballero, V. Lamas Carbajal, José María Posada, Alberto García Ferreiro, Filomena Dato Murais, M. Núñez González, Antonio García, V. Queipo, Alfredo Brañas, Galo Salinas, Máximo Lois Rossé, M. Martínez González e M. Curros Enríquez, que reproducimos seguidamente:

A ROSALÍA:

D'o mar pol-a orela
mireina pasar
n-a frente unha estrela,
n-o bico un cantar.
E vin-a tan sola
n-a noite sin fin,

Quinda recei pal-a pobre d'a tola
eu, que non teño quen rece por min

A musa d'os pobos
que vin pasar eu,
comesta d'os lobos,
comesta morreu...
Os ósos son déla
Que vades gardar.

¡Ai, d'os que levan n-a frente unha estrela!
¡Ai d'os que levan n-o bico un cantar!

Vales Failde faleceu en Madrid o día 30 de marzo de 1923 na súa casa da rúa Martín de los Heros, nº 34. A súa marte foi violenta e así o reflexa a dilixencia de inspección ocular practicada polo xulgado de garda do distrito de La Latina no que se sinalaba que o cadáver presentaba unha ferida no pescozo. Practicaron a autopsia na casa de coengos os médicos forentes D. Leopoldo Pombo e D. Antonio Lino, asistindo o xuíz de distrito de Palacio, quen se fixo cargo do sumario instruído polo xuíz de garda.

Arredor da morte de Vales Failde desbordáronse os comentarios da fantasía popular, predominando a versión de que o suceso obedecen a un accidente (suicidio) no cal pudo influír algún desequilibrio nervioso.

O Ministro de Gracia e Xustiza manifestou o día da morte pola noite que Vales Failde falecera dun ataque de hemoptise e que, polo tanto, non se trataba dun suicidio.

O conde de Romanones desmintiu da maneira máis absoluta e con tono de completa sinceridade -dí o ABC de 31 de marzo- a afirmación de que a Vales se lle houbera posto obstáculo algún nin directa nin indirectamente en Roma para ascender ó episcopado. É máis -segue decindo- nin sequera podía haber ocurrido esto pola sinxela razón de que aínda non se formulara proposta algunha. El-Rei iba a nombralo -e o Decreto estaba extendido- capelán maior de palacio. Deste nomeamento daríase traslado a Guerra para que o Sr. Alcalá Zamora levara a firma rexia outro nomeamento, o de vicario xeral castrense, e, en terceiro término formula.ríase ó Vaticano a petición de que se dignase a Súa Santidade conceder ó Sr. Vales un obispado "im partibus".

No xornal de Lugo "El Progreso" de 31 de marzo recollíase a noticia da morte de Vales Failde co seguinte texto:

MORRE O LUCENSE RECÉN NOMBRADO BISPO DE SIÓN

"Onte pola noite faleceu repentinamente o Doutor D. Javier Vales Failde, electo bispo de Sión. A noticia do falecemento do ilustre galego circulou rápidamente por Madrid, causando gran sensación. O doutor Vales Failde oficiou onte pola mañá na capela pública de palacio. Pola tarde estivo na maiordomía do Rexo Alcázar a pedir ta.rxetas para a capela de hoxe. Pola noite ceou co marqués de Torrecilla retirándose logo ó seu domicilio. Insístese en que a m01te non foi natural, asegurándose de que se suicidou, dándose un corte no pescozo cunha navalla barbeira" ("O despacho que antecede chegou ó noso poder totalmente mutilado pola censura").

En "La Voz de Galicia" da mesma data dase a noticia da forma que segue:

FALECEMENTO DO BISPO DE SIÓN

"Onte a noite, de modo repentino, faleceu en Madrid o ilustre prelado galego Sr. Vales Failde, que, como se sabe, acaba de ser preconizado bispo de Sión.

A noticia do falecemento pola súa brusquedade, así como pola circunstancia de coincidir case o mesmo tempo ca súa exaltación ó elevado cargo, produxo na Corte enorme sensación.


En Madrid correu o rumor de que o Sr. Vales Failde suicidouse, o que se comprobou posteriormente. Sen embargo, no parte facultativo que se dá da marte farase constar que o falecemento ocurriu a consecuencia dunha embolia".

Eugenia Montero no seu libro "Los Secretos en Palacio Real" di que Vales Failde "O 17 de xuño de 1922 foi nomeado receptor interino da Real Capela. Aínda non transcurrira un ano, durante a semana santa de 1923, sufriu unha grave crise emocional. Sentimentos, desexos, decepcións, dúbidas, inseguridade, toda unha mezcla, varia e humana, créanlle unha angustia psíquica que non logrou superar. O 30 de marzo de 1923, Venres Santo, Francisco Javier Vales Failde suicidouse cortándose as venas. Ocultouse a forma en que morrera, pero en palacio correron distintas versións sobre os motivos que o induciron a tan fatal decisión. A opinión máis extendida foi que morreu por amor, un amor espiritual e imposible que foi máis forte que a súa relixión".

E para rematar, despois de todo o exposto, só nos queda afirmar, seguindo a Borobó, que Vales Failde foi un dos galegos máis influentes en Madrid e que o seu papel dentro da oligarquía madrileña aínda está por estudiar.

Cartografía antigua de GALICIA


Tierra Deça



Año 1621. Versión del mJpa de Ojea. por la familia Hondius

Cartografía antigua de GALICIA

riierra de Defa



"Il Regno di Galicia" de Giacomo Canlelli da Yignola. Publicado en Roma en 1696

TERRA DEZA, non do Deza

Nicolao Alvarellos

No comezo quero afirmar categóricamente que debe dicirse **DEZA,** de Deza ou en Deza, para falares desta terra. Dicir **O DEZA,** do Deza ou no Deza, ten de reservarse exclusivamente para indica-lo río coma caudal de auga ou para a súa fauna e flora.

Hai xentes que coidan que antepoñendo un "o" ou "do" a calquer verba xa son máis galegas. ¿Qué diriades do que usase as expresións: O Limia O Ulla, O Tabeirós para referirse a estas terras? Cáseque todos saben que se dí A Limia, A Ulla, Tabeirós e o mesmo para **DEZA.**

Din os entendidos, que as comarcas toman o nome do río que as atravesan. Admitámolo. Nembargantes, hai unha cousa moi especial en **DEZA,** pois a primeira nova que temos dela non se refire ó río, senón a súa comarca. Ainda máis, nin sequera se menciona este río, anque outros coma o Ulla e o A.mego, sí.

Poida ser, tamén, que nos levemos unha grande sorpresa cando D. Isidoro Millán González-Pardo, investigador e erudito en linguas indoeuropeas, publique un prometido traballo eneal da orixe e significado de **DEZA.** Como nome do río, sería sen a letra "D" inicial.

1985: o 15 de decembro tivo lugar, no concello da Estrada, sendo alcalde don Manuel Reimóndez Portela, unha homenaxe ao insigne dramaturgo. Nas súas verbas, pronunciadas nese día, reflíctese a súa personalidade:

"Todo esto da homenaxe emocióname moito, porque eu non teño méritos para tanto; pero o que si teño a sorte de dar con homes nobres coma vós, que vos excededes nos agasallos, que sen merecelos, me tributades. Moitas gracias".

---

[15] Vid. Cuadernos da Escala Dramática Galega, nº 4, Febreiro de 1979.

[16] Vid. Varela Buxán Manuel D, *Quen é e quen foi Daniel das Pal/atas,* na sección Textos de Varela Buxán.



O noso dramaturgo durante un acto de hornenaxe.



Manuel Daniel Yarela Buxán, toda unha vida adicada ao teatro.



Varela Buxán fala co seu amigo Saltar, o creador do coro Airiños do Ulla.



D. César Sesto arnósanos a casa de Yarela Buxán, no lugar das Pallotas.

1986: o 25 de setembro, a idade de setenta e sete anos, finou o Patriarca do Teatro e sobretodo -ao dicir de tódolos seus conveciños, achegados e amigos- finou unha boa persoa. Os seus restos descansan na terra, que o acolleu e agarimou antes e despois do seu soño arxentino, Cercio.

1998: en febreiro, o xornal cultural da Estrada, o Tabeirós Terra, anuncia que este ano, 1998, estará adicado á figura de Manuel Varela Buxán, o prolífico escritor e dramaturgo que nado en Lamas ocupou toda a súa vida na creación teatral.

1999: o Concello de Lalín propón á Real Academia Galega que o día das letras de 1999 lle sexa adicado a Varela Buxán; proposta que é apoiada, entre outras institucións, polo pleno do Concello da Estrada.

A Real Academia decidiu, finalmente, dedicarlle o Día das Letras Galegas a outro insigne galego: Roberto Blanco Torres, vencellado, tamén, ás terras de Deza e Tabeirós. Mais, estamos certos, que nos vindeiros anos chegará ese recoñecemento para o noso dramaturgo, porque -como dixo Castelao- nunca se poderá falar do teatro galega sen falar de Manuel Daniel Varela Buxán.

O TEATRO DE VARELA BUXÁN. A TEORÍA DA ELIPSE

Varela Buxán conta con 27 obras escritas en forma dramática, todas elas en galega e dúas pezas escritas en castelán *Cazando Viudas* e *Gracias padre Ramón.* A meirande parte destas pezas (concretamente 20) foron estrenadas en Bos Aires e en Uruguai.

"Escribir teatro galego -di Maruxa Villanueva- sen pisar a lama das nosas congostras, é tanto como descoñecer o vivir e problemas deste noso pobo". De seguro as pezas teatrais de Varela Buxán pisan unha e outra vez a lama das nosas congostras, xa que reflicten a realidade da aldea, da parroquia.

A paisaxe, os personaxes, os temas, a fala, a retranca, o ritmo da vida ... ; todo nelas é galega. Así falaba Varela Buxán dos seus persoaxes:

"... compre non esquencer que tudol-os meus persoaxes son de estraición aldeán, labrega, e que a crúa laboura do agro lles imprime nos rostros, na mirada, nos xestos e nos movimentos, rasgos caraiterísticos: son de doce mirada, de vagarosas falas e movimentos ..." [17]

Estamos <liante dun teatro costumista e realista máis, asemade, estamos <liante dun teatro de forte denuncia social, cunha forte <lose de humor e de amor á terra. As pezas teatrais están escritas para o grande público e tanto a estructura das mesmas (conflicto ou problema, nudo e desenlace) como a súa técnka e posta en escea son sinxelas. Fixádevos o que nos di Varela Buxán das súas obras teatrais:

"... Prego que se diga tal coal está escrebido, coa moor naturalidade, sin toadas nin acentos especiaes. As pezas, aínda que un tanto tráxicas no fondo, resul-

---

[1] Varela Buxán Manuel Daniel, *O Ferreiro de Santál1 / Taberna Sin Dono,* Edicións Celta, Lugo, 1975, 2° edición, p.VII.

tarán alegres e moverán á risa sin ferir a nosa xa de abando magoada diñidade; e pra que eisí sexa, abondará con adicarlle boa atenzón aos pasaxes de candor e santa inxenuidade, que caraiterizan a nosa sinxela alma galega. A nimiedade aparente que se desprende do argumento e do tema, eisí corno do seu desenrolo, constitue o celme virdadeiro do meu teatro, a súa atmósfera, o seu "clímax". [8]

Con estes ingredentes non é de estrañar que as súas obras, representadas por un bó elepco de actores encabezados por Maruxa Villanueva alcanzaran un grande éxito e converteran ao noso dramaturgo no autor máis representado do teatro galega.

¿Pensa Varela Buxán no seu Teatro, como unha fermosa elipse pechada, ou como unha curva franqueada ao porvir?

Seguindo con esta metáfora, esbozada por Otero Pedrayo, e utilizando a linguaxe matemática poderiamos dicir que o denominador común das pezas teatrais de Varela Buxán é a súa estructura elíptica. O noso dramaturgo constrúe as súas pezas teatrais con dous puntos fixos ou focos, de raíz galega: a inspiración e a vivencia (o ritmo da vida) do mundo e da arte. A través destes dous focos, de idiosincrasia galega, debúxase a estructura elíptica da súa obra. O desenrolo desta elipse está determinada con tres elementos constantes: a paisaxe, a lonxanía e a saudade, e o humorismo e o barroquismo galega... Con todo isto podemos dicir que o teatro de Manuel Daniel Varela Buxán sería unha fermosa elipse pechada.

[8] *Ibídem.*

TEXTOS DE VARELA BUXÁN

(Estes dous textos -*Alba de Groria* e *Quen foi e quen é Daniel das Pallotas*- deixoullos o naso ilustre dramaturgo ao seu amigo e veciño de Cercio D. Cesar Sesto Sobrado, ao que lle agradecemos que nolos entregara a nós.)

ALBA DE GRORIA

Ollanse manifestacións e escoítanse fa/ando das posibres capitalidades pra o asento do naso pirmeiro Goberno autónomico da nasa Terra. Tanto nas manifestacións coma nas opinións, óllanse pouco sentimento galega, pouca galeguidade. As cidades galegas que temas, tudas teñen. o mesmo orixen., tudas nasceron do mesmo celme e nutrí'onse da mesma savia, anque algunhas teñan un chisco de máis méritos que outras.

Pero son muitas as Consellerías a esparexer por Galiza acliante, polo que non será diJícile compracelas a tudas. Considerando istas cousiñas con sentimentos de galeguidade, pensamos que é iste o intre máis axeitado pra que o naso nacente Goberno galega escreba as páxinas de groria na historia de Galiza, acugulando moita ledicia no corazón de túdolos galegas, ó tempo que daría mostras de levar no seu esprito restos de agradecemento pra os nasos devanceiros, pra os nasos campesiños, que foron eles os únicos gardadores da nasa língoa a traveso dos séculas, das nasas costumes, do naso xeito de sere, e que non receberon hastra agora máis que bulras dos de Jora e dos de dentro.

Nós, os labregos, coidamos que o naso Goberno galega ten facultades pra facer algo que alede a túdolos galegas, un "algo" histórico que sin dúbida perpetuará o sentir da nasa raza, consistiría no enterramento da semente dunha nova cibdade galega, nascida no seu celme, a cibdade que está a pedir a berros que a sementemos pra nascer canto denantes.

Isto é o que lle escoitamos á longa ringuileira dos espritos dos nasos devanceiros, que, en Santa Compaña, percorren os recan.tiíios da nasa Terra desexosos de asistir o n.ascemen.to da nasa grande e fermosa cibdade galega. Vendo ista Santa Compaíiá dos nasos devanceiros con Castelao á cabeza, escoitando as súas Jalas cos ouvidos do corazón -se o corazón é galega, erara-, axiíia sabemos que os espritos que forman na manifestación da Santa Compaíia van decindo ós gobernantes galegas que depositen a devandita "semente" alí no sitio máis axeitado, que consiste no erguemento dun grande e fermoso edificio, diseñado por arquiteitos galegas e decorado por artistas galegas; un edificio que dispoíia de todas as comodidás pra levar a termo tudas as funcións que ni! queiran desenrolar os gobemos máis esixentes que se seucedan. nunha Galiza ceibe.

I aló, perta do cume diste gran e grande edificio, iste suxestivo e histórico letreiro: "ALBA DE GRORIA" (FALADOIRO GALEGO), no que tería as súas parolas a nasa Xunta de Caliza, e, derredor dil, iría medrando túdolos días a nasa tan anceiada Capital Galega.

¿Onde está o sitio pra depositar ista semen.te? Nós opinamos que isto compre faceto no centro xeográfico de Caliza, que cai xustamente nas terras do Deza, moi pertiío de Lalfn, que ademais de sere o centro xeográfico da nasa Caliza, é un paraxe fermoso e histórico, pois nil, os campesiíios da bisbarra, sin máis ferramenta que o ligonciío de cadda un, fixeron o pirmeiro campo de aviación habido en Caliza, pra que nil se pausara o 23 de xunio de 1927 Xaquín Loriga, que ten nista vita un fennoso moimento pala súa fazaía de voar dende Madrid a Manila, co seu compaíieiro Gallarza. "O TOXO", chámase o paraxe donde Loriga aterrizou, pilotando o seu aeroplano dende Madrid; que, certamen.te, dá mágoa ver cómo alf, naquel sitio histórico, no centro xeográfico de Caliza, non fegura un con que faga de monolito e un.has letriías que falen dista data inesquecíbel pra os que persenciamos iste jeito, e pra os que tanto alí traballaron pra facer posíbel o pirmeiro bico dun avión a terra galega, a crón do rolo do sabio Don Ramón Alle,; do matemático Rodríguez, do intrépido Xaquín Loriga, dos artistas universais Laxeiro, Colmeiro, Sucasas, etc. Semella que as causas do esprito non se cotizan nos tempo que corremos.

22-6-82



"¿QUEN FOI E QUEN É DANIEL DAS PALLOTAS?"

Todos sabemos quén foi iste home: un mozo de familia homilde, nascido no Axuntamento da Estrada e que veu pra Cercio cando tiña doce anos, que vivíu e que foi músico na Banda de Mato sin que poida decir que fixo mal a ninguén. Iste foi o Daniel das Pallotas que tudas coíiecemos. Cando iste mozo contaba con 19 anos cwnpridos, sin máis cultura que a que eiquí na nosa Terra e no medio rural se podía lograr naquiles tempos, emigróu, a Bos Aires, terras en que permaneceu dende 1930 hastra o 1950, cultivando o seu esprito e a súa intelixencia. De regreso a Galicia, voltóu pra antre os seus veciños ele Cercio, pra antre nós, no ano de 1950.

Todos coíi.ecíamos ó Daniel das Pallotas que se fora prás Americas, pero moi poucos ó Daniel que regresaba. Il nunca nos fa/aba do que era, do que del soupemos canelo os Diarios de Galicia poideron fctlar con máis liberdade. Xa de volta en Galicia, no ano 1950, e xa ben entrado en anos, aínda se puxo ao estudo da homilde carreira de Auxiliar Sanitario, facéndose Praiticante en mediciña; foi ás oposicións e quitóu a ¡Haza do 3° Distrito de Latín, Distrito ao que perteíiece a n.osa parroquia de Cercio, na que se quedou hastra que se xubilóu, poíiénclose sempre a disposición dos que recurrimos a il en demandea dos seus servicios profesion.aies; tamén loitóu sempre por lograr o que il consideraba ventaxas pra a parroquia, como foi a traída da luz eléitrica, a carreteira ele Cercio á Goleta, etc.

Agora, a traveso dos meios ele información en.terámosnos de que aquil Daniel das Pallotas é o mesmo que hoxe é coñecido nos meios inteleituaies, en Galicia e fora dela, polo nome ele Vareta Buxán, pola súa laboura clesenrolada en BS. Aires, ó longo dos vinte anos que aló estivo, adicado a aitividades inteleituais, formando a pirmeira Compaíiía teatral galega que se coíieceu, dirixíndoa e escribindo pra ela moitas comedias, nas que feguran nomes que todos coñecemos: Fomelos, Santán, a Goleta, Cornac/o, etc.,etc., nos que se ve que iste home nunca se esquencéu de nós nin dos nasos sitios; aparece sene/o o pirmeiro galega na America que orgaiza e dirixe a pirmeira Compañía teatral comercial galega pra percorrer os millores teatros da Arxentina e do Uruguay, con obras da súa autoría e unha de Castelao.


Coma noso veciño que é, ben meresce unha mostra do cariño e simpatía que lle temas; como destacado galega no campo das letras, xustos serán de cote os agasallos que a nosa parroquia de Cercio e Galicia lle fagan a iste noso veciño amigo Vare/a Buxán, Patriarca do Teatro Galega.

O mellor faro pra impedir qu-os pobos tropecen, é un.ha escola

Por M D. VARLILA UUJAN

Alguén, de qucn non lcmbr'u nomc n'cstc in1rc, Jix:o: ..0 pobo que consta con mllis 11ümaro d'cscolas, é u máis progresivo; ç. o IIIII é hoxc, .scrito m:uián". O hirmirns de UNION ESTRADENSE, f.,céndosc intérpretes d'o maraviloso siñificado qu'cstas vcrbt1s cnccrran, non .icougáron hastrn facer nil1il, sc11un]. letra!'! i-o:; nll11Hroi 1 a ilu,i-t:l1úl1 pcrci.'i;i pra s:tir poi-u mundo ;ldi;111tt; cntimc111us qu'L'11Jcx;11n;il!\ d'c!t.-; s'ha dcsqucnn:r qucn, coma lmin 1 disfruitou d'c\c:,.

A propósito d'csto, qucru .1porvcitar pra dar .is mJis si.:11tida:, gr.,cc:-.s ilo:, hirm:in.,, es• traclcnscs de Cuba, por lia .·r fcitu unlia



Casa-Escoela de Guimarey.

obra positiva: O retrato d'a escala de Gui-1narcy, unha d'as rantas erguidas no no;u discrito coa cicutiva axuda de UNION ESTRADENSE, é o testimonio d'a sua fruitifcra laboura.

;,Poideron facer, os hinn,in; de UNlON ESTf<ADENSE, unha obra m.iis humán e di,-;a d'aprauso'! Non é posibrc, A obra hulll,Ín de dotar d'cscolas aos rapacilíos d'hoxc, que .son os homes de mallán, dcmostr;1os ;111s sc11timentos d'los hirm:ins cstradcnscs haci-a tcrriila qu-os viu n.1ccr; scnti-;ncntos que ben cr;1ro din que non ¿ 1 dou• cscola 1[1 que ;e m'insinóu 1 Ícormar ;is pir• mcir:ts lctr,1s e númcru.-;: °A cscola de Rubil [11]. N':tqucl.1 cscol:t Llu'os m.1stica-hosci;1s 1 accndc-cirios e mal1c,\:t•boc1Íu111ciro!) tilJ.,. Un de laica", por ser 1[1 que menos inn:11-so se qucil11a6:1 1 il1:-inúu[)c111:1 cu\lcccr e ql1c-nar o L¡u'cst.i Ud 1 l'c('h;iz;u c udi.1r o qu'csca m.1!; d'aqucla cscoliú:i, gr:1n•;1s t 11riu1il;1 e liberal in:,inanza J'u:,, .cu:,¡ 1nc:;tn.s 1 sai(u mcu cspricu alurnado c'os dcstclo:„ d'a lucil-la guc panc d'u µutc1Hc farul d'a libcnadc, 'il mlÍla co11n11ci1 pulid., de td xcito que m'obrig., t cntcucicr qu'os home.. poi-o sü

fcito de pcrtc1lcccr ; especie humá11, . on,os dii"10s tlc que se 10[diferencie d'as demáis hcs:1:::,.

N\111 d'cslc:::; rc;:-.1tc:; :ip:i·.z ; cscol:t de Guimarcy, :1:-:ucl,da ;1 c:gucr, como el dixcn, pol-o.s hir111:i11, de UN!ON ESTR/\DENSE; n':, outr=i, veme., :los rap:1ci1-1os que 11fd:1 si11st:-ui:t1L l':-:t•; r:1p:1ci1-1os que s';t[-ontr:111 rob•sros e i-cgocix:tntcs dcnrcdor d'o su mcstrc . .s':1c¡ud dt-i tivcron unh:i xu11::inz:1 p:t cclch!·:ir :i!gunh:, fcsriú:i, ho. Xf xunt:,r:,nsc pt:1 ::ont.1r c;1l.1mid,1dcs e cho-

estómago apegadas por faltarvos alimentos, i-o corazonciño fcito faragulla., FOl-a tra-xcdi:1 qu'os vasos olliños contcrnpran an-gustiados.

;A11c1nos 1 rap:1ci1-10s, nema! Aque!cs que vos dot:1ron d'unha escala, dispostos c:.tin, *ca1* vos:1 axuda, ; vengar tanto m:i! como vos cst:ln f:iccndo os que vos pormctcn ; ;1lvaz61. Os "salvado1cs[11] propó1-1ensc en,-bruleccrvos p:1 (*acervos* inscnsibrcs a t.-.nt:is c.1l:11nid:tdcs . Qu'crnbrutcz:1n, qu'embrutc•z1n ben j moc:i d'0 p:iu conque un dt:1 1 m:i:is



Grupo de nenos co seu mestre, na Escole de Guimarey.

r:1r o .1scsiil:ico d'o :-cu mc-.;trc. Algún d'clc:s, mal pocadi1io 1 non somontc;c; hl de chorar poi-o ;tu mc:Hrc: ti:111tn chorará poi-o gu p:1icillo.

¡Probcs r.ip:icilios! Asi como pcrci.°adcs unh;'t ;'trf[- ;1, 111 c¡uc 10[debe falt:1r o p.1n-ciño que, Ísicamcntc, ha de Í:1ccrvos homes, o mcstrc que vos ascsi1i:iron . era ; artes:, que vos :1limcnrah;i o csprirn e vo; alumab;i o cerebro. Pero, por dc."gr:1cca, onde .,ntc:ii s'alcontrab.,n gr:111dcs m;ip:is e pizarróns pr:, vasa insinanz,1 1 ollarcdcs :igor:t o xugo i:-1i Írcch:ls que c1ng111 e dcs,111g:1n :ios vosos paiciños. Antes todo era lcdicia; agora todo é tristura. Tcrédebs sensi6res parcdirias d'o preto d'o qu'clcs coida11, se ll'ha de facer xustíza.

N'os cor;11.ón1, d'cstes mpi'\cirios que ciquí vemos, v:li gr:1badi1, pm. cndcxa111:iis bo-rr;irsc, unha nota d';1gradcccmcnto hacia UNION ESTRADENSE por tanta vontacle demostrad:i; en troques, hncia :1qucl:cs que tiulto ben ll'nrrcbataron, levan n'o mesmo sitio unh;i c;¡rr.1da de veneno que os non deixar:i acoug,1r hastra vengar a 6rutal in-xusti7.il cometida co seu mestre qutrido; mcs-trc que vivirá eternamente n'0s scus cor:,. zonciños . , igoal que n'o de todos aquelc.s hirmáns galegas diñas d'o chan que os viu nacer.

OS APELIDOS DA TERRA DE DEZA (11)

Gonzalo Navaza
Universidade de Vigo

No número precedente desta mesma publicación ocupeime dos vinte apelidos máis comúns na comarca de Deza segundo os datos correspondentes ó censo electoral de 1996. Da comparación cos máis frecuentes en toda Galicia pode conclufrse que en xeral os apelidos máis comúns de Deza responden ás tendencias dominantes na onomástica familiar galega. Podemos velo no cadro, onde tamén se obervan lixeiras variacións nos índices de frecuencia. Dos vinte, máis da metade teñen orixe patronímica (marcados no cadro como -P-), derivada dun nome persoal, e as variacións máis significativas que o f'ecen na comarca respecto do conxunto de Galicia son a elevada frecuencia de *Diéguez* e a baixa relativa de *Rodríguez* e *Pérez.* Os apelidos de 01ixe administrativa (-A- no cadro), como *Iglesias* e *Rey,* rexistran en Deza proporcións semellantes ás doutras áreas galegas. Do grupo dos apeUdos formados por nomes comúns (-C-) que foron en orixe alcumes, apodos ou sobrenomes, o máis abundante é *Blanco,* proporcionalmente algo máis frecuente en Deza ca no conxunto de Galicia. Os cinco restantes son apelidos toponímicos, alusivos ó lugar de procedencia (-T-), e entre eles destaca sobre todo *Taboada,* que presenta na terra de Deza a máxima den-

Apelido	DEZA	GALICIA
FERNÁNDEZ - P-	3999 (Iº)	175147 (2º)
GONZÁLEZ - P -	371 O (2º)	135856 (3º)
GARCIA-P-	3657 (3º)	117011 (5º)
LÓPEZ-P-	2418 (4°)	132641 (4º)
RODRÍGUEZ - P -	2222 (5º)	187171 (Iº)
VÁZQUEZ-P-	1664 (6º)	80428 (8º)
IGLESIAS - A -	1576 (7°)	41898 (12º)
TABOADA-T-	1298 (8°)	6266 (72º)
BLANCO-C-	1175 (9º)	34303 (15º)
CASTRO-T-	1119(10º)	45834 (11º)
YARELA-T-	1108(11º)	33045 (16º)
OUTEIRO/OTERO -T-	1103(12º)	32141 (17º)
SÁNCHEZ-P-	1033 (13º)	34641 (14º)
GÓMEZ-P-	941(14º)	50523 (10º)
DIÉGUEZ-P-	906(15º)	5247 (87º)
PÉREZ-P-	730(16º)	97810 (6°)
REY - A -	721 (17°)	27033 (20º)
MÉNDEZ-P-	559 (18º)	16005 (26º)
LOURENZO/LORENZO - P-	527 (19º)	21712 (22°)
MONTOUTO/MONTOTO - P -	525(20º)	894(526º)

sidade de Galicia (e do mundo, poderiamos dicir, xa que se trata dun apelido de orixe exclusivamente galega) e o principal foco de formación do apelido. Este foco corresponde en última instancia ás inmediacións da Ponte Taboada, por onde a máis importante vía de comunicación da comarca cruzaba o río Deza, e a súa productividade onomástica foi moi superior á do segundo foco, localizado na antiga xurisdicción de Taboada dos Freires, na provincia de Lugo, no actual concello do mesmo nome. Resulta igualmente significativo da comarca o apelido *Montouto/Montoto,* que tamén ten en Deza o principal dos seus focos de orixe, correspondente ó lugar de Montouto nas estribacións do monte do Canfo, non lonxe do Corpiño e na mesma parroquia de Losón. Outros apelidos toponímicos como *Castro* e *Outeiro/Otero* teñen difusión por todo o territorio galega. A orixe etimolóxica de *Varela* foi sempre controvertida. Con posterioridade á aparición do artigo precedente nesta publicación, mm relatorio presentado mm congreso, pero aínda inédito, achego novas datos que reforzan a hipótese toponímica de *Varela* a partir dun diminutivo feminino de *Val* (latín VALLELLA) e permiten identifica-los seus focos orixinarios, o principal deles situado algo máis ó norte da nosa cormarca, entre a Ulloa e o Tambre.

OUTROS APELIDOS TOPONÍMICOS DE DEZA

Ocúpome aquí dos principais apelidos toponímicos, é dicir, os que fan referencia ó nome do lugar de onde procedían ou eran nativos os primeiros individuos que os levaron e transmitiron. Teñen especial interese os que presentan na nosa comarca unha incidencia particularmente elevada ou superior á que rexistran noutras áreas, e sobre todo os que podemos considerar exclusivos e orixinais apelidos

dezaos, é dicir, os que derivan dun topónimo ou topónimos de Deza que non teñen presencia noutras zonas. Xa nos ocupamos dos cinco máis abundantes na comarca *(Taboada, Castro, Vareta, Outeiro-Otero* e *Montoto-Montouto);* agora veremos outros dez apelidos toponímicos, seguindo a arde decrecente da súa frecuencia e relacionándoos cos nomes dos lugares en que tiveron orixe. Nos que corresponden a formas comúns na toponimia non podemos sinala-la súa orixe concreta, pois resulta imposible identificar na actualidade o lugar do que proceden, tanto por existiren abundantes lugares homónimos como porque moitos apelidos poden non derivar do nome dunha "entidade de poboación singular", senón dunha parte dela ou dunha soa casa. En cambio podemos sinalar con seguridade a orixe concreta dos apelidos que proceden dun topónimo insólito ou único.

1) Souto / Soto

O apelido *Souto* ocupa en Galicia o posta trixésimo terceiro por arde de frecuencia. Nos concellos de Deza ten unha densidade lixeiramente superior á media de Galicia (o 3'20 % dos galegas que teñen ese apelido residen en Deza, mentres que a poboación da comarca representa algo menos do 2 % da poboación galega) e ocupa o trixésimo lugar, aínda que se o consideramos conxuntamente coa variante castelanizada *Soto,* alcanza a situarse entre os vinte máis abundantes, superando en frecuencia a *Montoto/Montouto, Lorenzo/Lourenzo* e *Méndez.*

O apelido galega *Souto/Soto* pode ter orixe en calquera dos cerca de 250 lugares habitados chamados *Souto* ou O *Souto* que figuran no nomenclátor de Galicia, ou tamén noutros moitos lugares (unha casa ou unha parte dunha aldea) que non teñen oficialmente a condición de entidades de poboación. Corresponden ó substantivo común *souto,* procedente do latín SALTU, que en principio denominaba unha arboreda mixta antes de pasar a designar específicamente a formada por castiñeiros. Na comarca de Deza o nomenclátor rexistra catorce entidades con este nome: dúas no concello de Agolada (nas parroquias de Basadre e Sexo), catro no de Lalín (en Busto, Gresande, Losón e Xaxán), tres no de Silleda (en Graba, Lamela e Laro) e outras tres no de Vila de Cruces (en Camanzo, Oirós e Sabrexo), ós que poderiamos engadir *Soutolongo,* parroquia e o lugar no concello de Lalín, e o composto *Souto Nogueira,* en Silleda, na parroquia de Parada. Precisamente nos concellos de Dozón e Rodeiro, onde non hai entidades de poboación con este nome, o apelido rexistra unha presencia case nula. A maior densidade dáse no concello das Cruces, seguido do de Lalín.

Debemos considera-la forma *Soto* da onomástica galega unha deturpación castelanizante dun antigo *Souto.* Realmente non é exclusiva de Galicia (como apelido ten presencia significativa en toda a península, procedente de topónimos localizados maioritariamente na súa metade setentrional, de onde se estendeu cara ó sur), polo que non se pode afirmar que tódolos apelidos *Soto* galegas sen excepción sexan formas

alteradas de *Souto;* unha porción deles podería ser de orixe exterior ó noso dominio lingüístico, pero esta porción *inmigrada* ternos que supoñela estatisticamente insignificante, á vista do que acontece con outros apelidos que non ofrecen dúbidas acerca do seu dominio lingüístico orixinario, dado que a abrumadora maioría da poboación galega é autóctona, como confirma toda a demografía onomástica[1]. Coma noutros apelidos, a alteración dos *Souto* en *Soto* puido ter lugar en diferentes épocas históricas, pero foi sobre todo a partir do século XVIII cando se estendeu a deturpación, nun principio en ámbitos sociais urbanos e de clase alta, e progresivamente noutros sectores da poboación, con frecuencia por intervención de funcionarios da administración civil ou eclesiástica. Como sucede cos outros apelidos que presentan unha variante deturpada, en documentos escritos do século XVIII e comezos do XIX (libros parroquiais, testamentos, compras e vendas, etc.) é habitual que o apelido dun mesmo individuo figure unhas veces coa forma patrimonial *Souto* e outras coa castelanizada *Soto,* e en ocasións alternan as dúas formas nm mesmo documento. A forma antiga, ata o século XIX, presentaba polo regular preposición *(Do Souto, De Souto*), como sucede regularmente nos apelidos de orixe toponímica. Unha ollada ó Catastro do Marqués de la Ensenada (do ano 1752) relativo ás cidades de Santiago, A Coruña e Tui permite advertir unha correlación significativa entre a deturpación castelanizante do apelido *(Souto > Soto)* e a condición social dos individuos. Véxanse por exemplo algunhas persoas que teñen o mesmo nome e diferentes resultados do apelido, coa indicación da condición ou profesión tal como figura no mencionado Catastro:

Andrés de Souto [zapatero] (Santiago)
Andrés do Souto [tejedor] (Tui)
*Benito de Soto (don) [procurador de número*J (Tui)
Benito de Souto [labrador] (Santiago)
Domingo de Soto [oficial de sastre] (A Coruña)
Domingo de Souto [sirviente] (Santiago)
Francisco Antonio de Soto [receptor de primer número] (A Coruña)
Francisco de Soto [escrivano publico y real] (Santiago)
Francisco de Souto [tendero] (Tui)
Francisco do Souto [labrador] (Santiago)
Francisco do Souto [oficial de carpintero] (A Coruña)
Francisco do Souto [tejedor y labrador] (Tui)
Joseph de Soto [botonero] (A Coruña)
Joseph do Souto [carretero] (Santiago)

[1] A distribución xeográfica dos apelidos resulta indicativa dos movementos demográficos históricos na Península posteriores á Idade Media, época en que se forxou o sistema onomástico peninsular. O 22,8 % dos apelidos Souto de todo o estado localízanse fóra de Galicia, pero a súa orixe é indubidablemente galega.

Joseph do Souto [pean de cantero] (A Coruña)
Pedro de Soto [maestro sastre] (A Coruña)
Pedro de Souto [tejedor] (Tui)

A variante *Soto* rexistraba neste censo do século XVIII unha expansión significativamente moito menor ca na actualidade, de onde se pode deducir que en moitos dos casos a tradición familiar que presenta esa forma deturpada é relativamente recente. Comparando a proporción numérica da forma castelanizada en relación co total, advertimos que a media de Galicia é do 36'6 %, o que significa que algo máis dun tercio dos *(Do) Souto* e *(De) Souto* tradicionais alteraron a forma do seu apelido para *Soto,* nunha monotongación castelanizante *ou* > *o* semellante á que se produciu na de *Montouto* a *Montoto* e que afectou tamén á denominación escrita dos nomes dos lugares (pénsese que ata hai poucos anos o nome oficial da parroquia lalinense de *Soutolongo* era *Sotolongo).* Pois ben, esa proporción do 36'6 % que rexistramos como media de Galicia supérase amplamente en Deza, onde os *Soto* constitúen o 44'08 % do conxunto dos apelidos que presentan a forma correspondente ó latín SALTU:

	Deza	Galicia	Deza/Galicia	Deturpación (Deza-Gal.)
Souto/Soto	(364/287)=651	(12743+7358)=20101	3'23%	44'08 % - 36'6 %

Resulta igualmente significativa a distribución que rexistra o apelido nos concellos da comarca. Nos de Dozón e Rodeiro, onde non hai entidades de poboación con este nome, como dixemos, é núnima a presencia deste apelido, que sen embargo rexistra densidades medias nos concellos de Silleda, Agolada e Lalín e acada magnitudes elevadas no de Vila de Cruces. Tamén a deturpación castelanizante presenta diferentes graos de incidencia segundo as áreas; así, deixando á parte os concellos de Dozón e Rodeiro, pola reducida presencia neles deste apelido, e tamén o de Agolada, porque ne] se rexistra predominio case absoluto da forma tradicional con ditongo *(Souto),* as proporcións nos outros tres concellos son as seguintes:

Concello	*Soto*	*Souto*	Total	Deturpación
Lalín	136	115	251	54'18 %
V. de Cruces	130	180	310	41'93 %
Silleda	21	38	59	35'59 %

2) Vilar-Villar

Villar ocupa entre os apelidos da comarca o lugar número 32 segundo o índice de frecuencias. A correspondente forma xenuína galega, *Vilar,* ocupa o lugar 104. Dado que en realidade se trata de dúas variantes da mesma forma orixinaria, pode-

concello e nos colindantes de Dozón e Lalín, mentres que descende a súa presencia en Vila de Cruces, Agolada e sobre todo en Silleda, onde non se rexistra presencia significativa. A distribución por concellos é a seguinte:



Na actualidade o 72'28 % dos *Areán* que residen en Galicia teñen o seu domicilio na nosa comarca. Se consideramos tamén os *Areán* do concello de Chantada, exterior a Deza pero limítrofe co territorio orixinario do apelido, ou sexa a histórica Camba, a proporción ascende ó 85'73 %.

A etimoloxía do topónimo *Areán* é problemática. Resulta difícilmente aceptable explicalo relacionándoo con *area* ou co seu derivado *areal* (< latín ARENALE), como se ten pretendido, porque iso esixiría unha improbable evolución anómala do sufixo latino -ALE. Parece máis aceptable a hipótese suxerida polos filólogos alemáns Joseph M. Piel e Dieter Kremer a partir dun nome persoal medieval de orixe xermánica *ARILA, ARILANE, diminutivo de *ara* 'aguia' (HGN, 18, 22, p. 79), aínda que estes autores só dan como incerta ou dubidosa a súa proposta, dado que non hai constancia documental do emprego dese nome persoal xermánico no noso territorio.

5) Mato

Mato é unha palabra común hispánica de orixe prerromana que designa o bosque de maleza e arborado, polo que a súa presencia na toponimia responde ás mesmas motivacións que vimos para *Silva.* O nomenclátor de Galicia recolle seis parroquias e cerca dun cento de lugares que conteñen no seu nome este substantivo, máis da metade deles coa forma simple *Mato* ou O *Mato.* Dado que se trata dun topónimo disperso por todo o territorio, tamén o apelido que deriva del está espallado por Galicia enteira, aínda que en Deza acada unha densidade maior, que case quintuplica a media galega (un 10'45 % dos galegas que levan ese apelido teñen domicilio na nosa comarca). En Galicia ocupa o pasto 111° por orde de frecuencia, mentres que en Deza ocupa o vixésimo sétimo.

Na Península só se rexistra *Mato* ou O *Mato* como topónimo en Galicia e en Portugal, de xeito que esa ha de se-la área xeográfica orixinaria do apelido. Como sucede cos out.ros apelidos toponímicos, a forma antiga vai sempre precedida de preposición: *"frater /ohannes de Mato"* (ano 1240, OSR, 1, n° 468); *"Fernando do Mato"* (ano 1519, VFD 1, n° 121), etc. Coas formas *Do Mato* e *De Mato* aínda é común no século XVIII, segundo podemos observar no Catastro de Ensenada. Desde finais dese século a maior parte dos *De Mato* ou *Do Mato* foron reducíndose a *Mato,* e na actualidade só sobreviven algúns na variante coa preposición e o arti-

go aglutinados na forma *Domato,* proporcionalmente minoritaria e ademais moi localizada (máis da metade dos *Domato* incluídos no censo de Galicia residen no concello coruñés de Arteixo).

Na comarca existen tres entidades de poboación con este nome, localizadas as tres no concello de Lalín, nas parroquias de Cercio, Cristimil e Méixome. O apelido distribúese sobre todo nos concellos de Vila de Cruces, Lalín e Silleda; en Agolada é moito máis escaso, mentres que en Rodeiro e Dozón non chega a ter presencia significativa.



6) Vilariño

Vilariño ocupa o lugar vixésimo oitavo por orde de frecuencias en Deza, onde quintuplica a densidade media que presenta este apelido en toda Galicia (o 10' 58 % dos *Vilariño* galegos naceron na nosa comarca). O topónimo do que procede constitúe unha forma diminutiva do xa visto *Vila!'.* O nomenclátor de Galicia recolle dez parroquias e máis de cen entidades de poboación chamadas *Vilariño,* repartidas por todo o territorio. En Deza rexistramos cinco. No concello de Agolada está presente no nome da parroquia de Vilariño e no dun lugar da parroquia de Órrea, e nos concellos de Lalín, Vila de Cruces e Silleda dá nome a lugares nas respectivas parroquias de Santiso, Añobre e Lamela. Dos cinco, o máis productivo como foco orixinario do apelido é sen dúbida o correspondente á parroquia homónima sobre o rfo Arnego, no concello de Agolada e lindante co de Lalín. Como sucedía co apelido *Taboada,* tamén aquí a área do topónimo orixinario adquiriu importancia xeográfica pola súa significación na rede viaria, neste caso relativa a unha das pontes polas que o camiño histórico a Lugo atravesaba o río A.mego.

En consonancia con esta orixe xeográfica, a maior densidade do apelido na comarca corresponde a ambas beiras do A.mego nos concellos de Agolada, Lalín e Vila de Cruces, mentres que nos outros concellos de Deza é apenas significativa.



7) Hermida/Ermida

En Galicia existen máis de setenta entidades de poboación chamadas *Ermida* ou *A Ermida,* que polo regular deben o seu nome a unha capela ou santuario. En rigor non se trata dun topónimo exclusivo de Galicia, pois tamén existe na toponimia leonesa e cantábrica (onde *ermida* convive coa forma común castelá

Gabriel Reunas [tratante en lienzos] (Santiago)
Mariana Reunas [recatera de sal] (Santiago)
Pedro Reunas [panadero} (Santiago)
Ygnacio Reunas [cocinero} (Santiago)
Antonio de Reunas [labrador] (Santiago)

9) Presas

O substantivo *presa,* que corresponde á forma feminina do participio do verbo *prender,* ten uso como nome común en galego con varios significados diferentes. A súa presencia na toponimia débese principalmente a acepción equivalente a *represa,* que designa un encoro ou retención dun curso fluvial para o seu aproveitamento mm muíño ou con outros fins. En xeral a forma que presenta como topónimo é a singular: *(A) Presa.* O plural que atopamos no apelido *Presas* é menos común na toponimia, polo menos na toponimia rnaior (das entidades de poboación), pois o nomenclátor de Galicia só recolle un lugar chamado *Presas* no concello lugués de Alfoz f'onte a dez *(A) Presa* repartidos por todo o territorio. En Portugal, onde a forma *Presa* é moi abundante como topónimo, o plural *Presas* só dá nome a seis pequenas localidades. Igual que sucede con *Rmnos,* con *Presas* non podemos garantir con certeza unha orixe toponímica, xa que nalgúns casos o apelido puido nacer como alcume ou sobrenome persoal baseado en calquera das OLltras acepcións do nome común *presa.*

O apelido *Presas* ocupa o lugar trixésimo terceiro por orde de frecuencia na comarca de Deza. En Agolada e Vila de Cruces non ten presencia significativa, pero nos outros concellos, especialmente nos de Lalín e Dozón, presenta unha densidade relativa moi alta.

Agolada	Dozón	Lalín	Rodeiro	Silleda	V. de C.	Deza	Galicia
–	51	260	25	33	–	369	604

En ningunha outra zona de Galicia alcanza este apelido a incidencia que rexistra nestes concellos, polo que podemos afirmar que se trata dun apelido xenuinamente dezao. Fóra da comarca de Deza e as zonas que a circundan, o apelido rexístrase en proporcións significativas noutras tres áreas: na Coruña e concellos colindantes, en Vigo e en Ourense, pero ás tres puido ter chegado procedente de Deza, dado que se trata de áreas caracterizadas como polos de atracción migratoria. *Presas* é, polo tanto, dentro de Galicia un apelido característico de Deza. No conxunto da onomástica peninsular non alcanza, sen embargo, o carácter de exclusividade que sinalamos para *Areán,* xa que existe tamén un apelido *Presas* catalán con presencia relativamente abundante no seu territorio.

Hoxe os *Presas* de Deza representan o 61 '09 % do conxunto de Galicia, e se consideramos con eles os que viven en concellos veciños (O Irixo, Piñor de Cea, Cea, etc.), que poderían ter orixe remota na nosa comarca, a proporción supera o 75 %. Nos datos que manexamos, onde consta o concello de inscrición e o de nacemento dos censados, podemos atopar probas que reforzan o carácter dezao do apelido, coma o feíto de que, por exemplo, dos 41 *Presos* censados na cidade de Vigo, 20 son nacidos no concello de Lalín, o mesmo ca 14 dos 36 censados en Ourense.

Dado que na toponimia rnaior non temos, como sucedía con *Areán,* un topónimo co que vincula-lo apelido, non podemos localizar con exactitude o seu foco orixinario, que ou ben non é propiamente toponímico ou ben corresponde á toponimia menor (o nome dunha casa, por exemplo, ou un muíño). Así e todo, a distribución que presenta o apelido na actualidade fainos pensar que ese foco podería estar no concello de Lalín ou no de Dozón. É posible que as hipotéticas *presas* que deron orixe ó apelido se atopasen na cunea fluvial do río común a estes dous concellos, chamado *Asneiro (Arneiro)* na actualidade e *Dezón* na Idade Media (de onde o nome do concello de Dozón), afluente pola súa dereita do río Deza, no que desemboca cerca de Cristimil. É sabido que desde o célebre mapa de Fontán hai confusión entre este río e o Deza na tradición cartográfica, confusión que por veces tamén aflora na rotulación das estradas.

10) Reboredo

O topónimo *Reboredo* corresponde ó latin ROBURETU, derivado colectivo de ROBUR 'carballo', polo que en última instancia constitúe un sinónimo de *Carballedo.* A forma ROBUR, da que deriva o castelán *roble,* era a voz latina que denominaba o *carballo;* no galego non sobreviviu como palabra común porque se impuxo sobre ela a voz prerromana que designaba esa árbore, pero na toponimia quedan restos do latín ROBUR, e *Reboredo* é un deles. O nomenclátor de Galicia rexistra arredor de sesenta entidades de poboación chamadas *Reboredo,* ademais doutras moitas coa forma feminina, formas compostas e diferentes derivados nos que a voz primitiva pode resultar opaca pala propia evolución fonética, como por exemplo en *Rebordiío* e *Rebordelo,* diminutivos de *Reboredo,* ou *Rebordondo* e *Rebordechao,* que corresponden respectivamente a 'Reboredo Redondo' e 'Reboredo chao'(< lat. PLANU).

Na nosa comarca hai seis entidades chamadas *Reboredo:* dúas no concello de Dozón (nas parroquias do Castro e do Sisto), OLltras dúas no concello de Vila de Cruces (en Loño e Merza), unha en Agolada (en Borraxeiros) e outra en Silleda (parroquia de Taboada). A área máis productiva para a formación do apelido corresponde ó concello de Dozón, onde adernais dos mencionados, hai un terceiro topónimo que presenta a forma composta con adxectivo no lugar de *Rebordecovo* (co adxecxtivo *cavo,* alusivo a depresións orograficas, como vales estreitos e afundidos),

na parroquia de Dozón (Santa María). O primeiro <lestes *Reboredo* do concello de Dozón constituía parroquia na época medieval, baixo a advocación de San Sebastián, e así figura mm documento de Oseira do século XIV que fai referencia a unhas propiedades *so cadea de Sam Savaschao de Revoredo* (ano 1345, OSR, 3, n° 1631). Esta antiga parroquia ha de ser sen dúbida o foco principal do apelido na zona.

Reboredo ocupa o posto trixésimo cuarto na orde de frecuencias dos apelidos de Deza, mentres que no conxunto de Galicia ocupa o lugar 296, o que xa resulta indicativo da alta densidade do apelido na nosa comarca, dez veces superior á media galega; isto significa quemáis da quinta parte dos galegos que levan este apelido son de Deza (o 22'88 %). Existen en Galicia diferentes áreas de elevada densidade do apelido *Reboredo,* correspondentes ós diversos topónimos idénticos que funcionaron como focos orixinarios do apelido, pero en ningunha delas acada este apelido unha densidade comparable coa que presenta no concello de Dozón. Velaquí a distribución do apelido nos concellos da comarca segundo o censo electoral de 1996:



Coma os outros apelidos toponímicos, a forma antiga ía precedida de preposición *(De Reboredo),* conforme ó seu carácter de indicativo do lugar de orixe ou procedencia. A diferencia doutros, sen embargo, a perda da preposición estaba xa moi estendida no século XVIII, como observamos no Catastro de Ensenada. Así, no censo da cidade de Santiago correspondente a este catastro a.topamos:

Antonio Revoredo [cerero}
Domingo Antonio Revoredo [oficial de tejedor}
Jacobo Revoredo [notario suelto}
Juan de Revoredo [labrador}
Lucas Revoredo [tejedor]
Pedro Revoredo [oficial de tejedor}

REMATE

Concluímos esta segunda entrega dunha aproximación ós apelidos de Deza co cadro onde expoñémo-las cifras da incidencia na comarca dos dez apelidos toponímicos examinados. Cómpre lembrar que as cantidades absolutas son só indicativas e non representan exactamente o total dos individuos que portan tal ou cal apelido, xa que proceden dunha base de datos que parte do censo electoral (non figuran polo tanto menores de 18 anos) e non computa aqueles casos en que un apelido rexistra

cinco ou menos ocorrencias nm concello. As proporcións relativas da comarca de Deza e de toda Galicia son elocuentes no que se refi[r]e á caracterización dos apelidos exclusivos da nosa zona, e ilustran igualmente acerca do pouco que se moveu tradicionalmente a poboación.

Por razóns emparentadas coas leis da combinatoria (que fan que os apelidos frecuentes tendan a ser cada vez máis f[r]ecuentes, mentres que os menos comúns tenden a desaparecer), os apelidos que caracterizan en exclusividade a nosa comarca non se atopan polo regular entre os máis abundantes. Se entre os vinte apelidos máis comúns non podíamos contar con ningún exclusivo dos concellos de Deza (aínda que *Montoto/Montouto* se aproximaba a esa condición de exclusividade), entre estes dez seguintes xa aparece o primeiro apelido xenuíno da comarca, que é *Areán.* En posteriores entregas, conforme vaiamos atendendo a apelidos menos frecuentes, irán aparecendo outros con estas mesmas características de exclusividade, coma os *Lareu/Lareo* e *Asorei/Asorey* de Carbia, os *Failde, Vence* e *Cuñarro* de Camba, os *Méixome, Carba/lude, Palmou* ou *Donsión* de Lalín, os *Cannoega/Carmuega* ou *Basadre* de Agolada, os *Filloi, Bascuas* ou *Nercellas* de Trasdeza, etc. A tendencia á desaparición dos apelidos menos comúns xa consumou a rnorte dalgúns exclusivos da comarca que rexistramos na documentación antiga, coma os *Moi* o *Mizoite* de Dozón, ou o *Cercio* da parroquia lalinense homónima. Os dez apelidos examinados aquí son os seguintes:

	Deza	Galicia	Deza/Galicia
(18) Souto-Soto	(364+287) =651	(12743+7358) =20101	3'23%
(21) Vilar-Yillar	(136+341) =477	(11750+3181) = 14931	3'19%
(22) Silva, Da Silva	474	9263	5'11%
(242) Areán	446	617	72'28%
(26º) Mato	426	4075	10'45%
27°) Yilariño	423	3998	10'58%
(31°) Hermida	381	7718	4'93%
(32º) Ramos	378	10770	3'50%
(33º) Presas	369	604	61'09
(34º) Reboredo	359	1569	22'88

BIBLIOGRAFÍA CITADA

BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel, *Antroponimia medieval galega (ss. Vlll-XII),* Patronymica Romanica 12, Max Niemeyer Verlag, Tübingen, 1999.

FDU = JUSTO, M° José e LUCAS ÁLVAREZ, Manuel, *Fontes documenrais da Universidade de Santiago de Compostela,* Consello da Cultura Galega, Santiago, 199 l.

HGN = KREMER, Dieter e PIEL, Joseph M°, *Hispano-gotisches Namenbuch,* Carl Winter Verlag, Heilclelberg, 1976.

HGP = MAJA, Clarincla de Azevedo, *Historia do Ca/ego-Portugués,* INJC, Coimbra, 1986

OSR = ROMANÍ, Miguel, *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Oseira,* 3 vols., Tórculo, Santiago, 1990-1993.

RdS = DURO PEÑA, Emilio, *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil,* Inst° Padre Feijoo, Ourense, 1977.

VFD = FERRO COUSELO, Xesús, *A vida e afa/a dos devanceiros,* vol l. Galaxia, Vigo, 1967

"MONE" GRANDES XORNALISTAS DA COMARCA NO OLVIDO

(Memoria dos silledenses Adolfo e José María Calveiro e Vázquez Ferro, e dos lalinenses Surribas e Soutolongo)

Martín Fernández Vizoso
Delegado do Grupo Voz - Latín

Decía o Borges que o maior defecto do olvido é que, ás veces, inclúe a memoria. Algo así é o que lle pasou ós hirmáns Calveiro Couto, Adolfo Víctor e José María, dous silledenses de Dornelas que chegaron a ser reputados xornalistas en Cuba sen que na súa terra nai se lembren deles como é debido. Adolfo Víctor Calveiro foi fundador e director dunha das mellores revistas galegas na emigración, *Cultura Gallega,* ademais de xefe de redacción e colaborador doutras publicacións coma *Alma Gallega, Chic, Eco de Galicia* ou *Cultura Hispánica.* José María Calveiro publicou un libro de poesía, *Jardines de ensueíio,* e dirixeu a revista *Atenea* nunha vida entre bohemia e intelectualmente rica. E outros dezanos, como o silledense Eladio Vázquez Ferro, o lalinense Jesús Iglesias Surribas ou o mestre de Soutolongo (Lalín), Manuel González Rodríguez, foron tamén destacados xornalistas tanto na emigración como aquí.

O que sigue non quere ser máis que unha pequena e limitada contribución á necesaria, e ainda por vir, historia do xornalismo e dos xornalistas na -e de- a comarca. E tamén un pequeno gran de area para que o olvido, nefeuto, non inclúa a memoria. Por aquelo de que quen perde as súas raíces perde a súa identidade, como cantaba, mm tempo irreal no que case todos tiñamos vinte anos, o catalán Raimon.



Adolfo Víctor Calveiro Couto.

DE DORNELAS A NOVA JERSEY

Adolfo Víctor Calveiro Couto nacera na parroquia de Dornelas (Silleda) en 1902. Segundo Neira Vilas, emigrou a Cuba con 17 anos e alí viveu ata 1969, agás un periodo de trinta meses nos que voltou a Galicia cando triunfou a República. Era de orixe campesiña e non tiña estudios, pero na illa caribeña adequireu unha sólida formación estudiando polas noites tralo traballo cotidián como administrativo.

Casou cunha muller galega, Ramona Alonso, en 1928, e con ela tivo dous tillos, Isauro, que se radicou en Madrid, e María do Carme que, tras unha breve estancia na aldea paterna de Dornelas, marchou para Estados Unidos. Adolfo e a súa dona quedaron sós na Habana ata 1969, ano no que, despois dun breve periodo en Dornelas e Madrid, foronse tras da súa tilla a Nova Jersey onde o xornalista faleceu en 1977.

JOSÉ MARÍA, O HIRMÁN POETA E TAMÉN XORNALISTA

Un hirmán seu, José María Calveiro Couto, -según o profesor Luis Alonso Girgado- viveu na súa xuventude en Madrid dun xeito bohemio. Nises anos foi amigo do poeta Emilio Carrere e colaborou con Baltasar Pagés -xornalista, alto cargo no Círculo Español Socialista da Habana- na revista *Espaíia Nueva* que Pagés dirixía.

Xa na Habana, entre 1906 e 1932, exerceu diversos oficios, como xastre ou reloxeiro. En 1925 publicou o libro de poemas *Jardines ele en.sueíio* -que foi

comentado nas páxinas de Cultura Gallega, revista dirixida polo seu hirmán Adolfo- e colaborou en revistas da emigración como *Labor Gallega* -fundada en 1913 por Xoán Vicente Martínez Quelle para servir de órgano informativo das Sociedades Galegas de Instrucción-; *Alma Gallega* -fundada e dirixida polo vivariense Antón Vilar Ponte-; *Diario de la Marina* - o máis importante xornal cubano que fora fundado polo vigués Isidoro Araujo de Lira e onde traballaron moitos xornalistas galegos, entre outros Curros Enríquez-; e *Eco de Galicia,* fundado en 1917 por Manuel Fernández Doallo e que, xunto con Galicia e Cultura Gallega, foi unha das máis importantes publicacións galegas de Cuba no século vinte.



José María Calveiro Cauto.

José María Calveiro Couto foi corresponsal do xornal *Diario Español* na vila de Caimito (Cuba) e redactor de *Juvencia,* así como director da revista Atenea. En 1932, voltou á súa aldea natal de Dornelas, en Silleda. Dende 1934, cando vivía en Madrid, non se volveron a ter noticias del.

A IMPORTANTE TRAXECTORIA XORNALÍSTICA DE ADOLFO V. CALVEIRO

Adolfo V. Calveiro colaborou en diversas revistas galegas e non galegas en Cuba, ademais de Cultura Gallega, a súa grande obra da quemáis abaixo falaremos. Unha delas foi *Alma Gallega,* unha revista mensual, bilingüe, fundada e dirixida polo xornalista e político galeguista, o vivariense Antón Vilar Ponte. Esta publicación durou pouco tempo e aparecen en 1910, se ben outras, có mesmo nome, publicaronse anos máis tarde en Cuba.


Outra das revistas nas que colaborou o silledense Calveiro foi *Chic,* subtitulada 'La revista del lujo', que fora fundada por Lorenzo de Castro, e tivera dúas xeiras, de 1917 a 1927, e de 1933 a 1959. Esta publicación estaba especializada na crónica do acontecer social da alta burguesía da illa e presumía de apoliticismo e de que nas súas páxinas solo tiñan cabida a 'literatura frívola y reseñas teatrales y cinematográficas'. Co paso do tempo foise especializando en literatura e contou con cola-



boradores tan prestixiosos como Henríquez Ureña, Alejo Carpentier ou José María Chacón y Calvo, entre outros.

No semanario *Eco de Galicia* -nada que ver con El Eco de Galicia, que fundara e dirixira o estradense Waldo Alvarez Insua-, Adolfo V. Calveiro foi xefe de redacción. Fora fundado por Manuel Fernández Doallo, era bilingue, 'ilustrada y de información regional' e editouse con regularidade entre 1917 e 1936 con acollemento sostido na colectividade de emigrantes. Neira Vilas sostén que Eco de Galicia foi -con Cultura Gallega e Galicia, como xa se dixo- unha das máis importantes publicacións galegas de Cuba. Para él 'cando se escriba a historia do nacionalismo galego en América, haberá por forza que ter en conta a constante 'Páxina nazonalista' <leste semanario na que aparecen traballos de Vicente Risco, Manuel Banet, Xohán Vicente Viqueira, Luis Peña Novo, Basilio Alvarez e outros'.

A traxectoria xornalística do silledense Adolfo V. Calveiro culminou en *Cultura Gallega,* unha das máis grandes revistas galegas da emigración, defensora do Estatuto e da República. Publicouse entre 1936 e 1940 e as dificultades económicas polas que atravesou fixeron que a publicación, ó longo <leste tempo, mudase de liña ata estar próxima o novo réxime do xeneral Franco. Trala súa desaparición en 1940, Calveiro dirixeu outra revista, afín ó réxime, titulada *Cultura Hispánica* que solo durou -según data Neira Vilas- catorce meses. Rematada a



Guerra Mundial, o xornalista de Dornelas chegou a dirixir outra publicación, chamada *Cuba* y *España,* de corta andaina. Despois traballou mm banco e colaborou coa Agrupación Artística Gallega levando toda a actividade cultural e administrativa.

CULTURA GALLEGA, ASÚAGRANDE OBRA

Se na vida de cada quén hai unha hora alta, a do silledense Adolfo Víctor Calveiro foi, sen dúbida, a hora da revista Cultura Gallega. Era unha revista bilingüe, mensual e ilustrada, que foi a última grande publicación galega de Cuba. O seu primeiro número foi do 5 de abril de 1936 e o derradeiro, en marzo de 1940, trala Guerra Civil. Imprirníase na rúa Amargura, número 37, de La Habana.

O director e fundador da revista foi Adolfo V. Calveiro, e tiña como subdirector ó tarnén silledense Eladio Vázquez Ferro, como xefe de redacción a José Gómez García, e como administrador ó lalinense Jesús Iglesias Surribas. A súa nómina de colaboradores abonda para comprobar o seu altísimo nivel. Foron, entre outros, Otero Pedrayo, Lustres Rivas, León Felipe, Valle Inclán, Ramón Cabanillas, Ramón Menéndez Pida!, Salvador de Madariaga, Gregario Marañón ou Roberto Blanco Torres.

Na propia cabeceira da revista, informase das súas principais materias: literatura, arte, historia, geografía, gráfica e información. Polo xeral, a lingua empregada era a castelán, o galego quedaba reducido ó ambito da creación literaria, de poemas e contos.

As principais seccións da revista eran: *Noticias de Galicia,* de carácter informativo que ía sen asinar; *Vida social de la colonia,* a cargo de Ramón Lemos, que informaba da actividade da colonia galega en Cuba e que aporta moita información das sociedades de Lalín, de A Estrada e, en xeral, de Deza e Ulla; *Centro Gallego,* coas actividades da entidade, tamén sen firmar; *Sociales,* unha sección fotográfica; *Páxina musical e teatral,* a cargo do crítico Sinesio Fraga; *Hijas de Galicia,* onde Manuel Arias Fernández informa de diversas cuestións da muller; *Da terra,* una sección fotográfica; e *Galegas ilustres ou beneméritos,* onde varios colaboradores publicaban biografías de galegos destacados na cultura, na ciencia, etc.


O análise das seccións e páxinas de Cultura Gallega permiten deducir as súas características: lembranza do pasado e información do presente; mestura de información escrita e fotográfica; alternancia de colaboracións informativas con textos de creación literaria, ensaios, estudios ou biografías; raíz galega da maioría das páxinas; vontade de vinculación Galicia-España; e, en síntese, como estudia o profesor Girgado, 'información e cultura mm amplio senso e cunha atención equilibrada'.

MOITOS ARTIGOS E UNHA POLÉMICA CON FUCO G. GÓMEZ

As colaboracións de Adolfo V. Calveiro en Cultura Gallega foron moitas e variadas, de modo que na revista chama a atención, sobre todo nos primeiros números, a case omnipresencia de Calveiro e do tamén silledense, Eladio Vázquez Ferro, que traballaba como subdirector, con todo tipo de artigos e reportaxes. Os dous asinaron numerosos traballos e colaboracións, en prosa e en verso, en galego e en castelán, e marcaron a liña e os propósitos da revista.

Os traballos de Calveiro son de todo tipo: sobre a batalla de Ponte Sampaio, o mosteiro de Celanova, a tese sobre a orixe galega de Colón, o pintor Juan Martúlez Buján, moitos artigas de temática rosaliana e de comentarios literarios, unha reflexión sobre España e a súa herencia de nacións, biografías e estudios sobre Antonio López Ferreiro, Saco y Arce, Valle Inclán, Marcial Valladares ou o escultor ribadense José María López, unha polémica con Fuco G. Gómez (un lugués nacionalista radical e exaltado, cofundador da cubana Irmandade Nazonalista Galega e presidente da institución Patria Galega), unha hornaxe ó mestre José Guede, amplos traballos sobre Linares Rivas, Narciso Monturiol, Labarta Pose, Gumersindo Busto, Isaac Peral e María Pita, etc.

VÁZQUEZ FERRO, ENTRE A POESÍA E A DEREITA



Eladio Yázquez Ferro.

Eladio Vázquez Ferro, o subdirector da revista fundada por Calveiro, era tamén de Silleda. Emigrou moi novo a Cuba, onde un hirmán seu, chamado Pedro, foi apoderado do Centro Galego. Vázquez Ferro colaborara, coma o xornalista de Dornelas, na revista *Chic* e, trala Guerra Civil, en *La vida gallega en Cuba,* unha revista trimestral editada pola Sociedade de Beneficiencia de Naturais de Galicia na Habana, que saíu en 1950 e durou dez anos baixo a dirección de Antonio do Campo.

Vázquez Ferro chegou a dirixir outra publicación galega en Cuba, *Lar,* unha revista mensual que era o órgano do partido Unión e Defensa do Centro Galego, de tendencia dereitista e sirnpatizante có franquismo, e rival do denominado lrmandade Galega, de tendencia republicana. En Lar, o silledense firmaba co seudónimo *Evefé* perante o tempo en que saíu á rúa, entre xullo de 1940 e febreiro de 1941.

Os traballos xornalísticos de Vázquez Ferro eran maioritariamente de creación literaria ou sobre literatos. Así, en Cultura Gallega, escribe moitos artigos de temática rosaliana: 'Con motivo del primer centenario de nuestra Rosalía', 'Rosalía, toda sentimiento' e outros. Escribe tamén poemas, de exaltación do amor e da Naturaleza coma o que titula 'En pago de aquel beso':

Temblando de pasión, por fin, cediste
y a mis labios los tuyos acercaste,
¡Qué dulce fue aquel beso que me diste!
¡Qué tierno fue el amor que me expresaste!.

Al juntarse tu boca con la mía,
en el aire vibró con embeleso,
hecha amor, hecha luz, hecha armonía...
la nota musical de nuestro beso.

Despues juraste que jamás podrías
olvidarte de mí, que me tendrías
siempre en tu amante corazón guardado.

Y viéndote tan tierna y cariñosa,
busqué tus labios de luciente rosa,
y en pago de aquel beso cien te he dado.

O unba serie de sonetos, agrupados baixo o título de 'Acuarelas', nos que describe o amanecer: (Sobre la paz serena de la cumbre/ que en muda adoración mira a los cielos/ pone la aurora su encendida lumbre/ y el tinte vagaroso de sus velos...); el mediodía: (El Sol desde el cénit vierte la magia/ deslumbradora de su luz en una/ cascada de brillantes, que presagia/ un suave atardecer en la laguna...); y la tarde: (Vuelan las nubes, caprichosamente,/ salpicadas del oro de la tarde,/ y el Sol, cayendo sobre el mar ingente,/ como una rueda de antimonio arde...).

Pero tamén Vázquez Ferro escribiu encendidos artigas contra os galegas emigrantes que deixan morrer Cultura Gallega por falta de colaboración, ou un non menos encendido traballo, titulado 'Rosalía sentimiento', sobre o mundo da autora de Follas Novas, ou contos e estampas como 'A volta do fillo', 'Fiesta aldeana', 'Desventura' o 'Invernal', así como ensayos sobre o Estatuto e o Apóstol na Reconquista.

O poeta e xornalista silledense foi presentado así na devandita revista Cultura Gallega: 'Eladio Vázquez Ferro, auténtico poeta, atildado periodista, amigo intachable, subdirector de Cultura Gallega, a quien se debe mucho del buen éxito de nuestra Fiesta del Centenario (de Rosalía). Colaboró en varias publicaciones de Galicia y Cuba, apareciendo con frecuencia trabajos suyos en la revista Chic'.

O LALINENSE SURRIBAS, UN ADMINISTRADOR CON INQUIETUDES

O administrador de Cultura Gallega, a revista fundada por Calveiro, foi o lalinense Jesús Iglesias Surribas. Según estudiou o profesor lalinense, Manuel Iglesias, nacera na parroquia de Anseán (Lalín) o 7 de marzo de 1891, filio de Benito Iglesias, de Anseán, e de Rosa Surribas, de Cristimil. Marchou para Cuba ós 14 anos, reclamado por un cuñado seu, onde estudian e fíxose impresor.

Está documentado que Iglesias Surribas contribuíu xenerosamente cos seus cartas a superar intres de graves dificultades económicas da revista fundada por

Calveiro. Foi vicexefe de propaganda da Agrupación Artística Galega e chegou a presidir a sociedade Hijos del Partido de Lalín en La Habana - no periodo 1939-1940- que se constituira para apoiar á sociedade homónima de Buenos Aires na súa laboura de construir un Hospital en Lalín, o despois chamado Hospitalillo. Na devandita sociedade ocupou varios cargos dende 1913 a 1922 en que voltou a Galicia para fundar o periódico *Verdad y Justicia,* do que foi administrador ata que a Dictadura de Primo de Rivera o clausurou. De volta a Cuba desenvolveu unha ampla laboura social e, en 1933, de novo en Lalín, dirixeu *Razón: periódico independiente,* que tivo ó que logo sería gran impresor, Celso Carrón, como administrador.

O profesor Manuel Iglesias dí que en febreiro de 1934, Iglesias Surribas constituíu en Lalín o grupo local do Partido Galeguista con Celso Carrón, Manuel Noguerol, Xosé María Calviño, Xaime Arias, Siro García Gutián, Fernando e Plácido Goyanes, Anxel García, Luis Pérez, Luis Villaverde, Salvador García, Pío Aller e Xosé Otero Abeledo, Laxeiro.

SOUTOLONGO, SEUDÓNIMO DO MESTRE MANUEL GONZÁLEZ

Un dos seudónimos que aparecen na devandita revista de Calveiro, Vázquez Ferro e Surribas, ó longo do ano de 1936, é o de outro lalinense, *Soutolongo.* Correspóndelle ó mestre Manuel González Rodríguez, galego natural da parroquia lalinense de Soutolongo, que colaborou nista e noutras publicacións galegas de Cuba con certa asiduidade.

No número 5 da citada revista, correspondente ó 5 de junio de 1936, o propio director, Adolfo Vázquez Calveiro, presenta ós seus lectores os novos colaboradores da publicación: 'el joven y reputado catedrático' de Anatomía Topográfica da Universidade de Santiago, o doutor Angel Jorge Etcheverry; Fernando Caiñas 'un hombre de carácter educado en las viejas escuelas'; e Manuel González Rodríguez, *Soutolongo,* 'maestro nacional en la parroquia del partido de Lalín cuyo nombre utiliza como seudónimo'.

De *Soutolongo* dí que 'desempeña su misión como educador con el aplauso y reconocimiento cariñoso de todos sus convecinos y superiores' e lembra que 'el título lo ha ganado en oposiciones reñidas, durante la época de la Monarquía, cuando a los hombres de condición modesta, como la de él, no se les otorgaban sino cuando el triunfo era aplastante'.

Calveiro señala que o mestre González Rodríguez 'estudia mucho y enseña y escribe abundantemente, colaborando en muchas publicaciones de dentro y fuera de Galicia'. O silledense califica o estilo de Soutolongo de 'ágil, fluido, documentado y responsable' e indica que 'nos prometemos mucho de él'.

TRABALLOS SOBRE OS CASTROS DE GRESANDE, GOIÁS E SESTELO

Nise mesmo número de Cultura Gallega, *Soutolongo* inicia as súas colaboracións cun artigo sobre as orixes da nosa raza e o seu asentamento en Galicia que titula 'Os castros da Galiza-Hespaña' e subtitula 'Algo eneal dos castros'. O traballo leva ilustracións a mán do propio mestre de Soutolongo que estudia polo miudo os castros de Gresande, Goiás e Sestelo de Botos. De cada un deles fai un dibuxo coas súas características máis relevantes.

Martín Fernández Vizoso, Delegado do Grupo Voz. Lalín

de arte contemporánea. Podemos pois incluilo na clasificación de museo xeral ou mixto, xa que segundo os criterios utilizados, o museo pode ser encadrado en máis dunha categoría. Oeste modo tampouco se debe esquecer que a configuración dun museo depende sustancialmente da entidade á que pertence; neste caso concreto é un centro público financiado polo Municipio de Lalín.

O traballo de catalogación dos fondos deste museo, realizouse segundo as normas para o inventario da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia[1]. Tendo en conta que o máis elemental e obrigatorio instrumento de traballo para o control e a seguridade das pezas mm museo é o Libro de Rexistro, aínda que xa había un control das pezas, considerouse oportuno segui-la normativa anteriormente citada. Iniciouse o traballo coa asignación dun número de rexistro a cada peza para proceder a siglalas; rexistrándose un total de 290 obras, que posteriormente foron catalogadas. Oeste xeito tódalas pezas catalogadas teñen unha ficha de inventario, na que se recollen os datos de identificación, características, ingreso e outros específicos de cada obra. A esta documentación déuselle tratarnento informático quedando recollida nunha base de datos que inclúe tarnén unha fotografía necesaria para a súa correcta identificación.

A forma de ingreso das pezas no museo fíxose mediante doazón, compra ou depósito. A través de doazón entraron 151 obras. Na maioría dos casos a fonte de ingreso foi o mesmo autor da obra. Pero compre sinalar que en ocasións coma no caso das Bienais "Pintor Laxeiro" organizadas dende este museo, xa se aclaraba nas bases que pasado un prazo de vinte días, as obras que non fosen retiradas considerarían se coma do_adas ó Concello de Lalin; e deste xeito varias obras non recollidas polos autores pasaron a formar parte dos fondos do museo. No caso dos obxectos pertencentes a O. Joaquín Loriga, foron doados na súa totalidade pola súa irrnán Dona Araceli Loriga de Aguirre !barra no ano 1972.

Por medio de compra foron adquiridas 131 obras. En canto ós depósitos podemos constatar que son a fonte de ingreso minoritaria, tan só hai 7.

APROXIMACIÓN ÓS FONDOS DO MUSEO

Xa que o Museo de Lalín está adicado a tres dos seus fillos ilustres: O. Ramón M ª Aller Ulloa, O. Joaquín Loriga e D. José Otero Abeledo, máis coñecido por Laxeiro, aproveitarémo-la ocasión para facer un percorrido imaxinario polo museo; de xeito que este itinerario nos leve a coñecer a cada un destes tres célebres lalinenses a través das obras que alí se conservan; incluíndo tanto as que se expoñen nas

[1] López Redondo, A.; López de Prado Nistral, C.: *Censo de Museos de Galicia. Normas para o inventario.* Consellería de Cultura. Dirección Xeral do Patrimonio. Santiago. 1993.



Sala Superior do Museo. Obxectos pertencentes a D. Ramón.

OS FONDOS DO MUSEO MUNICIPAL "RAMÓN MARÍA ALLER" DE LALÍN*

Alicia Fernández Dapena

O Museo Municipal de Lalín foi inaugurado o día 30 de Novembro de 1989 adaptándose para tal fin o edificio do século XIX con xardín que pertenceu ó sabio astrónomo Ramón M ª Aller Ulloa, e onde se emprazou no ano 1911 o xermolo do que sería o primeiro Observatorio Astronómico de Galicia. Este edificio foi adquirido polo Concello lalinense á morte de D. Ramón Mª Aller co fin de convertilo en museo. Estamos pois a falar dun museo emprazado nm edificio de vella planta, é dicir, que foi construído para outra finalidade distinta á que ten hoxe en día. Se atendemos á tipo]oxía dos fondos podemos reseñar que se trata dun museo un tanto atípico e de difícil clasificación, pois pode ser considerado como casa-museo do sabio Ramón María Aller xa que ne! se expoñen obras e obxectos relacionados con este personaxe sendo esta colección a orixe dos fondos do museo; pero hoxe en día outra parte importante dos fondos está constituída por unha ampla mostra de obras

* Quera facer constar o meu agradecemento ao persoal do Museo de Lalín que tan desinteresadamente me ofreceu a súa axuda para a realización deste traballo.



Despacho de D. Ramón Aller.

salas coma as que se reservan no almacén. Finalizado este traxecto iniciaremos outro paseo, esta vez moito máis apurado, para coñece-las obras doutros autores que se custodian tanto no propio museo coma noutras dependencias do concello de Lalín.

Ramón María Aller Ulloa, nace no pazo de Filgueiroa na parroquia de Santa María de Donrarniro de Lalín o día 3 de Febreiro de 1878. A súa longa vida estivo adicada por completo a unha dobre vocación: a sacerdotal e a científica, e deste xeito ademais de obter moi novo, con vinte anos, o título de Doctor en Sagrada Teoloxía, licenciaríase no ano 1904 en Ciencias Exactas na Universidade de Madrid. Difícil é tentar de resumí-la traxectoria profesional do que chegou a ser neste século unha recoñecida autoridade no campo da Astronomía, testemuña do seu prestixio fo.ron os moitos homenaxes que se lle tributaron, entre elas apuntamos coma curiosidade que un cráter da lúa leva o seu nome. A súa obra é tan ampla que dela destacamos a publicación de catro libros e numerosos artigas, a dirección de cinco teses doctorais e o descubrimento de catro estrelas dobres; tamén demostrou dotes de gran debuxante e mesmo diseñou instrumentos científicos. O 28 de Marzo de 1966, ós oitenta anos de idade marre en Lalín este home de ciencia, deixando un importantísimo legado ás futuras xeracións científicas.

Na planta baixa do museo atópase "in situ" o seu despacho, no que ademais dos mobles perfectamente conservados[2] se expoñen varios obxectos científicos: un reloxo sidéreo, un cronógrafo, unha brúxula, un sextante e dous refractores ópticos. No moble librería gárdanse numerosos libros pertencentes á súa biblioteca persoal. Da parede colga enmarcado o Título de Pillo Predilecto de Lalín que lle foi concedido no ano 1960. Sobre unha peaña sitúase a escultura en mármore da cabeza de D. Ramón obra do escultor Parrado Conde. Neste despacho tamén se expón o que sen dúbida foi un dos obxectos máis apreciados polo sabio lalinense, o retrato a óleo que lle fixera no ano 1947 o seu amigo e discípulo Enrique Vidal Abascal, quen ademais de entrega-la súa vida ó estudio das matemáticas, atopou tempo para adicalo a unha das súas afeccións favoritas: a Pintura[3].

Na planta superior do museo expóñense protexidas en vitrinas OLltras pezas que tamén pertenceron a D. Ramón Aller, principalmente obxectos de uso estrictamente persoal coma o equipo de afeitado, unha colección das súas características lentes redondas, o Título de Doctor en Teoloxía datado en 1898 e un sinxelo recordatorio da súa Primeira Misa na capela do Seminario conciliar de Lugo. Outros obxectos persoais que podemos contemplar son: o seu bonete, un via crucis de peto, un evanxeo e outros libros de temática relixiosa, catro carimbos[4], o retrato que lle fixera o fotógrafo Ksado e unha colección de fotografías recordo do seu apreciado amigo o escritor José María Pereda[5]. Os instrumentos de traballo utilizados polo astrónomo tamén se mostran nesta sala: aparatos de medición, anteollos, regras de precisión, xogos de escalas, fragmentos de aparatos científicos, e varios caderniños de notas manuscritas, con táboas e fórmulas de esmerada caligrafía que unha vez máis demostran a adicación minuciosa e exquisita dun home especializado no traballo ben feito. Deste xeito o visitante pode acbégarse ás dúas facetas que foron o eixe da vida de D. Ramón, a profesional e a espiritual.

No almacén do museo consérvase unha colección de fotografiasen branco e negro[6], ampliadas a diferentes tamaños e montadas sobre bastidores de madeira. Nelas podemos contemplar a D. Ramón en diferentes momentos da súa vida: coma alumno de escola, coma crego, posando <liante da que hoxe é a súa casa-museo, xunto a alumnos e mestres do Colexio Sagrado Corazón, entre outras. Algunhas testemuñan o estado primitivo do Observatorio de Lalín, outras mostran o seu traballo no Observatorio de Santiago, pero en todas podemos identificar claramente

---

[3] Sabemos que tódolos mobles foron restaurados con motivo da inauguración do museo.

[" Unha reproducción deste retrato foi escollida polo autor do libro *Astronomía a simple vista* para ser colocada na súa primeira páxina.

[4] Os carimbos reproducen: as súas iniciais, a silueta do Observarotio de Lalín, o Sagrado Corazón, e o anagrama da Asociación del Corazón de Jesús de Lalín.

[5] Estas fotografías retratan ao escritor e a súa familia e son testemuña gráfica da época e da casa natal de Pereda radicada na vila santanderina de Polanco, onde escribiu a maior parte das súas novelas.

[" Os negativos destas fotografías consérvanse tamén no museo.

a ese paisano de Lalín que vestía sotana, levaba lentes redondas e sorría amablemente coa tranquilidade que dá ser un home de paz. É preciso non esquecer que no almacén ainda se gardan varias caixas que conteñen outros obxectos persoais do ilustre astrónomo que precisan ser catalogados.



Obxectos pertencentes a D. Joaquín Loriga.

Joaquín Loriga y Taboada, nace en Prado, no pazo de Liñares, nunha familia de tradición militar o 23 de novembro de 1895. A súa foi unha vida chea de proezas no apaixonante mundo da aviación. Este paisano de Lalín pioneiro da aviación española que chegou a ser elexido para inaugura-lo autoxiro inventado por Juan de la Cierva, acadou un dos seus maiores logros facendo realidade a fazaña daquel voo Madrid-Manila do ano 1926, no que tivo coma compañeiros de tan arriscada aventura ós pilotos Éstevez e Gallarza. Aínda hoxe en día perduran os ecos da sentida homenaxe que lle tributaron en 1927 as xentes de Lalín, máis nada aterrar coa súa avioneta no monte de O Toxo, en Sello. Tan só un mes despois, un tráxico destiño agardaba ó aviador no aeródromo madrileño de Cuatro Vientos onde faleceu a bordo dunha avioneta de probas truncando a súa prometedora traxectoria profesional. Destoutro ilustre lalinense tan só se atopan expostos na sala superior do museo dous obxectos: uns galóns do seu uniforme militar e un curioso billete de lotería Nacional de 1926 no que aparecen entre outras imaxes as dos Capitáns Loriga e Gallarza e a de Santiago Ramón y Caja!. Na planta baixa radícase o retrato de Loriga con uniforme militar que podemos ver reproducido en numerosas publicacións. Este retrato forma parte dunha colección, conservada no almacén, de ampliacións fotográficas en branco e negro montadas sobre bastidores de madeira; estas imaxes que hoxe teñen gran valor documental sérvennos para lembrar entre outros episodios da súa vida: o recibimento multitudinario á súa chegada a Manila, as sentidas homenaxes de tributo a Loriga, Éstevez e Gallarza, e a chegada do voo



Sala do Museo adicada ó pintor Laxeiro.

Madrid-Lalín ó Monte do Toxo. Tamén no almacén atopamos varios libros de esmerada encadernación en coiro que recopilan novas, escritos, e comentarios glosando a xa citada proeza dos aviadores.

Xosé Otero Abeledo, coñecido coma Laxeiro nace no ano 1908 en Donramiro, a mesma parroquia de Lalín que o astrónomo Aller, pero axiña se trasladará a Vilamaior-Botos onde será alumno de dona Teresa López que segundo relato do artista foi quen lle falou por vez primeira dos grandes artistas da pintura coma Goya, que tanto influirían na futura plástica do pintor; tamén D. Ramón Aller foi en certo modo responsable do seu interese pola arte, pois sabemos que el lle regalou a súa primeira caixa de pinturas. Coma tantos outros galegas vivirá uns anos cos seus pais na emigración en Cuba, e coma tantos outros artistas a súa vocación xa desperta a unha idade temperá. Empero o discorrer da súa vida, que marcou indubidablemente o seu carácter e a súa obra non se pode comparar á de ningún outro pintor galego porque a de Laxeiro foi unha traxectoria tanto persoal coma pictórica única.

O Museo de Lalín ten a sorte de posuír en total 37 obras do pintor que permiten ó visitante ter unha visión bastante completa da súa evolución artística, abranguendo dende as súas primeiras obras ata as máis recentes. O percorrido

iníciase cun debuxo realizado no ano 1930, cando Laxeiro tan só contaba con 22 anos, no que retrata á súa avoa, e remata cun cartel do ano 1992 que anunciaba a Feira do Cocido. Así pois adentrándonos con máis detalle presentamo-las obras máis salientables que o museo expón deste prolífico artista. Un dos numerosos autorretratos que ten o autor é o datado no 1940 e titulado *Yo,* ne! vernos a un Laxeiro de 32 anos con boina e cabelo curto sobre un fondo totalmente cuberto de trazos enérxicos e nerviosos que se confunden cos contornos dun rostro delgado e de ollar tristeiro onde o artista non esquece sinala-la furada do queixo, que anos despois quedaría agachado baixo a coñecida barba do pintor-barbeiro.

O gusto do autor polo mundo dos nenos queda patente en dous exemplos realizados en Asturias no ano 1938, naquel tempo da Guerra Civil no que Laxeiro era soldado e pintaba case sen ilusión. Un deles preséntanos un xove de rostro simétrico, ben proporcionado, de beizos carnosos, e cunha importancia rnanifesta do sombreado que contribue a modela-la figura; o outro retrata, con sombras suaves, unha ferrnosa nena de grandes olios claros e meleniña curta adornada cun lazo. En Prado, aldea natal da súa muller, no 1940 pinta a *Luisa,* rapaza de cabelo curto cuns olios cheos de infantil inocencia. Outro debuxo, esta vez de corpo enteiro, da rapaza que fai a *Primeira Comunión* en realidade deixa ver unha monequiña ataviada coma unha noiva en miniatura, rodeada por un sombreado de liñas agresivas que se cruzan con forza lembrándonos a gloria, atributo das santas. Na obra datada en Vigo no ano 1947 un rapaz moreno olla cara a nós cuns enormes e melancólicos olios negros que nos volven trasladar aos penosos anos da posguerra.

Pode ademais o visitante do museo recoñecer nos debuxos a algúns membros da familia do pintor. No 1930, captada a modo de instantánea, amósanos a súa avoa facendo labor de calceta, sentada sobre unha especie de caixón e ben abrigada cunha chaqueta na que o pintor nos quixo amosar un pequeno remendo; realmente non podemos ver ben o rostro desa muller que se agocha concentrada no labor, pero intuímos nese perfil con enrugas o paso do tempo. No 1933 retorna dende Madrid a Galicia e nesta mesma data, no vello taller lalinense do Hospitalillo, debuxa un retrato de parella no que as súas *tías de América* parecen posar para unha das típicas fotografías de estudio tan representativas deses anos; ataviadas ó estilo da época respondendo á mellara social acadada naquela emigración que só en moi contadas ocasións resultaba prospera. No ano 40, debuxa a súa muller *Luísa* -coa que casara había seis anos-, co cabelo moi curto dirixindo un misterioso ollar cara á súa esquerda. Tamén podemos coñece-lo seu sogro mm retrato datado no mesmo ano, contorneado cunha liña sinxela, pero de trazo decidido, e salferido por numerosas sombras. O protagonista é un home con boina e bigotiño que posa cara o pintor fumando un xa escaso cigarro; adiviñamos que estaba sentado, e aínda nos atrevemos a dicir que senta cómodo e tranquilo.

O habitante do Marquesado da Romea confesaba que debuxar era a súa forma de expresión preferida e a actividade máis necesaria para o seu equilibrio,

quizais por esta razón aínda nas épocas máis escuras da súa existencia os cadernos de debuxo foron sempre son a mellor compaña para Laxeiro; e iso foi o que fixo cando no ano 1938, obrigado coma soldado en Asturias, aproveitou para tomar numerosos apuntamentos do natural, talvez os protagonistas de dous dos retratos masculinos datados neste ano foran camaradas do artista, e a un deles lle adica o título sinxelo e cariñoso de *Meu amigo.*

O retrato a sanguina feito na cidade de Vigo, no ano 1943, a unha moza de rostro fino e delicado é rnostra do dominio que chega a acadar Laxeiro coma debuxante de trazos e sombreados lenes cos que mesmo parece acaricia-lo rostro da fermosa xove. Outros dos retratos femininos: *Conchita* e *Rosario* (1946 - 1950), tamén de cando o artista residía en Vigo, presentan un estilo diferente, xa que nestes os contornos engordan xenerosamente; o sombreado faise moi escuro destacando nos cabelos negros que enmarcan os rostros, e ofrecendo un forte contraste coas zonas máis claras da pe!.

Podemos agrupar mm aparte os retratos que Laxeiro fixo dalgúns dos seus amigos e colegas e que demostran as dotes técnicas do pintor, ao tempo que nos permite ver un profundo estudio psicolóxico. *Manuel Abelenda* retratado en Vigo (1944), o pintor marinense *Lino Villajinez* (1945), *Daniel de la Sota* (1945), e *a pintora Mercedes Ruibal* (1953). Obra, esta última, realizada na cidade que tan ben acolleu sempre ós galegos e á que Laxeiro chegou para quedarse case durante vinte anos: Bos Aires.

O *Entroido* (Lalín, 1935), amosa un dos temas máis recorrentes na obra do pintor Laxeiro: o mundo da mascarada e do Carnaval; o universo dos títeres de Barriga Verde que tanto lle impresionaron a Laxeiro cando a súa nai o levou a velos sendo aínda un neno; esta obra apunta xa as formas redondeadas e sólidas propias da estética laxeirana. No ano 1947 fai o debuxo titulado *Os endemoniados* onde as figuras se amontoan mm carro, insinuando xa unha clara intención de non respecta-lo espacio que ocupan. En *Pesadilla* aparece dunha forma moito máis explícita o "horror ó baleiro" xunto a unha estrana mestura de personaxes surrealistas sacados dun mundo imaxinario e de misteriosas fabulacións. Baixo unha figura en escorzo que nos mostra descaradamente o cu, aparecen no primeiro plano dous rostros inquedantes, un deles chorando. O fondo lembra a paisaxe das montañas de Lalín que Laxeiro sempren levou na memoria, e que son tema recorrente na súa obra.

Outro dos temas preferidos e repetidamente utilizado na súa traxectoria foi o nú. No cadro *La siesta*[7] debuxado en Vigo no 1940, presenta unha figura feminina deitada, durmida. Aquí o pintor demostra un claro dominio das liñas curvas que xogan a modela-la forte anatomía da muller, na que percibimos que a pesares do seu corpo robusto semella suspendida no aire, arralada apraciblemente polos brazos de M01feo.

---

[7] Cadro ubicado na casa do Concello de Lalín.



Debuxos de Laxeiro no Museo de Lalín.

O debuxo *Muller desnuda* (1947), de fortes contrastes entre claro e escuro e gusto polo negrismo, deixa patentes as influencias de Goya na obra do pintor. En *Rápidos apuntes del natural* (Vigo, 1944) contemplamos, case con medo a despertala, a unha moza que descansa tendida de lado sobre unha cama probablemente durmindo a sesta nunha calorosa tarde de verán; só cos trazos estrictamente necesarios o pintor capta un momento dese fugaz vivir que quere atrapar no papel e compartir con todos nós.

O asunto da maternidade enlaza coa constante referencia do autor ó mundo da muller e remítenos a dúas obras: *Nai e nena*[8] sanguina datada no ano 1940 en Bendoiro é un fermoso estudio a base de acertadas liñas de contorno dunha muller xove coa filla durnundo no colo. A outra *Maternidade* que o pintor doou ó museo fixoa vinteoito anos máis tarde (1968), e o Laxeiro que se nos presenta nesta obra é un artista de etapa madura na que deforma os rostros en descomposición de tipo cubista e na que a liña negra xoga a facerse cada vez máis grosa.

Nun *Sen título* de 1968 que ademais é unha das obras de maiores dimensións <loadas ó museo, costa verdadero traballo distinguir quen e quen nese grupo de

[8] Cadro radicado na casa do Concello de Lalín.

seres espidos apertados nun espacio que non lles abonda, querendo rebentar fóra das marxes; tanto é así que case non queda oco para asina..r; a sinatura vai en vertical no ángulo inferior esquerdo. Nesta composición atopamos ademais algunhas das claves da súa paixón picasiana. Do mesmo ano e con similar estilo compositivo achamos a obra *As amigas,* onde o protagonismo é captado a traveso duns enormes e deformados rostros que difícilmente encontran lugar onde acomodarse no papel.

Gaiteiros pintado en Vigo no 1968 é o reflexo do sentir máis popular e colorista deste pintor amigo da festa; serviu de ilustración para a edición da partitura da muiñeira "Laxeiro" que o músico lalinense Plácido Rozas compuxo para o seu querido paisano en 1995, e que un ano máis tarde acompañaría agarimosamente o funeral do pintor, no camposanto da parroquia de Botos. Sobre unha peaña exponse *O Cabezudo,* o armazón desta obra foi realizado polo grupo de títeres Viravolta de Lalín e policromada por Laxeiro. Para remata-lo percorrido da sala ternos que incluír aquí a obra titulada "Marisa e Miguel" do escultor ourensán Acisclo Manzano Freire.

En Composición, do ano 1968, conservado no Concello, predominan as cores suaves nun espacio que aparece compartimentado en numerosas e imaxinativas formas; mostra dun Laxeiro xa experto que gusta de experimentar no universo da abstracción.

A obra *General Martínez Monse,* óleo sobre lenzo (60 x 80 cm), permanece en depósito feito pola Deputación Provincial de Pontevedra, nun despacho do museo dende o ano 1985 en que chegou ó mesmo con motivo da súa inauguración. Con esta obra Laxeiro acadou o primeiro premio na I Bienal Regional de Arte da Deputación de Pontevedra celebrada no ano 1970 e dotada cunha medalla de ouro e un premio de 100.000 ptas.

A continuación incluímos unha relación de tódalas obras do pintor pertencentes ó museo (ordenadas cronolóxicamente) e cunha breve referencia do título, data, técnica e dimensións:

Miña avoa. 1930. Carbón sobre papel. 32 x 23 cm
Serie de las tías de América. 1933. Carbón sobre papel. 31,5 x 23,3 cm
Entroido ou Carnaval. 1935. Lapis sobre papel. 33 x 22 cm
Apuntes del natural. 1938. Tinta e acuarela sobre papel. 39 x 31,5 cm
Xoven. 1938. Carbón sobre papel. 50 x 35 cm
Retrato dun neno. 1938. Carbón sobre papel. 37 x 32 cm
Meu amigo. 1938. Mixta sobre papel. 53,5 x 36,5 cm
Meu sogro. 1940. Carbón sobre papel. 33 x 23 cm
Nai e nena. 1940. Sanguina sobre papel. 34 x 46 cm
Luisa ou A miña muller. 1940. Carbón sobre papel. 47 x 33,5 cm
Yo. 1940. Carbón sobre papel. 34,5 x 24 cm

Niiia. 1940. Carbón sobre papel. 39 x 27,5 cm
As vacas. 1940. Carbón sobre papel. 17 x 23 cm
La siesta. 1940. Carbón sobre papel. 24 x 34 cm
Sen título. 1943. Sanguina sobre papel. 44 x 30,5 cm
Prim.eira Comunión. 1943. Lapis sobre papel. 50 x 35 cm
Rápidos apuntes del natural. 1944. Carbón sobre papel. 25 x 32 cm
Pintor Manuel Abelenda. 1944. Carbón sobre papel. 69 x 50 cm
Daniel de la Sota. 1945. Carbón sobre papel. 65 x 50 cm
Lino Villafinez. El Pintor. 1945. Carbón sobre papel. 23 x 16 cm
Conchita. 1946. Carbón sobre papel. 41 x 33 cm
Retrato dun neno. 1947. Carbón sobre papel. 47 x 32 cm
Os *endemoniados.* 1947. Tinta sobre papel. 50 x 65 cm
Muller desnuda. 1947. Carbón sobre papel. 20 x 13 cm
Rosario. 1950. Carbón sobre papel. 50 x 33 cm
Retrato da pintora Mercedes Ruibal. 1953. Carbón e sanguina sobre papel. 30,5 x 20,5 cm
Sen título. 1953. Carbón sobre papel. 24 x 18 cm
Pesadilla. 1954. Carbón sobre papel. 25 x 18 cm
Sen título. 1967. Óleo sobre lenzo. 65 x 54 cm
Gaiteiros. 1968. Mixta sobre papel. 66 x 50 cm
Maternidade. 1968. Tinta sobre papel. 100 x 72 cm
Sen título. 1968. Mixta sobre papel. 100 x 72 cm
Composición. 1968. Mixta sobre papel. 72 x 101 cm
As amigas. 1968. Tinta sobre papel, 72 x 100 cm
Cartel da Feira do Cocido. 1975. Óleo sobre papel. 64 x 50 cm
Cartel Feira do Cocido. 1992. Tinta sobre papel. 48 x 34 cm

Carteis Da Feira Do Cocido

Co gallo da xa moi afamada festa gastronómica adicada ó cocido que se ven a celebrar cada ano en Lalín ininterrumpidamente dende 1969, xa son varios os artistas que decidiron presta-lo seu talento para ilustra-los carteis anunciadores destas festas. O Museo canta cunha pequena colección de nove destes carteis orixinais asinados por Alfonso Sucasas, Laxeiro, Antón Lamazares Silva, Francisco Lareo Mora.o, Manolo Moldes, Armindo Salgueiro e Xavier Arias.

Outros Fondos

Son xa numerosos os artistas que teñen obra no museo de Lalín; polo de agora as pezas atópanse gardadas na planta baixa mm espacio reservado a almacén.

A maioría dos autores son galegos, sobre todo nados na comarca do Deza, e lamentablemente soamente poden ser citados, xa que doutro xeito non caberían neste estudio pola limitación de espacio[9]: Ismael González Coucho, Antonio Urréjola Ibáñez, Francisco Lareo Morao, Rosa Quiquer, Armindo Salgueiro, Antonio Mir, José Antonio Fondevila García, Marisa Miguélez, Xavier González Arias, Gloria Alonso, Guillermo Aymerich, Nicolás González Aller, José Baldwin "Miño", Mª do Mar García González, Antón Lamazares Silva, Villaverde, Pilar Taboada, José Juan Estévez "Monteavaro", Mª Silvana Carneiro Portela, Julio González Vázquez, Alicia Suárez Otero, Murás Chancosa, Gonzalo Suárez Rodríguez, Victor Rúa Carril, Montse Lago Yebra, R. Ignacio, Lorenzo, Xulio García Rivas, J. Granjel, Modesto Fernández, Anxo Sebas, J. Rosendo, Natalia Pérez García, Marga Conde, Pancho Rodiño, Berta Ares, Susana García Romanos, Ignacio Vilariño Sanmartín, Eulogio das Penas Seijas, Antón G. Buciños, Federico Fernández, Javier Fernández Ríos, Marien Martínez Urela, Alvaro Negro. Tamén hai obras de autores estranxeiros como a brasileira Maribel Mouriño Pino, a francesa Jacqueline Groupierre, o portugués Vítor Silva Barros, e o alemán Márl.

Obras Do Museo Radicadas En Dependencias Do Concello De Lalín

Ademais das pezas inventariadas que se conservan no Museo Municipal, fíxose o mesmo labor con mitras 40 obras que no momento de realizar este traballo se atopaban en varias dependencias municipais e das que queremos deixar constancia.

Casa do Concello:

Pintura: Total: 12 obras de diversos autores: Laxeiro, Paco Lareo, Guillermo Aymerich, Matas e Armindo Salgueiro. Inclúese neste total a *Serie Alcaldes de Latín,* realizada por M. Matas e Armindo Salgueiro. Colección composta por sete retratos de idénticas dimensións pintados ó óleo. Os alcaldes retratados son: Alfonso Garra Goyanes, Manuel Ferreiro, Luis González Taboada "Licho", Jesús Golmar Rodríguez, Ricardo López Varela, Domingo Pablo Palma Brandido e José Cuiña Crespo.

Auditorio:

Escultura: Total 8 obras. Autores: Antonio Taboada "Willy", José Couto Codeseira, Tetuán, Vidal Payo, Pilar Taboada e José Portela Calvar.

Pintura: Total 17 obras. Autores: Alfonso Sucasas, Damián Salvador Payo Cangado "Paío", Armindo Salgueiro, Edmundo Paz da Cruz, Guillermo Fernández Pedrosa, Rogelio Ignacio Fernández, Jesús Murás Chancosa, Oiga Martínez,

[9] Preséntanse coa orde con que foron rexistradas as súas pezas.

Miguel Pereira Figueroa, Agustín Soage Bastón, Raquel Blanco Iglesias, Carmen Quinteiro e Pilar Taboada.

Departamento de Obras:
Pintura: Total: 3 obras. Autores: Puri Fernández "Candela", Samuel Salabarría, María Silvana Carneiro Portela.

O Museo de Lalín ten coma finalidades principais, ademais da conservación, as funcións sociais e educativas. Para desenvolvelas ven organizando ciclos de conferencias, coloquios, mesas redondas, e outras actividades que contribúen a dinamiza-la vida do museo, e a cultura na comarca. Dende aquí mantéñense contactos tanto con outros centros museísticos galegos coma con artistas que traballan en Galicia. Entre estas iniciativas destacan as Bienais "Pintor Laxeiro" que se veñen celebrando dende 1992, e a completa programación expositiva que se desenvolve durante todo o ano; a última das súas actividades foi a recente inauguración no museo dunha exposición adicada a un século da Arte no Deza[lll].

Con estas iniciativas demostra ser un centro activo, que fai realidade a idea de que os museos deben deixar de ser meros receptores de obras de arte para ofrecerse coma un espacio aberto ó publico en xeral. O museo é de todos e para todos.

[lll] Do 17 de decembro do 1999 ó 27 de febreiro do 2000.

BIBLIOGRAFÍA

Alfaro, J. R. : *El* pintor *Laxeiro.* Catálogo Galeria Biosca, Madrid, 1968.

Aller Ulloa, R, M". : *Astronomía a simple vista.* C.S.I.C. Editorial Porto, Santiago de Compostela, 1948.

Castro Fernández, X. A.; Elorrieta Rey, F. : Colección Laxeiro. Concello de Vigo, 1995.

Castro Fernández, A.: *Laxeiro, a interación dun mundo.* Edicións Xerais, Vigo, 1997.

Docobo Durántez, J. A. : La obra científica de Aller Ulloa. Fundación A1f'edo Brañas, Santiago de Compostela, 1991.

I Bienal de Lalín "Pintor Laxeiro". Catálogo Exposición. Xunta de Galicia, 1992.

1l Bienal de Lalín "Pintor Laxeiro". Catálogo Exposición. Xunta de Galicia, 1995.

III Bienal de Lalín "Pintor Laxeiro". Catálogo Exposición. Xunta de Galicia, 1997.

IV Bienal de Lalín "Pintor Laxeiro". Catálogo Exposición. Xunta de Galicia, 1999.

Laxeiro (1952-1970). Catálogo Exposición. Auditorio de Galicia. Santiago, 1989.

Laxeiro. (1934-1985). Catálogo da Exposición.VIII Bienal Nacional de Arte. Exma. Diputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra, 1985.

López Redondo, A.; López de Prado Nistral, C. : *Censo de Museos de Galicia. Normas para o inventario.* Consellería de Cultura. Dirección Xeral do Patrimonio. Santiago. 1993.

Otero Tuner, R. : *Vida/ Abascal.* Aula de cultura, Santiago, 1978.


Ruibal, J. : "Laxeiro" en *Cuadernos de Arte Gallego.* Editorial Benito Soto, Pontevedra, 1951.

Sobrino Manzanares, M.L.: "Laxeiro" en *Gran Enciclopedia Gallega,* XVIII, pp. 248-254. 1974.

V.V.A.A. : "Laxeiro" en *Cuadernos de Arte Gallego.* Editorial Atlántico. A Coruña, 1980.

V.V.A.A. : *Dous matemáticos galegas.* Consellería de Educación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística e CEFOCOP. Lugo, 1999.

V.V.A.A. : *Laxeiro.* Catálogo mostra antolóxka, CGAC. Santiago, 1996.



Iglesia de San Pedro de Ansemil con la anexa capilla de Santa Ana en primer término.

LA CAPILLA DE SANTA ANA DE ANSEMIL: UNA PRIMERA APROXIMACIÓN.

David Chao Castro

Si el que fue monasterio benedictino de San Pedro de Ansemil adolece de un estudio en profundidad desde el punto de vista histórico, no ocurre sin embargo lo mismo desde el ámbito de la historia del arte, donde los estudios llevados a cabo por R. Yzquierdo Perrín e I. G. Bango Torviso [1] proporcionaron el análisis e interpretación de los restos prerrománicos y románicos llegados hasta nuestros días. Sin embargo, hubo una parte de la edificación medieval de Ansemil que nunca gozó de un análisis pormenorizado, por datar de una época posterior a las tratadas por los dos investigadores anteriores: la pequeña capilla gótica de Santa Ana, conocida tradicionalmente como "capilla de los Deza".

---

1 YZQUIERDO PERRÍN, R.: "San Pedro de Ansemil: un monasterio gallego del siglo X", en *Boletín Avriense,* tomo VII, Ourense, 1977, pp. 83-117; también en "Arte Medieval (I)", *Galicia. Arte,* tomo X, A Coruña, 1995, pp. 88-92; BANGO TORVISO, I.G.: *Arquitectura románica en Pontevedra,* La Coruña, 1979 (San Pedro de Ansemil en pp. 96-98). Otros autores antes que éstos se habían interesado también por los aspectos artísticos concernientes a esta iglesia; entre ellos,

Va a ser precisamente esta construcción la que acapare nuestro interés y lo que hemos denominado como "primera aproximación" en las páginas siguientes, si bien un estudio pormenorizado de la documentación existente y una comparación detallada y exhaustiva de los elementos artísticos esperan dar como resultado una investigación más completa y rigurosa en un futuro próximo.

El *cavaleiro* Diego Gómez de Deza

La documentación medieval que sobre el cenobio de Ansemil se conserva en el Archivo de San Payo de Antealtares apenas proporciona datos que permitan un conocimjento seguro de la cronología y artífices de esta edificación. No obstante, y recurriendo a fuentes documentales posteriores, nos encontramos con un apeo del siglo XVI en el que se hace mención a que dicha capilla de Santa Ana fuera instituida y fundada por el caballero Diego Gómez de Deza[2]: no en vano, su sepulcro se conserva en el interior de la capilla que nos interesa, y al que nos referiremos más adelante.

Para nuestros propósitos más rica se presenta la colección documental que se halla depositada en el Archivo del Reino de Galicia, entre la que sobresale una serie de compras por parte de Diego Gómez y posterior donación al monasterio de Ansemil de los bienes adquiridos, con el propósito explícito de que la abadesa y convento acometan a perpetuidad el mantenimiento de la capilla por él establecida. Algunos de estos documentos han sido transcritos y publicados por A. Martínez Coello[3], entre ellos la propia donación que Diego Gómez de Deza hace a este monasterio de catorce moyos de vino anuales por su alma y limosna.

Muy poco sabemos de este miembro del linaje de los Churrichaos, condicionado en cierto modo este vacío por la falta de un estudio en profundidad de toda esta familia señorial, sin duda una de las más destacadas del panorama histórico de

---

citar a: LÓPEZ FERREIRO, A. ("KA"): O *niño de pombas,* Santiago, 1905, pp. 92-98; ÁLYAREZ LIMESES, G.: *Geografía Gen.eral del Reino de Galicia,* tomo VI ("Pontevedra"), Barcelona, 1936, p. 642; DEL CASTILLO LÓPEZ, A.: *Inven.tario de la riqueza monumental y artística de Galicia,* Santiago, 1972, pp. 27-30. Estudios posteriores tampoco han tratado con detenimiento la capilla que aquí nos ocupa, sino que, al igual que los que acabamos de reseñar, se limitan únicamente a proporcionar reducidas informaciones: MANSO PORTO, C.: *Arte Gótico en Galicia: los dominicos* (2 vols.). La Coruña, 1993; SÁ BRAVO, H. de: *Mon.asterio de Galicia,* León, 1982; YÁZQUEZ CRESPO, A. y GONZÁLEZ ALÉN, D.: *A comarca do Deza,* Pontevedra, 1981, pp. 461-465; etc.

" "Apeo del Padronazgo y Capilla de Santana sita en el monasterio de San Pedro de Ansemil y a presentación de ella, que instituyó y fundó Diego Gómez de Deza" (Pauta II, fol. 325r.; referencia en BUJÁN RODRÍGUEZ, M.M.: *Catálogo Archivístico del Monasterio de Benedictinas de San Payo de Ante-Altares,* Santiago, 1996).

" MARTÍNEZ COELLO, A.: "Documentación del monasterio de San Pedro de Ansemil (Silleda) relativa a Cabanelas", en *Argentarivm,* 1, 1999, pp. 133-159.

la Galicia bajomedieval. Según el "Livro de Linhagens do Conde D. Pedro"[4], Diego Gómez sería hijo de Gomes Enriquez de Pobraos II; mientras, su hermano don Alfonso Suárez de Deza[5] gozaría de una preeminencia política indiscutible a principios del siglo XIV, contando en todo momento con el apoyo del infante Don Felipe (hijo del rey Sancho IV), y sin olvidar la supremacía que sobre el resto de señores galaicos le otorgaba el título de Adelantado Mayor[6]. El activo enfrentamiento que este Alfonso Suárez mantuvo con el arzobispo Don Berenguel de Landoria originaría su propio asesinato el 16 de septiembre de 1320 en el castillo de la Rocha a manos de los secuaces del prelado. Sería precisamente este acontecimiento el que origine la aparición en los *Gesta* de Don Berenguel de Diego Gómez de Deza, por cuanto fue uno de los que se negó a prestar homenaje, junto con otros parientes del difunto Alfonso Suárez, al arzobispo[7]. No obstante, ante las bien pertrechadas fuerzas que Don Berenguel dispone para apaciguar la



Capitel nororiental del presbiterio.

4 "Livro de Linagens do Conde D. Pedro", en *Portvgaliae Monvmenta Historica,* Nova série V. II/2 (ecl. crítica de J. Mattoso). Lisboa, 1980, p. 217.

5 PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, E.: "Viejos y nuevos linajes en Galicia al final de la Edad Media. Una visión panorámica", en *Galicia, terra única. Gcilicia románica e gálica.* Santiago, 1997; sin embargo, en los *Gesta* de don Berenguel de Lancloria no se recoge este dato, sino que a la hora de referirse a la relación que unía a Diego Gómez con Alfonso Suárez de Deza se reduce a mencionar al primero como *vasallo de la Iglesia, que había sido fau/or y cooperador del lraidor,* mientras que a la hora de nombrar a sublevados de otras fortalezas del Deza los *Gesta* especifican puntualmente que eran sobrinos de Don Alfonso Suárez (DÍAZ Y DÍAZ, M.C.; GARCÍA ORO, J.; VILARIÑO PINTOS, D.; PARDO GÓMEZ, M.V.; GARCÍA PIÑEIRO, A.; DEL ORO TRIGO, M.P.: *Hechos de Don Berenguel de landoria, arzobispo de Santiago. Introducción, edición crítica y lraducción.* Santiago, 1983, p. 143); y aún en el "Livro de Linhagens do Conde don Pedro" se establece que eran primos.

6 GARCÍA ORO, J.: *Galicia en los siglos XIV y XV,* tomo I (Galicia señorial) Pontevedra, 1987, pp. 61-62.

7 IDEM, p. 81.

tierra de Deza y Trasdeza, se verá obligado a rendir su fortaleza de Galegos entre el 19 y 20 de octubre de ese mismo año: sería ésta inmediatamente derribada, evitando con ello la sede compostelana sublevaciones futuras.

Estos mismos *Gesta* nos proporcionan una interesante información en cuanto a la buena posición económica que mantendrá Diego Gómez de Deza, gracias a la supuesta benevolencia del arzobispo tras la sublevación[9]. Y es que las propiedades controladas por este caballero debieron de ser cuantiosas, o esto parece entreverse de la petición de ayuda que, varios años después de la muerte de D. Diego, el arzobispo Don Suero de Toledo dirige a doña Aldara, solicitando de ella apoyo para la causa de Don Pedro *"por la terra que fue de Diego Gomes de Deca"*[10] en el conflicto dinástico que enfrentó al monarca con su hermanastro.

Pero fuera de lo anteriormente reseñado, únicamente conocemos a mayores las desavenencias que se desencadenaron dentro de la propia familia Churrichao por la posesión de la Casa de Caldelas, y que supusieron el enfrentamiento entre Diego Gómez de Deza y sus hijos Alfonso Suárez y Diego Gómez con los hermanos Pedro Fernández Churrichao y Alfonso Gómez Churrichao[11].

Llegados a este punto, y teniendo en cuenta que la fundación y dotación de la capilla de Santa Ana de Ansernil requeriría la aportación de una serie de propiedades y bienes, pasamos a examinar la documentación antes mencionada. De esta forma, encontramos un pergamino, de fecha desconocida, en el que consta la donación que a favor de este monasterio hace Diego Gómez de numerosas propiedades en Vilar do Río, Bendoiro y Noceda[12]. Resulta muy significativa la presencia entre los documentos de este cenobio de numerosas compras inmobiliarias (casas, quiñones de casales, heredades indeterminadas...) efectuadas por este caballero entre 1330 y 1335[13]. No obstante, una nueva mención a Don Diego Górnez de Deza

---

[10] Podemos pensar que una actuación demasiado dura y vengativa podría provocar nuevas oposiciones señoriales, ralentizando el consiguiente afianzamiento de Don Berenguel en la silla arzobispal, algo que, por supuesto, no le convenía.

[9] "[Refiriéndose a Don Berenguel, con respecto a Diego Gómez de Deza:]...no *sólo le perdonó las faltas contra él y su Iglesia, sino que además le devolvió, ante los ruegos a favor de éste hechos por sus vasallos, las tierras de la Iglesia de que le había privado por su adhesión al traidor"* (DÍAZ Y DÍAZ, M.C...(1983), pp. 143 y 145).

[11] PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, 1997, p. 270, nota 3. En este mismo artículo E. Pardo de Guevara afirma que Don Diego Gómez fue uno de los primeros caballeros de la Banda (IBIDEM).

[10] GARCÍA ORO, J.: "La tierra de Deza en la Edad Media: del anonimato al pleito", en *Descubrindo,* 1, 1999, pp. 381-403 (para nota p. 392).

[12] Fondo de San Pedro de Ansemil, Cajón 1-Mazo 2, pergamino nº 70; referencia en BUJÁN RODRÍGUEZ, , M.M.: *Catálogo Archivístico del Monasterio de Benedictinas de San Payo de Ante-Altares,* Santiago, 1996.

Finalmente, neste mesmo ano, dentro do prazo establecido, U.E.PENOSA, presenta o ***"Proxecto Constructivo del Aprovechamiento Hidroeléctrico del Río Ulla",*** que aparece dividido en tres partes:

a) Proxecto Constructivo do Aproveitamento Hidroeléctrico do río Ulla. Canea Alto Ulla, con 7 saltos e unha potencia total de 29,2 MW.
b) Aproveitamento Hidroeléctrico Portodemouros-Caudal Ecolóxico. Proxecto Constructivo, que consta dun salto de 9,6 MW.
e) Proxecto Constructivo do Aproveitamento Hidroeléctrico do Río Ulla. Canea Baixo Ulla, que contempla 5 saltos cunha potencia de 40,5 MW.

Este proxecto foi informado favorablemente pola Comisión Galega de Medio Ambiente, esixíndolle á empresa concesionaria un estudio de Impacto Ambiental do aproveitamento hidroeléctrico integral da conca do Ulla e estudios de Impacto Ambiental de cada un dos trece aproveitamentos hidroeléctricos. A comezos do ano 1999 pasaron o trámite de información pública e isto dou lugar a reaccións en contra por parte da poboación sensibilizada coa problemática medio ambiental e polos problemas socioeconómicos que ocasionarían. Tamén tiveron lugar reaccións políticas, tanto por defender a unha poboación afectada como por entender que en Galicia se está a producir unha situación de "colonialismo económico".

2.-CARACTERÍSTICAS DO ACTUAL PROXECTO DE EXPLOTACIÓN HIDROELÉCTRICA DA CONCA DO ULLA

Considerando o aberrante encaro de Portodemouros corno centro, diferéncianse tres líneas de actuación (Figura núm. 1):

A.-Aproveitamento da rede fluvial do curso alto do Ulla e afluentes, por encima do encaro de Portodemouros, no que se sitúan os seguintes encaros:

1.-Encoro do Pambre. Ubicarase no río Pambre cerca da súa confluencia no Ulla (Ponte Arcediago). Afecta ao concello de Palas de Rei (Lugo), estando previsto que turbine 3 m³/seg. e acade unha altitude de presa de 9 m.

2.-Encoro de Frádegas. Está situado cerca da localidade de Frádegas, no curso alto do río Ulla. Afecta aos concellos de Palas de Rei, Antas de Ulla e Agolada. A altura da presa acada 9 m, estando previsto que turbine 10 111³/seg.

3.-Encoro de O Seixo. Construirase no río Ulla para turbinar 30 m³/seg. Afecta aos concellos de Santiso e Agolada, sendo a altitude da presa de 14 111.

4.-Encoro de Belmil. Situarase no río UUa, cun dique de 9 111e unha capacidade de turbinación de 30 m'/seg. Afecta aos concellos de Santiso e Agolada.




FIGURA 1. Encaros que poden cbegar a ser construídos nos ríos Ulla, Deza, Arnego e Pambre pola empresa Unión Eléctrica Fenosa.

1. Parnbre (río Pambre).	8. Portodemouros (río Ulla).
2. Frádegas (río Ulla).	**9.** Salto núm. 1 (río Ulla).
3. O Seixo (río Ulla).	10. Salto núm. 2 (río Ulla).
4. Belmil (río Ulla).	**11.** Salto núm. 3 (río Ulla).
S. Lamas II (río Arnego).	12. Salto núm. 13 LOSON (río Deza).
6. Lamas II (río Arnego).	**13.** Salto núm. 14 FONTAO (río Deza).
7. Fornelos (río Arnego).	

Base cartográfica: Mapa 1/100.000 do Serv. Xeogr. do Exército.

5.-Encoro de Lamas 1. Este encoro construirase no río Arnego, abaixo da localidade de Gurgueiro, afectando aos concellos de Agolada e Lalín. Está deseñado para turbinar 12 11f/seg., sendo a altura do dique de 7 m.

6.-Encoro de Lamas 11. Tamén se instalará no río Arnego, arriba de Ponte Vilariño, para turbinar 12 m³/seg. A presa terá unha altura de 9 111, afectando, igualmente aos concellos de Lalín e Agolada.

7.-Encoro de Fornelos. Estará ubicado no río Arnego abaixo de Ponte Tuiriz (probable confusión de nomes no proxecto, porque esta zona non corresponde coa Serra de Pomelos), afectando aos concellos de Cruces e Agolada. A altura do dique será de 9 m., para turbinar un imposible caudal de 20 m³/seg.

B.8.-Aproveitamento do incriblemente denominado caudal ecolóxico do río Ulla na Central de Portodemouros. A central estará instalada ao pé da actual presa para returbinar caudais comprendidos entre 15 m³/seg - 5 m³/seg.

C.-Actuacións no curso do Ulla situado por debaixo do ameazante encoro de Portodemouros e afluentes, cos seguintes encoros:

9.-Salto N° 1. A situar no curso do río Ulla, cunha altura de presa de 15 m, afectando aos concellos de Cruces, Touro e Arzúa.

10.-Salto N° 2. Tamén no río Ulla, por debaixo do anterior, con 15 m de dique e afectando aos concellos de Cruces e Touro

11.-Salto N° 3. Será o terceiro encoro da secuencia no curso do Ulla, cunha presa de 15 m de altura. Afecta aos concellos de Cruces e Touro.

12.-Salto N° 13. Estará ubicado abaixo de S. Pedro de Losón, no río Deza. A altura do dique será de 9 m. Afecta aos concellos de Cruces e Silleda.

13.-Salto N° 14. Ubicado no río Deza abaixo da confluencia do arroio do Carrio, case na zona mineira de Fontao, cunha altura do azude de 9 m. Afecta aos concellos de Silleda e Cruces.

Un aspecto que debemos ter en conta é a repercusión <lestes encoros sobre as masas forestais da ribeira, que no caso dos tres saltos situados abaixo de Portodemouros é moi forte, moi destructiva. Está previsto que os encoros números **1, 2** e **3** eliminarán 50,26 Has de bosque (vexetación riparia, piñeirais e bosque mixto) que veñen a representar máis do 76% do total de bosque a destruír por tódolos encoros xuntos, incluíndo as canles de derivación que tamén se proxecta construír para levar a auga desde as presas ata as centrais.

O total de zonas boscosas a exterminar, formadas por especies como ameneiros, carballos, castiñeiros, piñeiros e eucaliptos, suman un total de 65,81 Has, extensión desmesurada para seren minicentrais hidroeléctricas, que non deberían destruír practicarnente ningunha vexetacion arbórea se foran construídas con

criterios ecolóxicos, hidrolóxicos e xeomorfolóxicos axustados ao medio físico no que se van a ubicar.

O impacto socioeconórnico directo queda minimizado á desaparición de 0,98 Has de terras de labor e 2,30 Has de prados, pero a repercusión indirecta é moito máis significativa e díficil de valorar tanto cualitativa como cuantitativamente.

O feito de anegar un total de 75 Has de terreo , incluíndo bosques, terras de labor, prados e monte (matogueira) magnifica o impacto das minicentrais e fai dubidar non só da súa calificación, senón tamén da súa prioridade na dialética de **progreso sostenible** e conservación do medio ambiente.

3.-CONSIDERACIÓNS: A MINIMIZACIÓN DO IMPACTO

Aínda que non cuestionemos a súa necesidade, que é máis ben un tema de debate político, cómpre, sen embargo, marcar unha serie de puntualizacións, que de ser tidas en conta, os impactos quedarían practicamente reducidos ao mínimo; pero recuperariamos unha gran parte do sistema fluvial do Ulla, exterminado desde o ano 1967, que é cando se remata o colosal e faraónico embalse de Portodemouros, un auténtico monstro que estrangulou a canea en dúas partes (Figura núm. 2)

As ***pu11tualizació11s mí11imas*** que se propoñen son:

1.-Os **caudais ecolóxicos** determinados pola Xunta de Galicia e contemplados nos proxectos de construcción de encaros no Ulla, non garantizan unhas mínimas condicións ecoambientais dos tramos fluviais amputados.

Resulta evidente que os cálculos que se tiveron en conta para establecer os *caudais ecolóxicos* nun 10% do *caudal medio* dun río non conforman a realidade dos ríos de Galicia. Un caudal ecolóxico estimado nn 10%, pode significar, no peor dos casos, a reducción do caudal circulante ao mínimo anual, que unicamente ten lugar durante poucos días. Reducir o caudal dun río mediante un módulo fixado no 10% do seu caudal medio, e manter ese caudal de xeito continuo nos tramos afectados, terá efectos nefastos sobre a fauna e flora fluviais, afectando tamén ás especies migratorias.

Así, tomando o exemplo do *río Arnego* en Ponte Tuiriz, onde a empresa *Hidroeléctrica Moncabril* tivo instalado un limnúnetro para a medida do seu caudal durante 5 anos (período 1957 a 1962), observamos que o *caudal medio* era, naque! curto período, de 10,65 m^3/seg. Se o reducimos ao 10% queda cifrado en 1,06 m^3/seg., que é un caudal insuficiente para manter unhas mínimas condicións vitais para a fauna e flora riparias. Frente a estes datos tan restrictivos débense ter en conta outros criterios máis abertos para fixar o caudal ecolóxico dunha corrente fluvial, como é o **caudal medio** dos tres meses da *estación máis seca,* o verán. No



FIGURA 2. Fotografía do satélite LANDSAT abarcando a zona na que se localiza o **embalse de Portodemouros,** que se parece a un fantástico dragón que se retorce nos ríos Ulla, Iso, Boente, Rego do Muíño, Rego de Besaña e río Arnego. No seu entorno apréciase a modo de línea de delimitación a ampla *"banda estéril",* característica de tódolos grandes encaros.

caso do Arnego en Ponte Tuiriz, no período sinalado, foron os meses de xullo, agosto e setembro os que marcaron un rexistro mínimo de **caudal medio** estimado, segundo as medicións, en 1,42 m^3/seg. En consecuencia, este debería ser o caudal ecolóxico a ter en conta para o río Arnego ao seu paso pola Ponte de Tuiriz, que é un caudal superior ao marcado polo 10% do seu aforo medio.

Na determinación do *caudal ecolóxico* tamén se deben ter en conta as características e forma dos cauces, porque a súa morfometría depende de numerosos factores interrelacionados: pendente do "talweg", litoloxía, hidráulica (enchentas, estiaxes ...), dinámica das vertentes, réximes climáticos, etc.

2.-A turbinación do caudal que se fixa como ecolóxico no encoro de Portodemouros, non soluciona os problemas ecolóxicos na súa integridade, porque unicamente garantiza un certo nivel de fluidez, en teoría imprescindible para o desenvolvemento da vida acuática en condicións cuasi-extremas. Nembargantes, como se trata da saída das augas frías e profundas do encoro a súa calidade biolóxica é bastante pobre e tampouco se soluciona a libre circulación de especies migra-

torias (salmón, anguía, lamprea ...) que no seu posible intento de tránsito morrerán destrozadas contra os álabes da turbina.

3.-A **técnica de construcción dos encoros** non garantiza o caudal mínimo ecolóxico establecido mm raquítico 10% do seu caudal medio, porque non proxecta un mecanismo de evacuación fixo, estable e intocable, ubicado a un nivel máis baixo co correspondente ás canles de derivación; senón que, pola contra, deséñanse válvulas de regulación controlables e facilmente manipulables. Tanto é así, que en encaros nos que se afirma respetar o caudal ecolóxico, en determinados meses do ano os tramos fluviais afectados aparecen escualidos e con peixes mortos por falta de auga.

4.-A zona na que se pretenden construír os 12 encaros, a máis do xa construido en Portodemouros, emnárcase mm espacio no que se **entrecruzan diversas fracturas (lineamentos) de dirección SO-NE e O-E,** como é o caso da que se extende desde Padrón a Merza, Ponte Arcediago, Guntín, O Cargo, Baleira, penetrando máis adiante en Asturias, Cangas de Narcea, etc, marcando un curioso paralelismo coas fracturas que enmarcan o foco de máxima inestabilidade sísmica actualmente en Galicia: *triángulo Samos-Triacastela-Becerreá.* A gran extensión desta fractura, enlazando a Galicia costeira coa zona asturiana, non parece revestir evidencias de perigo inmediato na actualidade, pero se ternos en canta as actuacións que se están a producir no seu entorno, non cabe descartar a inexistencia de perigo sísmico potencial. Non han de ser os *encaros* as únicas causas inductoras, senón tamén a *actividade mineira* que se está levando a cabo no *filón de cuarzo* de Serrabal, cerca de Ponte Ulla, filón que sutura as paredes da falla.

Desta situación xa sedera canta Parga Pondal (1969) ao sinalar no sistema de fracturas tardihercínicas do Macizo Hespérico a existencia dunha doble fractura de dirección SO-NE desde a zona de O Grave (ría de Arousa) ata Avilés (Asturias). Na cartografía elaborada por dito xeólogo apreciase claramente que a familia de fracturas NE-SO do Golfo Artabro desaparecen ao contactar coa antedita fractura de aproximadamente 270 Km de lonxitude.

Posteriormente, en 1980, sería publicado polo ITGME o mapa de lineamentos observados nas imaxes Landsat na súa relación coas principais estructuras xeolóxicas da Península Ibérica, en base á interpretación de imaxes de batTido multiespectral (MSS), que permiten unha observación integral dos grandes fenómenos rexionais e dos rasgos estructurais de Península poñendo de manifesto unha serie de discontinuidades lineais ou lineamentos, non sempre identificables con fracturas xeolóxicas coñecidas. Os lineamentos, tal e como se acepta internacionalmente, son rasgos rectilíneos ou lixeiramente curvados da superficie terrestre, con expresión en xeral de tipo mo1folóxico e que probablemente reflecten fenómenos profundos. No mapa de lineatnentos do NO Ibérico (Fig. 3), pódese estimai· o entramado existente no que destaca dun xeito sobresainte o alineamento antes descrito, que afecta plenamente á zona de construcción de encaros na canea do Ulla.




FIGURA 3. Líneas de fractura do Noroeste Ibérico deducidas das imaxes LANDSAT. Poden observarse as principais compoñentes da intensa **rede de fracturación** que afecta a Galicia, así como a ubicación dos futuros encaros, máis o de Portodemouros, na canea do río Ulla. Tomado de MARTÍN SERRANO (entramado de fracturación).

As actividades mineira e construcción futura de encoros, incluíndo o dragónico embalse de Portodemouros, non contribúen a rnanter a estabilidade do cratón galaico, fragmentado pola tectónica en innumerables bloques ("puzle xeolóxico galaico"), que actúan como cuñas isostáticas na litosfera. Calquera desaxuste mm <lestes bloques pode inducir a variacións no conxunto e, se cadra, estamos entrando agora na prehistoria do desencadeamento dunha reactivación tectónica no Noroeste Peninsular, xa detectable no novo "triángulo sísmico". O sobrepeso que supón a auga almacenada nos numerosos e grandes encoros das concas Galicia-Costa e conca do Miño-Sil (Figura núm. 4), encoros ubicados nalgúns casos nas propias líneas de fracturación (fallas), contribúe a aumentar <lito desequilibrio. Como dato significativo, os encoros da unidade hidrolóxica galego-leonesa, na súa capacidade máxima (Táboa núm. l) supoñen un peso de 3.826 millóns de Tm., díficil de soportar sen pequenos desaxustes isostáticos. A este enorme peso debe engadírselle tamén o dos sedimentos depositados no fondo dos encoros e a propia estructura das centrais e muros de contención dos embalses. Os posibles desaxustes sempre se manifestan a través dos planos de debilidade tectónica en forma de pequenos ou medianos movementos sísmicos.

5.-A **altura das presas** non debería rebasar en ningún caso o nivel das máximas enchentas rexistradas en períodos de 30 anos, que son os que validan as series climáticas e foronómicas, senón situarse entre esta altura e a que corresponda ao *leito maior* ou *leito de inundación* do río que se trate. Deste xeito evitaríase a destrucción da vexetación de ribeira ao tempo que os miniencoros suministrarían case o mesmo potencial hidráulico. Construír encoros con altitudes de 15 m. é calquera cousa menos unha minicentral.

6.-As **canles de derivación** da auga a construír desde as presas ata as centrais, nunca deberán ser a ceo aberto, senón ocultas no subsolo para evitar· a destrucción non só da vexetación senón tamén por seren un obstáculo na dinámica das propias vertentes. Asimismo actúan de barreiras que cortan o paso e supoñen un perigo para as persoas e os animais.

7.-Unha actuación prioritaria estaría en **rebaixar a altura da presa de Portodemouros,** a lo menos a súa rnetade, por dous claros motivos:

a) Unha presa corno esta, cunha altura de 93 m, construída de "terras e escolleira", que debido ás peculiares e perigosas condicións da rocha subxacente sustituíu á inicialmente prevista "presa de contrafortes", significa un perigo latente, xa que *pode reventar* no caso dunha enchenta importante. O exemplo, en condicións de clima mediterráneo, témolo na presa levantina deTous de tan triste recordo. Foron, por tanto, as razóns xeotécnicas as que obrigaron a modificar o proxecto orixinal construíndo un muro de contención compactado con arxila interna como impermeabilizante, para taponar mediante presión as fisuras e a xistosidade das rochas da Unidade de Betanzos-Arzúa (Complexo de Ordes).




FIGURA 4. Localización dos grandes encaros existentes nas redes fluviais do Noroeste Peninsular (Galicia-Costa e caneas Miño-Sil). A numeración dos encaros corresponde coa da primeira columna da táboa n.º 1 (encaros *"unidade hidrolóxica galega").*

Rebaixando o seu nivel, como mínimo, á metade podería recuperarse a enorme "banda estéril" que rodea a todo o encoro (véxase a fotografía do satélite Landsat, figura núm. 2) e evitaríase o perigo da súa rotura a causa da sobrepresión dun volume de auga de 297 Hm^3 (máxima capacidade do embalse). De non ser útil na actualidade, por perigo de rotura, toda a capacidade do embalse, e sen cuestionar a súa aberrante e inútil construcción, cabe que nos preguntemos: ¿para que se quere?, ¿por que segue aí?.

b) Unha vez rebaixado o nivel da presa a 40-45 m., sería posible *construír unha escala* para a subida de peixes migratorios, polo que se recuperaría o perdido valor dunha rede fluvial amputada desde 1967. Os salmóns, anguías e outras especies subirían a escala e recolonizaríase o 43% da conca que está bioloxicamente incomunicada co resto. A superficie da conca do Ulla é de 2.763 Km^2 e, o embalse de Portodemouros bloquea 1.190 Km^3 da conca alta do río.




FIGURA 5. Localización dalgunhas das numerosas pequenas centrais existentes en Galicia, dispersas por toda a Comunidade Autónoma. Na Comarca do Deza atópanse as seguintes:

CENTRAL	E3IPRESA PROPIETARIA	RÍO
En funcionamiento:		
Carboeiro	Fomento Hispania, S.A.	Deza
Merza	Fomento Hispania, S.A.	Toxa
Ponte Vilari¶o	Hidroel®ctrica Arnego	Arnego
Castelo	Particular	Arroio das Abellas

CENTRAL	E3IPRESA PROPIETAIUA	RÍO
En tramitaci·n		
San Paio	Hidroener	Deza
Ramil	Ib®rica de Energ²as	Ulla
F·ra de servicio		
Taboada	Hidroel®ctrica de Silleda	Deza
Ponte	Hidroel®ctrica de Silleda	Deza
Grava	Hidroel®ctrica de Silleda	Toxa

Esta última actuación é irrenunciable, porque debería ser a **"conditio sine qua non"** para que se concedera calquera permiso de explotación hidráulico nesta conca. Sempre habería outras consideracións a ter en conta a nivel global de tódolos encoros previstos, como de cada un en particular; nembargantes non debemos esquecernos de que o Plan Hidrolóxico da Xunta de Galicia tamén contempla a posibilidade de cometer maiores atrocidades no sistema fluvial do Ulla se é que chegan a construírense os bestiais encoros de **Fornelos** no río Arnego, de 176 Hm^3, e o de **Cernadela** no río Deza, cunha capacidade de I00 Hm^3.

4.-CONCLUSIÓNS

A decisión de racionalizar o uso dos ríos, que son unha das manifestacións máis maxestuosas da natureza, non debe quedar nas mans dos políticos que para xustificar as súas actuacións encargan estudios e informes a investigadores ou consultings alienados ou que venden unha mercancia a gusto de quen lla encarga.

Esta decisión sempre debería quedar sopesada por estudios multidisciplinares nos que participasen xeólogos, xeomorfólogos, botánicos, naturalistas, ecoloxistas, xeógrafos, economistas, hidrólogos, meteorólogos, agrónomos e outra serie de científicos afíns.

Cando se tiveran en conta todos estes aspectos e se tomara en serio o tema da planificación do espacio xeográfico, a explotación dos nosos recursos non mostraría situacións tan alarmantes como a saturación de encoros ou minicentrais (Figs 4 e 5), canteiras, minas, bosques de flora alóctona, trazados de líneas de alta tensión, proliferación de polígonos industriais, parques eólicos, autopistas .

Todo isto demostra ou que en Galicia non existe planificación do territorio ou que os intereses do capitalismo empresarial están por encima dos que por natureza son propios desta nación.

ENCOROS DA UNIDADE HIDROLÓXICA GALEGA

—	ENCORO	*RIO*	ANO INAUG.	ALJURA (M.)	LONXIT. (H:M')	CAPACIDADE (HM')	SUP. INUNDADA (HM')
1	Río Cabo	Cabo				6	
2	Pareadas	Pareadas				8	
3	A Ribeira	Eume	1961	53		33	
4	Eume	Eume	1959	108	284	123	450
5	Ceeebre	Mero				21.6	
6	Fervenza	Xallas	1966	32		104	
7	Castrelo	Xallas	1956	13		0.1	
8	Ponte Olveira	Xallas	1966	26		0.7	
9	Vilagudín	Lengüelle				18.3	
10	Barrie da Maza	Tambre	1958	48	160	30.2	
11	Portodemouros	Ulla	1967	93	469	297	
12	Eirás	Oitavén				22	
13	Zamáns	Zamanes				2	
14	Frieira	Miño	1969	33	194	44	466
15	Albarellos	Avia-Miño	1972	90	285	91	314
16	Castrelo	Miño	1968	29	173	60	560
17	Belesar	Miño	1963	129	500	654.5	2000
18	Peares	Miño	1955	94	261	182	600
19	Vilasouto	Mao-Sil	1969	61	336	20	
20	San Estebo	Bibei-Sil	1955	115	295	213	737
21	Sequeiros	Sil	1951	22	176	11	119
22	Santiago	Sil	1968	21	147	2	53
23	San Martiño	Sil	1956	25	125	10	175
24	As Rozas	Sil	1968	71	171	162	162
25	Matalavilla	Valseeo-Sil	1967	106	215	58	188
26	Báreena	Sil	1960	109	166	341	986
27	Fonte do Azufre	Sil	1949	38	35	3	40
28	MonteAreas	Boeza-Sil	1966	36	79	2	19
29	A Campañana	Campañana-Sil	1963	46	175	14	109
30	Penarrubia	Sil	1961	34	150	12	137
31	Casoio	Casoio-Sil	1971	21	56	0.4	5
32	Santa Baia	Xares-Bibei	1966	73	131	10	41
33	Prada	Xares-Bibei	1958	85	286	122	605
34	Vao	Bibei-Sil	1960	107	257	238	820
35	San Sebastián	Bibei-Sil	1961	60	292	46	215

TÁBOA NÚM. 1. Datos técnicos dos principais encaros das redes fluviais de Galicia-Sil.

../...

N:'	ENCORO	RIO	ANO INAUG.	ALTURA (L)	LONXIT. tmP)	CAPACIDADE (I-IM'I	SUP. INUNDADA (HM'I
36	Pías	Bibei-Sil	1961	47	260	10.3	
37	As Portas	Camba-Bibei	1974	141	477	538	1183
38	Chandrexa	Navea-Sil	1953	85	236	61	245
39	Guístolas	Navea-Sil	1952	32	155	5	224
40	Montefurado	Bibei-Sil	1954	42	155	11	74
41	Leboreiro	Mao-Sil	1949	26	120	4	
42	Hedrada	Hedrada-Sil		37	145	10.5	
43	Cachamuiña	Loña-Miño	1954	16	124	2	27
44	Velle	Miño	1966	27	125	17	260
45	As Conchas	Limia	1949	48	300	80	
46	Salas	Limia	1973	50	1005	86.8	
47	Santa Eugenia	Xallas				18	
48	Meicende	Pastoriza				0.5	
49	Rosadoiro	Arteixo				2	
50	Con	Con				0.3	
51	Pontillán do C.	Loural				1	
52	Bahiña	Bahiña				0.5	
53	Castadán	Loña-Miño	1929	24	141	0.2	
54	As Ondinas	Sil	1963	28	46	0.5	13
55	O Pelgo	Burbia-Sil	1938	16	41	2	
56	Eirás	Eirás-Sil	1961	23	120	0.2	2
57	Pumares	Sil	1970	20	210	4	77
58	San Pedro	Sil	1959	36	104	6	56
59	Valdesirgas	Valdesirgas-Bibei	1963	21	124	2	17
60	San Cosmade	Vilasenín				1.4	
	TOTAL					**3826**	**10979**

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

ARENILLAS PARRA, M. e SAENZ RIDRUEJO, C. (1987): Los Ríos. Guía Física de España. Alianza Editorial.

CONSELLERIA DE ORDENACION DO TERRITORIO E OBRAS PUBLICAS. (1993): Proxecto de Directrices do Plan Hidrolóxico das Concas de Galicia-Costa.

DIAZ FIERROS, F.; NUÑEZ DELGADO, A. e LOPEZ PERIAGO, E. (1993): As concas fluviais de Galicia. Universidade de Santiago de Compostela.

INSTITUTO TECNOLOXICO GEOMINERO DE ESPAÑA (1980): Mapa Lineamientos deducidos de las imagenes Landsat. Madrid.

MARTIN SERRANO, A. (1994): El relieve del Macizo Hespérico: Génesis y cronología de los principales elementos morfológicos. En Cuadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe. Vol. 19, páxs 37-55. Coruña.

MARTIN SERRANO, A. (1994): Macizo Hespérico Septentrinal. En Geomorfología de España. Edit. Rueda.

PARGA PONDAL, I. (1969): El sistema de fracturas tardihercínicas del Macizo Hespérico. TrabaUo do Laboratorio Xeolóxico de Laxe, nº 37.

PEREZ ALBERT!, A. (1985): Un exemplo de estudo integral do medio: A conca do río Miño. En I Caderno de Xeografía da Sociedade Galega de Xeografía. Edicións do Castro.

PRESAS GARCIA, A. (1994): O encoro de Fornelos: un monstro para o Arnego. En revista cultural dezá "A Cacho Eira". Ano 1, nº 1, páxs 18-23.

PRESAS GARCIA, A. (1999): Impacto das minicentrais Lamas I, Lamas II. Informe inédito elaborado para o Concello de Lalín.

RIO BARJA, J. e RODRIGUEZ LESTEGAS, F. (1992): Os ríos galegas. Morfoloxía e Réxime. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.

SANTANACH PRAT, P. (1994): Las Cuencas Terciarias Gallegas en la terminación occidental de los relieves pirenaicos. En Cuadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe. Vol. 19, páxs. 57-71.

TORRES LUNA, Mª P., PAZO LABRADOR, A. e SANTOS SOLLA, J.M. (1988): Los Embalses de Penosa y la Geografía de Galicia en el Centenario de Don Pedro Barrie de La Maza 1888-1988. Fundación Pedro Barrie de La Maza.

UNION PENOSA INGENIERIA (1998): Aprovechamiento Hidroeléctrico integral Río Ulla. Estudio de Impacto Ambiental de Caracter Marco o General.

A CASTAÑA NA ALIMENTACIÓN HUMANA

Ernesto Vieitez Cortizo
Presidente da Real Academia Galega de Ciencias

O castiñei.ro existe sobre a terra desde hai úns corenta millóns de anos e o home desde hai dous. Gran número de animais integrantes da fauna silvestre como osos, pitas do monte, esquíos, teixos, coellos, pombos, pavos salvaxes, etc. tiveron na castaña un elemento básico para a súa alimentación, de tal forma que formou parte da súa cadea trófica.

Virxilio chamáballe á castaña "noz castaneica" e Dioscórides desígnaa como "glanda de Sarda". As mellores castañas chamábanse "balanni". Segundo Plinio as castañas de calidade mediocre denominábanse "populares", que eran comidas polo pobo e mailos porcos.

A castaña foi alimento da humanidade desde o período paleolítico. Acompañou ó home europeo nas migracións do período glaciar. A rexión celta veneraba o castiñei.ro, xunto co carballo, ó que consideraban como sagrado.

Os antigos gregos tiñan unha grande estima pola castaña, que consideraban como alimento importante, superior ás noces de Persia, ás améndoas e ás abelás. Homero nas súas obras fai frecuentes alusións ás boas calidades das castañas.

Aberta a 'axoxa' esparéxense as castañas sobre o chao e cunha pa de dentes ou unha ferramenta similar vanse separando dos restos dos ourizos, recollendo na sem.idescomposta 'ourizada' o fro.ito en cestóns. Estas castañas poñíanse a secar ou 'curar' ben nun corredor de paneiras e hórreos, ou máis ben no ciebo ou cambe.iro das antigas lareiras, onde, afumadas e secas, se obtiñan as necesarias para o consumo familiar ata o mes de maio segu.inte. É opinión nunca desmentida que a castaña verdadeiramente apropiada para ser asada é a procedente da corra ou 'xoxa'.



O fuste dos castiñeiros de Catasós son os máis altos de Europa.

Aínda están en pleno uso actualmente o sinxelo mecanismo das tenaces ou tiñazo fabricado cunha póla dobrada á calor, que serve de pinza para, sen se mancar coas pugas do ourizo, extraer do seu .interior o froito limpo. Úsase para as destinadas ó consumo inmediato, pero non ten aplicación para as de 'xoxa'.

A importancia das castañas na economía familiar asturiana (especialmente do occidente) era moi elevada. Moitas familias que non tiñan soutos propios, buscaban algún monte 'a medida' comprometéndose 'ó apañado' e recollida do froito, entregándolle a metade <leste ó dono do souto. Outra modalidade era acudir ó sistema de 'vareixar al cuarto', sacudindo as árbores duo propietario e, á cambio do varexo e enxoxado, recibí-la cuarta parte da colleita obtida"" (Fernández Lamuño, 1.c.).

En China o castiñeiro era considerado a árbore sagrada. Na súa antiga poesía, de bai 6.000 anos, hai constantes referencias á castaña como alimento popular do pobo chinés. Hai máis de 2.000 anos as dinastías chinesas plantaron numerosos castiñeiros para a producción de alimentos. A cociña chinesa ten centos de receitas para prepara-las castañas.

Os norteamericanos consideran o castiñeiro como a "árbore que produce cereais", para se referiren ó valor alimenticio das castañas. Foron famosos neste país os xamóns procedentes de Virxinia, estado onde os porcos eran alimentados con castañas. Algo similar acontecen nos países europeos da área do castiñeiro.

Elemento fundamental na alimentación da antigüidade, a castaña seguiuse utilizando como tal posteriormente, ata a introducción en Europa da pataca e do millo procedentes de América. A pataca foino por vez primeira en Sevilla no ano 1557; vintecinco anos despois Permantier deuna a coñecer en Francia. Crese que en Irlanda a pataca foi introducida accidentalmente cos restos do naufraxio da Armada Invencible.

Sen embargo, o consumo da pataca como alimento non se produciu simultaneamente á súa introducción en Europa. Rodeada de misterio e de superstición, derivados da súa forma, do seu hábito de crecemento baixo terra e a idea xeneralizada de que era tóxica, contribuíu a non ser comida. Só cando estas crenzas, supersticións e prexuízos foron superados, comezou o consumo da pataca para o home. A pataca foi denominada, nalgunha rexión, castaña de terra.

O consumo da castaña na alimentación humana continuou ata as primeiras décadas do noso século. Durante a II Guerra Mundial a poboación rural dos Balcáns mitigou a fame gracias ós abundantes castiñeiros que medran na rexión e que lles proporcionaron os seus froitos.

A mellora do nivel de vida, o éxodo da poboación rural., a regresión dos castiñeiros, decimados polas enfermidades da tinta e do cancro, foron factores determinantes para que diminuíse o consumo da castaña polo home. De básica na alimentación humana, de ser consumida en cantidade, pasou a ser utilizada de forma selectiva. O seu consumo centrouse nunha poboación de nivel alto. Alguén dixo, acertadamente, que a castaña dun consumo en cantidade pasou a ser consumida por calidade.

Co tempo a castaña pasou de ser alimento popular a un compoñente da cociña selecta, refinada. Converteuse nun producto de alto valor engadido nas súas formas industrializadas que teñen no marrón glacé o seu máximo expoñente. Hoxe asistimos a unha revalorización destes froitos que deu lugar ó nacemento da próspera industria da castaña. Con capacidade suficiente de convocatoria como para promove-lo seu "Primeiro Congreso Mundial da Industria da Castaña", celebrado no mes de xullo do 1992 na cidade de Morgantown de Virxinia occidental, nos Estados Unidos.

A castaña é a razón do magosto, festa ou reunión que xeralmente se celebra no souto ou castañal durante a recolleita das castañas, na cal se asan estas nunha fogueira e se comen ben regadas con viño ou sidra (Asturias).

Segundo Monteagudo (comunicación personal), esta celebración colectiva tería a súa orixe en ritos prehistóricos de ofrendas compensatorias e de acción de gracias, á divindade dos bosques, das primeiras castañas da colleita. Posto que aqueles homes consideraban que as castañas non eran froito producido polo seu traballo senón pola divindade a quen pertencían. Este mesmo autor considera que a palabra magosto deriva do indoeuropeo "mak-uors-to", na que "mak" significa pisar, esmagar co pé contra o chan a metade do ourizo, mentres que "uors", derivado de "uers", significa arrastrar, para se referir á acción do outro pé que abre o ourizo arrastrando a outra metade e deixando así libres as castañas.

A PRODUCCIÓN DE CASTAÑA

Actualmente o maior productor é China, con case o 40% da producción mundial, seguida de Corea, Turquía, Xapón e Italia. Pódese falar de dúas grandes rexións productoras de castañas: a de Extremo Oriente, formada por China, Xapón e Corea, en plena expansión, e a de Europa, onde a producción está en fase de crecemento en Grecia e Turquía, mentres segue en declive nos grandes productores do pasado, é dicir, Italia, España, Francia e Portugal.

A producción mundial de castañas é de preto de 540.000 t. Europa produce 119.000 t. O resto correspóndelle a Asia, na que China ten unhas trescentas variedades de castañas, clasificadas en seis grupos locais, que son cultivados en dúas grandes rexións comerciais. A rexión setentrional, que comprende as provincias de Shanxi e Hebei, preto de Bijing; as súas castañas, aínda que moi doces, son pequenas, cun peso de 7 g. de media. A outra rexión comercial está situada ó longo do río Yagtzé, que discorre do oeste ó leste de China; é a rexión meridional do castiñeiro, comprende as provincias de Yunan, Guangxi e Guandhon; as súas castañas son grandes, cun peso medio de 14 g.. A área do castiñeiro tamén se estende cara ó leste, comprendendo as provincias de Fujiang, Zheijiang, Yiangsu e Shandong. No centro destas rexións tamén hai castiñeiros nas provincias de Hunan, Hubei, Henan, Jiangxi e Hanhiú.

Resulta difícil coñece-la producción chinesa de castañas. De acordo cos científicos chineses producen 100.000 t.; pero segundo as Nacións Unidas a súa producción chega ás 240.000 t., que é a maior do mundo. Exportan 30.000 t. a Xapón, preferentemente as castañas doces setentrionais, onde se consumen principalmente asadas. As castañas grandes do sur expórtanse, en menor cantidade, tamén a Xapón; xeralmente en forma de xarope para seren utilizadas en pastelería.

A recolección de castañas en China faise á man, unha vez que caen ó chan de xeito espontáneo, vareándoas con longas canas de bambú ou subindo á árbore e movendo as pólas para que caian.

En China o método tradicional de conservación consiste en coloca-las castañas en capas alternas con area ou serraduras húmidas, en locais, a 0-1 graos centígrados e cun 85-95% de humidade relativa. O método é similar ó utilizado en Corea. Outro procedemento de conservación que utilizan consiste en mergulla-las castañas nunha solución de ácido cítrico durante 24 horas.

Os chineses traballan en programas de investigación para a conservación de castañas unha vez recollidas. Aplícanlles dióxido de xofre durante 24 horas. Tamén utilizan radiación gamma, producida por unha bomba de cobalto, para mata-los insectos que puidera haber nas castañas. Outra técnica de conservación comunmente usada neste país é a aplicación de bromuro de metilo.

Corea produce de 75.000 a 83.000 t. de castañas procedentes de *Castanea mollissima e Castanea crenata*, nativos ou plantados, que ocupan unhas 250.000 ha.. O castiñeiro é a árbore dominante no bosque coreano. A maior parte desta produc-

ción procede dunhas 25.000 ha. de plantacións de castiñeiros moi productivos que son explotados intensivamente.

En Corea a conservación das castañas é toda unha arte, permítelles dispoñer delas frescas durante todo o ano. O medio máis popular para conservalas son as serraduras húmidas, mantidas a unha temperatura de entre 0º e 1º C e un 90% de humidade. As serraduras colócanse en andeis nun local refrixerado.

Os coreanos tamén utilizan, en menor medida, a conxelación rápida a -20 graos centígrados, para a conservación das castañas. Tamén as empaquetan ó baleiro, para vendelas de distintos xeitos para o seu consumo.

A producción de castañas en Corea oriéntase cara á exportación a Xapón e ós Estados Unidos. Usan variedades de *C. crenata*, cultivada en parcelas cunha densidade de plantación de 350 castiñeiros por hectárea, ramificados desde a base. Entran en plena producción ós 5 anos, chegando a da-las 8-10 t/ha/ano. Fertilizan xenerosamente estas plantacións e aplican boro para evita-la caída dos ourizos. Engaden urea, superfosfato e cloruro potásico na primavera, verán e outono.

O consumo de castañas en Europa experimentou unha tendencia regresiva ó longo dos últimos decenios. As causas deste retroceso débense a distintos motivos, entre os que cómpre salientármolos cambios nos hábitos alimentarios, o despoboamento de amplas zonas de montaña, co conseguinte abandono do coidado dos castiñeiros, uns custos de recolección cada vez máis elevados, a ausencia de novas plantacións que substitúan ás moi vellas e afectadas polas enfermidades da "tinta" e o "cancro".

En Europa, trala longa crise do sector da castaña, asístense nos últimos ó seu relanzamento, de forma lenta pero progresiva. Entre os factores desta esperada revalorización da castaña hai que salienta-los cambios que houbo na demanda de froitos de calidade e de maior tamaño, que supuxo unha notable suba dos prezos

Estímase que un incremento da producción de castañas, de preto do 20-30%, podería ser perfectamente reabsorbido baixo a forma de productos transformados de alto valor engadido pola industria da castaña. Tamén contribúe á recuperación destes froitos a aparición de variedades que responden idoneamente ás novas esixencias do mercado. Gran parte do futuro da castaña está na súa transformación industrial, onde a fase de pelado é máis crítica a medida que o tamaño do froito é menor. Prefírense aquelas variedades de maior peso (72-75 castañas/kg), maduración precoz e elevada producción constante.

Finalmente, ó se-lo castiñeiro un cultivo ligado ó medio natural, un importante factor da súa revalorización está no renovado interese polo desenvolvemento socioeconómico das zonas de montaña, onde preferentemente se atopa esta árbore. O fomento do castiñeiro constitúe un medio adecuado de revalorización destas áreas marxinais: desde o punto de vista paisaxístico, turístico ou ambiental, dadas as súas características hidrolóxicas, favorables para a tutela e conservación do solo agrícola, e tamén polo seu potencial diversificador dos ingresos das explotacións rurais.

Sería posible incluso situa-la castaña como un "producto mediterráneo", ligado á mellora dos nosos bosques e do medio natural en xeral.

A CONSERVACIÓN DA CASTAÑA

A composición química da castaña, cun alto contido en auga e en hidratos de carbono, fai que sexa un froito particularmente perecedoiro. A súa conservación depende, en gran parte, das condicións en que se fixo a colleita das castañas; e o tempo que están no chan é o de maior importancia. A podremia das castañas almacenadas é maior canto máis tempo permanezan no chan, de tal xeito que un período superior as 48 horas favorece a putrefacción das mesmas.

No momento da recolleita das castañas canto máis verdes estean máis facilmente podrecerán. Isto sucede cando caen prematuramente, amosando a cicatriz placentaria máis ou menos esbrancuxada. A recolleita do chan débese realizar canto antes mellor, de tal forma que a súa permanencia sobre o mesmo sexa a menor posible, e tamén lograr que estean o menor tempo posible amontoadas ou en sacos. Amorealas simplemente durante 12 horas pode ser suficiente para que parte das castañas podrezan.

É aconsellable conserva-las castañas en caixas pouco profundas, perforadas polos lados e o fondo para facilita-la súa aireación. Cando se trata de almacenar cantidades grandes hai que asegurarse de que a súa ventilación sexa fácil, non depositalas en capas superiores ós 25 cm. e procurar remexelas ben cada 12 horas para garantir unha boa aireación, que deberá ser complementada coa renovación do aire do local da almacenaxe. Temperatura e grao de humidade adecuados, e unha boa aireación, son básicos para unha boa conservación das castañas, particularmente se estas foron tratadas por inmersión en auga.

TRATAMENTO POR INMERSIÓN

Método tradicional que consiste en somete-las castañas a un tratamento con auga. Pódese utilizar auga estancada, auga renovada diariamente ou auga circulante, como a dun regato. As castañas mantéñense inmersas na auga, soltas ou en sacos, de malla grande, que permita unha fácil penetración da mesma. O tratamento aplícase durante 10 días se se fai a temperatura ambiente, ou redúcese a uns 45 minutos se se utiliza auga quente a 50º C.

A inmersión en auga permite eliminar por flotación as castañas podrecidas e as que están atacadas por fungos, porque se volven mouras exteriormente e son eliminadas manualmente. Engadirlle á auga 0,2 - 0,3% de ácido sórbico mellora a eficacia do tratamento por inmersión. Para algúns autores a concentración óptima é de 0,16%.



Visión xeral do Souto de Catasós.

A inmersión en auga practícase asiduamente en Italia e ata hai pouco tamén se facía en Francia. Non é unha práctica utilizada en España, onde os métodos tradicionais dos campesiños para a conservación das castañas frescas practicamente se reducían en Galicia ó chamado "da ouriceira".

A eficacia do tratamento por inmersión das castañas depende en boa medida do modo como sexa realizado e dunha serie de factores tales como:

- calidade da auga
- grao de infestación por insectos das castañas
- grao de calidade das castañas despois da inmersión
- grao de conservación posterior
- posibilidade de eliminación dos froitos malos por flotación
- homoxeneización das castañas.

A inmersión en auga estancada ten o inconveniente de que diminúe a calidade gustativa das castañas destinadas ó consumo de boca, e tamén a formación dun depósito mouro que deprecia as castañas que se destinan ó consumo directo, ou a formación de depósitos de taninos sobre as castañas que as fan máis duradeiras pero menos apetecibles.

O efecto beneficioso da inmersión sobre a conservación das castañas débese, en boa parte, á acción funxistática do tratamento, moi patente desde o 5º ou 10º día; despois diminúe rápidamente, polo que non é aconsellable unha inmersión superior ós 10 días.

O tratamento por inmersión das castañas contribúe notablemente a reduci-los danos causados polos insectos que habitualmente as parasitan. O mergullo en auga ó cabo de 9 días provoca a asfixia das larvas, principalmente de *Carpocapsa* e balaninos. Ás veces producense fenómenos de resistencia, debido á formación dun botón protector que reduce a demanda de osíxeno do insecto. Noutros casos as diferentes respostas ó tratamento por inmersión débense á diversidade varietal das castañas, con diferente grao de resistencia ou susceptibilidade ás enfermidades que xurden durante o período de conservación.

O éxito da inmersión depende moito das condicións previas a que estiveron sometidas as castañas. Os mellores resultados obtéñense con castañas recollidas nas 24-48 horas despois da caída da árbore.

A eficacia do tratamento tamén depende das variedades tratadas. Hai casos en que a inmersión na auga practicamente non exerce efectos sobre a súa conservación ou os seus resultados son irregulares. Non obstante, o mergullo é unha práctica beneficiosa para a conservación das castañas frescas, entre outras cousas porque serve para eliminar, por flotación, as castañas ocas e podrecidas e as que teñen larvas; tamén favorece a maduración interna das castañas coa conseguinte degradación parcial do amidón.

O efecto conservador da castaña, exercido pola inmersión en auga, probablemente se debe á formación de compostos inhibidores dos fungos responsables da podremia, descartándose que se deba á difusión de substancias sintetizadas pola flora microbiana, que exercerían unha acción funxistática.

DESECAMENTO DAS CASTAÑAS

As castañas frescas son froitos ricos en auga, que tende a saír ó exterior. Cando se amorean a auga zumegada polos cotiledóns atravesa o pericarpio tendendo a acumularse sobre o mesmo.

A película de auga depositada sobre as castañas contribúe notablemente á súa putrefacción, ó favorece-lo desenvolvemento dos fungos responsables deste proceso. O desecamento das castañas ten como finalidade a eliminación da auga que puidera haber sobre a súa envoltura ou pericarpio. Deste modo facilítase a súa conservación.

O desecamento das castañas require a circulación dunha corrente de aire a través da capa das mesmas. Pódese utilizar aire atmosférico directamente, sempre que o seu contido hídrico non sexa superior ó 60%. En caso contrario cómpre facer que a corrente de aire sexa previamente quentada para reduci-lo seu grao higrométrico.

A velocidade do secado depende de varios factores, tales como variedade das castañas, grosor da capa das mesmas, grosor do pericarpio e temperatura do aire circulante. Para unha capa de castañas de 0,50 m. de grosor, Bergougnoux et al. (l.c.) recomendan utilizar unha temperatura de 25° C, unha velocidade do aire circulante de 1.500 a 2.000 $m^3/h/m^2$ e unha presión de 40 mm. O ancho da capa de castañas non deberá supera-los 0,50 m., aínda no caso dun secado dotado dun sistema para mestura-las castañas. En ausencia do mesmo, é dicir, nun secadoiro estático, o grosor deberá reducirse a 0,25 m., sendo aconsellable que a capa de castañas sexa uniforme, evitando a formación de buracos que distribúan irregularmente o aire.

Evitarase almacena-las castañas que non estivesen secas exteriormente. Deberán ser colocadas en caixas adecuadas de plástico perforadas para permiti-la súa fácil aireación e que se poidan amontoar. En ningún caso se poñerán as caixas directamente sobre o chan. O local de almacenaxe deberá dispor de aire circulante permanentemente, unha temperatura de 0° C e un grao higrométrico de 80-90%. Deberase evitar almacenar gran cantidade de castañas formando capas grosas ou montóns, mesmo en almacéns ben equipados, porque resulta moi difícil a aireación uniforme das castañas e podrecen facilmente.

FUMIGACIÓN

É o mellor método para lograr destruí-los insectos habituais das castañas. Xeralmente utilízase de metilo, aplicado á presión atmosférica durante 24 horas, ou ben realizada ó baleiro parcial, nun autoclave, durante 4 horas.

No primeiro caso, a aplicación do gas pódese facer en pequenos locais, adecuadamente acondicionados, nos que as castañas se poden dispoñer a granel, en sacos ou en caixas, de tal forma que permitan o paso do bromuro de metilo ó seu través durante 24 horas. Normalmente o gas xérase no exterior do local, difúndese por bocas situadas na parte superior e recóllese pola parte inferior do local, para ser reintegrado a un circuito que permite a redistribución do bromuro de metilo, de arriba a abaixo no local, circulando polas castañas, que son así fumigadas e destruídos os insectos que nelas puidera haber. Tanto a cantidade de bromuro de metilo coma a presión necesaria para asegura-la súa circulación teñen que ser calculadas previamente en función do volume do local e das castañas a fumigar.

Finalizado o tratamento gasoso, pásase á retirada do bromuro de metilo por un conducto forzado e á aireación das castañas para eliminar calquera resto do gas que puidera haber sobre os froitos.

A fumigación a presión reducida é superior á anterior. Estes autores recomendan realizala a 75-125 mm., despois de aplica-lo gas sobre as castañas contidas en autoclaves adecuados. Asegura a súa práctica desinsectación, lográndose un 90-100% de éxito, especialmente na destrucción das larvas de balaninos.

Sen embargo, e dependendo das condicións de almacenamento, pódese producir un importante grao de podremia por fungos das castañas despois de seren gaseadas con bromuro de metilo, particularmente se o seu estado sanitario era malo no momento da recolección, ou simplemente se as condicións en que se dispoñen as castañas durante a aplicación do bromuro de metilo non son correctas. Aqueles autores recomendan a aplicación sucesiva dos métodos de inmersión en auga e do gas. Consideran que este último, aplicado a presión reducida, é adecuado para a desinsectación de castañas que se destinan á exportación ou rápida utilización, evitando os inconvenientes da almacenaxe. Nos outros casos é indispensable o tratamento por inmersión en auga.

O tratamento con bromuro de metilo non lles afecta ás condicións organolépticas das castañas e é particularmente adecuado para as castañas destinadas á producción de fariña de castañas e a productos derivados das castañas desecadas.

PELADO

O pelado das castañas pódese realizar térmicamente, facéndoas pasar por uns cilindros de ferro rotatorios, inclinados e que se quentan externamente con propano capaz de producir unha temperatura duns 700-900 ° C no interior. O contacto durante uns segundos das castañas coas paredes do cilindro abonda para rompe-la cuberta externa, que se desprende máis ou menos parcialmente. Posteriormente, dunha maneira manual e cun baño de auga, complétase o pelado.

Este tratamento ten o inconveniente de que as altas temperaturas a que son sometidas as castañas, aínda durante tempos moi pequenos, produce alteracións na súa composición química que acaban resultando desfavorables para o acabado dun bo marrón glacé.

O pelado ó vapor é o máis adecuado. As cubertas das castañas son microcortas mecánicamente e despois sometidas á acción do vapor de auga que, ó penetrar polas incisións externas, facilita o desprendemento das dúas envoltas das castañas e con iso o seu pelado en condicións idóneas para os tratamentos posteriores.

Outro procedemento de pelado das castañas é o coñecido como "Thermal Blast", patentado polo Departamento de Horticultura da Universidade Norteamericana de Auburn (Harris et al., 1987). É un método rápido e eficaz de pelado térmico, que permite eliminar con facilidade as capas exteriores das castañas, reducindo ó mínimo os danos na parte comestible.

As castañas son quentadas tan rápidamente que, a calor non chega a penetrar nos cotiledóns. Ó mesmo tempo redúcese a enerxía necesaria para o proceso.

As castañas dispóñense en recipientes metálicos quentados externamente con raios infrarroxos, someténdoas simultaneamente á acción do vapor de agua a presión, uns 300 p.s.i., durante 4-20 segundos. O pelado prodúcese abrindo instantá-

neamente o recipiente que contén as castañas, seguido dun breve tratamento térmico que asegura a eliminación das capas externas.

A velocidade deste proceso é tan rápida, que deixa moi pouca calor residual na superficie das castañas, o que unido ó efecto de enfriamento producido pola rápida evaporación do vapor en expansión, fan que o dano térmico producido ás castañas sexa mínimo.

En Corea pela-las castañas é pura artesanía. Fano a man, cun coitelo, dándolle á castaña a forma dun brillante. En cada vila ou cidade hai uns almacéns refrixerados que se encargan de recolle-las castañas procedentes dos agricultores. A xente vai pola mañá a estes almacéns buscalas para pelalas. Entréganllas nuns recipientes con auga e xeo. Lévanas para a casa e alí pélanas cun coitelo, vólvenas poñer en auga con xeo e pola tarde lévanas de novo ós centros distribuidores de castañas. Deste xeito a xente gaña un xornal, cunha contía que depende do tamaño das castañas e da forma da súa peladura.

Nestes centros as castañas peladas colócanse en recipientes duns 25 litros, con auga e xeo, que pola súa vez son almacenados en contendores refrixerados isotérmicos que, montados sobre semitrailers, fan o transporte a Xapón durante a noite. A exportación de castañas de Corea tamén se realiza a outros países, principalmente ós EE.UU.

CONXELACIÓN

Pódese considerar como o método perfecto para a conservación das castañas e o de maior duración do período de almacenamento do producto.

As modernas técnicas de conxelación fixeron que sexan amplamente utilizadas para as castañas destinadas á industria. O feito de permiti-la súa conservación durante máis dun ano ten a gran vantaxe de regula-las dispoñibilidades de castañas frescas ó longo do mesmo, evitando así as inevitables paradas estacionais que antes sufrían as industrias de transformación.

A conxelación é aplicable para a conservación de castañas sen pelar ou peladas. Sen embargo, no primeiro caso, a posterior peladura mecánica das conxeladas presenta dificultades que limitan a súa utilización.

As castañas, previamente peladas mecánicamente, lavadas en auga, seleccionadas pola súa condición sanitaria e calibradas, envásanse en sacos de 25 k. ou en bolsas de polietileno de 2,5 k., evitando almacenalas en capas grosas que dificulten a rápida conxelación das máis interiores. Esta operación realízase a -40 ºC durante unhas 12 horas. A conservación posterior das castañas conxeladas faise en cámaras frigoríficas mantidas a temperaturas de -18 a -20 ºC, 89-90% HR e ventilación permanente. Nestas condicións consérvanse durante un ou máis anos en condicións óptimas para seren utilizadas pola industria transformadora da castaña. Con isto

tense asegurada a materia prima necesaria para cubri-las necesidades do ano seguinte, evitando así os inconvenientes dunha posible mala colleita.

A conxelación estase a converter, ademais, nunha industria complementaria da da castaña. En países como Francia comezaron a proliferar pequenas industrias destinadas exclusivamente á conxelación, aliviando deste proceso ás grandes industrias de transformación das mesmas.

A conxelación veu soluciona-los problemas que antaño tiña a exportación de castañas. Debido ó seu carácter perecedoiro, derivado da súa composición química, as perdas que había durante o transporte das castañas ós países americanos eran importantes coma ás veces espectaculares. As castañas embarcadas nas adegas dos barcos que facían a travesía desde Vigo ou desde A Coruña a América do Sur con frecuencia chegaban ó seu destino en gran parte en malas condicions. Gracias ás técnicas de conxelación, ou ás veces coa simple utilización de cámaras refrixeradas a 0 ºC, chegan a calquera pais do mundo en perfectas condicións.

A utilización industrial das castañas conxeladas require a súa previa desconxelación, realizada con vapor de auga, auga morna ou simplemente deixándoas desconxelar á temperatura ambiental. Para o uso familiar pódense desconxelar no microondas caseiro.

Convén lembrar que, unha vez desconxeladas, se alteran con certa rapidez, sendo aconsellable a súa utilización inmediata. Non se deberán desconxelar máis cás que se vaian utilizar.

MANIPULACIÓN DA CASTAÑA

A crecente industria da castaña, cunha significativa demanda de materia prima cada vez máis seleccionada, obrigou a unha revisión dos tradicionais métodos de manipulación das castañas que han de ser absorbidas pola industria ou vendidas ó público durante a temporada ou fóra da estación; cousa que cada vez sucede con maior frecuencia. Ofrecer máis castañas en perfectas condicions para a súa industrialización ou venda ó público é o obxetivo das investigacións realizadas para unha mellor conservación e manipulación.

A diferencia doutros froitos secos (noces, abelás, améndoas, etc.,), a castaña ten pouca graxa. Está constituida principalmente por carbohidratos (40-50%) e agua (50%). En consecuencia, está suxeita a unha rápida deteriorización se non se manipulan correctamente unha vez recollidas.

Se se quere optimiza-los beneficios da colleita potencial, cómpre mellorar ó máximo os métodos de manipulación da castaña e o seu márketing, de tal forma que se logre un producto que satisfaga as esixencias dos consumidores. É necesario cambia-los métodos de manipulación das castañas, como tamén cómpre modifica-la maneira de presentalas e ofrecer un producto de máis calidade.



A castaña é subceptible de transformación industrial.

Entre as castañas cando caen da árbore e as que venden os almacenistas ou os detallistas hai unha gran diferencia no seu aspecto. Ó principio son brillantes, tersas e turxescentes. Despois fanse mate e máis ou menos rugosas. A deteriorización da castaña xa comeza ás 48 horas de seren liberadas dos ourizos.

Nos Estados Unidos, onde as castañas gozan dunha popularidade senlleira, nos últimos 4 anos experimentouse un cambio sensible neste aspecto. Unha cantidade significativa de castañas foron vendidas ó público envasadas en caixas de cartón, o que as fixo máis atractivas cós tradicionais métodos de venda en bolsas de plástico.

En Australia, fóra da área xeográfica do castiñeiro, pero que está a facer un esforzo notable para introducilo como cultivo alternativo, fanse os estudios máis avanzados sobre manipulación e conservación das castañas.

No Horticultural Research Institute de Knoxfiel, de Victoria (Australia), desde o 1986, estúadiase a forma de conservación das castañas frescas, secas e industrializadas. As áreas de investigación abarcan:

1. TEMPO DE RECOLECCIÓN.
2. CONDICIÓNS DE ALMACENAMENTO.
3. AIRE FORZADO REFRIXERADO-ARREFRIADO.
4. TEMPO DE ALMACENAMENTO.
5. EMPAQUETADO E PRESENTACIÓN.

As conclusións foron que as castañas que permanecen sobre o chan máis de dous días, desde que foron liberadas dos ourizos, comezan a perde-las súas calidades externas, especialmente o brillo, facéndose mate. Ó mesmo tempo, o contido en amidón diminúe. A recomedación é que deberán ser recollidas o máis axiña que sexa posible, unha vez que caen ó chan.

O tempo que transcorre desde a recolleita ata o lugar do seu arrefriado é crítico cara á conservación das castañas durante a súa almacenaxe a granel. Canto antes se elimine a calor adquirida polas castañas no campo mellor será a súa calidade posterior no mercado.

Mentres a maioría doutros froitos similares se conservan mellor en condicións de frío seco, o alto contido en auga obriga a conservalas a 0 ºC o máis rápido posible. Deberán ser mantidas a esta temperatura ata o seu consumo ou saída para os mercados. É crítico que a temperatura sexa 0 ºC xa que as castañas almacenadas a 2 ºC comezan a xerminar. Durante a súa almacenaxe deberán estar sometidas a aire refrixerado forzado por succión, de tal xeito que circule sobre ou a través das castañas. Este método é habitual para a conservación de froitos como os kiwis e as grosellas. O arrefriado con aire refrixerado forzado permite alcanza-la temperatura adecuada para a conservación das castañas a 0 ºC en 25 minutos. O arrefriado estático require 10 horas para alcanzar esta temperatura. Unha velocidade de aireación demasiado alta produce unha perda de humidade e, en consecuencia, diminúe o peso das castañas. A súa regulación farase de tal forma que permita conserva-la calidade organoléptica e externa das mesmas.

CONDICIÓNS DE ALMACENAMENTO

As castañas deben ser conservadas en condicións de refrixeración. Dooley e Brohie (1992) estudiaron o efecto do aire refrixerado con e sen atmósfera de composición controlada, 2,5% de osíxeno e 2,5% de dióxido de carbono; empaquetado en bolsas de diversos plásticos e en cestiños de plástico pola súa vez envoltos en plástico, coa finalidade de evitar perdas de humidade.

O almacenamento de castañas en aire refrixerado e en atmosfera controlada resulta aceptable despois de 24 semanas. Conservan o seu brillo mellor cás que estiveron en aire non refrixerado.

A liofilización das castañas peladas é outro dos procedementos de conservación que está en fase experimental.

Como resultado de todos estes experimentos para a manipulación e o almacenamento de castañas, no 1990 propuxéronse as seguintes recomendacións:

1.–As castañas deberán ser recollidas en canto sexa posible, unha vez que caeron da árbore. Non deberán estar no chan máis de 48 horas. Canto máis

tempo se tarde máis rápido se estragarán e máis se acurtará a súa duración de almacenamento.

2.–Inmediatamente despois de recollidas, as castañas deberán ser mergulladas nunha solución funxicida autorizada.

3.–As castañas colocaranse nun lugar frío, a 0 ºC, canto máis mellor, e manteranse a esta temperatura ata a súa utilización.

4.–A utilización de aire refrixerado forzado resulta beneficioso para elimina-la calor procedente do campo. Deberase asegurar que a velocidade de circulación do aire refrixerado non sexa alta, xa que produciría unha excesiva perda de peso.

5.–As castañas deberán ser almacenadas en pequenas cantidades (as caixas de poliestireno de 9 k. son ideais). Isto é particularmente importante cando non se use aire refrixerado forzado para evitar que as castañas podrezan rápidamente durante o arrefriado estático.

6.–As caixas coas castañas deberán ser envoltas con bolsas de polietileno, atadas suavemente, para mante-la humidade elevada e, ó mesmo tempo, reduci-las perdas da mesma, sen chegar a crear unhas condicións anaeróbicas que prexudicarían ás castañas

7.–Para curtos períodos de almacenaxe (ata 8 semanas) o aire forzado refrixerado é suficiente. Para maior tempo deberá utilizarse condicións de atmosfera controlada (2,5% O_2 e 2,5% CO_2).

8.–Antes de vende-las castañas deberán ser empaquetadas en cestiños envoltos con PVC ou en bolsas de plástico. As castañas estráganse rapidamente unha vez que saen das condicións de almacenaxe fría. O empaquetado con plástico reduce as perdas de humidade, mantendo así a súa calidade.

OS RECURSOS E APROVEITAMENTO FORESTAL DA SERRA DO CANDÁN

Martiño Nercellas Méndez
Biólogo

INTRODUCCIÓN

As masas de bosque autóctono sempre supuxeron unha fonte de aproveitamento para as poboacións asentadas ó seu carón. Esta fonte de recursos que ata fai poucos anos semellaba ser ilimitada para aqueles que a aproveitaban,facendo un manexo sabio e en concordancia co equilibrio natural destes "bosques",producto dunha transmisión cultural entre xeracións que vivían de modo totalmente dependente dos productos que ofrecía o monte. Pero este comportamento mudou co cambio de costumes e usos que sufríu a poboación rural nas últimas décadas. O aproveitamento racional deixa de ser tal e pásase a unha explotación rápida,sen xestión,as prácticas tradicionais desvaécense e o equilibrio entre o uso dos recursos e a súa propia evolución rómpese,o que conleva a perda non só dun aproveitamento que xera beneficios a unha sociedade, senón que aínda vai máis lonxe dos intereses económicos que non é máis que a perda dunha diversidade ecolóxica.

Non se podería deixa-lo tema sen menta-la necesidade da conservación, restauración e recuperación das masas boscosas autóctonas. A súa importancia biolóxica,como ecosistemas maduros,non pode ser asemellada por ningunha plantación forestal. Son importantes para a conservación dos recursos biolóxicos e xenéticos e tamén como patrimonio cultural e de paisaxe.

Ademais de quedar reducidos a pequenas masas na meirande parte dos sitios, o estado actual é de unha situación de deterioro, debido ós aproveitamentos inadecuados e á falta de atención silvícola. A recuperación precisa dunha axeitada ordenación que garanta a conservación e dunha silvicultura que mellore a calidade dos bosques e as súas árbores favorecendo ademais a súa utilización como recurso. Esto posibilitaría preservar a variabilidade e o patrimonio xénetico das especies autóctonas,cunha importancia que radica además de ter unha finalidade conservativa ecolóxica e cultural, contribuir á silvicultura futura, aportando un reservorio de frondosas valioso.

Neste artigo abórdase a cuestión do aproveitamento de masas de bosque autóctono que gozan dun bo estado de "saúde",localizados no norleste da provincia de Pontevedra, na serra do Candán e que poden ser representativos daquelas áreas de montaña, cunha presión humana baixa que permitiu certo grado de conservación. Pero non exenta duns usos e manexos tradicionais que modelaron a estructura destes bosques e que na actualidade non son máis que o resultado dun manexo histórico dun recurso natural.

Non se trata de facer eiquí unha caracterización dos sistemas vexetais presentes na área, senón que un seguemento de como esta vexetación foi e é empregada polo home. Reseñas históricas de determinados usos e costumes vencellados ó bosque destas montañas. O seu aproveitamento actual, a súa problemática. Modelos de producción e aproveitamento deste recurso, compatibles coa conservación da súa riqueza ecolóxica.Medidas de mantemento da variabilidade xenética.

1. LOCALIZACIÓN E BREVE DESCRIPCIÓN DA SERRA

O Candán forma parte do tramo central da cadea montañosa que atravesa o país de N-S, a Dorsal Galega. Estas serras teñen en común o de ser montañas arrasadas pola erosión e supoñen unha barreira para os frontes nubosos atlánticos,o que provoca unha grande abundancia de precipitacións. Isto ten moita importancia no modelado do relevo, sendo a forza erosiva destas augas a responsable da aparición de dúas zonas ben diferenciadas na serra. A parte alta de ondulacións suaves formando os planos altos ou chairas e os vales fondos e encaixados por onde discorre a rede fluvial do Candán. Estas áreas van caracterizarse por un diferente asentamento da vexetación.



Devesa de Ameixedo na primavera.

As chairas de relevo suave forman extensións amplas entre os 800 m. e os cumes redondeados que teñen no S. Bieito con 1014 m. a cota máis alta. Predominio do mato, máis salienta-la presencia de zonas hidromorfas ou enchoupadas producto da combinación do relevo, o mal drenaxe do solo e as altas precipitacións que dá lugar ás brañas.

De eiquí parten as vacías do Lérez, Umia e Deza. Toman distintas direccións, perdendo altura. Estes dous aspectos, exposición e diferencia altitudinal, permite unha difernte distribución da vexetación ademais dun distinto grado de protección, debido á humidade.

O Candán esta adscrito ó sector bioxeográfico Galaico–Portugués, subsector Compostelano-Lucense (RIVAS MARTÍNEZ, 1987). Para caracterizar a súa climatoloxía en canto a precipitacións e temperaturas cabe facer unha comparanza coa estación máis próxima, a de Mouriscade (Lalín), situada a 552 m. Aquí a precipitación e temperatura anual media son de 1290 mm. e 12'7 grados. Na serra , a precipitación estímase que supera os 1900mm anuais e unha temperatura algo menor. Cómpre ter en conta algúns factores a considerar para facer esta estima. Mouriscade sofre o efecto de sombra pluviométrica ó estar situada tras a serra do Candán, enfrentada á dirección de avance dos frentes. (Esta estima, vese confirmada polos datos de dúas novas estacións próximas á serra)



Ladeiras queimadas do Candán e manchas ailladas de carballos.

2. A VEXETACIÓN POTENCIAL. OS BOSQUES DA SERRA

Debido ás características bioxeográficas a serie de vexetación ou climatófila que atopamos, corresponde coa descrita para os pisos colino e montano da provincia corolóxica (Cantabroatlántica) á cal pertence. (RIVAS MARTÍNEZ, 1987). Esta non é máis que a vexetación potencial que eiquí se daría, o bosque de caducifolias como estado climax máis as súas etapas degradativas.

O bosque atópase espallado ó longo de toda a serra formando manchas ailladas,agás unha unidade de certa identidade,no río Grobas e Deza(nas follas cartográficas figura como Asneiro), confinados ós fondos de val e nalgunhas zonas altas de características edafolóxicas húmidas. (Ver mapa de distibución)

A asociación vexetal predominante ven representada pola serie montana galaico-portuguesa acidófila do carballo (*Quercus robur) Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris sigmetum* (IZCO,J. 1987). Nas zonas máis termófilas da serra, e sempre no piso colino sobre os 500 m., aparece vexetación compoñente da asociación da serie colina *Rusco aculeati-Quercetum roboris*. (AMIGO, J et al 1998) Ligado ó río aparece a asociación ripicola residual correspondente ó bosque ribereño galaico portugues do amieiro (Alnus glutinosa) Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae (nova asociación recoñecida) (AMIGO-GUITIAN,FERNANDEZ.1987). Nos planos altos

aparece vexetación residual de bidueirais de montaña Holco mollis-Betuletum celtibericae. (IZCO 1987). Segundo este autor non teñen carácter climácico, senón sustitutorio da carballeira montana na primeira etapa de degradación.

Estes valiosos bosques están incluidos dentro das formacións a conservar na Directiva92/43/CE,no seu Anexo I, de Hábitats de interese comunitario, para cuia conservación é necesario designar zonas especiais de conservación. Tamén figura na proposta do proxecto Europeo REDE NATURA 2000, motivo polo cal o Candán figura no Rexistro provisional de espacios naturais da Xunta de Galicia.

Prodúcese unha secuenciación que vai dende as zonas de ribeira (400-500m) con ameneiros, bidueiros e carballos. Ladeira arriba comeza o dominio da *Q.robur*, ocupando unha ampla extensión na ladeira de sombra e practicamente inexistente nas de solaina, onde só aparece nas zonas próximas ó río. Nas partes altas de ladeira, naquelas zonas onde o bosque persiste, os carballos pasan a ser sustituídos polo cerquiño (*Quercus pyrenaica*). Esto é debido a unha maior exposición solar tendo un grado de humidade menor, saíndo beneficiado o cerquiño frente o carballo (BLANCO, E. 1997). Esta especie con mellores condicións hídricas despraza en competencia á primeira. O cerquiño é moi escaso na serra, aparece en pequenas illas (ver mapa). Tamén figura no A.I da D.92/43/CEE. Nos planos altos, nas zonas embrañadas (800-900 m.) aparecen salgueiros (*Salix sp*) bidueiros e carballos.

3 . O APROVEITAMENTO HISTÓRICO E TRADICIONAL

A presencia destas masas forestais silvestres, a representación que debeu acadar no pasado, xunto a unhas boas condicións cinexéticas supuseron dende sempre unha boa fonte de recursos,dando pé ó asentamento de xentes que facían do aproveitamento racional, destes montes unha forma de vida dura pero autosuficiente que servía para seguir adiante. Aínda que cabe tamén pensar que sería deste aproveitamento no pasado recente de dispor a tecnoloxía de hoxe en día.

Existen vestixios celtas na serra aparecendo construcións funerarias ou mámoas. A incidencia sobre o bosque, aínda que debeu ser mínima puido ter eiquí os seus primeiros pasos, como se evidencian noutros lugares da península. (BLANCO, E. 1997). Este aproveitamento radicaba no uso doméstico (calor, preparado de alimento, recolección) e como combustible para a fabricación de utensilios de metal.

Tamén está constatada a presencia da romanización, co paso da vía ou calzada romana Lugo-Pontevedra. A acción sobre o bosque tampouco debeu de ser importante.

Pero cando comeza a cobrar importancia o home no Candán e cara os anos 1100-1200, coa aparición de frades benedictinos, reconvertidos posteriormente a

bernardinos (orde Cisterciense). Aparece o mosteiro de Acibeiro, fitotopónimo que mostra que o acivro debía ser máis abundante do que é na actualidade.Vai ser tan grande a importancia e influencia destes relixiosos nos 500-600 anos seguintes,que toda a vida e bens destas paraxes van xirar ó redor deles,sendo o motor dinamizador do Candán.Son os donos das fragas e dos pastos.Os poboadores teñen que facer fronte os foros outorgados polo mosteiro prestando os seus servicios,as súas cabaleirías e pago de "impostos"(viño, productos colleitados,etc.)

A incidencia no medio vai ser máis notable, cun maior aproveitamento dos recursos, madeira, pedra, auga e neve.

Facendo un percorrido ó longo da súa presencia nestas montañas, atopamos as primeiras referencias escritas do aproveitamento dos bosques do Candán. Aparecen recollidas nas anotacións tomadas polos archiveiros do mosteiro no libro coñecido como "Tumbo Grande" e que aparece reflexada no libro de O Monasterio de Acibeiro: (RODRÍGUEZ, A 1973).

> **—No 1614 ponse un pleito na Audiencia contra os veciños do Deza, Trasdeza e outros por apastar cos seus gandos nos montes do Candán. Pleitos que duraron ata 1806.**
> **—No 1615 poñen pleitos contra os veciños de Acibeiro, Millerada e Pereira, pois cortaban leña nas fragas e devesas do convento.**

A extración de madeira nestes intres xa debe ser importante, pois o propio mosteiro vese forzado a vixiar as masas forestais, o que se pon de manifesto na seguinte referencia :

> **—No 1629 poñen pleito ó Arzobispo de Santiago e Xuices de Montes sobre o dereito do Mosteiro de poder poñer gardas e prender nos montes e fragas.**
> **—No 1659 pleito contra todos os fragueiros por deterioros nas mesmas.**

No Tumbo Grande menciónanse diferentes tipos de usos realizados nos bo ques: leña, casca, carbón. (RODRIGUEZ, A. 1973).

Obsérvase que a extracción de recursos debía ser importante, polos documentos aquí recollidos,e dende eses intres o aproveitamento dos bosques da serra vai ser contínuo, ate os nosos días e as modificacións constantes. Atopámonos ante unha transformación do bosque que xa non pode denominarse natural no sentido estricto (VALES, C. 1994).

A leña, taboleiros, puntais, carbón, casca, taninos, foron a principal saída das árbores que proporcionaban as fragas.

Son numerosos os vestixios de carboeiras presentes, o que evidencia a existencia dun mercado con interesantes beneficios para os seus explotadores e polo tanto dun uso continuo da devesa co fin de producir carbón. Facíase no interior da fraga, facendo para o seu asentamento unha superficie cha semi ou totalmente circular. A poda facíase coa corta das pólas que supuñan un exceso de madeira para o mesmo e non se cortaba a árbore. Este manexo tradicional permitiu a conservación das fragas, pois non se eliminaban pés senón que se facía un aproveitamento rotacional. Tamén empregaban raíces de uces. Facíase leña e colocábase de forma apilada e ordeada en capas,gardando pequenos espacios para a ventilación. Esto recubríase de terra, adquirindo unha forma de cúpula de pequeno tamaño polo que se deduce dos restos do emprazamento que se poden observar. Co recubrimento impedíase a combustión libre,e mediante buratos que se abrían e pechaban íase controlando esta combustión. Conta una señora de Bustelos que de rapaza axudaba a cargar o carbón e levábase a vender, sastres e mestres eran os mellores compradores.

Outro aproveitamento era a extracción da casca dos carballos para obter os taninos, co cal se obtiña un producto empregado no curtido de peles e tinta para escribir. A súa extracción supuña a perda da árbore que era aproveitada para leña. Práctica que a mediados dos noventa aínda se ten observado, pero a diferencia do manexo tradicional, a árbore non era cortada e apodrecía de pé.

Outro recurso que propiciaban as fragas e o monte era no momento da floración de distintas especies para a producción de mel. A serra do Candán conta cunha das maiores densidades de albarizas presentes no noso país. Este recurso debeu de ser moi aproveitado.

A finais do século pasado e ata moi avanzado este o monte sofre unha das etapas de maior reducción das fragas,proporcionada polo aumento de estivadas discontinuas e intensivas, en combinación coas queimas periódicas, para propiciar alimento os rebaños de ovellas, cabras, vacas e cabalos. Os uceirais sostiñan as corticeiras ou colmeas e boa parte da leña procedía deles. Só na aldea de Bustelos había máis de 4000 caprino e ovino a finais dos cincuenta. En toda a zona o número de cabezas era moi elevado. Esto supuxo unha presión zooantrópica moi forte o que supuxo unha clara modificación do medio, con forte erosión sobre o solo, e aínda que non afectaba ó corazón do bosque imposibilitaba a súa expansión e rexeración.

Coa chegada da 2º Guerra Mundial establécese unha minería incipiente e forte durante varios anos,o que supón o apoxeo desta área, máis ben deprimida, acadando unhas cotas de desenvolvemento moi prósperas e que supuxo o comezo do fin do aproveitamento tradicional en equilibrio coa conservación do bosque. Comeza a extracción severa da madeira destinada a construcción das minas e de todo o complexo mineiro, puntais, postes para a luz, edificacións, construcción dunha central eléctrica que reventa sobre o sesenta e arrasa coa vexetación da ribeira .

A partir dos anos 40-50 o monte é ocupado por un "novo bosque" (cultivo forestal), constituído case exclusivamente por especies foráneas. Coincide coas cam-

pañas de repoboación forestal levadas a cabo polo Patrimonio Forestal do Estado, con posteridade a1940. Cubriuse fundamentalmente con *Pinus pinaster* grande parte do solo provincial ata entón con vexetación de mato. (SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS. 1983).

Déixase notar esta repoboación dun modo vago e raquítico nas zonas altas da serra, non acadando cotas de producción que resultaran rendables. Aínda que o efecto do lume mermou moito esta posibilidade. Sí ten máis presencia en zonas menos altas e próximas a núcleos rurais, pero a súa orixe deriva de repoboacións máis recentes.

Nestes derradeiros anos aparece outra especie, o eucalipto *Eucaliptus globulus* pero aínda cunha presencia escasa, ocupando pequenas parcelas.

Na década dos 90 introdúcese o abeto de Douglas *Pseudopsuga menziesi* nos planos altos, preto de zonas hidromorfas. Desta plantación só queda borralla.

Nestes últimos anos estanse realizando plantacións de coníferas nas proximidades do San Bieito e Suapica.

4. PROBLEMÁTICA DE CONSERVACIÓN E O MANEXO INADECUADO

Nestas últimas décadas as fragas estiveron expostas a un aproveitamento inadecuado dos seus recursos onde a forma de producción estaba baseada única e exclusivamente na explotación continua, sen atender en ningún momento a criterios, xa non só de conservación se non que de mantemento. Hai un paso dun uso tradicional que viña marcado por certo grado de racionalidade a un uso agresivo, baseado na busca rápida de beneficio, a calquera prezo e en moitos casos no marco da ilegalidade.

Supón logo esta falta de manexo un dos problemas máis graves ó que pode estar exposto o bosque. A falta de sensibilización, non só moral se non productivista que esquece uns costumes de aproveitamento que forxaron a estructura actual e de mantemento destes bosques, conduce a un distanciamento da relación home-bosque. Este comportamento baseado na obtención de beneficios económicos rápido e descoidado dos recursos, fomenta o abandono ou a mala xestión do patrimonio forestal (JIMÉNEZ et al. 1998). Neste caso o empeoramento da diversidade ecolóxica resulta patente.

A falta de técnicas adecuadas de aproveitamento, de asesoramento e control, obviándose a lei (en moitos casos) por parte da administración. Non debe ser só o propietario do monte o responsable da conservación dun ben de interese social (JIMÉNEZ et al 1998).

A aplicación dun Plan Forestal Galego que xa comeza a ter efectos negativos na serra coa entrada de especies de marcada tendencia productivista fomentando a expansión de monocultivos nun espacio que figura actualmente no Rexistro de espa-



Tala a matarrasa na devesa de Ameixedo.

cios protexidos de forma provisional. Un plan que se decanta por unha política de fomento da producción masiva e rápida de madeira de baixa calidade. Que carece dun enfoque integrador de base dos usos do monte: productora, protectora esocial ou de recreo. (PÉREZ MOREIRA, 1992). Coa aplicación dunha silvicultura que aposta por un modelo pernicioso para a conservación da diversidade ecolóxica.

RELACIÓN DE PRÁCTICAS INADECUADAS E OUTROS PROBLEMAS NAS FRAGAS DO CANDÁN

—Talas de arborado a matarrasa de xeito abusivo e ilegal, (Decreto 485/62. Regulamento da lei de montes) sen respetar especies de flora protexida (Ilex aquifolium).

—Creación de cortalumes nas áreas situadas debaixo do tendido de alta tensión Mesón do Vento-Lindoso. Talando masas de rexeneración de *Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris* e manchas de cerquiño.

—Apertura de pistas de xeito indiscriminado ata as manchas de bosque máis aillado e no interior de masas de maior identidade. Esto facilita un millor acceso a este recurso incrementándose a explotación descontrolada das fragas e que choca cos intereses conservativos da mesma.

—Extracción de madeira con destino o uso de taboleiros na industria da madeira. A extracción dos mellores exemplares provoca unha selección natural negativa (PÉREZ MOREIRA, 1992) ademais de ter efectos perxudiciais sobre os exemplares que o rodean, ó verse danados polas técnicas de extracción e arrastre. A falta de control e vixianza sobre estas masas resulta vital para estes intereses que na maior parte dos casos procede de actuacións ilegais.

—Extracción de leña nas pequenas manchas ailladas de cerquiño.

—Desenvolvemento de repoboacións de monocultivo no interior da serra, sobre ou nas proximidades de áreas de especial interese polas súas características naturais como son as brañas dos planos altos.

—Grande alteración por erosión e impedimento de expansión e rexeración de borde das fragas pola acción continua de lumes,algúns deles de dimensións grandes.

—Aproveitamento descontrolado da casca dos carballos en numerosos puntos das fragas, provocando a podredume e morte da árbore.

—Cortas sobre o arborado ripícola de xeito frecuente.

—Ocupación de terreos do bosque para uso agrícola.

—Traballos de concentración parcelaria con forte deforestación de árbores autóctonas.

5. E PRODUCCIÓN DOS SEUS RECURSOS. APLICACIÓN DUNHA SELVICULTURA SUSTENTABLE


No libro "Agricultura sostenible" de Jiménez et al recóllese o pensamento dos principais autores que falan sobre selvicultura sustentable, na que se centra esta parte.

Un dos grandes problemas ó que están sometidas as fragas da serra, ó igual que outros da xeografía galega son as prácticas inadecuadas. No noso país non existe tradición silvícola, nin existe prevención, tendentes a mellora-los cultivos arbóreos ou a minimiza-los efectos adversos sobre a capacidade productiva ou sobre a ecoloxía. (JIMÉNEZ et al 1998).

Un sistema forestal natural é diferente a calquera outro sistema terrestre debido a súa extensión, lonxevidade, grado de complexidade e interación dos individuos. (PÉREZ MOREIRA, 1992). Estes sistemas soen representar o cume da sucesión, o que os diferencia doutros sistemas de producción como son os cultivos agrícolas e os intensivos forestais.

A selvicultura aparece como resposta a explotación incontrolada do monte e persegue a rexeración e o aproveitamento racional ordeado e ecoloxicamente compatible coa millora, persistencia e a estabilidade das masas forestais. Pero pode supor un grave risco de non ser correctamente aplicada. (JIMÉNEZ et al 1998).

Os tratamentos silvícolas non poden ignorar as leis básicas que regulan a rexeneración natural, a estructura e o crecemento da masa. A importancia económi-



Monte do Testeiro. Moi afectado polo lume.

ca do bosque diminúe frente a súa importancia ecolóxica, estabilizadora e incluso recreativa (PÉREZ MOREIRA, 1992).

A xestión a seguir nas fragas da serra do Candán debe responder a un modelo de selvicultura baseada na prioridade da protección, persistencia e estabilidade frente as producciónes directas. Facendo un tratamento do conxunto e non individual.

O seu aproveitamento pode asentarse nos dous seguintes puntos (JIMÉNEZ et al, 1998).

—No predominio de protección e o interese ecolóxico e paisaxístico,sobre a producción directa que ademais soe ser escasa.

—Mantendo os principios básicos da selvicultura pode obterse un aproveitamento económico importante. Admite a posibilidade de axudar a rexeración en zonas difíciles, e as cortas (un aclareo sucesivo ou entresaca) poden realizarse.

É dicir, un manexo encamiñado a conseguir que a masa manteña as cualidades do bosque natural, facendoa compatible coa producción de beneficios e ou servicios.

O equilibrio que se establece nunha masa forestal tratada selvícolamente é un equilibrio cultural e non natural, aínda que garda as principais características deste,

ata tal punto que estando asegurada a permanencia desta forma especial de vexetación, permite sacar dela o máximo de utilidades. O único que fai é adiantarse á natureza, forzando algúns procesos para obter producción sen sacrificar o equilibrio biolóxico.

Este tipo de aproveitamento o que nos propón é un modelo de producción distinto ó que estamos acostumados, que no lugar de estar centrado no aproveitamento directo por extracción, plantexa alternativas a este. Ben sexa, tamén por unha producción de tipo directo na cal cobran importancia productos considerados tradicionalmente secundarios, como é o aproveitamento de diversas plantas ou froitos. Moitas veces poden acadar unha importancia económica que supera o valor de producción convencional.

Pero tamén hai que empezar a valorar a producción de beneficios indirectos que pode chegar a ser moi elevado. Este radica no valor paisaxístico e recreativo. Na importancia de protección do solo e a vexetación, ou como purificador atmosférico. Son sistemas de baixo risco de incendio en comparación con outros sistemas forestais. Ou doutro tipo, como o elevado valor cultural e histórico que poden ter.

Meson et al 1987 (de JIMÉNEZ et al 1998) din que esta producción indirecta presenta o problema da súa externalidade, delas benefíciase toda a sociedade, pero a repercusión económica sobre os propietarios é mínima. Por eso é importante que a administración, consciente deste feito, colabore na súa perpetuación e mellora non só económica senón tamén aportando asistencia técnica e control.

APROVEITAMENTOS SECUNDARIOS

Na serra poderían facerse recolleitas de diversas plantas que medran silvestres; moitas delas contan xa cun interese comercial e ata se poderían intensifica-la súa producción no monte, sempre que non se poña en perigo a supervivencia destas especies.

Plantas de uso medicinal,como no caso da arnica *Arnica montana,* especie que chegou ter un grande interese comercial na serra,en especial na aldea de Masgalán onde as mulleres recollían e despois vendían a unha empresa farmaceútica que llas recollía na casa.Pero un excesivo aproveitamento case leva a desaparición desta planta na zona,hoxe en día recuperada.

Plantas aromáticas, ou o aproveitamento de pequenas froiteiras silvestres como as silveiras e as arandeiras, deste último fabrícase un licor caseiro a base de augardente e o froito nalgunhas partes da serra.Tamén son coñecidas as confituras destes froitos.

Outro importante recurso do monte é o das plantas melíferas, cunha ampla variedade delas, unhas simplemente como poliníferas, caso do toxo, que axuda ó mantemento invernal das corticeiras ou colmeas,e outras máis importantes como

productoras de néctar de calidade, tales como as queirugas e as silveiras. A venda de mel e a súa promoción como mel de calidade podería xerar uns beneficios importantes, además de recuperar parte do patrimonio arquitectónico destas montañas como son as albarizas.

Outro aproveitamento de interese que noutras rexións gozan de moita popularidade e eiquí non tanto pero comeza a ter aceptación é a recolección e venda de cogumelos.

Estes aproveitamentos nunca deben chegar a ser intensivos e no supor o risco de extinción ou a merma da diversidade ecolóxica do monte.

AS PRÁCTICAS E MANEXOS MÁIS INCONVINTES

Vemos logo que o tipo de manexo das fragas vai ter unha grande relevancia ecolóxica. Unha práctica inadecuada pode acarrear serios problemas a estes sistemas forestais que poñan en perigo a súa conservación e diversidade ecolóxica. Entre este tipo de usos inadecuados, algúns deles vistos na problemática das fragas, vemos como se reproducen nos bosques do Candán (PÉREZ MOREIRA, R. 1992):


—Colleita da árbore completa. Esto produce un empobrecemento paulatino do solo por eliminación de nutrintes e alteración da composición de especies no sotobosque.

—Acortamento das rotacións. A corta das árbores aínda xovens supón tamén un importante expolio de nutrintes e además un incremento do risco de degradación do solo.

—Talas rasas. As talas masivas, no lugar de aclareos, deixando o solo completamente ó descuberto, é outra improcedente práctica moi común que acentúa o risco de lixiviación de nutrintes e de erosión, e merma a potencialidade erosiva do solo, ou incluso pode afectar á calidade das augas caudais.

—Talas da vexetación ripícola. Esta vexetación exerce moi diversas e relevantes funcións ecolóxicas, pois dunha parte, serve para, estabilizar ribeiras e tamén como franxas de protección. Beneficios ó ecosistema acuático. Como corredores de vexetación natural ó longo das ribeiras para a intercomunicación das especies de flora e de fauna.

Observando o mapa vemos que esta vexetación cobra grande importancia.



Escala orixinal 1/50.000. Nova escala, reducida 1/65.000

- *BOSQUE DE RIBEIRA.*
- *CARBALLEIRA MONTANA/COLINO SUPERIOR.*
- *MANCHAS DE CERQUIÑO.*
- *BIDUEIRAL MONTANO.*
- *SOLOS HIDROMORFOS.BRAÑAS*
- *REPOBOACIÓN DE CONÍFERAS.*
- *EUCALIPTAL.*

BIBLIOGRAFÍA

+ Amigo, J; Guitián, J; Fernández, J.A. (1987). *Datos sobre los bosques ribereños de aliso (Alnus glutinosa) Cántabro Atlánticos Ibéricos.* V Jornadas de fitosociología Vegetación de riberas de agua dulce. Ed.Arco, J&Wildpret. Universidad de La Laguna. Ser. Informes Nº22 pp 159-176.

+ Amigo, J; Izco, J; Guitían, J& Romero I. (1998). *Reinterpretación del robleda termófilo galaico portugués: Rusco aculeati-Quercetum roboris.* Lazaroa 19:85-98.

+ Blanco Castro, Emilio et al (1997). *Los bosques ibéricos unha interpretación botánica.*

Edición Planeta.

+ Izco, J. (1987). *La vegetación de España.* (Capítulo de Galicia, 387-418.) Colección Aula Abierta. Edit. Peinado Lorca, M.-Rivas Martínez, S.

+ Jiménez Díaz, R.M& L. de Espinosa, J. (1998). *Agricultura Sostenible.* Ediciones Mundi-Prensa.

+ López González, G. (1982). *Guia de Incafo de los árboles y arbustos de la Península* Ibérica. Ediciones Incafo.

+ Pérez Moreira, R. (1992). *Ecoloxía forestal e ordeación do bosque.* Edicións do Castro.

Proposta de lugares susceptibles de ser considerados como zonas de especial conservación de Galicia. Rede Natura 2000-Directiva 92/43/CEE. 1999.

+ Rivas Martínez, S. (1987). La vegetación de España. Colección Aula Abierta. Edit. Peinado Lorca, M-Rivas Martínez, S.

+ Rodríguez Fráiz, A. (1973). *Terra de Montes: El Monasterio de Acibeiro.* Patronato "José María Quadrado".

+ X Xornadas de estudo sobor dos recursos básicos de agricultura galega. Seminario Estudos Galegos. (1983).

BREVE HISTORIA DO URBANISMO EN LALÍN

César López Arribas
Secretario Xeral do Concello de Lalín

1.–O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE 1.975

A primeira norma urbanística que tivo o Concello de Lalín foi o Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1.975. Ata finais dese ano foron de aplicación as coñecidas como "Ordenanzas de Construcción e as delimitacións do Casco Urbano" que, aprobadas pola Comisión de Arquitectura, e Urbanismo, foron establecendo pequenas reglas para os edificios do antiguo casco municipal. Estas Ordenanzas eran de aplicación en abril de 1.974, data na que a Comisión Provincial de Arquitectura aprobou a delimitación do casco urbano de Lalín.

Cando se estaba a elaborar o PXOM de 1.975 tiveron lugar varias modificacións do casco urbano, recollendo as ampliacións do mesmo. Froito destas iniciativas foi a nova nova delimitación do mesmo o 21 de maio de 1.975.

A xestación do PXOM de 1.975 comezou varios anos antes. Lalín como outros municipios necesitaba contar cunha norma urbanística propia que recollera as tendencias da lexislación do solo de 1.956 e que dera cobertura ás novas necesi-

dades da construcción, entre elas un posible crecemento económico do municipio. Nembargantes é nos primeiros anos da década dos anos setenta cando esta inquietude se acentúa.

Para situarnos, diremos que no ano 1.975 rexía o réxime político anterior. Non había entón un réxime democrático nos Concellos. Os seus órganos rectores, Alcalde e Concello Pleno eran designados a traveso dos mecanismos previstos nas Leis Fundamentais mediante a designación de concelleiros polos tercios de representación familiar, sindical e de representación das entidades.

Daquela a Corporación municipal estaba presidida polo entón Alcalde, D. Luis González Taboada, quedando constituída formalmente o día 3 de febreiro de 1.974. Nesta sesión acordouse crear unha Comisión Informativa de urbanismo, presidida polo entón concelleiro D. Tito Fernández Crespo, que asumiría o seguimento dos traballos urbanísticos do novo planeamento.

O PXOM foi aprobado inicialmente polo Concello Pleno na súa sesión do 4 de decembro de 1.974, e se adaptaba á Lei do Solo de 1.956. Resultaba normal que co acordo anterior O Concello adoptara a suspensión do outorgamento de licencias urbanísticas. Cando esto tén lugar, a preocupación do Concello estaba en non producir unha detención no sector económico da construcción. Para esto se plantexa a suspensión do outorgamento de licencias urbanísticas. Nembargantes a suspensión non tivo lugar, porque "ocasionaría un paro absoluto na construcción e un grave perxuicio para o municipio", (sic). Non houbo pausa na evolución urbanística en Lalín.

Tras o período de exposición pública presentáronse un total de corenta e catro (44) reclamacións; un reducido número, se o miramos hoxe. As alegacións rexeitadas non se adaptaban á normativa vixente, e non respetaban a filosofía nin os principios do plan, de por sí flexibles e permisivos.


En setembro de 1.975 apróbase provisionalmente por este Concello o documento, estimándose total ou parcialmente 21 alegacións. O resto das alegacións rexeitáronse.

Ante todo podemos dicir nunha primeira observación que o PXOM de 1.975 recollía no seu contido unha normativa básica, mínima, aberta e sobre todo práctica. Tratábase de dotar a Lalín dunha primeira normativa de choque pero que respostara á situación do sector da construcción de Lalín.

O PXOM redactouse por un equipo "Estudios de Urbanismo, Socioloxía e Arquitectura.

Ocorríu que aprobándose este plano pola Comisión Provincial de Arquitectura e Servicios Técnicos o día 19 de decembro de 1.975, en abril do ano seguinte dictouse a lei do Solo do Estado. Nesta situación, e partindo da base de que a normativa do novo documento era aberta e flexible, non se introduciron cambios sustanciais no documento xa aprobado.

Con esta normativa sencilla e simple o Plan comezou a súa andadura e verá o desenvolvemento de Lalín e do seu casco urbano.



Plano elaborado por Ramón Aller na década de 1920.

Clasificouse o solo en —solo urbano
—solo de reserva urbano
—solo rústico —forestal
—exterior
—de protección —de casco
—de vías.

Para facilitar a súa aplicación dividíuse o casco urbano en once (11) polígonos, que en teoría permitirían abordar unha xestión colectiva do urbanismo. Os polígonos eran áreas de grande e irregular tamaño que agrupaban un gran número de propiedades e cuadriculaban case todo o solo urbano.

A súa plasmación no PXOM foi necesaria para a aprobación do documento, porque resultaba imperativo na norma legal. O seu feito supuña unha novidade, xa que era a primeira vez que se contemplaba. Sen dúbida, non pasou de ser un mero feito testimonial, xa que non se executou, ningún deles polos sistemas de cooperación ou compensación, e menos expropiación. Digamos que a mentalidade social dos veciños dunha banda e doutra a carencia de medios persoais e materiais do Concello non permitían meterse de cheo nesa laboura; non había unha conciencia nin pública nin privada na vila para acometer este tipo de actuacións urbanas. Toda a construcción levouse polo sistema de execución directa.

O Plan recollía pola contra con certa precisión as alineacións das edificacións do casco urbán, ainda que houbera que facer un Estudio de Detalle para corrixir erros do documento inicial.

En materia de rasantes das vías públicas e tamén dos edificios o PXOM adoecía dun gran vacío, lagunas, insuficiencias e imprecisións nos lugares onde se recollían.

Contiña tamén o PXOM unha ordenanza de conservación histórico-ambiental nas rúas máis vellas de Lalín establecendo unhas normas de protección, xuntamente cunha serie de preceptos mínimos de preservación dos ecosistemas, da ambientación natural e a paixase. Prevía que en coordenación con outras administracións se fixera un Inventario dos Bens de carácter histórico-artístico. Este último aspecto do PXOM motivou longas e constantes peticións de algúns membros da Corporación, que pretenderon durante a vixencia do PXOM que o Concello abordara dun xeito ou outro, pero con efectividade, a elaboración dun Inventario dos bens histórico-artísticos e ambientais de Lalín, coa finalidade de protexer o patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico de Lalín.

Aportou o PXOM uns planos a escala 1:2000 do casco urbano. O resto do término municipal carecían de planimetría, salvo algunhas vías e zonas de protección. Sen dúbida foi unha novidade para Lalín, que non contaba con planos, a excepción dos do Estado.

Por último recollía a necesaria revisión nos catro anos seguintes.

2.–O DESENROLO DO PXOM: ESTUDIOS DE DETALLE E PROXECTOS DE URBANIZACIÓN:

Diante da nova normativa urbanística o Concello comezou a súa andadura. Partindo de obriga formal de aplicar dito documento, nos aspectos non previstos acudíase á lei de 1.976, ós regulamentos posteriores de desenrolo, á Lei do Solo de Galicia e ás Normas Subsidiarias e Complementarias da provincia de Pontevedra, tentando dar saída ás situacións e ós problemas da mellor manera posible. Tivo presente que dende o primeiro momento habería que realizar a revisión necesaria de dito documento. Por esto en outubro de 1.977 licitou o concurso para adxudicar os traballos de revisión do PXOM.

A partir desta data tiveron lugar intentos de modificar o PXOM, salientando a tensión que se producía sempre que se quería acometer algunha actuación urbanística, municipal ou de iniciativa privada de certa envergadura. Tendo en conta as insuficiencias, lagunas e imprecisións do documento aprobado e os desexos dos promotores vaise sentir unha pugna entre o feito de acometer ditas obras e a pretensión de realizar modificacións puntuais do PXOM. Estas disputas sempre se



Plano de Ensanche de M. Rutolín. Primeiro proxecto de planificación urbana no ano 1945.

zanxaron a favor de realizar as obras pretendidas deixando ó marxe calquera modificación do PXOM.

Nesta época empeza a urbanización da maior parte de Lalín, e é cando se tramitan os proxectos de Urbanización da vila. A incorporación dos terreos sen urbanizar pero que estaban dentro do solo urbano, á dinámica da edificación pasaba necesariamente pola aprobación duns proxectos de obras especiais: os proxectos de urbanización. Con estes instrumentos os terreos se dotaban de auga, alcantarillado, beiravías, beirarrúas, alumeado público, e se convirtían en solares.

A resposta municipal a estas actuacións foi diversa.

En sesión plenaria de xuño de 1.976 apróbase a apertura da rúa K, travesía e o remate.

Noutra sesión de decembro de 1.977 aprobouse inicialmente un Estudio de Detalle redactado polos arquitectos D.C. García Gracia e J.J. Guirado Fernández de reedefinición de alineacións nas ruas Pelayo, Mercado e outros. Non se aprobou definitivamente.

As cesións de terreos foron práctica habitual na xestión urbanística, a veces como no caso da rúa G aceptada polo Concello Pleno nunha sesion de xullo de 1.974 a instancia de D. Ángel García Basterra. Nembargantes a meirande parte das cesións obrigatorias e gratuitas ó Concello non quedaron reflectidas dun xeito formal. Soamente a execución das obras da proba deste feito.

En sesión de xuño de 1.976 aprobouse inicialmente o da rúa Arenal, e a definitiva ten lugar en decembro de 1.976. A urbanización das rúas O e H ten lugar en marzo de 1.977 e en abril de 1.977 a definitiva.

O proxecto de Urbanización do Polígono de Botos aprobouse na súa 20 fase en maio de 1.976 e a definitiva en xuño.

En 1.988 acometeuse a urbanización da rúa H, actual rúa Pintor Laxeiro, aprobándose en maio, e utilizando o sistema de contribucións especiais entre os veciños afectados. Neste mesmo ano apróbase a urbanización tamén financiada con c.especiais da Travesía Exterior e da rúa Corredoira. En novembro apróbase a urbanización da rúa O, e das rúas I e Calzada, así como as contribucións especiais para a Praza da vila.

Noutras actuacións empregouse un sistema máis sencillo. O Concello adquiriu amistosamente uns terreos e outros expropiounos como foi o caso do Polígono Industrial de Botos. Despois recuperou os fondos a traveso da subasta das parcelas.

No caso do Auditorio municipal e da Estación Depuradora de Botos fixéronse adquisicións de terreos puntuais, además de contar previamente con parcelas xa municipais.

En 1.991 foi presentado un Estudio de Detalle na "Travesía de Ramón Aller e prolongación da rúa Rosalía de Castro", a instancia do propio Concello de Lalín e redactado polo arquitecto D. José Ramón Romero Riádigos. Non foi aprobado por

motivos técnicos e xurídicos. Entre as alegacións que se fixeron figuraba a imposibilidade legal de acometer unha iniciativa deste tipo cun instrumento como o Estudio de Detalle.

Tamén presentouse un Estudio de Detalle na rúa "Luis González Taboada e Avenida de Buenos Aires", á instancia de Dña. Mercedes Bertolo Vence, e sendo o redactor o arquitecto D. José Ramón Romero Riádigos que non saíu adiante.

Pola contra outras iniciativas sí que viron a luz. En 1.989 presentou un Estudio de Detalle para reordenar os volumes edificables na rúa Ramón Aller, esquina á Molinera e redactado polo arquitecto José Enrique Pérez Ardá-Criado, sendo promotor da idea este Concello. Foi aprobado inicialmente na sesión de setembro de 1.989 e definitivamente en decembro de 1.989. En medio destas datas asinouse un convenio urbanístico con D. Jorge e Alvaro Pichel Silva.

Foi un dos poucos documentos urbanísticos complementarios e de desenrolo que se aprobaron dende 1.975, e a súa aprobación permitiu a construcción de dous edificios, reordenando o volumen, alineacións e rasantes na zona indicada.

A medida que ía transcurrindo o tempo da súa aprobación, a tensión entre modificar ou non o PXOM se incrementaba, porque as iniciativas urbanísticas dos promotores e dos veciños de Lalín ían en aumento e o PXOM quedábase estreito e corto para as iniciativas dos mesmos

A meirande parte destas obras foron acometéndose por medio dos Planos Provinciais de Cooperación provinciais, que permitían realizar obras parciais, unha vez a auga, outra o alcantarillado, e outras o alumeado. Un exemplo: na sesión da Comisión de Goberno de febreiro de 1.991 aprobouse un "Proxecto de Urbanización parcial do alcantarillado na 10 Travesía á Avenida da Estación, a instancia do propio Concello, e sendo redactor do mesmo o arquitecto Carlos L. Rosón Gasalla. Entre 1.992 e 1.993 aprobouse o Proxecto de Urbanización da Travesía da rúa Luis González Taboada e Avda. Buenos Aires (prolongación da rúa G).

Por último as obras se acometeron con subvencións ou por medios propios.

3.–AS MODIFICACIÓNS SINGULARES: O PLANO PARCIAL POLÍGONO LALÍN-2.000

Así chegamos ós albores dun certo desenvolvemento económico, industrial e social en Lalín. Desde antes de 1.975 o Concello foi adquirindo unhas veces por adquisicións puntuais e as outras polo mecanismo forzoso, tras infructuosas xestións, terreos para destinalos a solo industrial no Polígono Industrial de Botos. Durante a década dos setenta foi adxudicando, esto é, vendendo ditas parcelas ás empresas que desexaban instalarse en dito Polígono. Cando se esgotou o solo industrial e non houbo lugar onde ubicar as industrias, xurdiu a necesidade de contar con máis solo industrial para ofrecelo ás empresas que

querían instalarse no municipio. A máquina municipal púxose en marcha. Buscábanse zonas aptas para que se estableceran unhas industrias, ofertando solo industrial suficiente, e ben comunicado. O lugar elixido foi a zona das inmediacións da CN-525, na zona de Bergazos-Donsión, marxe esquerda de dita vía e Rivas Altas-Filgueira. O nome da iniciativa foi case o primeiro en poñerse: Polígono Lalín 2.000.-

Encomendouse a tarea de abordar a idea de dotar dunha norma xurídica e a posterior urbanización a un arquitecto a instancia do propio Axuntamiento de Lalín: D. José Enrique Criado Pérez-Ardá.

Elaborouse un Programa de Actuación Urbanística e un Plano Parcial. Aprobouse inicialmente polo Pleno o 28 de decembro de 1990. Discutíase entonces si podía realizarse una actuación de este tipo con un Plano Parcial ou se resultaba necesario acometer unha reforma do PXOM, tal e como se dicía nos Plenos, e neste senso foron as deliberacións municipais.

Tras ser aprobado provisionalmente polo Pleno o 5 de marzo de 1.989, remitiuse á Xunta de Galicia, que o aprobou definitivamente en maio de 1.991. Para dar cobertura xurídica e salvar posibles alegacións e recursos, a Xunta de Galicia dictou en data 27 de setembro de 1.990 un Decreto autorizando expresamente esta actuación no Polígono Lalín 2.000.-

Unha vez aprobado este documento, pasouse á fase seguinte, procedendo á adquisición dos terreos precisos para a creación das parcelas e para a súa urbanización así como dos servicios complementarios. Adquiríronse polo sistema de expropiación trinta e sete (37) hectáreas. Posteriormente procedeuse á urbanización da 10 Fase do Polígono e dividíronse e configuraron as parcelas nas que se ubicarían as empresas. As parcelas tiveron tamaño diverso, se ben a superficie media destas parcelas foi de 4.356 m2, e o número total de parcelas foi de oitenta e cinco (85).

Cos terreos a disposición por fin, en 1.992 aprobouse o Proxecto de Urbanización, e acometendo ditas obras a Xunta de Galicia. Posteriormente establecéronse as empresas e as industrias. O resultado de toda esta xestión municipal pode verse hoxe.

4.–AS ACTUACIÓNS NO RIO PONTIÑAS

As Normas Subsidiarias provincias

Entre 1.992 e 1995 tramitouse e realizáronse as obras de acondicionamiento do río Pontiñas. Esta obra foi promovida pola Xunta de Galicia. Os terreos afectados nas inmediacións do río anterior suporán dotar a Lalín de zonas verdes e espacios libres en cantidade e calidade que nunca tivo. A execución destas obras,

como as de gran envergadura suscitou múltiples actuacións administrativas por parte de varios organismos. A calificación dos solos afectados era diversa e isto motivou dificultades xurídicas na tramitación do expediente.

A Xunta de Galicia acometeu as expropiacións dos terreos afectados e a execución das obras, para entregar as mesmas unha vez rematadas. Esta obra alterou a fisonomía de Lalín dando un novo aspecto á vila, pola estensión das actuacións, espello dos grandes números dos investimentos realizados. Con esta obra recuperouse un río para a vila, acondicionouse o seu entorno e dotouse á poboación dun lugar de esparcemento e recreo que antes non tiña.



Planimetría do PXOM do 1975.

En 1.990 aprobáronse as Normas Provinciais subsidiarias de Pontevedra. A súa publicación veu a servir de salvavidas para moitos concellos que carecían de normativa ou ben a que tiña adoecía de notorias insuficiencias. Lalín non foi a excepción e foi acudindo en moitos aspectos a esta norma, sobre todo no rural, para a configuración dos núcleos, as parcelas, nos procedementos a seguir en instalacións de interese xeral, etc...Foi unha táboa de salvación ata a aprobación do novo PXOM.

5.–O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE 1.999

En 1998 e 1.999 acométese, despois de máis de vintecatro anos e con pasos dados hacia adiante e outros para atrás, a recta final do PXOM. En realidade era un Plano desexado por todolos veciños, por moitos e diferentes motivos. O crecemento de Lalín colocou a moitos edificios e terreos en expectativas esencialmente diversas das décadas anteriores.

A evolución da súa xestación arranca de moitos anos atrás, nos que non vou determe. En 1.992 tras varios trámites dictouse a Lei do Solo estatal, derrogando en parte a Lei Galega do 22 de agosto de 1.985. O PXOM elaborado aprobouse inicialmente por este concello en sesión de 1996. Houbo un período de información pública, producíndose unha avalancha de alegacións dos veciños. Estas nunca se resolveron.

Ó pouco tempo prodúcese a sentencia do Tribunal Constitucional do 20 de marzo de 1.997 derrogando a maior parte do texto normativo de 1.992, e mandando acudir ás normativas de 1.976.

O equipo redactor do PXOM, EPYPSA, (Estudios, Proxectos e Instalacións S.A.) seleccionado por un concurso público, tiña realizado e en fase moi adiantada todo o traballo. Non serviu de nada, a excepción dunha parte importante: o traballo gráfico.

En marzo de 1.997 díctase a lei do solo de Galicia sen esperar á nova lei estatal. En 28 de outubro de 1.999, seguindo as directrices desta nova norma, e trala súa elaboración, apróbase o novo documento redactado por EPYPSA, polo Pleno. Tras un período de información pública houbo catrocentas oito (408) alegacións, feitas polos veciños de Lalín.

Cando se estaban a estudiar as alegacións díctase a nova lei do solo do Estado do 14 de abril de 1.997. De novo hai que cambiar os principios e estructura do PXOM en elaboración, xa que a Xunta de Galicia dicta pola súa banda unha norma nova, a Instrucción do 24 de xullo, de adaptación, interpretación e equiparación do contido da súa propia de 1.997 á do Estado.

Unha vez que se reaxusta e readapta o PXOM ás directrices da nova norma autonómica e por fin xa na recta final, na sesión do 5 de febreiro de 1.999 aprobouse definitivamente o PXOM, entrando en vigor o 25 de marzo de 1.999.

Faise unha relación detallada destas actuacións administrativas a seguir, coa soa intención de que se fagan unha idea os que len este artigo, do longo e complicado proceso que se produciu consigo.

Sen dúbida o momento foi importante, entre outras razóns porque non se aproban Planos de Ordenación tódolos días. O que escribe, tras máis de trece anos no mundo local soamente asistiu a unha aprobación desta natureza.

Na sesión plenaria tódolos grupos políticos presentes foron conscientes da trascendencia e importancia do documento e da nova etapa que se ía abrir. Fóra do Concello, esperaban moitos proxectos para tramitarse, moitas peticións que cursar, moitas vivendas a construir e sen dúbida moito edificio para regularizar. Nos últimos meses os particulares estiveron preparando proxectos de obra e a súa documentación, agardando a entrada en vigor do novo instrumento urbanístico.

A pesar do elevado número de alegacións e escritos presentados, cabe dicir hoxe que non se presentou recurso contencioso-administrativo algún contra dito documento, proba sen dúbida da necesariedade e conveniencia do mesmo.

Do total das alegacións:	Estimáronse	259
	Desestimáronse	77
	Estimáronse e desestimaron parcialmente	43
	Total reclamacións	408

Tamén asináronse dezasete (17) convenios urbanísticos, que estiman 19 reclamacións ó PXOM. Como dixen antes, acudir ó sistema de convenios urbanísticos, obra do que redacta este artigo xuntamente co arquitecto municipal, foi un último recurso. Foise a esta figura, máis que discutida, nos casos nos que non cabía outro remedio formal e administrativo. Tratábase de resolver problemas, de afrontar situacións complicadas e con moitos dexesos polas das dúas partes en achegar posicións e de atopar solucións. Podemos agrupalos en varios grupos:

—En tres deles obtivéronse terreos para servicios e dotacións de gran trascendencia para Lalín. Cabe suliñar os asinados nas zonas de García Sánchez, na zona do Auditorio, na zona do Regueiriño e na zona da Avenida Buenos Aires, enfronte á Estación de autobuses. Nestes lugares o Concello por mor deses convenios acadará un elevando número de metros cadrados de terreo, ben como solo urbanizable, ben como terreo dotacional.

—Un segundo grupo supón dar normación urbanística a determinadas zonas de común acordo cos propietarios, nos que o Concello non obtén grandes espacios, pero sí unha regulación racional das áreas afectadas.

—Por último houbo algún convenio que trataba de resolver algún litixio pendente, e non atopouse outra forma xurídica que facelo deste xeito.

O realmente importante destes convenios, además do sistema empregado, estriba en establecer un urbanismo concertado, tendo en conta a vontade dos particulares, nun marco racional, que posibilita que o Concello e os particulares obteñan a meirande parte das súas pretensións.

O PXOM dividide o solo en: solo urbano —consolidado
—non consolidado
—solo urbanizable
—solo rústico: común
de desenrolo
de protección.

Unha das funcións máis importantes que ven a realizar o PXOM é a de normalizar e legalizar a situación urbanística dun certo número de edificacións que por mor de moitas razóns, ben por non ter licencia ou ben por non axustarse á normativa anterior, atopábanse en situación irregular e á espera da súa configuración como legalizables ou ben como fóra de ordenación, e poder así obter unha serie de documentos precisos para dito inmoble, así como das licencias de apertura dos locais comerciais que se atopaban nos mesmos.

En Lalín as construccións que non se adaptaban á normativa ciñíronse sobre todo nas tres grandes vías de comunicación: a estrada Santiago-Ourense, a vía que se dirixe a Agolada e a estrada a Rodeiro. En torno a estas tres vías de comunicacións ralizáronse construccións particulares, de reducida altura e instalacións industriais e comerciais non adaptadas á normativa. Ó mesmo tempo nalgunhas zonas do casco urbán a construcción esixía contar cunha regulación axeitada, como era a zona da Avenida Buenos Aires. Tamén en todo o casco se producía unha necesidade de regular determinados aspectos, como os temas dos voos, entreplantas, aproveitamento baixo cubertas, reaxustar e establecer alineacións e rasantes.

Sentíase fondamente a necesidade de incrementar o solo co destino á construcción de vivendas, incorporando ó mercado solo residencial que fixera posible elevar o número de vivendas no mercado. Nos últimos tempos a demanda de vivendas foi en aumento.

Pero o aspecto máis novidoso e trascendente a ter en conta co novo documento urbanístico, polo menos para o que escribe este artigo, é a concepción colectiva do urbanismo que se empeza a ter en conta e que vai calando na conciencia dos veciños co novo PXOM, sen dúbida en grande parte imposta por imperativo legal.

A nova lexislación urbanística esixe que se delimiten determinados espacios que polas súas características aínda non están incorporados ó proceso urbanístico, por non ter os servicios esenciais os terreos e a zona. Contémplanse agora 38 áreas

de reparto e catro polígonos. Co novo PXOM resulta indispensable que todos estes donos de fincas se poñan de acordo, en levar adiante unha regulación dos dereitos de cada un, é dicir, dos aproveitamentos urbanísticos. Ó mesmo tempo terán que presentar conxuntamente unha regulación do que lles corresponde a cada un deles nos beneficios e cargas, asumindo ou ben promovendo que a execución da urbanización desas zonas sexa levada adiante por eles mesmos (sistema de compensación) ou ben polo propio Concello (cooperación).

Estas novas ideas e directrices, parece que van adentrándose na mentalidade urbana, e fai que dende a súa aprobación á data de redacción deste traballo se estean a tramitar desenrolos de zonas como A-38, A-10, e da zona SUE-1, ou zona do Regueiriño, que é a estensión maior, dende a circunvalación ata a rúa Ramón Aller, e á propia casa do Concello.

Nembargantes téntase, ó igual que sucede nos grandes Concellos, procurar que os donos de pequenas áreas ou zonas unidades de execución e unidades de actuación "na terminoloxía urbanística" busquen acordos, cos outros, ou cos promotores e constructores para que sendo un único propietario fagan inviable e innecesario a urbanización destas zonas polos sistemas de compensación e cooperación, que conleva largos e complicados trámites municipais, e así deste xeito, con un único propietario, con un proxecto de urbanización e outro de obras se acometa a edificación e se obteña xa o aproveitamento dun xeito máis rápido e sencillo.

Inclúe o PXOM unha estrada de circunvalación dende a via de comunicación con Agolada ata a estrada de Santiago-Ourense, previendo xa que o tráfico nun futuro non lonxe a circulación rodada evite pasar polas rúas Ponte e Areal.

O PXOM contén un Catálogo de bens histórico-artísticos, arqueolóxicos a protexer, sen dúbida unha das carencias máis sentidas e importantes ata a data, introducindo unha protección xurídica de gran trascendencia de cara ó futuro para estes bens. Regula con medios fotográficos e descriptivos os edificios, inmobles e terreos que teñen un marcado carácter histórico-artístico. No PXOM de 1.975 contíñase unha mención para que se elaborara un Inventario, que non chegou a facerse. A inquietude por protexer e presentar o patrimonio arqueolóxico e artístico da vila foi unha constante tamén nestes anos polos grupos políticos e sociais. En sesión do Pleno de outubro de 1.988 acordouse promover a elaboración dunha Carta Arqueolóxica de Lalín, que recollera todos estes bens que merecera a pena protexer. Non se fixo. O Concello optou por seguir as recomendacións e aproveitou os traballos que a Xunta de Galicia fixo en toda a Comunidade Autónoma na protección destes bens, tramitando as autorizacións daqueles edificios ou inmobles que ou ben estaban incluídos nos catálogos da Xunta ou ben a pesar de non constar reunían algún interese histórico-artístico.

Coas novas determinacións, Lalín contará con varios milleiros de vivendas máis das que actualmente ten, porque tráese ó mercado e posibilita que unha gran parte do casco poida ser edificado. Increméntase polo tanto o solo residencial dun

xeito considerable. Este feito sen dúbida contribuirá a cambiar o rostro de Lalín, e redundará nunha mellora na calidade de vida dos veciños.

Por último o PXOM ven a dotar a Lalín dun instrumento importante: a documentación gráfica. O Plan conta con documentos e planos gráficos a escala 1:1.000 do casco urbano, e a escala 1:5.000 de todo o término municipal. Sen dúbida este feito pode pasar desapercibido, pero reviste unha grande trascendencia práctica. Nunca antes, houbo unha cartografía desa escala en Lalín. Antes do mesmo, empregábase a do PXOM do 1.975 e da Xunta de Galicia, escala 1:10.000. Lalín conta hoxe cunha planimetría dos máis de trescentos núcleos de poboación, de innegable utilidade en moitas áreas e que resolverá moitos problemas e de todo o término municipal, incluido o rural.

Por todo o anterior é polo que o PXOM supón un inmenso avance para Lalín, sentando as bases do seu desenvolvemento económico.

Lalín a día 13 de decembro de 1.999.

Asdo. *César López Arribas. Secretario Xeral do Concello de Lalín.*

OS TORRENTES DO ULLA

Luis Couto

"Ao pe da serra do Corno do Boi, preto do lugar de Sacel, nace de homilde orixe o río Pambre, o cual rodeiando o Castro das Seixas, centro das fechurías de Vasco Gómez corre de Nordés a Sudoeste regando pola dreita as parroquias de Moredo, Felpós, Carballal, Cuíña, Viña ou Ambreixo, Mato, Remonde e San Breixo, e pola ezquerda as de Morlán, Ulloa, Maceda, Laia, Quindimil, Meixide, Camiño, Curbían e Pambre, astra que despois dunha carreira dunhas catro légoas, pouco máis abaixo da ponte de Mácora vese atallado polo Ulla que lle barre as súas augas."

"O Castelo de Pambre", Antonio López Ferreiro

Neste segundo número do **Anuario Descubrindo** querémosvos convidar a que coñezades os Torrentes do Ulla, un dos nosos espacios naturais máis atráctivos e singulares, que compartimos coas terras da Ulloa, e que se encontra seriamente ameazado polo proxecto de construcción de trece minihidráulicas na cunca media do Ulla.

Despois de vagar mainamente pola comarca da Ulloa sen a penas excavar o seu cauce, o río Ulla rompe bruscamente a súa pendente en Castro de Amarante, encaixándose entre as serras do Farelo e o Careón por un corredor duns tres quilómetros de lonxitude, coñecido como o **Canón do Ulla**, onde se forman unha serie de torrentes e rápidos de gran beleza: os **Torrentes do Ulla,** que delimitan a transición entre as cuncas alta e media deste río.

Durante o ano pasado o anuncio da existencia dun proxecto de construir trece minihidráulicas no río Ulla, puxo en alerta á poboación dos concellos ribeireños afectados: dende Palas de Rei e Antas de Ulla ata A Estrada, convocando diversas marchas de protesta, celebradas en Pambre, Ramil e A Estrada, para manifestaren a súa rotunda oposición a este proxecto que conlevaría a destrucción de espacios naturais de gran valor ecolóxico e paisaxístico.

O estudio do impacto medioambiental realizado por profesores das universidades de Santiago, Vigo, A Coruña, Tras-os-Montes, Alto Douro e Fernando Pessoa de Porto, evidencia as nefastas consecuencias sociais e medioambientais que ocasionarían estas minicentrais. Ademáis dos efectos sobre a flora, fauna e calidade das augas, no campo agro-gandeiro apuntan a desvalorización económica de productos como o queixo, leite, carne e hortícolas. Socialmente tamén tería unhas consecuencias moi negativas, e poboacións como Frádegas ou Sambreixo difícilmente poderían permanecer nos seus lugares. No informe sinalan de igual maneira a incidencia especialmente negativa para as actividades de ocio e turismo da comarca ó diminuir drásticamente o atractivo paisaxístico destes lugares, afectando principalmente ás casas de turismo rural e á práctica de actividades deportivas como rafting, piragüísmo, canoas ou a pesca, para as cales esta zona ofrece unhas condicións privilexiadas.

Tendo en conta a recente inclusíon do sistema fluvial Ulla-Deza no Rexistro de espacios naturais de Galicia e a súa proposta para entrar na Rede Natura 2000, non se entende moi ben por que paraxes naturais como os Torrentes do Ulla ou o Desfiladeiro do Pambre, entre outros, -que forman parte deste sistema fluvial-, quedan excluídos da protección medioambiental que proporcionan estas figuras legais, cando atesouran, como veremos, valores paisaxísticos e naturais máis que suficientes para que así se faga.


O itinerario que propoñemos discorre pola beira dereita do Ulla dende a devesa de Mácara, en fronte do lugar do Batán, ata o **Balneario de Fradegas,** pechado ó público dende os anos 60.

En xeral, os tres km de distancia que suma este percorrido non ofrecen gran dificultade, aínda que hai algúns tramos nos que o estreito sendeiro que seguimos a par do río desaparece, e temos que continuar ascendendo un chisco pola ladeira e buscando o camiño entre as penas e o mato.

Dende os primeiros pasos empezaremos a disfrutar dunha paisaxe cativadora, non só pola beleza das torrentes que iremos descubrindo sucesivamente, senon pola










Os Torrentes do Ulla cautívannos pola sua beleza.



O Ulla encaixónase entre as serras do Farelo e Careón formando o Cañon do Ulla.

exuberante vexetación que rodea este tramo do Ulla. Dominada por bosques de galería onde abundan os **ameneiros**, **salgueiros**, **bidueiros**, e **freixos**, acompañados por **carballos**, **castiñeiros** e **érbedos**. No estrato arbustivo pódense ver **pereira brava**, **estripeiro**, **sanguiño**, **herba salgueira**, **loureiro**, **uces** e **xestas**. Tamén as herbáceas están ben representadas por espècies como a **xilbardeira**, a **violeta, arreito**, **hedras**, e **fentos** como o **dentabrú**.

A fauna deste tramo do río Ulla é particularmente rica e variada; nas ribeiras son comúns os anfibios como a **rá común**, a **estroza** ou ranilla, o **sapo común**, o **sapiño comadrón**, a **píntega**, os **limpafontes**, etc. A parte arborada é asento de numerosas aves entre as que se encontran o **reiseñor**, o **martiño peixeiro**, as **lavandeiras,** o **merlo** e outras paseriformes. Entre os mamíferos destaca a **lontra**, que ten nestas paraxes un hábitat idóneo. Algúns autores inclúen outro mamífero: o **desmán,** un endemismo ibérico moi pouco coñecido en Galicia. O peixe máis abundante nestes ríos é seguramente a **troita**, sobre todo especies introducidas, seguida da **boga** ou escalo. O **salmón,** tan abundante no pasado, continua a súa regresión, iniciada trala construcción do encoro de Portodemouros no ano 1968. Algo parecido aconteceu coa **anguía,** pescada frecuentemente hai 30 anos, e que foi desaparecendo ó non poder completar o seu ciclo



Balneario de Fradegas, pedrado dende os anos 60.

vital. Tamén hai que salientar a presencia histórica de **lamprea**, que segundo algúns testemuños pescábase con nasas a comezos de século. Mención especial require a presencia dun molusco bivalvo coñecido popularmente como **mexillón de río,** tamén atopado no río Arnego, en Carmoega, e que posiblemente se corresponda coa especie *Margaritifera margaritifera,* de valvas simétricas e cor escura moi semellante a do mexillón cultivado nas nosas rías, moi escasa e considerada en perigo de extinción por autores como Emilio Rolán e Jorge Otero-Schmitt, o que reforza aínda máis os nosos argumentos para a protección deste espacio natural.

ACCESOS

O punto de comezo deste itinerario é a ponte de Mácara, perto de Ramil. Para chegar ata aquí podemos ir pola estrada C-540 de Lalín a Betanzos desviándonos á dereita en Berredo cara Ramil, ou ben máis abaixo, na Ponte Arcediago, collendo a pista que vai a Galegos e Basadre e que remata en Ramil. Unha vez neste lugar cruzamos a ponte sobre o Ulla e viramos a dereita cara ó lugar de Batán, perto



En fronte do Batán únense o Ulla e o Pambre.

do cal acadamos un cruce e viramos outra vez á dereita cruzando axiña unha ponte sobre o río Pambre, na que principiaremos a nosa andaina deixando a pista que sobe ata o cercano **Castelo de Pambre** (a 1'8 km).

ITINERARIO

Dende a ponte de Mácara iniciamos a marcha e ós poucos metros desviámonos por un camiño de terra á dereita, ,con dirección sudoeste, que nos leva cara a devesa de Mácara. 300 m despois acadamos unha bifurcación no medio desta carballeira e tomamos o ramal da esquerda. Seguindo por este camiño e deixando sempre á dereita a canle de auga, irémonos internando nun fermoso bosque de ribeira a medida que nos achegamos ó río Ulla.

O sendeiro, utilizado habitualmente por pescadores, discorre mesmo a carón da auga e non presenta gran dificultade ata o segundo dos torrentes. Despois a marcha faise máis complicada, o sendeiro ás veces desaparece, e hai que ir a modo buscando o camiño entre as penas e o mato con coidado de non esvararmos, -para o



O Castelo de Pambre



Unha visita obrigada para os que se acheguen a estas paraxes é o castelo de Pambre. Situado nun outeiro rochoso sobre o río Pambre, esta fortaleza dos Ulloa é unha das máis notorias e mellor conservadas de Galicia, quizais por ser a única que non derrubaron os Irmandiños. Do conxunto, construído no século XV, destaca a Torre da Homenaxe, resgardada por catro torreóns menores en cada unha das esquinas do edificio, de planta rectangular. Dentro de recinto amurallado áchase a ***igrexa románica de San Pedro de Pambre****, antigo templo desta parroquia actualmente agregada á de Santiago de Cabana.*

Exteriormente pode verse o escudo dos Ulloa, sobre o portalón de acceso, e nos muros varias inscricións dos canteiros que traballaron na súa construcción.


O entorno que arrodea este monumento é abraiante e constitúe un patrimonio natural que entre todos debemos preservar, pois está tamén ameazado pola construcción doutra das trece minicentrais proxectadas no Ulla, que iría situada precisamente á altura do castelo.

cal non está de máis facerse cunha vara longa-, volvendo sempre que sexa posible á beira do río para coller outra vez o sendeiro.


Unha vez superadas os torrentes pasaremos unha zona de prados e lameiros, e pouco despois, cando levemos uns 2´5 km de percorrido, teremos que salvar os restos dunha presa construída a comezos de seculo pola familia Ouro para producir electricidade; prácticamente no mesmo sitio onde está proxectada a construcción dunha tosta de 15 m de altura para encorar a auga da nova minihidráulica, por tanto de dimensións moi superiores a esta que vemos, e cun impacto visual e ecolóxico que non ten nada que ver co da antiga presa.

Superada a presa só nos restan uns 600 m de camiño xa máis doado ata o **balneario de Frádegas**.

No interior do edificio en ruínas aínda abrollan - a uns 18 ºC - as súas augas bicarbonatado-sódicas, fluoradas e sulfuradas da **fonte de Frádegas**; que malia o seu leve cheiro a podre bébense para combater



*A **igrexa de San Martiño de Ramil** é de modestas dimensións ainda que de gran antigüidade, conservando algúns elementos románicos como os canzorros de sinxela ornamentación, entre os que destaca un que representa unha cara esculpida. Segundo Hipolito de Sá no exterior da igrexa debeu existir unha pequena **capela prerrománica**, que el atopou en ruínas, e que despois das reformas efectuadas no cemiterio pasou a incrementar a longa lista de monumentos desaparecidos na nosa terra.*



Marcha contra os Torrentes. Ao fondo o Monte Queimado, vértice setentrional da serra do Farelo.

enfermidades do aparello dixestivo, fígado, reuma e pel, como explican Tomás Ares e Mª Xesús Vila na Guía de Balnearios de Galicia.

A volta pódese facer polo mesmo camiño da ida. Ou ben, os que prefiran volver por outra rota teñen a opción de continuaren pola pista que remata no balneario ata Frádegas, e dende este lugar coller unha pista á dereita que discorre perto da parte superior do canón do Ulla, e que vai directamente a Ramil, pasando ó pé da súa **igrexa románica,** o que suma un total de 11 km, contando os tres xa cubertos. Neste traxecto cara a Ramil poderemos coller un camiño á dereita que nos leva ata a unha paraxe dende a cal contémplase o canón do Ulla dende o alto.

FICHA TÉCNICA

Pto de comezo.

Ponte de Mácara, Ramil, (Palas de Rei-Agolada).

Distancia: 3 km (ida)

11 km voltando por Frádegas e Ramil

Duración: 1.30 horas (ida)

3.30 horas voltando por Frádegas e Ramil

Desnivel máximo: 50 m.

Dificultade: media-baixa


Epoca do ano: calquera

Material necesario:

botas de media montaña preferiblemente impermeabilizadas ou hidrófugas.

LENDA DO ESQUEMA CARTOGRÁFICO

	Itinerario principal.
	Itinerario opcional (Volta por Frádegas e Ramil).
	Pazo en casa solarega.
	Punto panorámico.
	Igrexa, parroquia.
	Castro, emprazamento arqueolóxico.
	Estrada.
	Rego, río.
	Ponte.
	Límite provincial.


PROV A CORUÑA
PROV. LUGO
RIO SECO
RIO PAMBRE
RIO ULLA
Remonde
Castro de Remonde
Sambreixo
Castelo de Pambre
Pambre
Reposteria
Barazón
Mámoa
Batán
Pidre
548
Ponte Arcediago
Galegos
Casa de Mendoza
Basadre
Ramil
Igrexa de Ramil
Cabana
N 540
Outeiro Casa de Ferraduras
Rego de Eidián
Basadroa
Pozo de Eidián
Eidián
Monte Queimado
Balneario de Fráiegas
Fráiegas
Serra do Farelo
Berredo
Pazo de Santa Mariña
Santa Mariña
Castro de Auapante
Ponte Merced
Prov. Pontevedra
Prov Lugo

BANDA "LA UNIÓN DE BERMÉS" (1931-73)


J. Ángel López Gutiérrez

INTRODUCCIÓN

Fai xa uns anos, a parroquia de Bermés, presumía, o igual que moitas outras da comarca, de ter unha banda de música. Unha banda que o longo da súa existencia foi respectada e admirada polo seu bo facer musical. Pero ó igual que ocorreu con moitas outras bandas da comarca, a nosa Banda "La Unión" de Bermés desapareceu alá polo ano 1973.

A Asociación Veciñal e Cultural Matemático Rodríguez de Bermés, empezou a xuntar moitos dos músicos da banda para tocar no Magosto Popular que se celebra no mes de Novembro, algo que se ven facendo desde hai catro anos, acudindo todos eles a esta cita anual.

Cando se xuntan, empezan a falar con verdadeiro entusiamo das vivencias daquela época, xurden anécdotas constantemente, e ó velos, un pensa que realmente aquela debeu de ser unha boa experiencia nas súas vidas. Pero tamén xurde a reflexion, de que, cando estes músicos desaparezan, eses recordos desaparezan con eles, co cal a Banda de Música "La Unión" de Bermés desaparecerá definitivamente.



LA UNION

BANDA DE MUSICA

Teléfono 302 de Lalín BERMES

Lalín Pontevedra (España)

Foi así como pensei que se debían de recoller parte destas vivencias para que nun futuro a Banda "La Unión" de Bermés permañecese.

FARO DE VIGO
Martes, 16 de noviembre de 1999

DEZA/TABEIRÓS ▪ 9

Bermés celebra un magosto con sesenta kilos de pulpo y más de trescientos de castañas

I.S. • LALIN

Los vecinos de la parroquia de Bermés celebraron el pasado sábado su tradicional magosto popular.

La nota más emotiva y entrañable la pusieron los músicos de la antigua Banda de Música de Bermés, que fue una de las más afamadas de la comarca. Esta banda se deshizo hace ya 24 años y 14 de sus miembros se vuelven a reunir dada año en una única actuación para esta fecha "señalada" del magosto, para recordar los viejos tiempos y poner música de pasodoble a los bailes.



BERNABÉ/TOMADA DE TV

Miembros de la antigua Banda de Bermés durante el magosto.

Músicos da Antigua Banda de Bermes, tocando no Magosto do ano 99.

AS ETAPAS POLAS QUE PASOU A BANDA

No ano 1931, o Trombón 1ª da Banda Municipal de Santiago, Manuel Moure (parente da familia de Daniel da Lamela de Bermés), xunta seis músicos da parroquia que tocaban noutras bandas da zona (sobre todo na de Mato) e funda a Banda de Bermés.

Eses primeiros membros da banda foron:

- José García (O Quián que tocaba o trombón.
- Manuel Mosquera (O Habanero) tocaba o baixo.
- Higinio Sánchez , tocaba o bombardino.

- Germán Peón, tocaba o baixo.
- José Iglesias Castro, tocaba a trompeta.
- Blanco de Méixome, tocaba o clarinete.

A partir de ahí D. Manuel Moure comenza a formar músicos novos cos que ir ampliando a banda, e vanse dando tamén novas incorporacións doutros músicos que xa tocaban noutras bandas, ensaiaban nun primeiro momento na palleira da casa de Daniel da Lamela e despois na casa vella de Brea do Regado.

Así intégranse na banda:

- José de Lucías.
- José de Losón.
- Manuel de Roque.
- Pepe e Jaime de Fondevila.
- Aurelio Sánchez.
- Manuel Sánchez.
- José Sánchez.
- Hortensio Castiñeiro.
- Manuel López.

Antes do comenzo da Guerra Civil a banda chegou a contar con trinta músicos.



Foto Banda de Gregorio na que tocaban antes de integrarse na de Bermés Manuel López e O Roque.

Son estos primeiros anos, uns anos nos que pouco a pouco a banda vai medrando e adquirindo certa relevancia na zona ata o punto en que nos tempos do Alcalde Ferreiro, era chamada para tocar en case tódolos actos oficiais do concello, sendo a primeira banda da comarca en dispoñer dun vistoso uniforme de caqui, lucindo na gorrra as cores da bandeira republicana, polo que se lle conocía con sobrenome da "Banda Republicana".

Coa chegada da guerra civil, son chamados a filas a maioría dos compoñentes da banda, só se libran dela os máis vellos (O Quián, O Habanero...), alguns deses membros xa non volta nunca máis. Morren no frente, o trompeta (José Iglesias Castro), os clarinetes (Aurelio Sánchez e Blanco de Méixome), e o trombón (Manuel Sánchez).

Unha vez rematada a contenda, trátase de voltar á normalidade reorganizando a banda, pero a escaseza de efectivos fai que se xunten os de Bermés e os de Mato, creando a Banda de Mato, sendo dirixida nun principio por D. Manuel Moure, anterior director da Banda de Bermés.

Manuel Moure, ten que renunciar á dirección da banda o non lle permitir o desplazamento a Municipal de Santiago. Antes de marchar, propuxo, que fora o trompeta Jose Fernández de Bermés quen pasara a dirixir a banda, xa que tiña unhas grandes cualidades musicais.



Banda de Mato en 1945 en Silleda con José Fernández como Director.

No ano 51, vaise a producir a separacion dos músicos de Bermés da Banda de Mato, para volver a crear a Banda de Bermés, separación que se fixo, fundamentalmente debido a que a gran maioría dos músicos eran de Bermés e polo tanto víñalles millor ensaiar en Bermés, e no ter que se desplazar a Val.

Ó frente desta nova etapa vai estar José Fernández como director, e a súa aportacion vai ser decisiva no desenvolvemento da banda.



A Banda no Carmen da Xesta con Jose Fernandez como Director.

José empeza a poñer clases a rapaces novos nunha casa vella situada o lado da súa, creando unha escola da que saíron a maioría dos futuros membros da banda. É así, como a banda pasa a ser bastante numerosa e con unha calidade recoñecida que é refrendada por multitude de actuacións.

José dirixe a banda con mestría ata o ano 1959, en que emigra a Suíza.

Ó deixar José a banda, empeza una etapa caracterizada pola presencia de directores foráneos ó frente da banda. (Don Severiano, Manolito, D. Marcial, Fiuza, O grande, Pedreira, e Pereiro)

Durante moitos anos a banda sigue o seu transcurrir sen moitas dificultades, gracias a fornada de músicos novos que saíran da escola de José, e que despois seguiron os músicos máis veteranos da banda.

É esta, unha etapa na que as actuacións son moi numerosas, tanto dentro coma fora da comarca, adquirindo a banda un gran recoñecemento sobre todo na



A Banda de Bermés con D. Secundino Pedreira como Director.

zona das Rías Baixas, con moitoas actuacións pola zona de Vigo e Tui, así como algunhas saídas a Portugal.

Pero a xente nova ten que buscar outros medios de vida , xa que a música non da para vivir, así moitos deles emigran, outros estudian, deixando a banda, co cal chega o momento en que é necesario recurir a músicos de fora.

Veñen para a banda entre outros:

- O caixa e saxofón da Banda das Cruces.
- O baixo e o clarinete da Banda da Xesta.
- O trompeta da Banda de Palio.
- Clarinete da Banda de Goiás.
- Saxofón, e Bombeiro da Banda de Prado.

A estes músicos ténselle que pagar o desplazamento tanto para as actuacións como para os ensaios, supoñendo isto unha gran carga para a banda.

Mantense durante uns anos, pero pouco a pouco empezan a xurdir as diferencias que van levar a banda á súa desaparición. Este triste momento ocorre no ano 1973.

Durante varios anos as comisións de festa seguíronse acordando da Banda "La Unión" de Bermés, xa que se seguían recibindo ofertas para actuacións.



A Banda de Bermés con D. Angel Pereiro como Director.

Varios dos membros da banda seguiron tocando noutras bandas da comarca (Muimenta, Merza, Vilatuxe, despois Lalín), e aínda se xuntaron pola festa do 15 en Bermés do ano 1975 para tocar á saída da misa, pero a banda nunca máis se volveu a reorganizar.



Alguns ex-músicos o ano en que se xuntaron para tocar o día da Festa en Bermes (15 de Agosto de 1975).

OS DIRECTORES DA BANDA

■ **D. Manuel Moure,** era parente da familia de Daniel do lugar da Lamela-Bermés, era o trombon 1º da Banda Municipal de Santiago, foi a fundador da Banda de Bermés e o seu Director desde 1931 a 1936. Tamén exerceu por un curto período de tempo como director de Banda de Mato, pero tivo que deixala, xa que a Banda Municipal de Santiago no llo permitía.

■ **José Fernández,** natural de Bermés, músico autodidacta, dotado dunhas grandes cualidades musicais, sustitúe a D. Manuel Moure ó frente da Banda de Mato en 1941, permañecendo neste cargo ata o ano 1950, no que o separarse os músicos de Bermés da Banda de Mato, pasa a dirixir a Banda de Bermés.

Ó frente desta permanece desde o 1950 o 1959, deixando a dirección o marchar emigrado a Suiza.

O labor de José o frente da banda foi extraordinario, xa que levou a cabo unha gran tarefa docente, ensinando a moitos rapaces novos, que con paso do tempo déronlle á banda un gran nivel musical ademáis dunha profunda renovación xeneracional.

Ás súas extraordinarias dotes musicais (tocaba o clarinte, o saxofón, a trompeta...) únelle tamén unhas grandes cualidades para o ensino, sendo capaz de transmitirlle os seus alumnos o seu sentimento pola música.



José Fernández coa Banda de Mato.

Da escuela de José, saíron moitos e moi bos músicos:

- Pepe e Manolo, os caixas.
- Pedro, saíu en seis meses tocando o baixo.
- Lulo e O regufe, Bombardinos.
- Ito, Licho, Pepe de Alfredo, Tucho, Pepe do Barrio, Suso de Eleuterio clarinetes.
- Jose Garcia, Flauta.
- Zalo, o Barítono.
- Nando e Pepe do Toco, Flixcornos.
- Manolo de Varela, Luis de Aurelio, Trompetas.
- Plácido, o Bombo.
- Agustín, Orencio e Pablo, Saxofóns altos.
- Buxán, Magín e Jesús de Jovita, Trombóns.

José poñialles clase dous días á semana de instrumento, e os músicos máis veteranos (Amado, Xe, O Requinto) turnábanse pola semana para ensinarlles solfeo, además asistían ós ensaios da Banda durante a fin de semana.

- **D. Severiano López**. Clarinete da Banda Municipal de Santiago, estivo ó frente da Banda moi pouco tempo (dous-tres meses), xa que un día no ensaio



D. Mauel López (Manolito) o frente da Banda de Bermés.

topouse mal,os músicos levárono a Santiago, morrendo a día seguinte. A pesar do seu fugaz paso deixou un grato recordo.

M. Moure, ex Director da Banda, residía en Santiago, era quen poñía en contacto os encargados da banda, cos distintos directores que esta tivo de Santiago, así para sustituir a D. Severiano, contacta con D. Manuel López de Uzal (Manolito).


■ **D. Manuel López** (Manolito). Saxofón alto da Banda Municipal de Santiago, estivo ó frente da banda tan só un ano (1960), xa que os encargados desta, consideraron que non reunía as condicións necesarias para a dirección.

■ **D. Marcial Sanjurjo.** Subdirector xubilado de Banda Militar de Santiago, dirixiu a banda os anos 1961-62. Tamén é proposto por D. M. Moure.

Deixou un grato recodo do seu paso ó frente da Banda, tanto polas súas cualidades musicais como humanas. Deixou a Dirección da Banda ó irse a vivir a Chantada.

■ **D. Jose Fiuza.** Subdirector xubilado da Banda Municipal de Santiago, dirixiu a banda durante os anos 1963-64.

O seu paso pola banda non foi moi afortunado tendo que deixar a dirección desta por desacordo con alguns dos membros da banda.



A Banda de Bermés con D. Jose Fiuza o frente.

■ **D. Manuel Sánchez (O grande de Chantada).** Dirixiu a banda durante os anos 1964-66-67. Natural de A Barrela, tocara o Flixcorno, en Cuba onde estivera emigrado.

Non tiña experiencia na dirección de Bandas, sen embargo a sua labor o frente de banda deixou moi bo recordo.

■ **D. Secundino Pedreira .**Tocara o saxofón tenor na Banda Nova Ribeira de A Estrada, despois dirixiu Banda das Cruces, e máis tarde a Banda de Cira. Ó deixar esta pasa a dirixir a banda de Bermés durante os anos 1968-69-70-71 e 72.

O seu labor ó frente da banda non foi moi destacable, sen embargo era moi hábil á hora de contratar as festas, e tamén facía arreglos musicais para a banda.

Ó deixar a Banda de Bermés pasa a dirixir durante varios anos a Banda de Muimenta.



D. Manuel Sánchez (O grande). Director de Banda de Bermés de 1965 a 1967.



A Banda de Bermés con D. Secundino Pedreira o frente.

■ **D. Angel Pereiro.** Subdirector xubilado da Banda Militar de A Coruña. Dirixiu a Banda no ano 1973 , ano no que a Banda desaparece.

Destacaba na direccion de grandes obras, sen embargo descoidaba o apartado dos bailables, algo que era moi necesario para o desenrolo das verbanas na época.




D. Angel Pereiro dirixindo a Banda nun pasarúas en Carragoso.

Jose Fernández no tempo que estivo o frente da banda nunca percibeu soldo algún por exerce-la dirección, cobraba a festa igual que calquera outro músico, e despois cando se encargou do trasporte cobraba polo uso do camión.

Ó chegar á dirección directores traídos de Santiago, xa cobraban un soldo e as festas igual que os músicos, además de comida e durmida si era o caso.

Nos anos 71 e 72 D. Secundino Pedreira tal como se observa no documento percibia un solo mensual de 4.000 e 5.000 ptas.


Recibí 5.000 pesetas
Mensualidad del mes de Agosto
31/8/71 El Director
Secundino Pedreira

Recibí 5.000 pesetas
Mensualidad del mes de Septiembre
30/9/71 El Director
Secundino Pedreira

Recibí 5.000 pesetas
Mensualidad del Mes de Octubre
31/10/71 El Director
Secundino Pedreira

Recibí 4.000 pesetas
Mensualidad del Mes de Noviembre
30/11/71 El Director
Secundino Pedreira

Recibí 4.000 pesetas
Mensualidad del Mes de Diciembre
31/12/71 El Director
Secundino Pedreira

Anotación na libreta de Contabilidade dos recibos mensuais do Director de Banda no ano 72.

OS COMPOÑENTES

Na primeira etapa de Banda (1925-1936) ó igual que en etapa posteriores, foron sempre maioritariamente da parroquia, inda que tamén había alguns de parroquias limítrofes.

Desta primeira etapa formaban parte da banda:

- José García (O Quián).
- Manuel Mosquera (O Habanero).
- German Peón.
- Aurelio e Manuel Sánchez.
- Higinio Sánchez.
- José Iglesias Castro.
- Blanco de Méixome .
- Jaime e José Fondevila.
- Manuel de Roque.
- José de Lucias.

No momento en que se forma a Banda de Mato despois da guerra, a maioría dos seus compoñentes seguen sendo de Bermés, tamén os hai de Cercio, Palmou, Palio…

Naturais de Bermés que tocaron na Banda de Mato, además de José que exercía como Director eran:

- O Requinto.
- Higinio Sánchez.
- Amado e Alfonso López.
- Manuel e Alfonso de Roque.
- Benito de Mosqueira.
- Hortensio Castiñeiro.
- Eulogio de Agustín.
- José do Campo.
- Jorge de Bautista.
- Xe e Salustiano.
- Germán Peón.

Ó producirse a separación da Banda de Mato e formarse de novo a de Bermés, además dos músicos da parroquia abandonan a Banda de Mato para integrarse na de Bermés, Jose María, o Silvo, Manolo o Platillero de Palmou, José García, Manolo o Bombeiro, Narciso, Segundo "O caixa", co cal tódolos seus veciños de Val se incomodaron por deixar a Banda de Mato e irse para a de Bermés.

Tamén se integran na Banda, Pepe e Jaime de Salustiano, naturais de Bermes que tocaban na Banda de Goiás. Desta misma banda ven Higinio "o Caval".

Cando desaparece a banda de Mato, moitos dos seus músicos, intégranse na de Bermés, (Eriberto, Toimil, Mario Duro, O Rubio, Pablo...)

A partir dos anos 60, e gracias ó labor de José na formación de novos músicos a Banda vaise nutrindo destes, chegando un momento no que a maioría dos músicos son da parroquia, inda que se segue incorporando algún que outro membro de parroquias limítrofes que tocaban noutras bandas (Pancho, o Tren, da banda de Prado, Cesáreo da Banda de Brántega...).

Sen embargo esta situación vaise a rachar con abandono progresivo destes novos músicos que saíran da escola de José, ó irse marchando para a emigracion, a estudiar ou traballar, con cal é necesario recurrir a músicos foráneos para cubrir estas baixas, así chegan músicos doutras parroquias mais alonxadas como A Xesta, Goiás, Sabrexo...

As edades dos músicos, soían ser moi diversas, conxugando frecuentemete algo de xuventude con veteranía. En certas etapas podemos ver que predomina a veteranía, sobre todo nos últimos anos da Banda o no sair músicos novos, e noutras, predomina a xuventude (anos 60) debido os froitos da escola iniciada por José.



Podese apreciar xuventude e veteranía.



A Banda en 1964, con presencia de moitos músicos novos.

Formaban parte da Banda no ano 1964:

Manolo o Caixa	Higinio	O Narciso
Pepe o Caixa	Suso de Jovita	José O Flauta
Lulo	Salustiano	Luís O Requinto
Pablo de Regufe	Xe	Suso de Eleuterio
Plácido	Pepe de Benedita	Amado
Arcadio	Pancho	Licho
Jose María	Agustín	Alfredo
Nando	Manolo o Platillero	Ito
Pedro	Germán	Pepe do Barrio
Alfonso	José de Primo	Pérez

Durante moitos anos Jose María e Higinio foron os músicos máis veteranos da Banda, o permañecer de forma inentirrumpida desde a formación da Banda de Mato a desaparición da banda de Bermés.


Dos mais novos, todos os que saíron da escola de José empezaron a tocar arredor dos trece e catorce anos, sendo quizais o máis novo en facelo Manolo, o Caixa de Carballude, con doce años.

Case tódolos músicos, eran labradores, tamen había algún xastre, zapateiro, albanel..., a música además de ser unha paixón, viña a ser, en aqueles difíciles anos un complemento para as súas economías.

Cobraban unha cantidad por cada festa que facían, cantidade que foi evolucionando con paso dos anos e se nos anos 50 cada músico cobraba por cada festa seis pesos a mantido e doce a seco, nos anos 60 xa recibían unhas trecentas, catrocentas pesetas e os últimos anos (1972-73) esa cantidad xa variaba entre as 8500 e as 600 pesetas.


Desta cantidade os músicos tiñan que descontar os gastos das comidas, inda que o normal era que a levaran da casa, sen embargo nos últimos anos, xa soían comer en casas de comidas nas que se encargaba a comida para todolos membros.

Outros gastos ós que tiñan que facer frente os músicos eran os do vestiarios e o do instrumental, xa que naqueles anos nos se recibían axudas de institucions para estos conceptos.


Puente Caldelas
Director
Rapaz
Manolo
Pepe
Pedro
Pepe
Juan
Primo
Xoe
Pedro
Pablo
Couteira
Fariñas
Pepe Vila
Emilio
Pedro
Pepe
Pepe
Pepe
Manolo
Ezequiel
Pepe
Pepe
Pepe

Un ou varios dos compoñentes da Banda exercían como encargados-administradores, xa que eles eran os encargados de buscar director, contratar festas, manteñemento do repertorio, e levar a administración económica da banda facendo os pagos ós músicos e directores, así como dos demais gastos da banda (local de ensaio, viaxes etc.).

Nos primeiros anos exerceu esta función José Fernández. Una vez que José deixa a banda pasa a exerce estas funcións Luis Fernández "O Requinto", prácticamente de maneira ininterrumpida ata o ano 1972.


Fondos 1.972

Xalín	1.500
Hollaves	458
Escuadra	526
Hay Vas	100
Berredo	420
Escuadra	394
Sedas de la	464
Calvos	3.490
Arnois	2.808
Florida	5.071
Salceda	3.890
Sesto	900
Orense	16.018
Escuadra	1.500
Rodiño	5.830
Lavadores	3.350
La dama	2.162
Cotavad	4.318
Forcelas	4.862
Bayona	2.000
Nigran	7.845
Celgueira	800
Vigo	850
Puente caldelas	2.192
Negreiros	850
Cebra	1.502
Ribeira	1.352
Sabadelle	1.026
Vea	4.040
Marcai	2.880
Villafeau	2.428
Calvos	2.438
Arnois	15.000
	102.490

Anotación na libreta de contabilidade da relación de fondos do ano 1972.

O REPERTORIO

As pezas que soia tocar a banda nas festas eran elexidas polo director, non podían faltar os clásicos pasodobles. Obras, e bailables para a verbena, era un aspecto que debía de coidarse moito sobre todo nos primeiros anos, nos que a coincidencia con outras bandas nas festas facia necesario ter un amplio repertorio para non repetir os temas da outra banda.

É importante reseñar os cambios ós que tiveron que irse adaptando as bandas, co transcurrir dos ano, xa que a estructura das festas foi evolucionando moito, e así se nun principio se daba un concerto polo mañá, e pola tarde se facía a verbena, a partir dos anos sesenta a verbena pasou a ser pola noite, e nela tiñan que competir coas orquestras, coa cal o repertorio además de ter que ser máis amplo debía de estar plenamente actualizado cos temas bailables do momento.

Unha característica importante da Banda de Bermés, era que todolos seus compoñentes cantaban moi ben, (cantaban a misa a tres voces) e incluso cantaban nas verbenas, sobre todo con José.

La Banda de Bermés, un ejemplo de fidelidad a las tradiciones de la tierra

★ ESTA DIRIGIDA POR EL MAESTRO DON SECUNDINO PEDREIRA

- Cinco paneles de 120x80 cms en los que se recogía la vida de D. Ramón, sus publicaciones, las estrellas dobles, las actividades del Observatorio R.M.Aller en la actualidad y otro relativo al libro objeto del acto, con el índice y la introducción que se hizo para el facsímil.

Estos paneles que yo mismo confeccioné están ahora depositados en la Casa-Museo de Aller Ulloa en Lalín y sus textos y fotos acompañan a este escrito.

Gracias a todos los que contribuyeron a este pequeño homenaje al humilde y querido sabio lalinense.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

D. RAMÓN MARÍA ALLER

Ramón María Aller Ulloa naceu no pazo de Filgueiroa (Lalín, Pontevedra) o 3 de febreiro de 1878, na casa solarega dos Ulloa. Estudia bacharelato no colexio dos Xesuitas de A Guarda, ingresando posteriormente no Seminario de Lugo, onde ós 20 anos de idade, antes de ser subdiácono, obtivo a licenciatura e o doutorado en Sagrada Teoloxía.

Ó terminar os seus estudios sacerdotais fixérase a promesa de non acceder a ningún cargo relixioso nin recibir polo seu ministerio sacerdotal ningunha clase de retribución. É entón cando decide desenrolar a súa segunda vocación e no curso 1899-1900 escomenza a estudiar por libre na Universidade de Oviedo o primeiro curso de Ciencias Exactas. Posteriormente sigue a carreira na Universidade de Madrid onde a conclúe en 1904.

D. Ramón dispoñía xa dende a súa época de seminarista dun anteollo de 67 mm. de abertura que lle regalara a súa avoa materna Dna. Camila Ulloa, instrumento co que empezou a practicar a súa afición astronómica. Anos máis tarde, a Srña. María Lajosa Sánchez, tamén de Lalín, obsequiou a D. Ramón cun magnífico teo-

dolito construido en Londres.

Con estes aparatos colocados na galería da súa casa comenza a realizar de xeito sistemático observacións astronómicas de calidade a pesar dos escasos medios dos que dispoñía, de sorte que no Anuario do Observatorio de Madrid correspondente a 1912 aparece recollido un traballo seu: **"Observaciones del cometa de Joannesburgo 1910a"**.



Ramón M.ª Aller traballando no observatorio Ocharan.

A partir de tal publicación pode dicirse que empeza a ser coñecido nos medios astronómicos españois.

Entre os anos 1911 e 1920 pasa longas temporadas estivais no Observatorio que D. Luis Ocharán construira en Castro Urdiales e foi gracias a esta experiencia cando concibe a idea de construír en Lalín un Observatorio Astronómico estable. E así foi. En 1917 no xardín da súa casa levantara o que soe denominarse o segundo Observatorio. Éste estaba formado por dúas casetas de madeira que resgardaban o teodolito, unha delas, e un anteollo a outra, ademáis de algúns instrumentos auxiliares e un cronómetro de marina.

Con esta nova instalación as súas observacións alcanzan unha admirable precisión, ó tempo que efectúa minuciosos estudios teóricos de instrumentos, aparecendo varias publicacións súas na **"Revista de la Sociedad Astronómica de España y América"**.

Resulta nembargantes curioso que o primeiro libro escrito por el non foi de Astronomía senón de Matemáticas. **"ALGORITMIA"** viu a luz en 1918 e foi patrocinado polo seu tío D. Saturnino Aller a quen dedica a obra. Precisamente ó falecer D. Saturnino queda D. Ramón cos seus bens en usufructo durante varios anos e co diñeiro que iso lle reportou decide potenciar os seus medios de observación facéndose cun refractor de 120 mm. de abertura e 1800 mm. de distancia focal.

Para albergar semellante instrumento era preciso modificar a estructura do seu Observatorio e construír unha cúpula. As obras dirixidas por el mesmo concluíron en 1924, recibindo o novo aparato ó ano seguinte.

Nada máis ser instalado o refractor, selecciona minuciosamente o programa científico a seguir, a discusión do cal se pode ver no artígo **"Programa del Observatorio de Lalín"** publicado en 1932 en "Arquivos do Seminario de Estudos Galegos".

Fundamentalmente o programa quedou establecido da seguinte maneira:1º Medidas de estrelas dobres, 2º Exame de superficies planetarias e 3º Observacións ocasionais, onde se poden incluír ocultacións, posicións de cometas, estrelas fugaces, etc.

As medidas micrométricas de estrelas dobres visuais coménzaas a publicar en 1930 na revista xermana **ASTRONOMISCHE NACHRICHTEN** que daquela era a principal revista astronómica europea. Anos máis tarde tamén nesta mesma publicación da a coñecer a órbita da estrela dobre 0S77 á que seguiron outras máis. Por todo isto pode decirse que foi o introductor do estudio das estrelas dobres en España, tema no que chegou a crear unha importante escola posteriormente en Santiago.

Ata o ano 1939, D. Ramón deu a coñecer nada menos que 43 traballos en revistas tanto españolas como estranxeiras además do libro **ALGORITMIA**, escribindo tamén un excepcional texto manuscrito sobre Astronomía no que viña traballando dende a súa xuventude. A isto hai que amecer o estudio e deseño de aparatos científicos que chegaron a interesar a constructores alemáns. Todo isto fixo que o Observatorio de Lalín tivese un recoñecemento internacional a pesar da súa modestia e do seu plantel unipersoal.

Chamaba particularmente a atención o gran partido que D. Ramón lle sacaba ós seus instrumentos e a meticulosidade coa que facía os seus cálculos e observacións.

Pero además de isto facía moitas outras cousas, proxectaba planos de casas e igrexas e incluso daba clases ós xoves lalinenses, tanto de Xeografía como de Matemáticas, Latín, etc. e todo isto de forma gratuita.

Chegou incluso a facer de biógrafo ó térselle encargado un traballo sobre Rodríguez González "o matemático de Bermés".

Unha vez concluída a Guerra Civil española, a Universidade de Santiago dispoñía dun reducido claustro e alguén suxeriu ó entón rector D. Carlos Ruiz del Castillo que D. Ramón podería prestar un importante servicio, e, en efecto, convencéronno para que se trasladara a Compostela a impartir as materias de Análise Matemática e Xeometría Analítica na Facultade de Ciencias.


Inda que a idea de trasladar o Observatorio de Lalín a Santiago xa fora concebida antes de 1936 polos profesores D. Luis Iglesias e D. Isidro Parga, foi agora con D. Ramón en Santiago cando tomou máis corpo a idea, e , a non dubidalo, as xestións que realizou perante o Consello Superior de Investigacións Científicas (C.S.I.C.) o profesor D. Enrique Vidal Abascal, foron o detonante para que o Rectorado da Universidade dera o visto bo co patrocinio do propio C.S.I.C.

O Observatorio Astronómico da Universidade construíuse ó longo de 1943 e constaba de tan só un pequeno edificio coas cúpulas nas que se instalaron os instrumentos que viñeron de Lalín, se ben coa promesa de ir aumentando no futuro tanto a instalación como o material científico de observación.

Os primeiros anos en Santiago foron de especial actividade. O día 30 de xuño de 1943 le D. Ramón a súa Tese de Doutoramento na Universidade de Madrid. O tema era outro dos seus preferidos: "Algunas experiencias que conviene realizar en observaciones de pasos por verticales". Ese mesmo ano é nomeado Director do Observatorio Astronómico e tamén en 1943 aparece a primeira edición de **INTRODUCCIÓN A LA ASTRONOMÍA**, magnífico libro que recollía integramente en letra impresa o manuscrito antes mencionado.

Por outra banda, o instrumental do Observatorio viuse aumentado gracias á doación por parte do C.S.I.C. dun anteollo de pasos que fora solicitado por D. Ramón a fin de poder continuar as súas investigacións en astronomía de posición.

En anos sucesivos o Observatorio convertiuse nun centro de excelente ambiente académico en torno ó cal se agruparon estudiosos tanto de Astronomía como de Matemáticas. D. Ramón sentíase ledo de verse rodeado por unha xuventude entusiasta sobre todo se temos en conta os longos anos de soedade científica que pasou en Lalín. Así, en 1945 creouse dentro do Observatorio a Sección de Astronomía Teórica e Matemática "Durán Loriga", con membros como os profesores D. Enrique Vidal Abascal (primeiro Director) e D. Eduardo García-Rodeja Fernández. Esta sección pode dicirse que foi o xermen a partir do cal xurdiría anos máis tarde a Sección de Matemáticas da Facultade de Ciencias, hoxe Facultade de Matemáticas.



Astrógrafo diseñado por D. Ramón en 1933.

A pesar dos escasos medios de observación dispoñibles, case os mesmos que en Lalín, o traballo desenrolado era intenso e o Observatorio nos anos cuarenta e cincuenta encontrábase a pleno rendemento. Entre os feitos máis destacados acaecidos neste período de tempo cabe destacar os seguintes:

—Lectura da Tese de Doutoramento de D. Enrique Vidal Abascal

que co título **"El problema de la órbita aparente de las estrellas dobles visuales"** foi dirixida por D. Ramón e lida en Madrid en 1944.

—Construcción mediante deseño de D. Ramón dunha base especial para o anteollo de pasos a fin de poder realizar observacións de pasos polos verticais de azimut ± 45° , así como o deseño dun reloxio de tempo sidéreo.

—Inauguración da Serie "Publicaciones del Observatorio de Santiago" onde están recollidos moitos dos traballos realizados no Centro, sobre todo de medidas micrométricas de estrelas dobres visuais, ocultacións, observacións de pasos, así como outros traballos relativos a investigacións teóricas.

—Creación da Cátedra de Astronomía na Facultade de Ciencias en 1944, encargándose de ela D. Ramón ata 1949 no que foi nomeado Catedrático Extraordinario de Astronomía.

—Nomeamento de D. Ramón como membro da Comisión 26 (estrelas dobres) da Unión Astronómica Internacional (Zurich, 1948). Ó ano seguinte foi nomeado vocal da Comisión Nacional de Astronomía.

—Publicación en 1948 do libro **ASTRONOMÍA A SIMPLE VISTA**.

—Ampliación do Observatorio coa Sala Meridiana, edificio da biblioteca, despachos e vivenda do Conserxe.

—Incorporación de varios becarios e colaboradores entre os que se encontraron: D. José Pensado Iglesias (que logo foi Director do Observatorio de Madrid), D. Rafael Cid Palacios (Catedrático de Astronomía da Universidade de Zaragoza), D. Ángel Docobo Fernández (tío de D. José Ángel Docobo Durántez, actual Director do Observatorio), Dna. Antonia Ferrín Moreiras, D. Jesús Manuel Costa Seoane, D. Juan Antonio Zaera de Toledo, e un longo etcétera, sen esquecer ó seu fiel axudante e Conserxe D. Venancio Froiz Gómez.

—Tese de Doutoramento do profesor Cid Palacios co título: **"Contribución ó estudio de estrelas dobres visuais"** tamén dirixida por D. Ramón.

—Publicación da 2ª Edición de **INTRODUCCIÓN A LA ASTRONOMÍA** igualmente patrocinada polo C.S.I.C. (1957).

Entre 1960 e 1963, a pesar de contar con máis de oitenta anos, inda dirixe tres Teses máis: a de Múgica Buhigas, **"Über die Anwendung des Theodolits in der Geodätischen Astronomia"** (Munich, 1960), a de Zaera de Toledo **"Sobre la determinación de órbitas de estrellas dobles visuales. Examen de varios métodos. Aplicaciones."** (Zaragoza, 1962) e a de Ferrín Moreiras, **"Observaciones de pasos por dos verticales"** (Santiago, 1963), ó tempo que escomenza a recibir os primeiros homenaxes, os que, por certo, trataba sempre de evitar. O principal de eles foi sen dúbida o que lle tributaron os seus veciños de Lalín o 4 de setembro de 1960 co gallo de terlle sido concedida a Gran Cruz da Orden Civil de Alfonso X o Sabio.

Posteriormente rúas de Santiago, A Coruña, Vigo e Lalín levaron o seu nome.

Dúas foron as súas liñas de investigación preferidas: os métodos de determinación de coordenadas basados en observacións de pasos por dous verticais e as estre-

las dobres visuais, pero nos 53 anos que van dende a aparición do seu primeiro artigo ata o último, D. Ramón escribiu tamén de forma maestra sobre outros moitos temas tales como observacións de cometas, superficies planetarias, instrumentación, reloxería, auroras boreais, estrelas fugaces, eclipses, tránsitos, descripción dos seus observatorios, etc. Asimesmo entre 1947 e 1949 realizou crítica bibliográfica sobre tratados de Astronomía na "Revista de Geofísica" e, como xa se comentou anteriormente, a petición do Seminario de Estudos Galegos foi autor da primeira biografía do seu paisano Pedro Joseph Rodríguez González, excelente xeodesta do século pasado que chegou a ser Director do Observatorio de Madrid.


O teodolito era un dos seus instrumentos queridos.

No campo puramente matemático tivo tamén D. Ramón unha destacable contribución en artigos sobre a teoría parabólica dos erros, conxuntos e números finitos indefinidos e transfinitos, principios da teoría de conxuntos, etc.

A súa sensibilidade e finura didáctica quedaron inmortalizadas nos libros que nos deixou. En **"ALGORITMIA. Principios fundamentales de la Ciencia de los números"** recolle con nítida claridade os principais temas da Análise Matemática, dende a noción de número enteiro, ata as ecuacións diferenciais. **"INTRODUCCIÓN A LA ASTRONOMIA"** foi unha aportación trascendental. Tanto na súa primeira edición de 1943 como na segunda de 1957, fai unha detallada exposición das distintas partes desta rama da Ciencia a fin de dar de ela unha visión de conxunto. Ambas edicións, que inclúen numerosos conceptos teóricos, exemplos prácticos e debuxos orixinais, foron libros de texto e consulta nas Facultades de Ciencias durante anos. **"ASTRONOMÍA A SIMPLE VISTA"** é un interesante libro de divulgación dirixido fundamentalmente a aqueles que carecendo de medios están igualmente interesados en coñecer a fermosa ciencia dos astros. Trátase dunha obra moi documentada que cubríu un valeiro na época na que foi escrita. Este libro foi reproducido, agora no seu 50º aniversario, conxuntamente polo Concello de Lalín e a Universidade de Santiago de Compostela.

Entre 1931 e 1934 apareceron tamén na revista **LOGOS** diversos ensaios seus escritos en língua galega, os cales foron reeditados en 1989 pola Diputación Provincial de Pontevedra con prólogo de D. Xosé Filgueira Valverde.

Tendo caído enfermo en 1964, decide regresar a Lalín onde falece o 28 de marzo de 1966 ós 88 anos de idade.

Á súa morte dona ó Observatorio Astronómico da Universidade de Santiago os seus instrumentos así como a maioría dos seus fondos bibliográficos.

Este home que dedicou a súa longa vida á Ciencia e ó servicio ó próximo, non puido dispor dos medios de observación necesarios para ampliar as súas investigacións. En reiteradas veces solicitou o que nun principio se lle prometera, ou sexa, poder contar cun refractor de polo menos 30 cms. de abertura, instrumento que el consideraba o mínimo imprescindible. Nembargantes as súas peticións non chegaron a ser atendidas polos organismos oficiais.

A súa producción científica, tendo en conta os medios, a época e os lugares onde a desenrolou, foi excepcional: 78 publicacións entre artigos, notas e comentarios bibliográficos, 4 libros, 5 Teses de Doutoramento dirixidas, 4 estrelas dobres descubertas, autor de numerosos deseños de aparatos científicos e un sen fin de observacións, cálculos, notas e catálogos estelares que quedaron inéditos. Por todo isto é considerado como unha das principais autoridades astronómicas españolas.

Nembargantes, o seu mellor legado foi, sen dúbida, o non cuantificado, é dicir, a bondade, modestia, humildade, rigor científico e dedicación ós demáis, do que sempre fixo gala. Como ben dicía o profesor Vidal Abascal, a obra maestra de D. Ramón foi a súa vida.

José Ángel Docobo Durántez
Director do Observatorio Astronómico
Ramón María Aller
Universidade de Santiago de Compostela



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS DO DR. D. RAMÓN M.ª ALLER

1) LIBROS

—**ALGORITMIA. PRINCIPIOS FUNDAMENTALES DE LA CIENCIA DE LOS NÚMEROS**. Ed. Roel. Coruña, 1918.
—**INTRODUCCIÓN A LA ASTRONOMÍA**. Consejo Superior de Investigaciones Científicas (C.S.I.C.). Madrid, 1943.
—**ASTRONOMÍA A SIMPLE VISTA**. Editorial Porto. Santiago de Compostela, 1948.
—**INTRODUCCIÓN A LA ASTRONOMÍA**. (2ª edición). C.S.I.C. Madrid, 1957.
—**INTRODUCCIÓN A LA ASTRONOMÍA**. Edición facsímile do manuscrito orixinal. Universidade de Santiago de Compostela, 1985.
—**ALGORITMIA**. Edición facsímile do manuscrito orixinal no 75º aniversario da Primeira edición. Universidade de Santiago de Compostela, 1993.
—**ASTRONOMÍA A SIMPLE VISTA**. Edición facsímile da primeira edición no seu 50º aniversario. Concello de Lalín e Universidade de Santiago de Compostela, 1998.

2) ARTIGOS, NOTAS E COMENTARIOS BIBLIOGRÁFICOS



D. Ramón determinou as coordenadas de varios cometas con gran precisión.

—**Observaciones del cometa Joannesburgo 1910a**. Figuran como apéndice dun traballo de D. Antonio Vela. Anuario del Observatorio de Madrid para 1912.

—**Sobre las observaciones de pasos en el primer vertical**. Revista de la Sociedad Astronómica de España y América. Año III, Núm. 27. 1913.

—**Teoría parabólica de los errores**. Revista de la Sociedad Astronómica de España y América. Año IV, Núm. 32. 1914.

—**Sobre la determinación de la hora con pequeños instrumentos**. Revista de la Sociedad Astronómica de España y América. Año IV, Núm. 32. 1914.

—**Sobre la determinación de la latitud con pequeños instrumentos. Revista de la Sociedad Astronómica de España y América**. Año IV, Núm. 34. 1914.

—**Determinación de la posición aparente de un astro con el teodolito o con el sextante**. Revista de la Sociedad Astronómica de España y América. Año VIII, Núm. 62. 1918

—**Sobre el método estereoscópico del Sr. Comas Solá**. Revista de la Sociedad Astronómica de España y América. Año VIII, Núm. 62. 1918.

—**Un instrumento para el método estereoscópico del Sr. Comas Solá**. Revista de la Sociedad Astronómica de España y América. Año VIII, Núm. 64. 1919.

—**Conjuntos y números finitos indefinidos y transfinitos (I)**. Ibérica, Vol. 11, Núm. 269. 1919.

—**Conjuntos y números finitos indefinidos y transfinitos (II)**. Ibérica, Vol. 11, Núm. 270. 1919.

—**Hora y latitud en función de los pasos por el mismo vertical**. Revista de la Sociedad Astronómica de España y América. Año X, Núm. 70. 1920.


—**Sobre algunos principios de la teoría de conjuntos**. Revista Matemática Hispano-Americana. Tomo III, Núm. 5. 1921.

—**Sobre algunos principios de la teoría de conjuntos**. Revista Matemática Hispano-Americana. Tomo III, Núm. 6. 1921.

—**Sobre algunos principios de la teoría de conjuntos**. Revista Matemática Hispano-Americana. Tomo III, Núm. 7 y 8. 1921.

—**Resumen de las observaciones de Marte efectuadas en Lalín en 1926**. Revista de la Sociedad Astronómica de España y América. Año XVII, Núm. 111. 1927.
—**Notes sur la planéte Jupiter. L'Astronomie. Mars, 1929.**
—**Algunas notas sobre Júpiter. Revista de la Sociedad Astronómica de España y América**. Año XIX, Núm. 133. 1929.
—**El Observatorio Astronómico de Lalín y sus coordenadas geográficas**. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. Vol. III. 1929.
—**D. José Rodríguez González (O Matemático de Bermés)**. A biografía segue a traducción da súa única memoria sobre a figura da Terra escrita en inglés. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. Vol. III. 1929.
—**Beobachtungen des Kometen 1929b (Wilk)**. Astronomische Nachrichten. Band 237, Nr. 5685. 1930.
—**Doppelsternbeobachtungen**. Astronomische Nachrichten. Band 238, Nr. 5693. 1930.
—**Beobachtungen des Kometen 1930d (Beyer)**. Astronomische Nachrichten. Band 238, Nr. 5707. 1930.
—**Notes sur trois cométes**. L'Astronomie. Juin, 1930.
—**Sobre la observación de las estrellas dobles**. Revista de la Sociedad Astronómica de España y América. Año XXI, Núm. 151. 1931.
—**Programa del Observatorio de Lalín**. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. Vol. IV. 1932.
—**Constantes de un instrumento paraláctico**. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. Vol. IV. 1932.
—**Doppelsternbeobachtungen**. Astronomische Nachrichten. Band 245, Nr. 5869. 1932.
—**Beobachtungen des Kometen 1932k (Peltier-Whipple)**. Astronomische Nachrichten. Band 247, Nr. 5905. 1932.
—**Beobachtungen des Mondfinsternis 1932 Sep. 14**. Astronomische Nachrichten. Band 247, Nr. 5905. 1932.
—**El planeta 1932 HA**. Ibérica. Vol. 38. 1932.
—**Die Sternschnuppenfall von 9 Oktober 1933**. Astronomische Nachrichten. Band 250, Nr. 5986. 1933.
—**Sur la pluie d'étoiles filantes du 9 Octobre 1933**. L'Astronomie. Janvier, 1934.
—**Doppelsternbeobachtungen**. Astronomische Nachrichten. Band 251, Nr. 6018. 1934.
—**Determinación de órbitas en el caso de las estrellas fugaces**. Ibérica. Vol. 41. 1934.
—**Las Dracónidas de 9 de Octubre de 1933**. Las Ciencias.Año I.Núm.4. 1934.
—**Beobachtungen des Kometen 1935a (Johnson)**. Astronomische Nachrichten. Band 255, Nr. 6106. 1935.

—**Órbita de la estrella doble O S 77**. Astronomische Nachrichten. Band 255, Nr. 6133. 1935.
—**Nota sobre observaciones de las estrellas dobles**. Volúmen del Congreso de Santiago de la Asociación Española para el Progreso de las Ciencias. 1935.
—**Doppelsternbeobachtungen**. Astronomische Nachrichten. Band 259, Nr. 6201. 1936.
—**Nordlichts von 25 Januar 1938. Astronomische Nachrichten**. Band 265, Nr. 6345. 1938.
—**Note sur l'aurere boréale des 25-26 Janvier 1938**. L'Astronomie. Mars, 1938.
—**Observaciones del eclipse total de Luna de 7 y 8 de Nov. 1938**. Astronomische Nachrichten. Band 268, Nr. 6409. 1939.
—**Observations de l'eclipse de Lune de 7-8 Nov. 1938**. L'Astronomie. Décembre, 1938
—**Órbita de la estrella doble S 1932 (ADS 9578, ß 7214)**. Astronomische Nachrichten. Band 268, Nr. 6410. 1939.
—**Sur l'orbite S 1932. Astronomische Nachrichten**. Band 268, Nr.6418. 1939.
—**Sonnenfinsternis 1939 Apr. 18**. BEOBACHTUNG-SZIRKULAR DER AN. 21 Jahrgang, Nr. 18. 1939.
—**Sobre la órbita del sistema S 1932**. Las Ciencias. Año V. Núm. 1. 1941.
—**Observaciones de estrellas dobles**. Las Ciencias. Año VI. Núm. 2. 1941.
—**A propósito de una diferencia de declinación**. Revista de Geofísica. Año III. Núm. 10. 1944.
—**Observatorio de Santiago. Revista de Geofísica**. Año III. Núm. 11. 1944.
—**Los Observatorios de Lalín y Santiago**. Publicaciones del Observatorio de Santiago, I. 1944.
—**Nuevos métodos de observaciones de pasos**. Publicaciones del Observatorio de Santiago, III. 1944. Esta Memoria foi presentada por D. Ramón María Aller como Tése de Doutoramento baixo o título de "Algunas experiencias que conviene realizar en observaciones de pasos por verticales" e lida o 30 de xuño de 1943 na Universidade de Madrid.
—**Actividad del Observatorio de Santiago durante el año 1944**. Revista de Geofísica. Año IV, Núm. 14. 1945.
—**Latitud y declinación en función de intervalos**. Revista de Geofísica. Año IV, Núm. 16. 1945.
—**Ensayos de pasos por dos verticales**. Publicaciones del Observatorio de Santiago, IV. 1946.
—**Nuevo reloj sidéreo para el Observatorio de Santiago**. Revista de Geofísica. Año V, Núm. 20. 1946.
—**Bibliografía. Revista de Geofísica**. Año VI, Núm. 21. 1947.
—**Bibliografía**. Revista de Geofísica. Año VI, Núm. 22. 1947.



Refractor Steinheil adquirido por D. Ramón en 1924.

—**Observaciones del cometa Cosik-Peltier (1939a)**. Revista de Geofísica. Año VI, Núm. 23. 1947.
—**Medidas de estrellas dobles**. Revista de Geofísica.Año VI, Núm.24. 1947.
—**Las estrellas dobles visuales.** Investigaciones en el Observatorio de la Universidad de Santiago de Compostela. Urania. Núm. 219. 1948.
—**Bibliografía**. Revista de Geofísica. Año VII, Núm. 25. 1948.
—**Bibliografía**. Revista de Geofísica. Año VII, Núm. 26. 1948.
—**Bibliografía**. Revista de Geofísica. Año VII, Núm. 27. 1948.
—**Bibliografía**. Revista de Geofísica. Año VII, Núm. 28. 1948.
—**Sobre observaciones de pasos por dos verticales**. Publicaciones del Observatorio de Santiago, VI. 1949.
—**Bibliografía**. Revista de Geofísica. Año VIII, Núm. 32. 1949.
—**Interesante fotografía del cometa 1948 L**. Urania. Núm. 220. 1949.
—**Coordenadas del Observatorio de la Universidad de Santiago**. Urania. Núm. 221-222.1951.
—**Sobre la órbita de la estrella doble S 1639 - ADS 8359**. Urania. Núm. 225. 1951.
—**Medidas de estrellas dobles visuales**. Urania. Núm. 229. 1952.
—**Las señales horarias como reloj en las observaciones**. Urania. Núm. 234. 1953.
—**Observatorio Astronómico de la Universidad de Santiago: Actividades - Programa - Proyectos**. Urania. Núm. 237. 1954.
—**Observaciones del paso de Mercurio por delante del disco solar efectuadas el 14 de Noviembre de 1953 desde Santiago, Lalín y La Estrada**. Figuran incluidas nun artigo de J.M. Torroja. Urania. Núm. 237. 1954.
—**Sobre medidas de ángulos de posición en las estrellas dobles**. Las Ciencias. Año XX. Núm. 4. 1955.
—**Medidas de estrellas dobles visuales**. Urania. Núm. 252. 1960.
—**Ocultaciones de estrellas por la Luna observadas en Santiago de Compostela en 1959**. Urania. Núm. 252. 1960.
—**Valores inadmisibles para una media aritmética**. Boletín de la Universidad Compostelana. Núm. 73. 1965.

As publicacións científicas de D. Ramón foron recollidas no volúme:

—**LAS PUBLICACIONES CIENTÍFICAS DEL DR. RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA**. Edición preparada por J. A. Docobo, con motivo da homenaxe a D. Ramón no seu XXV cabodano. Universidade de Santiago de Compostela, 1991.


3) ENSAIOS EN LINGUA GALEGA PUBLICADOS NA REVISTA "LOGOS"(*)

—**Unha falla de honradez científica**. Núm. 4, abril. 1931.
—**Perigros das extrapolacións**. Núm.11, novembro. 1931.
—**A testemuña de autoridade**. Núm. 14, febreiro. 1932.
—**As cefeidas**. Núm. 17, maio. 1932.
—**A función da felicidade**. Núm. 26, febreiro. 1933.
—**O Universo é... un número**. Núm. 30, xuño. 1933.
—**O fin do mundo**. Núm. 37, xaneiro. 1934.
—**Algo sobre imaxes do Universo**. Núm. 38, febreiro. 1934.

(*) Estes escritos foron recopilados na publicación: **"OS ENSAIOS EN GALEGO DO DR. RAMÓN ALLER ULLOA"** con prólogo de X. Filgueira Valverde. Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, 1989. D. Ramón tamén escribiu gran cantidade de artigos de divulgación en revistas deste carácter, así como en periódicos, case sempre a petición destas publicacións con motivo de algún fenómeno astronómico, anuncios de descubrimentos, etc.



Resume de 32 debuxos de Marte. Observacións realizadas dende o 18 de agosto ó 12 de decembro de 1926.



Xúpiter según observacións do 16 de outubro ó 5 de novembro de 1928.

TESES DE DOUTORAMENTO DIRIXIDAS

—**"El problema de la órbita aparente en las estrellas dobles visuales"**, de D. Enrique Vidal Abascal. Madrid, 1944.

—**"Contribución al estudio de estrellas dobles visuales"**, de D. Rafael Cid Palacios. Madrid, 1950.
—**"Über die Anwendung des Theodolits in der Geodätischen Introducción"**, de D. Francisco Múgica Buhigas. Munich, 1960.
—**"Sobre la determinación de órbitas de estrellas dobles visuales. Examen de varios métodos. Aplicación a los sistemas: ADS 1833, ADS 7704, ADS 13156, ADS 12469, ADS 13169, ADS 16836 y ADS 6871"**, de D. Juan Antonio Zaera de Toledo. Zaragoza, 1962.
—**"Observación de pasos por dos verticales"**, de Dña. Antonia Ferrín Moreiras. Santiago, 1963.

MONOGRAFÍAS SOBRE D. RAMÓN Mª ALLER

—Ferrín Moreiras, A.: 1996, **"D. Ramón María Aller"**. Urania, 264, p.1-9
—Docobo Durántez, J.A.: 1991, **"La Obra Científica de Aller Ulloa"**. Fundación Alfredo Brañas. Serie Conferencias nº 5.
—Vidal Abascal, E.: 1979, **"Ramón María Aller Ulloa. Unha vida apaixoada pola Ciencia e chea de bondade"**. Serie "HOMBRES QUE HICIERON GALICIA". Ed. Banco Noroeste.

ESTRELAS DOBRES DESCUBERTAS

Nome: Aller 1
Coordenadas (época 2000.0): 21 55.9 +19 47
Magnitudes: 9.3 - 9.5
Referencia: Astronomische Nachrichten. Band 245, Nr. 5869, p.222 (1932)
Nome: Aller 2
Coordenadas (época 2000.0): 00 34.5—04 33 Compoñente AB - D
Magnitudes: 6.8 - 8.8
Referencia: Astronomische Nachrichten. Band 251, Nr. 6018, p.273 (1934)
Nome: Aller 3
Coordenadas (época 2000.0): 18 59.3 +03 31 Compoñente AB
Magnitudes: 8.9 - 9.1
Referencia: Astronomische Nachrichten. Band 251, Nr. 6018, p.282 (1934)
Nome: Aller 4
Coordenadas (época 2000.0): 17 57.8 +27 50
Magnitudes: 8.9 - 9.9
Referencia: Astronomische Nachrichten. Band 259, Nr. 6201, p.139 (1936)

NOMEAMENTOS DE D. RAMÓN Mª ALLER

CIENTÍFICAS:

—Membro do Seminario de Estudos Galegos (1928).
—Membro da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales (1939).
—Profesor de Análise Matemática e Xeometría Analítica da Universidade de Santiago de Compostela (1940).
—Membro numerario da Real Academia Galega (1942).
—Conselleiro dos Padroados "Alfonso X el Sabio" e "Juan de la Cierva" do C.S.I.C. (1943).
—Director do Observatorio Astronómico da Universidade de Santiago (1943).
—Vocal da Delegación en Galicia do C.S.I.C. (1943).
—Conselleiro de Honra do C.S.I.C. (1944).
—Profesor encargado da Cátedra de Astronomía da Universidade de Santiago (1944).
—Membro da Comisión 26 (Estrelas Dobres) da Unión Astronómica Internacional (1948).
—Catedrático Extraordinario de Astronomía da Universidade de Santiago (1949).
—Membro da Comisión Nacional de Astronomía (1949).

Foi tamén membro das Sociedades:

—-Sociedade Astronómica de España e América.
—-Sociedade Matemática Española.
—-Sociedade Astronómica de Francia.
—-Sociedade Belga de Astronomía e Ciencias afíns.

HONORÍFICOS:

—Gran Cruz da "Orden Civil de Alfonso X el Sabio".
—Coengo de honra da Catedral de Santiago de Compostela.
—Fillo Predilecto da vila de Lalín.
—Fillo Adoptivo da cidade de Santiago con medalla de ouro.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

AS ESTRELAS DOBRES

A estrela máis cercana ó Sol é Próxima Centauro, que atópase nada menos que a 4.3 anos-luz de distancia. Semellante distancia nos permite afirmar que o Sol é unha estrela aillada.

Sen embargo, esta situación de aillamento estelar non é compartida por tódalas estrelas, xa que logo en moitos casos estas aparecen asociadas en grupos de dous, tres, catro,...etc. Cuando o número de estrelas dun sistema supera os dez, recibe o nome de cúmulo estelar.

Obviamente o que estamos a falar non ten que ver coas constelacións que son simplemente asociacións aparentes de estrelas.




Foto 1. D. Ramón está considerado como o introductor do estudio das estrelas dobres en España.

Hoxe en día crese que o raro é que as estrelas estean soas.

Un sistema binario ou estrela dobre pódese definir como un par de estrelas fisicamente asociadas pola súa mútua atracción gravitatoria, describindo consecuentemente cada unha delas unha órbita en torno o centro de masas do sistema (foto nº 1).

Tendo en conta a técnica utilizada no seu descubrimento e posterior observación, clasifícanse tradicionalmente en tres tipos: visuais, espectroscópicas e eclipsantes.

Nas primeiras a súa natureza como binarias é descuberta por medios ópticos a través da observación telescópica xa sea directa co chamado micrómetro, ou ben con técnicas fotográficas, CCD ou interferométricas.

Noutros casos nos que o telescopio non é quén de resolver o par en estrelas distintas, é posible recoñecer o carácter binario mediante observacións espectroscópicas gracias as variacións de velocidade radial mediante o efecto Doppler-Fizeau. Son estas as binarias espectroscópicas.

Finalmente, en algúns pares, tampoco resolubles co telescopio, poden observarse variacións periódicas do seu brilo aparente debidas a producción de eclipses. Tal feito pode indicar a existencia dunha binaria eclipsante, tamén chamada fotométrica.

Ó comenzar o estudio das estrelas dobres visuais hai que advertir que en moitos casos nos que se ven dúas estrelas moi próximas no ceo, estas non teñen relación física entre elas, senón que tan só vénse cercanas por un mero efecto de perspectiva, son os chamados pares ópticos.

Para admitir que unha parella de estrelas forman unha dobre visual basta con observar cambios nas súas posicións relativas (foto nº 2). En efecto, ó estar as compoñentes o suficientemente alonxadas entre si, según as leis da física cada estrela describe unha órbita elíptica en torno ó centro de masas do sistema. Esto é equivalente a considerar unha delas como fixa (a máis brilante), e neste caso a outra móvese en torno a ela seguindo unha traxectoria elíptica chamada a órbita relativa. O cálculo desta complícase pois o que nós observamos dende a Terra é a proxección cilíndrica desta órbita sobre un plano perpendicular a nosa visual, é o que se denomina órbita aparente.

Non obstante, compre indicar que os tempos invertidos en percorrer estas órbitas son as veces enormes, polo que nos aproximadamente 200 anos nos que se fixeron observacións, nalgunhas delas aínda non se detectou movemento relativo algún. Cando esto ocurre, o estudio do movemento propio do par, é dicir o movemento conxunto do sistema na Galaxia, é determinante. Se ambas estrelas móvense na mesma dirección e coa mesma velocidade, o deducir que están fisicamente asociadas parece unha conclusión lóxica.

Sen embargo, cos medios modernos de observación estánse a descubrir nos últimos anos un bo número de binarias que completan a súa órbita en poucos anos, incluso en meses ou días.




Foto 2. Posicións relativas dunha estrela dobre en tres épocas diferentes. A estrela amarela sirve de referencia.

Para situar cronoloxicamente o inicio do estudio das estrelas dobres visuais é preciso recordar que a comenzos do século XVII, J. Kepler anunciara as tres leis que rixen o movemento dos planetas no sistema solar e que a mediados do mesmo século,

I. Newton establecera a expresión da forza que mantía os planetas en órbita, a famosa "Lei de gravitación universal", pilar básico da Mecánica Celeste.

Cos medios ópticos que xa comenzaban a existir daquela, J.B. Riccioli en 1650 dirixiu o seu anteollo a Mizar (ζ Ursae Majoris) e comprobou que estaba formada por dúas compoñentes. A ésta seguironlle outras como α Centauri, α Gemini etc. Aquí compre facer fincapé en que o único que se estaba descubrindo era que onde a simple vista víase unha estrela, coa axuda do telescopio víanse dúas, sen que polo momento se fixera insinuación algunha da súa relación física.

No ano 1718, E. Halley, famoso polo cometa que leva seu nome, descubre os movementos propios das estrelas. Ata entón supoñíase que as estrelas estaban fixas na bóveda celeste e que non se movían. Pero Halley, comparando a súa posición coas que tiñan na antigüedade, observou que algunhas brilantes como Arcturo, Aldebaran ou Sirio cambiaran lixeiramente de posición.

Como non tódalas estrelas movéranse coa mesma velocidade, os astrónomos sospeitaron que iso podíase deber ó feito que non todas estiveran á mesma distancia de nós, abandoándose deste xeito a idea do "ceo das estrelas fixas".

Así as cousas, os astrónomos do século XVIII marcáronse o obxectivo de intentar medir a distancia das estrelas, a lo menos as mais cercanas.

O primeiro paso para iso era observar o "movemento paraláctico", é dicir, o refrexo do movemento orbital da Terra en torno ó Sol. Según isto cada estrela debería describir aparentemente sobre a bóveda celeste unha pequena elípse a cal sería tanto máis pequena canto máis alonxada estivera a estrela de nós. Nun ano a estrela volvería a ocupar a mesma posición.

O intento de percibir dito movemento paraláctico levou a dous descubrimentos relevantes en Astronomía. O primeiro foi o de aberración da luz que se debe a J. Bradley en 1728 e o segundo o tema que nos ocupa: os movementos orbitais das

estrelas dobres, observados por W. Herschel quen a finais do século XVIII decatouse deles.

Herschel supuxo que as estrelas dobres eran pares ópticos e agardaba que a máis débil de ambas compoñentes, supostamente a máis alonxada, lle permitiría medir o desprazamento paralácticco da máis brilante.




Foto 3. Órbita aparente do sistema OΣ77 calculada por D. Ramón en Lalín en 1935.

O nada despreciable poder separador dos reflectores cos que traballaba Herschel levouno a observar desprazamentos relativos, pero en contra do por el agardado, as revolucións non se completaban nun ano como tería que ocurrir si se tratara do refrexo do movemento orbital da Terra. O que realmente descubrira eran estrelas que xiraban unha arredor da outra do mesmo xeito que os planetas o fan en torno o Sol.

Deste xeito, as observacións de W. Herschel foron a primeira proba de que a lei de gravitación era realmente universal xa que verificábase máis aló do noso sistema planetario.

O principal punto de interese das estrelas dobres e múltiples é que a partir das súas órbitas é posible chegar a coñecer os valores das masas estelares. De feito é o único método directo que existe para determinar tal parámetro estelar, o cal a súa vez é fundamental para o estudio de evolución estelar.

Compréndese deste xeito que dende os tempos de Herschel, foron numerosos os astrónomos que adicaron boa parte do seu tempo a esta interesante rama de Astronomía.

As primeiras medidas de estrelas dobres que se fixeron en España foron as efectuadas por J. Comas Solá e R. Patxot en Cataluña, pero quen realmente introduce o seu estudio en España foi R. M. Aller quen en 1925 comenzou a facer medidas micrométricas dende o seu Observatorio de Lalín, publicando varias series delas nas Astronomische Nachrichten alemanas.

A adicación de Don Ramón ás estrelas dobres pasou as fronteiras da observación xa que en 1935 calculou en Lalín a órbita do sistema OS77 (ADS 3082) sendo esta a primeira órbita dunha estrela dobre calculada en España (foto nº3), posteriormente obtivo outras máis entre elas a de S1639 (ADS 8539), todavía vixente nos catálogos.

Anos máis tarde, cando tivo lugar o traslado do seu Observatorio a Universidade de Santiago, non só continuou a súa labor de investigación neste eido, senón

que chegou a crear unha escola de investigadores, destacando entre os seus discípulos E. Vidal, R. Cid, A. Ferrín, J. A. Zaera e J. M. Costa.

R. M. Aller foi o primeiro español membro da Comisión 26 (Estrelas Dobres e Múltiples) da International Astronomical Union (IAU) e a liña de investigación por el aberta e hoxe en día continuada no Observatorio que leva o seu nome na Universidade compostelá, onde nos últimos anos desenvolveuse un intenso traballo consistente no diseño de novos métodos de cálculo de órbitas, o cálculo de 150 órbitas, a obtención de milleiros de medidas micrométricas con telescopios nacionais e internacionais, a observación con técnicas fotométricas, espectroscópicas, polarimétricas, interferométricas e CCD, a organización de Congresos nacionais e internacionais, a adquisición de moderna instrumentación científica, a responsabilidade da edición cuatrimestral de Circular de Información de Comisión 26 de IAU así como as numerosas publicacións nas máis sobranceiras revistas internacionais.

Por todo iso, na actualidade o Observatorio Astronómico "Ramón María Aller" da Universidade de Santiago de Compostela goza dun grande prestixio incluso máis aló das nosas fronteiras, sendo o seu traballo recoñecido por Centros Astronómicos de todo o mundo.

José Angel Docobo Durántez
Director do Observatorio Astronómico
"Ramón MaríaaAller"
Universidade de Santiago de Compostela



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ASTRONOMÍA A SIMPLE VISTA

ÍNDICE PROGRAMA DO LIBRO

1. ¿De que se trata? 1

I.-¿QUÉ HORA ES?

2. La hora algo cara 2
3. Cómo sin saber qué hora es, se puede averiguar la calidad de un reloj 9
4. Los días del Sol, los de las estrellas y los ángulos 12
5. El Sol es un reloj de difícil lectura 16
6. La hora y la orientación por el Sol 20

II.-REFERENCIAS FUNDAMENTALES:

7. La vertical y el horizonte 27
8. Medición de alturas y acimutes 31

9. Embrollos de la atmósfera 38
10. El centro de la esfera celeste 41
11. El eje del mundo y el Ecuador 45
12. Pasos por el meridiano 50
13. Ascención recta y declinación 55
14. ¿Dónde estamos? 60

II.-LAS ANDANZAS DEL SOL:

15. Pista del Sol en la esfera celeste 66
16. Movimiento ánuo 69
17. Cómputo del tiempo 73
18. Efemérides del Sol 78
19. Relojes del Sol 84

IV.-EL CIELO ESTRELLADO:

20. Nombres de las estrellas 89
21. Contemplando el cielo 92
22. Las estrellas más visibles 96
23. Un observatorio por 0.50 pesetas para los matemáticos 100
24. Estrellas variables 107
25. La observación de magnitudes 115
26. Colores de las estrellas 120

V.-EL SISTEMA SOLAR:

27. El sol y sus alrededores 124
28. Los planetas 127
29. La gravitación 135
30. Las órbitas en la sistema solar 143
31. Los cometas 149
32. Las estrellas fugaces 153
33. La Luna 160
34. Eclipses y ocultaciones 166

VI.-UN POCO DE HISTORIA:

35. Del ojo al anteojo 169
36. Del anteojo al espectroscópio y la placa fotográfica 175
37. Desde el espectroscópio, la placa fotográfica y las células fotoeléctricas 184
38. Historia de los astros 191

VII.-TABLAS:


Las décimas de minuto 196
1ª Señales horarias de precisión 198
2ª Señales rítmicas; fracciones 198
3ª Para pasar del arco a tiempo 199
4ª Para pasar de tiempo a arco 199
5ª Tangentes de 10' en 10' 200
6ª Refracción 202
7ª Efemérides del Sol 203
8ª Conversión de h. m. s. en centécimas de día 211
9ª Tiempo media y sidéreo en un intervalo 212
10ª Constelaciones 213
11ª Estrellas más visibles 218
12ª Estrellas variables 223
13ª Coeficientes de extinción 226
14ª Escala de colores estelares 226
15ª Datos sobre las estrellas más brillantes 227
16ª Datos relativos al Sol y a los planetas 229
17ª Satélites 230
18ª Cometas 232
19ª Radiantes de estrellas fugaces 233
20ª Calendario 234
NOTA FINAL.-Teodolito 238

O libro conta tamén con 73 ilustracións e 20 láminas con fotografías de corpos celestes e instrumentos astronómicos.

NOTA INTRODUCTORIA A NOVA EDICIÓN FACSíMILE EDITADA CONXUNTAMENTE POLO CONCELLO DE LALíN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (DECEMBRO, 1998)

Se ben que a ciencia en xeral, e a Astronomía en particular teñen progresado enormemente nas últimas décadas, pode dicirse que o espírito desta Astronomía a simple vista se mantén vivo.

Ben certo é que cando don Ramón María Aller escribiu esta obra de divulgación, hai agora 50 anos, a situación era diametralmente contraria á actual, na que abondan os libros, revistas, vídeos e demais materiais que poden satisfacer a curiosidade ou interese de moitas persoas atraídas pola máis antiga e a vez máis moderna das ciencias. Debemos, endebén, admitir que a gran maioría dos seus fundamentos seguen vixentes sobre todo no relativo á observación sen telescopio.



Don Ramón, que escribiu magníficos libros de texto de nivel universitario como "Introducción a la Astronomía, Algoritmia e Principios fundamentales de la ciencia de los números", tamén editados facsimilarmente pola Universidade en 1985 e 1994 respectivamente, non quixo esquecerse de "aquellos que careciendo de medios están igualmente interesados en la hermosa ciencia de los astros" e fundamentalmente para eles preparou esta obra. Iso si, a súa proverbial modestia teríao condenado quizais a reclusión perpetua nun caixón ou no andel dunha estantería de non se ter cruzado o asunto o seu discípulo e grande amigo don Enrique Vidal Abascal - outro nome benemérito da nosa minerva e ó cabo lalinense de adopción-, a instancias e rogos do cal o autor accedeu finalmente a encomendar o seu manuscrito á hoxe desaparecida Editorial Porto que, con grande esforzo e interese, no xa lonxano 1948 fixo que vira a luz. E Vidal, o Vidal Abascal pintor, aínda fixo máis: do seu pincel e paleta son a ilustración da cuberta e mailo retrato de Aller que figura no frontospicio do libro.

Este cincuentenario editorial, magnífica oportunidade de lembrar a figura de don Ramón, fixo coincidir á Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Lalín no interese de reeditar facsimilarmente o libro que o lector ten nas mans. Dúas institucións, Concello e Universidade, que veñen simbolizar o celme do Padre Aller: as súas orixes - Lalín, capital das doces terras do Deza, o seu berce, onde, dende o seu Observatorio particular, hoxe Casa Museo, pode dicirse que comenzou a Astronomía moderna en Galicia-, e o seu maxisterio, a alma mater compostelá na que non só exerceu como catedrático a súa inesquecible docencia, senón onde creou tamén o Observatorio Astronómico que hoxe leva o seu nome e que co percorrer do tempo acadou un grande prestixio e sona internacional no estudio das estrelas dobres e múltiples, unha das liñas de investigación predilectas do fundador.

Estamos certos de que este libro, que o autor compuxo para unha fácil e amena lectura, non só segue contribuíndo ó fin para o que foi escrito senón que constitúe ademais unha oportunidade única para que as novas xeracións poidan ler e

practicar Astronomía coa guía deste entrañable científico galego que pola súa meticulosidade, fineza didáctica, rigor científico, tamén pola escola por el creada pero, sobre todo, polas súas extraordinarias calidades humanas, deixou na sociedade unha indeleble pegada.

Fique finalmente constancia da nosa gratitude á familia de Don Ramón e a D. Ángel José Porto Anido por tódalas facilidades prestadas para a publicación deste facsímile.

Os editores



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O OBSERVATORIO ASTRONÓMICO R.M. ALLER NA ACTUALIDADE

Aínda que dende a súa fundación en 1943, o Observatorio Astronómico Ramón María Aller centrou as súas investigacións preferentemente nos sistemas estelares dobres e múltiples, numerosas observacións de distinta índole efectuáronse dende as instalacións de Santiago de Compostela.

Con anterioridade, o Dr. Aller introduxera en España o estudio das binarias obtendo non só medidas micrométricas co refractor de 12cms de apertura e 180cms de distancia focal, senón tamén calculando algunhas órbitas dende o seu Observatorio de Lalín.

Nos anos seguintes, o Observatorio Astronómico da Universidade Compostelana, un dos centros con máis tradición e prestixio na astronomía española, alcanzou un excelente nivel científico gracias tanto á labor do seu fundador como á dos seus colaboradores.


Neste senso é de destacar que en 1945 gracias as xestións do profesor Vidal Abascal creóuse dentro do Observatorio a sección de Astronomía Teórica e Matemática "Durán Loriga", xerme a partir do cal xurdiría posteriormente a sección de

Matemáticas da Facultade de Ciencias, hoxe Facultade de Matemáticas.

Daquela época recibimos un impresionante bagaxe histórico de observacións, publicacións, libros, diseños de instrumentos etc., cos que tanto D.Ramón como os seus discípulos máis directos: Vidal Abascal, García-Rodeja, Cid Palacios, Ferrín Moreiras, Costa Seoane, conseguiron dar a coñecer a Astronomía feita en Galicia máis aló das nosas fronteiras.

Unha visión retrospectiva da labor realizada naquel tempo pode verse en:

Memoria das actividades realizadas en 1993. Volume especial do 50º aniversario do Observatorio, ou en Research into Double Stars and Celestial Mechanics at R.M.Aller Observatory. Astrophysics and Space Science Library Series, vol.223, p.489 (1997).



Órbita aparente dunha estrela dobre.

Actualmente, o Observatorio Astronómico é un centro universitario dotado dun gran dinamismo. As súas funcións principais son: a investigación, a docencia, a extensión cultural e máis a colaboración co Instituto Nacional de Meteoroloxía (estación meteorolóxica da cidade de Santiago).

1) INVESTIGACIÓN

As actuais liñas son as seguintes:
* SISTEMAS ESTELARES DOBRES E MÚLTIPLES
* MECÁNICA CELESTE
* ASTROMETRÍA
* GALAXIAS ACTIVAS

Asimesmo nos seus programas de observación inclúense:
* OCULTACIÓNS DE ESTRELAS POLA LÚA
* REXISTRO DE MANCHAS SOLARES
* REXISTRO DE ASTERIOIDES E COMETAS

É de destacar o feito de que dende décadas o Real Observatorio de la Armada de San Fernando (Cádiz) publica as predicciónes das ocultaciónes para o noso Observatorio nas súas Efemérides Astronómicas.

Nos últimos anos no Centro desenvolvéronse Proxectos de Investigación financiados polo Ministerio de Educación e a Xunta de Galicia, gracias os cales foi posible utilizar grandes telescopios situados en outros puntos de España ou no extranxeiro. Entre estes están o Centro Astronómico de Yebes, Observatorio Fabra, Centro Astronómico Hispano-Alemán de Calar Alto, Observatorios de Niza e Pic du Midi (Francia), Mount Wilson e Washington (E.E. U.U.), Cerro Tololo (Chile), Llano de Hato (Venezuela), Asiago (Italia), Byurakan (Armenia) e Special Astrophysical Observatory (Rusia).

Nestes Centros utilizáronse técnicas de observación tales como rexistros CCD, fotometría, espectroscopía, polarimetría, micrometría e interferometría.

Máis de 50 artigos de investigación firmados dende 1983 polo personal do Observatorio R.M. Aller foron publicados nas revistas especializadas máis importantes do mundo, tales como THE ASTROPHYSICAL JOURNAL, THE ASTRONOMICAL JOURNAL, ASTRONOMY AND ASTROPHYSICS, PUBLICATIONS OF THE ASTRONOMICAL SOCIETY OF THE PACIFIC, CELESTIAL MECHANICS, ACTA ASTRONOMICA, ASTROPHYSICS, ASTRONOMISCHE NACHRICHTEN, ASTROPHYSICS AND SPACE SCIENCE, METEORITICS AND PLANETARY SCIENCE, etc.

Dende 1993 e por encargo da International Astronomical Union o Observatorio edita a cuatrimestral INFORMATION CIRCULAR da Comisión 26 (estrelas dobres e múltiples) na que se dan a coñecer as investigaciónes de tódolos Centros que traballan nesta rama de Astronomía.

No centro astronómico santiagués foi tamén diseñado un orixinal método analítico que se empleou no cálculo de 150 órbitas de estrelas dobres.

Mantense asimesmo relación científica e máis acordos de colaboración con Institutos e Observatorios españois, franceses, rusos, americanos e armenios.

A través de convocatorias de infraestructura de investigación da Conselleria de Educación, acadáronse os seguintes instrumentos: equipo de reloxería de alta precisión, fotómetro para ocultaciónes, micrómetro e cámara speckle.

En 1983 organizouse a IV Asamblea Nacional de Astronomía e Astrofísica e en 1996, dentro dos Actos do V Centenario da Universidade de Santiago, o Congreso Internacional: "VISUAL DOUBLE STARS: FORMATION, DYNAMICS AND EVOLUTIONARY TRACKS". Asimesmo no ano 2000 terá a responsabilidade da Reunión Científica da Sociedade Española de Astronomía.

O Observatorio investigou tamén diversos sucesos que nos derradeiros anos interesaron a opinión pública galega, tales como O SUCESO DE OUTES, O BOLIDO DO 16 DE XUÑO DE 1996, ou O XEO AZUL DO COUREL.

Ademais dos telescopios e seus accesorios, o centro conta cunha BIBLIOTECA das mellores de España. Iniciada coa donación de D.Ramón da maioría dos seus libros, ano a ano é posta ó día coa adquisición de obras non só das distintas ramas da Astronomía, senón tamén de outras ciencias afíns. A través da Biblioteca Xeral da Universidade recíbense as máis sobranceiras revistas de investigación de Europa e América.

2) DOCENCIA UNIVERSITARIA



Bólido que atravesou o ceo de Galicia en xuño de 1996 e cuia órbita foi calculada no Observatorio.

O persoal investigador do Observatorio como membros do corpo docente da Universidade imparteu as asignaturas de ASTRONOMÍA I e II asi como a MECÁNICA CELESTE.

Dende o curso 1997-98 tamén se explíca Astronomía como asignatura do 4º CICLO UNIVERSITARIO (maiores de 55 anos).

En 1983 editouse un libro de texto de problemas de Astronomía e na actualidade estase a traballar noutro de teoría e problemas con membros da Universidade de Zaragoza.

Nas instalacións do Observatorio Astronómico realízanse as correspondentes prácticas de observación nas que participan uns 130 alumnos ó ano dacordo cun programa axeitado a cada disciplina.

3) EXTENSIÓN CULTURAL

As actividades que se realizan neste eido son as seguintes:

Visitas ó Observatorio

Trátase de visitas concertadas sobre todo de centros escolares. Unha media de 20 grupos veñen cada curso ó Observatorio, onde se lles explíca as orixes do mesmo asi como a actividade investigadora que nel se desenvolve. Asimesmo teñen a oportunidade de poder ver a través do telescopio diversos astros.

Xornadas de portas abertas

As veces organízanse con motivo dalgún fenómeno astronómico de interés xeral, como ocurreu ultimamente cos avistamentos dos cometas Hyakutake (1996) e Hale-Bopp (1997). Máis de 2000 persoas pasaron polo Observatorio naquelas ocasións.

En 1993 houbo tamén outras xornadas populares en colaboración co Concello de Santiago de Compostela.

Programa de extensión cultural

Por segundo ano consecutivo, o Observatorio organiza un Programa de Extensión Cultural de Astronomía dirixido a comunidade universitaria en xeral. Dito programa conta coa financiación dos Vicerrectorados de Investigación e Extensión Cultural da Universidade de Santiago.

Os participantes, máis de 400 este ano, teñen a oportunidade de asistir a sesións de observación nocturna, visitas ó Centro e mais charlas didácticas.

Edición de libros

—"Las Publicaciones Científicas del Dr.D. Ramón María Aller" (Edición preparada por J.A.Docobo en 1991 como homenaxe a D.Ramón no seu 25º cabodano).

—"Estrellas dobles". J.A. Docobo. Equipo SIRIUS. 1992.

—Unidade Didáctica: "O Observatorio Astronómico R.M.Aller". Coordenada por J.A. Docobo e publicada polo Concello de Santiago de Compostela en 1994.

Cursos de Astronomía

—Curso de verán da Universidade de Santiago celebrado en Lalín en 1993 co título: "Astronomía: unha visión actual no 50º aniversario do traslado do observatorio de Lalín a Santiago".

—Curso de verán: Astronomía para todos celebrado en Lalín en 1997.

—I Curso de Astronomía para medios de comunicación. Santiago, 1996.

—Curso de Iniciación a Astronomía. Cambados, 1997-98.

Difusión de información sobre temas Astronómicos nos medios de comunicación

Nos últimos anos se presentaron en rolda de prensa os resultados de tres investigacións levadas a cabo no Observatorio Astronómico.

Adóitase enviar a través do Gabinete de Comunicacións da Universidade, notas informativas de eventos que teñan interese para a sociedade.

Mantense asimesmo un contacto fluido cos medios de comunicación o cal queda reflectido en decenas de entrevistas e consultas ó cabo do ano.

Exposicións

Nos anos 1991 (en Lalín) e 1993 (en Santiago) co gallo do 25º cabodano de D. Ramón e do 50º aniversario do Observatorio Astronómico en Santiago respectivamente, celebráronse dúas exposicións que incluíron a mostra de importantes coleccións de selos relacionados coa Astronomía. Asimesmo nelas funcionaron carimbos especiais conmemorativos das datas a celebrar.

A presente exposición foi organizada tamén polo Observatorio en colaboración co Concello de Lalín como ilustración da presentación de ASTRONOMÍA A SIMPLE VISTA na súa nova edición facsímile.

4) ESTACIÓN METEOROLÓXICA

Instalada por iniciativa de D.Ramón no xardín do Observatorio en 1945, dende entón proporciona datos da cidade de Santiago de Compostela.

En 1987 foi tamén engadida unha estación automática, e dende fai 15 anos se está a colaborar co Instituto Nacional de Meteoroloxía formando parte da súa rede de estacións.

Os datos de temperaturas, chuvia, humidade, velocidade e dirección do vento, presión atmosférica, insolación, etc., están a disposición da comunidade universitaria asi como dos medios que os soliciten.

5) AS NOVAS INSTALACIÓNS ASTRONÓMICAS

Como compromiso do acordo establecido en 1996 pola Concellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Vivenda de Xunta de Galicia e máis a Universidade de Santiago de Compostela, o Observatorio Astronómico Ramón María Aller preparou ó informe: "ESTUDIO ASTROCLIMATOLÓXICO PARA UBICACIÓN DUNHA ESTACIÓN DE OBSERVACIÓN ASTRONOMICA EN GALICIA".



O Observatorio Astronómico R.M. Aller.

Como conclusión de dito estudio, recomendóuse a cima do MONTE FARO como lugar idóneo para a instalación dunha nova estación de observación astronómica en Galicia.

6) ACTUAL PERSOAL DO OBSERVATORIO

—Profesor Dr. D. José Angel Docobo Durántez (DIRECTOR).
—Profesora Dra. Dna. Josefina F. Ling.
—Profesora Dra. Dna. Cristina Prieto Gómez.
—Profesor Dr. D. Vakhtang Tamazian.
—Profesor D. Pedro Abelleira Seco.
—D. José Blanco González.
—D. Manuel Andrade Balín.
—D. José Tadeo Barcala González.
—D. José Blanco González.
—Dna. Loreto García Vazquez (Bibliotecaria).
—D. Artur Tamazian (Observacións meteorolóxicas).

A PARROQUIA DE SAN XOAN DE VILANOVA

M.ª Lidia Silva Baldonedo

A parroquia é unha institución eclesiástica, usada tamén a nivel civil e administrativo que constitúe unha agrupación social característica (Fariña, 1975).

Dende o punto de vista sociolóxico Duocastella (1965) define a parroquia como un grupo de bautizados ubicados xeográficamente nun territorio, presidida polo cura e que se rixe por unhas normas e valores socio-culturais.

A parroquia é a base da organización do poboamento galego; non é somentes unha unidade territorial e relixiosa senón tamén económica social e histórica na que se desenvolve a vida rural galega.

A parroquia de Vilanova, que agora imos analizar, non é máis que unha das moitas parroquias galegas, con unhas características que non difiren moito das de calquer parroquia galega rural e non costeira.

ASPECTOS XEOGRÁFICOS

Situación xeográfica e pobos

San Xoan de Vilanova é unha das 48 parroquias do concello de Lalín; está situada ó surleste deste concello (limitando xa coa provincia de Ourense, ó sur) e ten por veciñas ás parroquias de Botos (ó norte), A Xesta e Moneixas (ó leste) e Soutolongo, Doade e Lebozán (ó oeste). Once son os pobos que a compoñen: Abeleda, Barreiro, Canda, Corrigatos, Costoia, Cruceiro (Igrexa), Muiños, Santomé, Vilar, Vilanova e Mouriscade.

Cáseque tódolos pobos que forman a parroquia están bastante próximos entre eles e distan aproximadamente 7 Kilómetros da capital do concello. Abeleda e Vilar, nembargantes, situados a carón da provincia de Ourense, nunha zona moito máis montañosa, están bastante alonxados tanto dos restantes pobos da parroquia como de Lalín, da que distan unhos 10 Kilómetros.

Mouriscade ten unha extensión de aproximadamente 40 hectáreas; propiedade hasta o ano 1973 de D. Ricardo López, en que foi mercada pola Diputación Provincial; a casa principal con forno e hórreo, a casa do caseiro con corte, unha nave de gando con tres silos e dous muiños con alpendre para cabaleiria constituían as edificacións existentes no momento da compra; a partires dese momento varias foron as actuacións alí realizadas: Reparación da casa, forno e hórreo, modificación da casa dos caseiros e cortes, creación de laboratorios, obradoiros agro-alimentarios e un observatorio de climatoloxía, reconstrucción do muiño e preparación dunha

LUGAR	HOMES	MULLERES	TOTAL	Nº FAMIL.
Abeleda	7	13	20	6
Barreiro	30	26	56	13
Canda	8	8	16	4
Corrigatos	14	12	26	8
Costoia	24	24	48	16
Cruceiro	7	10	17	4
Mouriscade	9	5	14	2
Muiños	19	23	42	18
Santomé	8	9	17	3
Vilanova	6	11	17	4
Vilar	5	5	10	5
TOTAL	**137**	**146**	**283**	**83**

área recreativa, construcción de novas naves para o gando vacún e dunha granxa cinexética, así como silos para almacenamento de pienso, etc.. Actualmente promovida polo Concello de Lalín, a Escola-Obradoiro Laxeiro está facendo nesta propiedade un Albergue de tempo libre que se adicará á realización de actividades lúdicas.

É esta unha parroquia extensa 11,2 Kilómetros cadrados, pero pouco poboada, 25,2 habitantes por Kilómetro cadrado. Duascentas oitenta e tres persoas conforman a poboación desta parroquia, quedando reflexada na seguinte táboa a súa distribución.

Distribución da poboación de Vilanova por pobos

A evolución da poboación da parroquia tivo moitas variacións ó longo do século XX, como podemos apreciar a continuación:

Ano	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996	1999
Hab.	583	575	565	642	606	562	470	443	268	273	291	283

Evolución da poboación de Vilanova ó longo do Século XX

Como podemos apreciar ata a Guerra Civil a parroquia incrementou a súa poboación, descendendo posteriormente, sendo moito máis forte ese descenso a partires da década dos setenta por mor da emigración.

Podemos dicir que é esta unha parroquia de montaña, cunha altitude que oscila entre os 475 metros dos Muiños ós 560 de Vilar, na que as actividades agrícolas e gandeiras constituen a súa base económica. Aquela agricultura e gandeiría tradicionais e de autoconsumo que se mantiveron ata os anos setenta, foron deixando paso nas dúas derradeiras décadas, a unha gandeiría máis moderna e comercial; 340 reses en 37 explotacións constitúen o censo gandeiro da parroquia segundo a Delegación de Lalín do Servicio de Sanidade Animal. A agricultura segue a ter un marcado carácter de autoconsumo.

Grande importancia na parroquia, aínda sin ser un pobo, ten ou mais ben tivo A Estación. Ubicada en terras do Barreiro, A Estación de San Xoan de Vilanova foi inaugurada no ano 1958, como unha máis das estacións da línea de ferrocarril que une Santiago e Ourense. A casa do xefe da Estación era o edificio principal, catro vivendas máis (un pouco alonxadas desta) e un almacén, eran e seguen a se-las edificacións alí existentes.

Xa no ano 1966 pechouse esta Estación, convertíndose nun apeadeiro, hasta este mesmo ano en que os trens deixaron de facer aquí paradas. Se ben a situación de deterioro actual, portas e fiestras rotas, silvas e maleza dentro e fora das edifica-

cións, para nada lembran aquel espacio coidado e axardinado no que os viaxeiros se confundían coa mocidade que tiña alí o seu punto de encontro nas fins de semana.

Ademáis das casas da Estación, hoxe semiderrubadas e por suposto, deshabitadas, outros dous edificios tiveron outrora na parroquia forte peso na vida social: As escolas. Ubicadas unha no lugar de Costoia e outra no Cruceiro, o paso dos anos e as circunstancias fixeron que a súa situación actual sexa totalmente distinta.

A primeira Escola Nacional, creada na parroquia, foi a do Cruceiro que era un edificio con dúas aulas, unha para nenos e outra para nenas. Debido á gran cantidade de nenos da parroquia fíxose unha nova escola en Costoia, á que asistía a poboación escolar de Costoia e o Barreiro.

No ano 1973 coa concentración escolar, os nenos da escola de Costoia pola súa proximidade á estrada Lalín- Carballiño, empezaron a asistir ó Grupo Escolar Comarcal de Lalín, pechándose a escola, que non volveu usarse con ningún outro cometido, agás servir como recinto electoral nalgunhas das primeiras eleccións democráticas trala dictadura franquista.

Os alumnos da escola do Cruceiro non empezaron a ir a Lalín ata que no ano 1976 se fixo a carretera de Botos a Corrigatos o cal permitiu o acceso do transporte escolar a este último pobo. Tras estar uns anos pechado, o edificio da escola reformouse para convertirse no tele-club da parroquia, hoxe centro de reunións, tanto de traballo como de diversión para moitos vilanovenses na fin de semana.



Estación de San Xoan de Vilanova.

Clima

O clima é de tipo oceánico con poucas nevadas que soen aparecer nos meses de xaneiro e febreiro. O máximo de choivas dase en outono e inverno e o mínimo nos meses de xullo e agosto.

A media anual de precipitacións atmosféricas oscila arredor dos 1.000 mm.

A temperatura media anual é duns 13°C., con invernos prolongados e temperaturas baixo cero, e vrans suaves.

Ríos e montes

O río máis importante da parroquia é o Asneiro, confundido en moitas ocasións co Deza incluso no M.T.N..

O Asneiro nace na Carballeira do Rei en Pena de Francia (Dozón), ten este río afluente do Deza 16 Km. de lonxitude e atravesa, ó seu paso pola parroquia, terras dos lugares de O Barreiro, Costoia, Os Muíños e Mouriscade. Son afluentes do Asneiro o Portos, Abeleda e Lebozán.

O outro río que atravesa a parroquia é o Abeleda que nace en Samprizón e únese ó Asneiro (do que é afluente) en terras de Costoia na zona chamada precisamente "Entre os ríos "por estar entre os dous ríos, Asneiro e Abeleda.



Pasos da Golfa no río Abeleda.

Como cáseque tódolos ríos galegos, son estes pouco caudalosos pero de réxime constante.

Para cruza-los ríos atopamos na parroquia diversas pontes e pasos.

As pontes estan feitas de pedra ou cemento; entre elas podemos sinalar as de Costoia, o Barreiro, os Muíños, Mouriscade ou a de Espinosa (tamén en Mouriscade).

Os pasos son pedras enterradas no río que permiten o paso dunha marxe á outra; ainda se conservan as de Portal Vite en terras dos Muíños (no río Asneiro) e os da Golfa no Barreiro (no río Abeleda).

En estreita relación cos ríos están os muíños; nunha parroquia bañada por dous ríos varios son os muíños que atopamos, moitos deles xa derrubados e algún aínda en funcionamento. A mediados de século, espallados pola xeografía vilanovense, atopamos seis muíños: o de Froiz e o de Santos no Barreiro (ámbolos dous de maquía), o muíño de Riba e o muíño de Baixo en Mouriscade (de herdeiros) e os da Ponte dos Muíños e Entre os ríos nos Muíños (de maquía ámbolos dous). A función primordial era por suposto moe-lo gran se ben servían en ocasións de centros de reunión. Actualmente está en funcionamento o da Ponte dos Muíños; o de Riba de Mouriscade, semi-restaurado (aínda que sen funcionar) constitúe un elemento máis da área recreativa alí creada; o de Froiz que tampouco moe está tamén semi-restaurado, estando xa totalmente derrubado os de Santos.



Muiño de Froiz.

Os principais montes da parroquia son: Costa da Serra, Pedisqueira, Golfa, Monte do Castro, Molaredo, Monte Pequeno, Pedrouzo, Coto Chideiro e O Cerro da Devesa.

Flora e fauna

Moitas son as plantas que podemos atopar na parroquia, entre elas podemos citar: saramago (Raphanus Silvestris), muruxas (Stellaria Media), rascacús (Ilex Aquifolium), trebo (Trifolium), carqueixa (Pterospartium Cantabricum), toxo (Ulex Europaeus), xesta (Cytisus Albus), silva (Rubus), hedra (Hederaceas), cardo (Eryngium Campestre), Pe de boi (Crithmun Maritimum), brizo (Apium Inundatum), labaza (Apium Nodiflorum), tollemerenda (Herendera Montana), Campanilla (Narcisus Calathinus), millá (Digitaria Sanguinalis), fento (Pteris Aquilina), alcroque (Digitalis Purpurea), sabugueiro (Sambucus Nigra), Amores (Arctium Minus), aceda (Rumex scutatus), formento (Chenopodium Album), couselo (Umbilicus Pendulinus), codeso (Adenocarpus Complicatus), saltasebes (Bryonia Dioica), uz (Erica Arborea), xunco (Cyperus Longus), buxo (Buxus Semprevirens), Dente de leon (Taraxacum Oficinale), Ourego (Origanum Vulgare), romeo (Rosmarinus Officinalis), ruda (Ruta Graveolens) etc., etc. estas tres últimas usadas cáseque sempre con fins medicinais.

As árbores máis abondosas son o carballo, castiñeiro, pino, ameneiro e bido.

As árbores froiteiras que aparecen con máis frecuencia son a maceira, a pereira, a cerdeira e o ciroleiro.

Fabas, tirabeques, tomates, pementos, leitugas, cenouras, remolachas, allos e cebolas son os productos máis cultivados nas hortas da parroquia.

Vacas , porcos, cans, gatos e galiñas son os animais domésticos presentes en cáseque tódalas familias labregas de Vilanova.

A carón destes animais tan próximos a vida labrega, atopamos outros, entre eles: o ourizo cacho (Erinaceus Europaeus), toupa (Talpa Caeca), rato campestre (Ratus Ratus), donicela (Mustela Nivalis), sapo (Bufo Vulgaris), vacaloura (Lucanus Cervus), rula (Turdur Turdur), estorniño (Sturnus Vulgaris), etc., etc.

Vías de Comunicación

Ferrocarril: Como xa se sinalou anteriormente a línea de ferrocarril Santiago- Ourense atravesa a parroquia, pasando concretamente por O Barreiro (onde está situada a estación), Costoia, Os Muiños e Mouriscade. Se ben antano a estación tuvo unha importante actividade, non así hoxe, pois xa ningún tren para nela.

Carreteras: A máis importante é a que pasa polo Barreiro e que une Lalín co Carballiño; un pequeno ramalciño une esta carretera coa que vai dende Lalín a

Pontevedra polo Candán; este ramalciño pasa por Costoia, O Cruceiro, Vilanova, Mouriscade e Santomé.

Nos derradeiros anos asfaltáronse múltiples camiños e congostras convertíndoos en pequenas carreteras como a que une Costoia e o Barreiro, Corrigatos e a Canda, Vilanova e o Cruceiro, os Muíños e o Cruceiro, etc.

Camiños: Moitos dos camiños de antano xa se perderon, unhos asfaltáronse como se ven de sinalar, outros cubríronse de silvas pola falta de uso e mesmo os que seguen a usarse xa non son o que eran.

Existen camiños que son de uso de tódala parroquia, en tanto que outros son camiños de servicio; estes derradeiros son camiños que van a certas herdades, pasando polas terras doutros donos, o seu uso é limitado ós que se serven daquelas, e moitas veces só durante a sementeira e a recolleita.

Camiños de carro: Entre outros podemos sinalar os seguintes, o que vai de Vilanova a Puzás e o da Golfa (nos Muiños), o de Portal Vite, o dos Campos de Costoia e o de detrás do Agro do Castrelo en Costoia ou o da Ponte do Barreiro.

Congostras: Estes camiños fondos seguen a existir en: A Costiña, A Ponte ou As Arcas en Costoia; Cotochideiro, o Fontao e Tras do agro no Barreiro; A Rexidoira nos Muíños ou a congostra que vai de Santomé a Corrigatos.

Carreiros: A disminución da poboación e a regresión na cantidade de terra cultivada, levou á desaparición de grande parte destes carreiros coma o de San Bieito en Costoia ou o do fondo de Vilanova; mentres seguen a existir outros como o que baixa dende Costoia á estación ou o que une o Barreiro con Puntanoufe (A Xesta). O abandono dos carreiros levou ó abandono e en moitos casos desaparición dos portelos dos que aínda se usan o do Taboado en Costoia ou o das Cadornas en Vilanova.

Pistas: A maioría das pistas asfaltáronse pasando a ser pequenas carreteras, nembargantes algúns camiños do monte convertéronse en pistas como na Albagueira ou nos Campos de Costoia.

Camiño Real: Mención merece este camiño que era a vía que unía Santiago e Ourense, estaba empedrado en varios tramos e pasaba por terras do Barreiro onde algunhas casas tiñan pousada. Hoxe non queda ningún sinal del.

HISTORIA

Non dispoñemos de moitos datos para abordar un riguroso estudio histórico da parroquia, nembargantes monumentos e algún que outro documento escrito permítennos entresacar algunhas ideas.

A primeira proba de poboamento da parroquia data do III milenio a X.C. pois foi nesta data cando se desenvolveu o megalitismo en Galicia no que os monu-

mentos máis frecuentes son as mámoas das que atopamos unha mostra no "Coto das Arcas" en Costoia.

Os castros existentes na parroquia supoñen a constancia do poboamento da mesma na Idade de Ferro (que chega según algúns autores até o século VI despois de X.C.).

Na Idade Media o crecemento demográfico que ten lugar nos séculos XII e XIII leva á fragmentación das antigas vilas de orixe altomedieval dando lugar a outras novas, as "Vilanovas", das que esta que estamos a estudar é unha máis.

A primeira mención en documentos de "Villa Nova" figura na venda dunha herdade de Arias Luzi a Pedro Suárez en 1108.

Datado en 1140 atopamos outro documento referente á doazón por Urraca López dunha herdade a Pelayo Almuravide, tamén en terras vilanovenses.

Nestas vilanovas mediante "cartas pueblas" instalouse un continxente de poboación que ampliou a extensión das terras de cultivo traballando montes e fragas a fin de acadar todo o necesario para subsistir.

Aparecen tamén arrotamentos individuais que levan á creación dun habitat disperso o "vilar" é moi probable que o lugar de Vilar teña tamén aquí a súa orixe.

No século XVI, acentúase o crecemento demográfico na comarca de Deza chegando a duplicarse, este crecemento continuará até o século XVIII. Neste século sinálanse as demarcacións das sete provincias galegas; as provincias de Santiago e Lugo serán as que repartan o condado de Deza, permanecendo nesta situación ata 1833. A provincia de Lugo tiña na comarca catro xurisdiccións: Deza, Carboeiro Camba e Dozón, (Vázquez e González, 1989) sendo a parroquia de Vilanova unha das 45 incluidas na xurisdicción de Deza.

Entre os anos 1618 e 1621 importantes doazóns e rendas son legadas a varias igrexas entre elas á de Vilanova (Vázquez e González, 1989).

Xa no século XX dous son os feitos máis relevantes que nos atopamos en relación á parroquia a emigración e a Guerra Civil.

A emigración encamiñada nun primeiro momento á América, tuvo como destinos principais Cuba, Arxentina e Venezuela; posteriormente nos anos sesenta encamíñase a Europa sendo Alemaña, Suiza e Francia os países que máis vilanovenses recibiron e, finalmente, compre destaca-lo éxodo a partir dos anos setenta cara outras zonas do estado español, básicamente Cataluña e o País Basco.

A Guerra Civil é lembrada con moita tristura polos habitantes de Vilanova que a viviron de perto, que foron moitos; unhos porque nela combateron e outros que dende as súas casas viviron a angustia de ter familiares no frente (nalgúns casos irmáns en bandos distintos) e todo nun clima de fonda escaseza.

A partir dos anos setenta coa mecanización e a mellora das comunicacións a face da parroquia cambiou sustancialmente, adquirindo un aspecto máis moderno propio dunha parroquia que desafía a chegada do novo milenio.

Monumentos

Atopámos en Vilanova monumentos da época neolítica. No "Coto das Arcas"existían **mámoas** nas que según noticia verbal atopouse cerámica .

A **cultura castrexa** que aparece en Galicia na idade do ferro e da que os castros son a súa manifestación máis característica ten en Vilanova unha boa representación.

O "Coto do Castro" está situado moi perto do lugar da Canda. Coordenadas xeográficas: M.T.N. número 154 a 42º 37´ 25´´ latitude N. e 8º 07´43´´ lonxitude O; altitude 590 m.

Este castro está formado por un único recinto de forma ovalada que mide de N-S 67 metros e de E-O 92 metros, cunha zona máis elevada situada no SO. Un pequeno antecastro parece bordea-la zona norte se ben as pendentes que o rodean presentan formas aterrazadas por mor das labores agrícolas, polo que resulta dificil observa-la estructura orixinal (Buxán, 1989).

A maior parte do recinto castrexo está a monte , se ben hai pequenas parcelas cultivadas.

O "Coto do Castrelo" considerado por Buxán (1989) como de dubidosa catalogación como castro, esta situado na antiga carreteriña que unía o lugar de Costoia coa parroquia da Xesta, en terras de Costoia e próximo a este lugar. Coordenadas xeográficas: M.T.N. número 154 a 42º 37´ 03´´ latitude N. e 8º 07´14´´ lonxitude O.

O recinto está actualmente á monte e os traballos agrícolas realizados o seu carón non permiten apreciar claramente a súa estructura.

A **igrexa** parroquial atópase no lugar do Cruceiro, está feita de granito recortado en perfectos sillares na parte superior da fachada occidental, parte que foi refeita modernamente; na parte inferior os sillares son irregulares e algúns bastante grandes.



Portada principal da igrexa.

Da fachada occidental o máis importante é a portada principal, románica, de arco semicircular, protexido por unha chambrana de dúas filas de tacos moi sumarios e que somentes se aprecian nunha dovela, o resto está moi desgastado. A arquivolta é de dovelas moi irregulares, e o tímpano liso. O par de columnas que reciben o arco teñen bases lisas, fustes de desigual grosor partidos en dous e en vez do capitel dous grandes sillares coroan as columnas.

Nos laterais da igrexa os canicelos pequenos e deteriorados fan que a maioría das figuras sexan indescifrables, se ben un destes elementos parece ser unha cabeza de bóvido. O ábside destacado en altura con cuberta a catro augas ten pináculos nos extremos.

As citas documentais referencian o templo a mediados do século XII, nembargantes os elementos conservados aportan poucos indicios cronolóxicos.

Para esta igrexa construeu un altar o entallador Juan de Villolós no ano 1586; o retablo dunha gran beleza, está presidido pola imaxe do San Xoan Bautista, patrón da parroquia. Na parte inferior do retablo atopámonos dúas esceas da vida deste santo realizadas en relevo e con gran colorido; no lado dereito o bautizo de Cristo por San Xoan e no esquerdo a decapitación deste Santo.

A eirexa ten dúas capelas laterais cos seus altares, as Virxes do Rosario (a do lado dereito) e a do Carme (a do lado esquerdo).



Casa de Eirexe tamén chamada Casa do Ferreiro.

Unha pequena remodelación do ano 1998 puxo o descuberto os sillares de pedra no interior antes cubertos de cal.

Nas inmediacións da igrexa atopámos un **pazo** que se coñece co nome de "Casa de Eirexe" ou "Casa do Ferreiro" propiedade da familia Jorge.

É unha construcción de planta rectangular que consta de planta baixa e un piso. Conserva unha interesante solaina, sostida por columnas con capiteis florais; Carece de blasón do que foi desposeida recentemente sin que saibamo-las armas que ostentaba.

O **cruceiro** que se atopa moi perto tanto da igrexa como do pazo, é un cruceiro moderno con pequeno altar sostido por duas columnas na parte frontal. A cruz, do ano 1998, veu sustituir outra mais antiga destrozada polo vento e a choiva.



Cruceiro; detrás a antiga escola do Cruceiro, hoxe convertida en teleclub.

AS FESTAS

As festas principais que se celebran en Vilanova son o San Xoan e a Nosa Señora do Carme.

Sempre se lle dou moita importancia ó San Xoan patrono da parroquia, a súa festa é o 24 de Xuño, celébrase unha misa ó medio día e sácase de procesión ó Santo que preside o retablo maior da igrexa.

Pero máis importante que o día de San Xoan é, a noite de San Xoan. As supersticións desa noite teñen unha grande repercusión, dise que o sol baila cando sae no día de San Xoan, así o reflexa a cantiga:

Madrugada de San Xoan
madrugada máis garrida
que baila o sol cando nace
e ri cando morre o día.

O orballo da noite de San Xoan ten propiedades marabillosas. Bótanse herbas aromáticas nunha tina con auga e deíxanse ó orballo da noite, co cal esa auga adquire propiedades beneficiosas para a pel e para curar certos males.

Poñendo en medio vaso de auga unha clara de ovo ás 12 da noite e recollendoa antes de que saia o sol, aparece unha figura que predice o futuro da persoa.

A noite de San Xoan na parroquia é unha noite axitada na que os mozos saen facer troulecadas: atrancar camiños, sacar apeiros de labranza dos veciños e deixalos no camiño, sacar as cancelas das eiras, etc.

A outra festa da parroquia é a da Nosa Señora do Carme que sen data fixa celébrase a primeiros de Agosto. Ese día sácanse en procesión as imaxes da Nosa Señora do Carme e a Nosa Señora do Rosario.

Antes de que Mouriscade fora comprado pola Deputación de Pontevedra, algúns anos esta casa celebraba o primeiro de Maio, e que era costeada somentes pola familia de Mouriscade.

CONCLUSIÓN

A parroquia de Vilanova é unha parroquia galega que comparte similitudes con moitas outras.

Igual que nas parroquias que a rodean os cambios dos derradeiros anos foron sustanciais tanto a nivel económico como social, de comunicacións, etc.

A mecanización do campo, a modernización das explotacións gandeiras, a mellora das carreteras, a chegada do teléfono... fixeron que o aspecto desta parroquia mudara totalmente, aínda tendo en conta o despoboamento e o envellecemento da poboación.

BIBLIOGRAFÍA

BALTASAR, R.P. (1980): Flora descriptiva e ilustrada de Galicia. Coruña: La Voz de Galicia.

BANGO TORVISO, I. (1979): Arquitectura románica en Pontevedra. A Coruña.

BUXÁN, C. (1989): Guía dos castros de Lalín. Santiago: Tórculo.

CAÑIZARES, B.(1946): Onomástico de los lugares de Deza mencionados antes del siglo XV. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

DE LLANO, P. (1981): Arquitectura popular en Galicia. Santiago: Publicacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

DUOCASTELLA,(1965): Cómo estudiar una parroquia. Barcelona: ISPA.

FARIÑA, X. (1976): A persoalidade da parroquia galega. Vigo: Sept.

FARIÑA,X. (1975): La parroquia rural en Galicia. Madrid: Instituto de Estudios de Administración Local.

FARIÑA, X. e PEREIRA, M. (1986): La diputación de Pontevedra 1836-1986. Vigo: Excma. Diputación Provincial.

LUCAS ÁLVAREZ, M.(1957): La colección diplomática del monasterio de San Lorenzo de Carboeiro. " Compostellanum" páxinas 199 e 223. Docs. XXXV e XLVL. Año 1958.

VÁZQUEZ, A. e GONZÁLEZ, D.(1989): A comarca do Deza. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

VILLARES, R.(1984): A Historia. Vigo: Galaxia.

MAPA PARROQUIAL DE DEZA



LALÍN

1 GALEGOS (S. Miguel)
2 CAMPOSANCOS (S. Cristovo)
3 CERCIO (Santiago)
4 RODÍS (S. Xulián)
5 LOSÓN (Sta. Eulalia)
6 BUSTO (S. Facundo)
7 VAL (S. Andrés)
8 CELLO (S. Martiño)
9 CANGAS (Sta. Mariña)
10 CADRÓN (S. Estevo)
11 ANZO (S. Xoan)
12 NOCEDA (Sta. María)
13 MADRIÑÁN (S. Adrián)
14 MEIXOME (Santiago)
15 BERMÉS (Sta. María)
16 PALMOU (S. Xoan)
17 MUIMENTA (S. Lourenzo)
18 SELLO (Santiago)
19 VEIGA (S. Ramón)
20 PARADA (Sta. María)
21 PRADO (S. Martiño)
22 CRISTIMIL (S. Xurxo)
23 BENDOIRO (S. Miguel)
24 SANTISO (S. Román)
25 FILGUEIRA (Sta. María)
26 XAXÁN (Sta. María da Saleta)
27 GOIÁS (S. Miguel)
28 MACEIRA (S. Martiño)
29 ALEMPARTE (Sta. María)
30 ANSEÁN (Santiago)
31 GRESANDE (Santiago)
32 DONSIÓN (Sta. Eulalia)
33 LALÍN (Núcleo urbano)
34 DONRAMIRO (Sta. María)
35 BARCIA (S. Estevo)
36 SOUTOLONGO (Sta. María)
37 BOTOS (S. Xoán)
38 MONEIXAS (S. Adrián)
39 VILANOVA (S. Xoán)
40 XESTA (S. Pedro Fiz)
41 CATASÓS (Santiago)
42 ALBARELLOS (Sta. María)
43 CASTRO (Santiago)
44 VILATUXE (S. Lourenzo)
45 LODEIRO (S. Paio)
46 DOADE (S. Pedro)
47 ZOBRA (Sta. María)
48 LEBOZÁN (Santiago)

DOZÓN

1 SISTO (S. Xoán)
2 VILARELLO (S. Andrés)
3 MACEIRAS (S. Reximio)
4 SA (Santiago)
5 SANGUIÑEDO (Sta. María)
6 O CASTRO (S. Salvador)
7 DOZÓN (Sta. María)
8 BIDUEIROS (Sta. María)

AGOLADA

1 BROCOS (S. Miguel)
2 SESTO (S. Cibrao)
3 AGRA (S. Miguel)
4 SEIXO (Santiago)
5 VAL (Sta. María)
6 BAÍÑA (S. Pedro)
7 BERREDO (Sta. María)
8 EIDIÁN (Santiago)
9 BASADRE (S. Estevo)
10 BASADRE (Sta. María)
11 RAMIL (S. Martiño)
12 BRÁNTEGA (S. Lourenzo)
13 ORREA (S. Andrés)
14 ARTOÑO (Sta. Eulalia)
15 BAIS (S. Paio)
16 BORRAXEIROS (S. Cristovo)
17 CARMOEGA (S. Pedro)
18 SANTA COMBA (S. Xoan)
19 MERLÍN (S. Pedro)
20 VILARIÑO (Sta. María)
21 ESPERANTE (S. Cibrao)
22 FERREIROÁ (S. Pedro)
23 TRABANCAS (S. Mamede)
24 GURGUEIRO (S. Miguel)
25 VENTOSA (Sta. María)

VILA DE CRUCES

1 OBRA (S. Tomé)
2 AÑOBRE (S. Pedro)
3 BRANDARIZ (S. Miguel)
4 SALGUEIROS (S. Pedro)
5 OLLARES (Sta. María)
6 INSUA (S. Tomé)
7 PORTODEMOUROS (S. Salvador)
8 DUXAME (S. Miguel)
9 LOÑO (S. Mamede)
10 ARNEGO (Sta. María)
11 GRES (Santiago)
12 CAMANZO (S. Salvador)
13 BASCUAS (Sta. Mariña)
14 PILOÑO (Sta. María)
15 CARBIA (S. Xoán)
16 FERREIROS (S. Xes)
17 CUMEIRO (S. Pedro)
18 LAZARO (S. Xoan)
19 MERZA (Sta. María)
20 SABREXO (Sta. María)
21 AS CRUCES (Nosa Sra. da Piedade)
22 BESEXOS (S. Fiz)
23 TUIRIZ (S. Xoán)
24 FONTAO (Santiago)
25 BODAÑO (S. Mamede)
26 OIRÓS (Sta. María)
27 LOSÓN (S. Pedro)
28 ASOREI (Sta María)

SILLEDA

1 CIRA (Sta. Eulalia)
2 DORNELAS (S. Martiño)
3 PIÑEIRO (S. Xulián)
4 ABADES (Sta. María)
5 PAZOS (S. Martiño)
6 MARTIXE (S. Cristovo)
7 CARBOEIRO (Sta. María)
8 LAMELA (S. Miguel)
9 CERBAÑA (S. Salvador)
10 MANDUAS (Santiso)
11 ANSEMIL (S. Pedro)
12 BREIXA (Santiago)
13 SAÍDRES (S. Xoán)
14 MOALDE (S. Mamede)
15 CHAPA (S. Cibrao)
16 NEGREIROS (S. Martiño)
17 O CASTRO (S. Mamede)
18 PONTE (S. Miguel)
19 ESCUADRO (S. Salvador)
20 RELLAS (S. Martiño)
21 MARGARIDE (S. Pedro Fiz)
22 SILLEDA (Sta. Eulalia)
23 VILAR (S. Martiño)
24 XESTOSO (Sta. María)
25 GRABA (S. Miguel)
26 FIESTRAS (S. Martiño)
27 SIADOR (S. Miguel)
28 TABOADA (Santiago)
29 CORTEGADA (Sta. María)
30 REFOXOS (S. Paio)
31 OLEIROS (S. Miguel)
32 LARO (S. Salvador)
33 PARADA (S. Tomé)

RODEIRO


1 AZ (S. Cristovo)
2 SALTO (S. Estevo)
3 PEDROSO (S. Xulián)
4 GUILLAR (Sta. María)
5 PESCOSO (Sta. Mariña)
6 CAMBA (S. Salvador)
7 PORTELA (S. Cristovo)
8 VILELA (Sta. María)
9 NEGRELOS (S. Cibrao)
10 RODEIRO (S. Vicente)
11 RÍO (Sta. María)
12 CAMBA (S. Xoán)
13 FAFIÁN (Santiago)
14 PAREDES DE ÁLCEME (Sta. María)
15 RIOBÓ (S. Miguel)
16 SENRA (S. Paio)
17 CAMBA (Sta. Eulalia)
18 CARBOENTES (S. Estevo)
19 ASPERELO (S. Martiño)
20 ARNEGO (Santiago)

(Fonte: Padrón Municipal)



EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

POBOACIÓN DO CONCELLO




	1996	1997	1998	1999
Habitantes	20,471	20,475	20,537	20,597

POBOACIÓN POR PARROQUIAS

PARROQUIA	A 31-12-1996 TOTAL	A 31-12-1997 TOTAL	A 31-12-1998 TOTAL	A 31-12-1999 TOTAL
Albarellos	63	60	58	58
Alemparte	58	58	55	56
Ansean	88	86	86	84
Anzo	231	229	222	223
Barcia	333	332	333	332
Bendoiro	344	341	334	316
Bermes	290	292	291	290
Botos	654	655	662	651
Busto	113	97	91	89
Cadrón	197	189	188	182
Camposancos	130	120	117	115
Cangas	134	139	131	128
Castro	146	145	138	134
Catasos	546	538	529	518
Cello	82	77	73	73
Cercio	306	297	291	287
Cristimil	196	194	196	186
Doade	186	186	185	184
Donramiro	902	924	929	951
Donsión	247	248	245	244
Filgueira	482	475	466	455
Galegos	148	141	140	134
Goiás	824	830	826	819
Gresande	239	235	238	238

PARROQUIA	A 31-12-1996 TOTAL	A 31-12-1997 TOTAL	A 31-12-1998 TOTAL	A 31-12-1999 TOTAL
Lalín	7.501	7.672	7.880	8.119
Lebozán	237	230	220	216
Lodeiro	92	91	90	86
Losón	489	479	467	455
Maceira	152	146	144	140
Madrinán	191	189	189	183
Meixome	157	154	150	147
Moneixas	262	263	264	259
Muimenta	210	206	206	199
Noceda	350	358	347	350
Palmou	232	226	225	224
Parada	110	109	107	104
Prado	332	329	318	313
Rodis	147	145	145	140
Santiso	305	296	294	290
Sello	375	373	370	364
Soutolongo	362	338	336	335
Val	78	80	76	77
Veiga	140	128	127	129
Vilanova	293	289	287	281
Vilatuxe	832	809	814	797
Xaxán	190	186	188	185
Xesta	284	287	277	274
Zobra	211	204	192	183
	20.471	**20.475**	**20.537**	**20.597**

RELACIÓN NACEMENTOS - DEFUNCIÓNS



(Fonte: IGE e Rexistro Civil)

LUGAR DE NACEMENTO DOS HABITANTES DE LALÍN (19-1-2000)


Lugar de nacemento		
Lalín		16.365
Resto Comarca de Deza		1.357
	Dozón 154	
	Agolada 253	
	Rodeiro 283	
	Silleda 346	
	Vila de Cruces 321	
Resto Galicia		1.294
Resto España		497
Extranxeiro		1.124
		20.637




Habitantes de Lalín nados no extranxeiro	
Bélxica	2
Francia	136
Italia	8
Países Baixos	11
Portugal	110
Principado de A.	52
Reino Unido	59
Alemania	42
Rumania	1
Suiza	77
Ex-URRS	2
Iugoslavia	1
Canadá	1
USA	12
México	8
Cuba	40
República Dominicana	9
Argentina	92
Brasil	25
Colombia	57
Uruguay	19
Venezuela	341
Guinea Ecuatorial	1
Marruecos	1
Filipinas	2
Australia	1
Panamá	10


VARIACIÓNS CENSAIS ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E AS PROVINCIAS GALEGAS

ALTAS PADROAIS DO 1-5-1996 O 31-12-1999





BAIXAS PADROAIS DO 1-5-1996 O 31-12-1999



VARIACIÓNS CENSAIS ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E AS PROVINCIAS DO ESTADO (PERÍODO 1-5-1996 Ó 31-12-1999)


CÓDIGO	PROVINCIA	N.º BAIXAS
01	Alava	8
03	Alacant	4
05	Avila	1
07	Balears	10
08	Barcelona	9
10	Cáceres	1
11	Cádiz	1
18	Granada	2
20	Guipúzcoa	21
24	León	3
25	Lleida	3
26	Rioja (La)	4
28	Madrid	12
29	Málaga	2
30	Murcia	1
31	Navarra	9
33	Asturias	9
34	Palencia	1
35	Las Palmas	41
37	Salamanca	2
38	Sta. Cruz Tenerife	32
39	Cantabria	1
41	Sevilla	1
43	Tarragona	7
45	Toledo	2
46	Valencia	1
47	Valladolid	1
48	Vizcaya	21
49	Zamora	3
50	Zaragoza	7
51	Ceuta	2
Total de España		**222**
15	LA CORUÑA	149
27	LUGO	24
32	ORENSE	54
36	PONTEVEDRA	260
Total de Galicia		**487**
66	Extranxeiro	9
Total do Estranseiro		9
TOTAL BAIXAS		**718**

CÓDIGO	PROVINCIA	N.º ALTAS
03	Alacant	1
05	Avila	1
07	Balears	3
08	Barcelona	11
09	Burgos	13
14	Córdoba	1
18	Granada	2
20	Guipúzcoa	16
24	León	2
26	Rioja (La)	6
28	Madrid	14
31	Navarra	2
33	Asturias	4
34	Palencia	4
35	Las Palmas	11
37	Salamanca	6
38	Sta. Cruz Tenerife	11
43	Tarragona	11
46	Valencia	3
47	Valladolid	4
48	Vizcaya	16
49	Zamora	2
50	Zaragoza	1
51	Ceuta	1
Total de España		**146**
27	LUGO	59
32	ORENSE	47
36	PONTEVEDRA	409
15	LA CORUÑA	121
Total de Galicia		**636**
66	Extranxeiro	371
Total do Estranseiro		371
TOTAL BAIXAS		**1.153**

ESTRUCTURAS DEMOGRÁFICAS, 1999

INTERVALO DATOS: 13-03-1900 / 19-09-1999


AREA RURAL



	HOMES		MULLERES			
IDADES	NÚM.	%	NÚM.	%	TOTAL	%
Máis de 99	0	0,00	0	0,00	0	0,00
95 a 99	7	0,06	19	0,16	26	0,23
90 a 94	46	0,40	93	0,81	139	1,20
85 a 89	96	0,83	180	1,56	276	2,39
80 a 84	145	1,26	290	2,51	435	3,77
75 a 79	259	2,24	347	3,01	606	5,25
70 a 74	305	2,64	365	3,16	670	5,80
65 a 69	405	3,51	439	3,80	844	7,31
60 a 64	342	2,96	357	3,09	699	6,06
55 a 59	308	2,67	340	2,95	648	5,61
50 a 54	388	3,36	352	3,05	740	6,41
45 a 49	351	3,04	320	2,77	671	5,81
40 a 44	381	3,30	362	3,14	743	6,44
35 a 39	407	3,53	380	3,29	787	6,82
30 a 34	377	3,27	383	3,32	760	6,58
25 a 29	389	3,37	353	3,06	742	6,43
20 a 24	416	3,60	413	3,58	829	7,18
15 a 19	343	2,97	345	2,99	688	5,96
10 a 14	278	2,41	285	2,47	563	4,88
5 a 9	198	1,72	224	1,94	422	3,66
0 a 4	126	1,09	129	1,12	255	2,21
TOTAIS	**5.567**	**48,23**	**5.976**	**51,77**	**11.543**	**100,00**

INTERVALO DATOS: 22-06-1896 / 15-09-1999

AREA URBANA




	HOMES		MULLERES			
IDADES	NÚM.	%	NÚM.	%	TOTAL	%
Máis de 99	0	0,00	1	0,01	1	0,01
95 a 99	2	0,02	8	0,09	10	0,11
90 a 94	12	0,13	20	0,22	32	0,35
85 a 89	24	0,26	55	0,61	79	0,87
80 a 84	58	0,64	112	1,23	170	1,87
75 a 79	89	0,98	141	1,55	230	2,53
70 a 74	156	1,72	181	1,99	337	3,71
65 a 69	224	2,47	242	2,67	466	5,14
60 a 64	213	2,35	191	2,10	404	4,45
55 a 59	197	2,17	236	2,60	433	4,77
50 a 54	315	3,47	303	3,34	618	6,81
45 a 49	270	2,98	301	3,32	571	6,29
40 a 44	326	3,59	335	3,69	661	7,28
35 a 39	376	4,14	416	4,58	792	8,73
30 a 34	387	4,26	394	4,34	781	8,61
25 a 29	396	4,36	414	4,56	810	8,93
20 a 24	353	3,89	373	4,11	726	8,00
15 a 19	316	4,48	325	3,58	641	7,06
10 a 14	272	3,00	229	2,52	501	5,52
5 a 9	207	2,28	216	2,38	423	4,66
0 a 4	187	2,06	201	2,22	388	4,28
TOTAIS	**4.380**	**48,27**	**4.694**	**51,73**	**9.074**	**100,00**

PRINCIPALES EMPRESAS DE LALÍN POR ACTIVIDADE E NIVEL DE FACTURACIÓN. (Fonte Ardán 99)

NOMBRE EMPRESA	ACTIVIDADE	FACTURACIÓN
LALIN		
COOP. CRIADORES GANADERO SELECTO Y COMER.	Agri. Ganadería en general	257.991
CONSTRUCCIONES SILVA Y PRESAS, S.L.	Cons. albañilería	91.426
METALURGICA DEL DEZA, S.A.	Cons. Contratistas especializados SC	532.890
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	Cons. Contratistas generales	1.923.877
PICHEL HERMANOS, S.L.	Cons. Contratistas generales	306.543
CONSTRUCCIONES BATAN ARENAL, S.L.	Cons. Contratistas generales	296.481
ANTONIO FRAMIÑAN, S.L.	Cons. Contratistas generales	251.862
HERMANOS POL Y CIA, S.L.	Cons. Contratistas generales	137.717
CONSTRUCTORA LALIN, S.L.	Cons. Contratistas generales	87.923
FONTANERÍA, CALEFACCIÓN Y GAS DEZA, S.L.	Cons. Fontn. calefac. aire acond.	51.416
ELECTROMONTAJES MEGODEZA, S.L.	Cons. Instalaciones eléctricas	325.741
BAFER LALIN, S.L.	Cons. Instalaciones eléctricas	54.819
PROMOCIONES 3652, S.L.	Cons. Promotoras de obras	270.950
CAROAMPE, S.L.	Cons. Promotores de obras	183.175
PROMOTORA DO DEZA, S.A.	Cons. Promotores de obras	57.407
PROMOCIONES POL Y CIA, S.L.	Cons. Promotores de obras	53.493
AISLADEZA, S.L.	Cons. Trabajos acústicos y aislant.	212.200
TEGASCA, S.L.	Deta. Artículos diversos para hogar	62.438
FOTOGRAFÍAS Y TIENDAS BERNABE, S.L.	Deta. Cámaras y suministros fotográf.	65.237
VEHÍCULOS REPUESTOS Y TALLERES, S.A.	Deta. Concesionario automíviles	443.216
LALIN MÓVIL, S.L.	Deta. Concesionario automóviles	79.920
AUTOMÓVILES DEL DEZA, S.L.	Deta. Concesionario automóviles	64.375
GUERRA GOLADA, S.L.	Deta. Detallistas diversos SC	174.682
AGROBOTICA LALIN, S.L.	Deta. Detallistas diversos SC	129.625
PERFUMERÍA FEGUS, S.L.	Deta. Detallistas diversos SC	64.048
ESTACIÓN DE SERVICIO CAMPOS, S.A.	Deta. Estaciones de servicio gasol.	855.949
SANIDEZA, S.L.	Deta. Farmacias	52.777
CANGADO, S.L.	Deta. Madera y materiales de construcción	83.617
PARRILLADA VILLANUEVA E HIJOS, S.L.	Deta. Restaurantes	54.077
AUTORECAMBIOS MOTOR LALIN, S.L.	Deta. Suministros para el automóvil	71.422
DOCECA, S.L.	Deta. Tiendas mercancías en general	78.775
INDUSTRIAS SEVERINO FERNÁNDEZ, S.L.	Fabr. Aliment. prep. para animales SC	156.980
SERRERÍAS DEL DEZA, S.L.	Fabr. Aserraderos de madera	236.177
BLANABEL, S.L.	Fabr. Aserraderos de madera	56.353
MATADERO COMARCAL DEL DEZA, LALIN, S.A.	Fabr. Carne empaq. embut. matadero	711.795
CARPINTERÍA MANUEL FUENTES MÉNDEZ, S.L.	Fabr. Carpintería metálica	70.634
PORTAGLAS, S.L.	Fabr. Embases vídrio	696.683
PUMADE, S.A.	Fabr. Estructuras de madera SC	1.347.145
GALIPORT, S. COOP.	Fabr. Estructuras de madera SC	58.216
RECREATIVOS PRESAS, S.L.	Fabr. Fabricantes diversos SC	904.103
IMPRENTA LIBRERÍA ALVARELLOS, S.L.	Fabr. Imprent. comerc. - textos	82.780
HERMANOS TOIMIL GARCÍA, S.L.	Fabr. Maquín. y equipo para agric.	266.088
TALLERES BLANCO Y ORO, S.L.	Fabr. Maquin. y equipo para agric.	129.296
CANTERAS DE RICHINOL, S.L.	Fabr. Minerales molidos	380.708
CANTERAS DEL ARENAL, S.L.	Fabr. Minerales molidos	213.475
GENEROS DE PUNTO MONTOTO, S.A.	Fabr. Prendas exteriorees de punto	1.419.374
GENEROS DE PUNTO IVAN, S.L.	Fabr. Prendas exteriores de punto	413.199
LUIS ALBERTO, S.A.	Fabr. Prendas exter. sra. y niña SC	237.153
FLORENTINO, S.A.	Fabr. Prod. fabricados de text. SC	1.732.189
CREACIONES TOYPEZ, S.L.	Fabr. Prod. fabricados de text. SC	919.527


NOMBRE EMPRESA	ACTIVIDADE	FACTURACION
CONFECCIONES GUERRAL, S.A.	Fabr. Prod. fabricados de text SC	484.131
TINO CHEDA, S.A.	Fabr. Prod. fabricados de text SC	435.248
CREACIONES ENMANUEL, S.L.	Fabr. Prod. fabricados de text SC	136.055
D'AQUELA, S.A.	Fabr. Prod. fabricados de text SC	95.076
ALBERTO NOVO, S.L.	Fabr. Prod. fabricados de text SC	57.338
INASUS	Fabr. Trabajos carpintería metálica	798.529
INDUSTRIAS GONZÁLEZ, S.L.	Fabr. Trabajos carpintería metálica	525.187
ALUMINIOS BECASI, S.L.	Fabr. Trabajos carpintería metálica	72.017
INDUSTRIAS DE ALUMINIO FERNÁNDEZ, S.L.	Fabr. Trabajos carpintería metálica	63.882
ALUMINIOS ALFRA, S.L.	Fabr. Trabajos carpintería metálica	52.862
MANUFACTURAS GALLEGAS, S.L.	Fabr. Vidrio plano	409.951
ALMACENES MUIÑOS RIADIGOS, S.L.	Mayo. Cereales (granos)	94.426
COOPERATIVA AGRARIA VALLE DEL DEZA	Mayo. Cereales (granos)	53.461
LOÑO, S.L.	Mayo. Confecciones señora y niña	112.230
AGROBOTICA, S.L.	Mayo. Droguería, perfumería y farmacía	597.166
FRUJORGE, S.L.	Mayo. Frutas frescas y verduras	228.053
AGRO VEIRAS, S.L.	Mayo. Maquin. para agric. y jardín	153.676
GRUPO PORTADEZA, S.L.	Mayo. Mercancías varias no pereced.	68.254
ESTACIÓN DE SERVICIO HNOS. CANDA, S.L.	Mayo. Petróleo y productos petro.	92.791
PRABA, S.A.	Mayo. Productos lácteos	4.645.317
AVÍCOLA TRATANTE, S.A.	Mayo. Volatería	480.691
TALLERES RIAL, S.L.	Serv. Reparación automoción en general	73.975
AUTOCARES MEIJIDE, S.L.	Tran. Transp. pasaj. por carretera	98.284
TRANSPORTES MONTOTO, S.L.	Tran. transporte por carretera	120.373
MONTE DO CARRIO, S.L.	Tran. Transporte por carretera	73.744

EVOLUCIÓN DAS LICENCIAS DE OBRAS NO CONCELLO




Ano	Edificios	Viviendas unifamiliares	Naves para Almacén	Obras menores	TOTAL
1996	12	19	8	15	54
1997	7	12	5	7	31
1998	12	12	10	16	50
1999	32	38	15	35	120

EVOLUCIÓN DAS LICENCIAS DE APERTURA



Ano	Comercio minorista	Servicios financieros	Servicios persoais	TOTAL
1996	4	1	3	8
1997	1	1	1	3
1998	11	1	3	15
1999	27	1	8	36

EVOLUCIÓN DAS LICENCIAS DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS (Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas)



Ano	Hostelería	Instalacións gandeiras	Industria	Servicios varios	TOTAL
1996	8	2	3	2	15
1997	5	2	2	3	12
1998	10	4	6	10	30
1999	39	31	38	38	146

05-02-99 data de aprobación do PXOU. (Incremento no número de solicitudes de licencias municipais.

(Fonte: Oficiña Municipal de Obras)

ANUARIO DE LALÍN

ACONTECEMENTOS DA VIDA CULTURAL, ASÍ COMO AQUELES FEITOS MÁIS IMPORTANTES QUE FORON NOTICIA NO ANO 1999

XANEIRO

4/1/99

Entregados no Museo Ramón Mª Aller Ulloa os premios correspondentes á edición do 98 do Certame de Beléns e Postais de Nadal.

5/1/99

Celébrase en Lalín a tradicional **Cabalgata de Reis**, que percorre, acompañada de numeroso público, as rúas da vila.

7/1/99

O Auditorio Municipal de Lalín acolle o **Festival Folclórico de Reis 1999**, coa recadación adicada ós damnificados do furacán Mitch. Actuaron os grupos Os Dezas, Roxedoiro, Mulleres Rurais de Deza, Os Trasnos, Ailola, Outras Herbas, Froitos do Deza, O Eixo e Beroila.

8/1/99

O Alcalde Xosé Crespo presenta a XXXI edición da Feira do Cocido no Restaurante A Molinera, na que se anuncia que Núremberg e Barcelona será este neste anos sedes tamén da Feira do Cocido de Lalín.

11/1/99

O **Concello de Lalín** anuncia que invertirá 25 millóns na urbanización da Avda. de Buenos Aires.

15/1/99

Comeza o **MES DO COCIDO** de Lalín, iniciativa pola que se pretende a promoción do cocido nas data ó redor do cocido de Lalín.



16/1/99

Alumnos do Instituto Laxeiro manifféstanse polas rúas de Lalín para pedir a finalización das obras que se están levando a cabo.

17/1/99

O Café Cantigas ofrece unha exposición retrospectiva de imaxes de Lalín dos anos 50 a 70. Recolle 27 interesantes instantáneas.

20/1/99



Reúnense en Lalín os membros do xurado dos **Premios de Gastronomía de Galicia**, convocados polo Concello de Lalín. Tra-las deliberacións, a "Orde Serenísima do Albariño", Eladio Rodríguez, do restaurante "Casa Eladio" de Valencia, Belarmino Fernández Iglesias, do Restaurante "Rubayat" de Brasil, o restaurador José Solla Jr., como mellor profesional destacado na promoción da cociña galega, así como as propietarias dos restaurantes "El Horreo" de Corcubión, "El Gallego" de Verín, "El Almacen" de Cervo e "Sobreira" de Canido. O gañador do Premio Nacional de Periodismo Gastronómico non sería desvelado ata a Gran Gala de Gastronomía da TVG en Lalín.

22/1/99

O Alcalde Xosé Crespo desvela que Carlos Casares, Presidente do Consello da Cultura Galega, será quen lea o pregón da XXXI edición da Feira do Cocido.

23/1/99



Preséntase a programación da primeira edición dos VENRES FOLK, organizados polo Concello de Lalín e nos que actuarán, a beneficio da promoción do folk en Galicia, **Fía na Roca, Leilía, Chouteira e Os Cempés.**

27/1/99

A Consellería de Política Terrritorial, Obras Públicas e Vivenda deu o visto e prace ó **Plan Xeral de Ordenación Urbana de Lalín.**

28/1/99

O **MES DO COCIDO** de Lalín avanza favorablemente, con numerosos colectivos achegándose ata Lalín a degustar un Cocido en calquera dos restaurantes recomendados pola organización.

29/1/99

Concerto de **Fía na Roca** no Auditorio Municipal con gran éxito de público. Abre a programación dos **VENRES FOLK**.

FEBREIRO

1/2/99

O Conselleiro de Agricultura e Gandeiría, Cástor Gago, degusta un cocido nun restaurante de Lalín para promocionar o **Mes do Cocido de Lalín**, invitado polo Alcalde Xosé Crespo, e acompañados polo resto de alcaldes da Comarca de Deza.


2/2/99

Presentado en sociedade o **Anuario Descubrindo**, na súa primeira edición, relativa ó ano 1998, e que recolle traballos de 19 investigadores da comarca en 462 páxinas.

3/2/99

Expo Deza recolle unha exposición etnográfica sobre a matanza do porco, con apeiros utilizados para esta actividade recollidos de diversas familias da comarca.

4/2/99



Celébrase a **Gran Gala de Gastronomía de Galicia** dende Lalín, retransmitida en directo pola **TVG**, dende o Pavillón Municipal de Deportes de Lalín, coa actuación estelar de Rafael, Navajita Plateá, Camela, etc... ademais de numerosos grupos de música tradicional galega, incluídas formacións de Lalín. A Gala foi presentada polos populares presentadores, Xosé Manuel Piñeiro e Paula Vázquez. Nesta Gala foron entregados os **Premios de Gastronomía de Galicia**.

O Pavillón dos Deportes de Lalín rexistrou un cheo total de veciños que acudiron a este espectáculo televisivo.

PREMIOS DE GASTRONOMÍA DE GALICIA:

Premio Nacional de Periodismo Gastronómico "Álvaro Cunqueiro"

1º.–**Fernando Ónega** , polo artículo de prensa "La otra religión de Galicia", publicado no diriò El Progreso de Lugo.

2º.–**Luis Rial Suárez**, polo seu programa de radio "A XXX edición da Feira do Cocido de Lalín", emitido en directo dende Lalín para a Radio Galega o 15 de febreiro de 1998.

3º.–**Fina Casalderrey e Mariano García**, polo seu libro "A repostería en galicia: sobremesas e outras lambetadas de onte a hoxe", editado por Edicións Xerais de Galicia.

Premio ó labor de toda unha vida

Pontevedra:	Casa Sobreira, Canido-Vigo.
Lugo:	Casa "El Almacén", Cervo.
A Coruña:	Casa El Horreo, Corcubión.
Ourense:	Restaurante "El Gallego", Verín.

Premio ós profesionais da cociña galega

En Galicia: José Solla Jr., do Restaurante "Casa Solla" de Pontevedra.

En España: Eladio Rodríguez Blanco, Restaurante "Casa Eladio" de Valencia.

No Mundo: Belarmino Fernández Iglesias, Restaurante "Rubayat" de Brasil.

Empresa ou entidade: Orde Serenísima do Albariño de Cambados.

5/2/99

O **Concello de Lalín** en Pleno aproba o Plan Xeral de Ordenación Urbana. Con esta aprobación ponse en marcha o elemento que deseña e organiza o crecemento urbanístico de Lalín cara o futuro.

Chouteira actúa no Auditorio Municipal dentro da programación dos **Venres Folk**.

7/2/99

XXXI edición da Feira do Cocido de Lalín co pregón de Carlos Casares.

9/2/99

As carrozas de Cercio, A Xesta e Donramiro reciben o 1º, 2º e 3º premio das carrozas que desfilaron na pasada Feira do Cocido.



11/2/99

A Federación Galega de Balonmán decide distinguir o Club Balonmán Lalín como o mellor club galego do ano 1998.

13/2/99

Concerto da Banda de Lalín en Barcelona con motivo da Feira do Cocido de Lalín en Barcelona.

14/2/99

II Feira do Cocido de Lalín en Barcelona.

15/2/99

Unha delegación oficial do Concello de Lalín, acompañados pola Banda de Lalín chegan a Escaldes-Engordany (Andorra).

17/2/99

Comeza a recollida de obra para os artistas que desexen participar na IV Bienal de Arte Pintor Laxeiro.

19/2/99

O Auditorio Municipal acolle unha exposición chamada "A maxia do Tren", patrocinada por Caixavigo, na que se poideron ver varias maquetas de trens de época.

23/2/99

Constitución en Vigo da **Fundación Laxeiro**, coa finalidade de potenciar a figura do artista lalinense e dar a coñecer a súa obra. O Alcalde de Lalín, Xosé Crespo, é nomeado vocal da citada Fundación. Os fondos iniciales da Fundación son 62 obras do pintor.

24/2/99

A Concellería de Servicios Sociais organizou unha charla-coloquio sobre a revaloración das pensións e outras prestacións da Seguridade Social. Tivo lugar na Casa da Xuventude.



26/2/99

O Concello de Lalín entrega 8.000 árbores **Campaña de repoboación forestal "50.000 árbores máis fan un futuro máis verde".**

27/2/99

Eugenio Enríquez "Geni", retorna o balonmán para reforzar a plantilla do Balonmano Lalín na última fase da liga. O máis importante deportista que tivo Lalín, retirárase meses atrás da práctica deportiva, pechando unha carreira que o levou a xogar na Selección nacional.

28/2/99

Seis empresas de Lalín presentan as súas coleccións na Feira Internacional da Moda de Madrid (IFEMA-MODA). Foron Montoto, Guerral, Luis Alberto, Enmanuel, D´aquela e Mercedes Fuentes.

MARZO



5/3/99

Péchase o prazo de entrega de obras para a Bienal de Arte Laxeiro que se vai a celebrar en maio do 99, recibindo un total de 359 obras de Europa, Asia e América.

6/3/99

I Feira do Cocido de Lalín en Alemania, na localidade de Nüremberg, con máis de 300 galegos degustando o noso prato máis tradicional.

7/3/99

Un total de 105 pratos presentáronse ó segundo certame gastronómico da Asociación de Mulleres Rurais Deza, no que participaron a nivel individual e colectivo un total de 46 parroquias das 52 do municipio. O primeiro premio recaeu na parroquia de Soutolongo, que presentou unha tarta co escudo de Lalín.



8/3/99

Entra en vigor en Lalín o **Plan Xeral de Ordenación Urbana**.

12, 13 e 14/3/99

IV Ralli do Cocido polas estradas do noso municipio.

12/3/99

Concierto de **Leilía** no Auditorio Municipal con gran éxito de público, dentro da programación dos **VENRES FOLK**.

14/3/99

Florentino, xunto con Adolfo Domínguez, Caramelo e Kina Fernández, terán a oportunidade de presentar os seus deseños na Semana dos Creadores da Moda Pret a Porter de París.

17/3/99

O xurado da Bienal de Arte Laxeiro reúnese e selecciona 44 pinturas e 17 esculturas das 359 presentadas. O xurado estaba formado por Miguel Fernández Cid, Director do CGAC; Alberto González Alegre, Director da Fundación Luis Seoane e o artista Manuel Moldes.

18 e 19/3/99

Sintonía de Vigo, París de Noia, Charlestón, Gran Parada, Foliada, Panorama, Pontevedra e Cunters actuaron na parroquia de Botos dentro dun gran festival de orquestras organizado polos veciños da citada parroquia.



20/3/99

Preséntase en Lalín o corto "Clown", obra do lalinense Suso Rivas, con música de José Carlos Vázquez. Tivo lugar na Casa da Xuventude.

21/3/99

IX Campionato - II Fase. Certame de Liga de Bandas de Galicia

22/3/99

A Casa da Xuventude foi o escenario da presenta-

ción da Guía "**Terras de Deza**", da editorial Ir Indo, escrita por Román Rodríguez, no seu apartado de xeografía; María del Pilar Rodríguez Suárez no de historia e Marta Cendón Fernández no referente á arte.

▌ 26/3/99

Concerto de **Os Cempés** no Auditorio Municipal con gran éxito de público dentro da programación dos **VENRES FOLK**.

▌ 27/3/99

Desfile de moda organizado polos alumnos do Instituto de FP Laxeiro no Auditorio Municipal, con prendas de Los Telares, D´aquela e Carmen Barcala.

▌ 30/3/99

O Club Balonmán Lalín recolle en Vigo o trofeo que o acredita como o mellor clube de balonmán do ano 1998. Era o recoñecemento a unha brillante tempada con numerosos campionatos acadados.

ABRIL

▌ 5/4/99

Enorme éxito do concerto da Banda Municipal de Lalín no Teatro Principal de Santiago.

▌ 6 ,7 e 8/4/99

Celébranse as Xornadas de "Implantación de sistemas de calidade na industria agroalimentaria", organizada pola Asociación de Empresarios de Deza e os Servicios Veterinarios de Saúde Pública.

▌ 8/4/99

Representación da obra Cyrano de Bergerac no Auditorio Municipal a cargo de Producciónes Librescena.


▌ 23/4/99

Conferencia de José Antonio Perozo Ruíz no Auditorio Municipal, organizada polo **Seminario de Estuidos de Deza** para conmemorar o Día do Libro. Nesta conferencia realizou unha viaxe pola historia do libro en Galicia, recordando que a historia do papel impreso é a historia da literatura, apuntando datos interesantes, como un misal e "El Arte de Confesar", que foron os primeiros libros publicados en Galicia.

▌ 24/4/99

O Club Balonmano Lalín inicia a fase de ascenso á División de Honra B no Pavillón Municipal de Lalín ante o Zarautz. Máis de mil aficionados lalinenses apoiaron o histórico clube da vila, que venceu por 24-22.

Actuación do "Duúo Arabesco" de música de cámara no Auditorio Municipal dentro do programa "Galicia nos Sentidos" da Consellería de Cultura.



24 e 25/4/99

XVI FEIRADEZA DE LALÍN. Feira do gando selecto de Lalín celebrada no Mercado de Gando Novo de Lalín. Esta feira contou como novidade cun campionato de manexo de tractores con remolque, así como os habituais concursos de manexo de animais e concursos de pezas. En total reuníronse máis de 160 reses en Lalín.



25/4/99

Segundo partido da fase de ascenso a División de Honra B do Balonmano Lalín ante o Manyanet, no que a pesares do incondicional apoio de numerosos afeccionados, saíu derrotado por 30-32.

26/4/99

Os colectivos gastronómicos galegos, no que estan incluídas as máis importantes asociacións gastronómicas de restaurantes galegos, homenaxean ó Alcalde de Lalín Xosé Crespo, nomeándoo coa figura simbólica de **"Alcalde da Gastronomía"**. A comida homenaxe foi no Restaurante Sexto de Santiago de Compostela. O acto estivo organizado polas asociacións gastronómicas "Amigos da Cociña galega", "Lareira", "Xantares", "Rías Altas" "Restauradores Gallegos" e "Unión Hosteleira Galega".

Terceiro e definitivo partido do Balonmano Lalín na Fase de ascenso a División de Honra B, esta vez fronte ó Torrevieja, caendo derrotado nos últimos instantes por 18-19, perdendo a posibilidade de clasificarse para a seguinte fase.

27/4/99

Concerto de música de cámara no Auditorio de Lalín a cargo de trinta alumnos do Conservatorio de Lalín, coordenados pola profesora Eliana Cortizo. Interpretaron un variado repertorio para dúos, tríos, corda, vento, piano, etc...

Conferencia de Carlos Casares, Presidente do Consello da Cultura Galega, dentro do ciclo "Os nosos escritores" no Auditorio Municipal e dirixido ós alumnos dos institutos do municipio.

28/4/99

Exposición de obras de cantería de Xosé Calviño, escultor natural de Rodeiro, na sede comarcal de Expo Deza.

30/4/99

Representación do Centro Dramático Galego, baixo a dirección de Raúl Dans da obra "Lugar", texto co que obtivo o Álvaro Cunqueiro de textos teatrais de 1994.

MAIO

1/5/99

O Club de Rugby Lalín vence no seu primeiro partido da fase de ascenso a Primeira Nacional ante o Rugby León por 23-15. Un equipo formado por xogadores da comarca.



1 e 2/5/99

Celébrase a **XI FEIRA DO CABALO DE LALÍN**, no recinto do Mercado de Gando Novo, no que se celebraron probas, concursos, exhibicións, concursos morfolóxicos, espectáculos equinos como a presentación do cabalo P.R.A. "Arabian Beauty", Campeón de España e de Europa, que se pechou co tradicional rodeo americano estilo Lalín.

2/5/99

Primeiro dos concertos de Primavera organizados pola Concellería de Cultura, nos que as bandas do concello celebran concertos nas tardes dos domingos. Esta vez abre o programa a Banda de Vilatuxe.



6/5/99

O Rector da Universidade de Santiago de Compostela e o Alcalde de Lalín firmaron

en Santiago un convenio de colaboración entre a citada Universidade e o **Seminario de Estudios de Deza**. Polo citado convenio prevense realizar programas de investigación e desenvolvemento en común, asistencia técnica por parte da Universidade de Santiago ó Seminario, intercambio de persoal e diversas colaboracións en actividades educativas.

A Casa da Xuventude de Lalín organiza uns interesantes cursos de fotografía, humor gráfico e cómic, para tódolos xóvenes de Lalín.

▮ 7/5/99

Cita do mundo artístico e cultural na inauguración da **IV Bienal de Arte Laxeiro no Museo Ramón María Aller**. En total foron 44 pinturas e 17 esculturas, seleccionadas entre as 359 obras presentadas para participar nesta, que é unha das máis importantes do panorama artístico galego. Nesta ocasión foron cinco artistas dezanos os seleccionados, Álvaro Negro, Xulio García Rivas, Aymerich, Vidal Payo e Armindo Salgueiro.

O Concello de Lalín, arredor da Bienal de Arte, organizou tamén as "**Discusións Redondas**", ciclo de conferencias de temas artísticos, cun importante papel para o debate, baixo os seguintes epígrafes: "A arte e as artes", "A arte sexista", "¿Isto é arte?", "O crítico e o artista".

▮ 8/5/99

No Estadio Municipal Manuel Ángel Cortizo, celébrase un importante partido benéfico entre un combinado de veteranos do fútbol galego e o Real Madrid de



Veteranos, coa presencia de figuras de primeiro nivel como Michel, Di Stefano, Amancio, Maté, Castro Santos, etc... arbitrados por García de Loza.

Nesa mesma mañá, o Alcalde de Lalín, Xosé Crespo, impúsolle medallas conmemorativas do acontecemento deportivo e benéfico ós ex - xogadores do Real Madrid, Amancio e Di Stefano.

▌ 9/5/99

Concerto da Banda de Lalín na Praza da Vila dentro da programación dos Domingos de Primavera.

▌ 11/5/99

Primeira xornada dos **Circuitos teatrais no rural**, organizados pola Concellería de Cultura do Concello de Lalín, baixo a dirección do animador teatral Xosé Manuel Ogando. Nesta ocasión, unha veintena de alumnos do colexio Manuel Rivero representaron "¿Lémbraste cómo nos coñecimos?" e "Pantasma, Pantasma".

▌ 13/5/99

Presentación en público do logotipo do **Seminario de Estudios de Deza**, obra do artista Paco Lareo. Trátase dunha flor de queiruga mezclada cun petroglifo, mesturando así a natureza coa historia.

Concerto do guitarrista Tomás Camacho no Museo Ramón Aller e patrocinado pola entidade bancaria Caixavigo, que serviu de apoio á programación cultural da Bienal de Arte Pintor Laxeiro.

O escritor lalinense e profesor do Instituto Aller Ulloa, Mario Pereira, é galardoado co premio Raiña Lupa que concede a Deputación de A Coruña para obras de literatura infantil. O título do traballo é "Pinchacarneiro de cartón e fábula", definida polo xurado do premio como "de gran calidade literaria, de bo humor e cunha perfecta definición dos persoaxes". O premio foi de 1 millón de pesetas e a publicación do libro.

▌ 14/5/99

" A arte e as artes: sobre a autenticidade das artesanías" e "A arte sexista: a coartada do sexo como excusa artística", dúas mesas redondas do ciclo **Discusións redondas**, que completa a programación da Bienal Laxeiro. Nestes debates, ademais do numero público asistente, participaron Enrique Velasco, Director da escola de Canteiros de Pio; Paco Lareo, presidente da Fundación A Solaina de Piloño; Jesús Hernández Sánchez, Decano da Facultade de Belas Artes en " A arte e as artes: sobre a autenticidade das artesanías" e "A arte sexista", e a profesora de Belas Artes, Chelo Matesanz, a profesora de Económicas, María do Carme García Negro e o escultor Paco Pestana no debate "A arte sexista: a coartada do sexo como excusa artística"

Conferencia do escritor Xosé Neira Vilas ante os alumnos do Colexio Manuel Rivero, dentro dos actos do Día das Letras Galegas e impartida na Biblioteca Municipal de Lalín.

▌ 15/5/99

Presentación da Escola de Música de Lalín no Auditorio Municipal, coa presencia do Patronato Cultural e os membros da Banda Municipal de Lalín.

Inauguración do Centro de Formación Ocupacional de Lalín, sito no Polígono Lalín 2000. Presidindo o acto estivo a Conselleira de Familia, Muller e Xuventude, Manuela López Besteiro.

16/5/99

Concerto da Banda de Muimenta na Praza da Vila dentro da programación dos Concertos de Primavera.

17/5/99

Actuación da "Orquesta Camerata Andaluza" no Auditorio Municipal de Lalín, financiada por Caixa de Pontevedra.

18/5/99

Segunda xornada dos **Circuitos Teatrais no Rural** no Auditorio Municipal de Lalín, trinta alumnos do Colexio Comarcal denominados "Fulquicalulqui" representaron "Eu coñecín os ananos Saltisalti".

19/5/99

Os colectivos de teatro da asociación A Carballeira de Cercio puxeron en escea as obras "Meu pai" e "O cego de Fornelos", ambas de Varela Buxán, así como "O grande peso da lei ¡a dieta!" no Auditorio Municipal de Lalín.

20/5/99

Represéntase no Auditorio Municipal de Lalín a obra "Nenerías", do grupo Teatro Galileo. A autora desta sátira sobre a educación foi a dramaturga Fefa Moya.

O Alcalde de Lalín e o Subdelegado do Goberno na Provincia de Pontevedra, Alejandro Millán Mon inauguraron en Lalín o novo edificio do Instituto Nacional da Seguridade Social.

21/5/99

Última xornada das **"Discusións Redondas"** organizadas pola Concellería de Cultura arredor da Bienal Laxeiro. Nesta ocasión os temas foron "¿Isto é arte?", coa participación no debate do catedrático José Gómez Alén, Manuel Olveira, do CGAC, e o filósofo Miguel Vázquez freire, e "O crítico artista: ¿creación ou recreación da obra de arte?", coa participación do crítico Antón Castro, o pintor Antón Pulido e o presidente da Fundación Luis Seoane, González Alegre.

O Alcalde de Lalín, Xosé Crespo Iglesias e unha comunidade de herdeiros, firmaron ante notario o convenio urbanístico polo cal o Concello de Lalín se fai coa milenaria Carballeira da Viuda, na que se pretende facer un parque público.

22/5/99

Os colectivos de teatro da Asociación A Carballeira de Cercio puxeron en escea as obras "Meu pai" e "O cego de Fornelos", ambas de Varela Buxán, así como "O grande peso da lei ¡a dieta! no Centro Social de Cercio.

25/5/99

O Concello de Lalín concerta a recollida do papel para o seu reciclaxe con COGAMI (Confederación Galega de Minusválidos). Importe de 15.000 pts. por cada recollida.

26/5/99

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Turismo, declara a Feira do Cocido como **"Festa de Galicia de Interese Turístico".** Os méritos para outorgar esta distinción foron os do seu arraigamento, singularidade, afluencia de visitantes e interese cultural.

28/5/99

Data de comezo da campaña electoral para as eleccións municipais.

Colócase a primeira pedra das obras de acondicionamento do Pontiñas na súa segunda fase, dende a estrada N-525 ata o Polígono Lalín 2000, obra financiada na súa totalidade pola Consellería de Política Territorial e Obras Públicas da Xunta de Galicia.

29/5/99

A **Xunta de Galicia**, a través da Consellería de Medio Ambiente adquire o Souto de Quiroga en Catasós, que conta cas árbores de máis fuste de Galicia, e consideradas pola FAO como únicas na súa especie. Finalízase desta forma un proceso que se iniciou coa preocupación do profesor Viéitez Cortizo, que a través das súas investigacións fixo ver primeiro ó Concello de Lalín e despois á Xunta de Galicia da necesidade de preservar este maravilloso paraxe.

XUÑO

1/6/99

Exposición da pintora ourensana Berta Ares no Café Copacabana de Lalín.

3/6/99

A Concellería de Cultura do Concello de Lalín fai entrega dos premios de relato curto "Varela Buxán" no Museo Municipal Ramón María Aller Ulloa. O xurado estivo formado polos escritores Anxos Sumai, Gonzalo Navaza e Xosé Luna. O estudiante do Instituto Laxeiro Iago, Mouriño Román gaña por cuarta vez o "Premio de Relato Curto Varela Buxán", na categoría de 6º de primaria a 3º de ESO. Na categoría de BUP, COU e FP a gañadora foi Alba Payo Froiz, do Instituto Ramón Aller de Lalín.

4/6/99

Comeza a ser operativa a Compañía da Garda Civil en Lalín, cun equipo de SEPRONA, un equipo de Intervención de Armas, comandada por un Capitán e con 50 números.

Clausúrase a "IV Bienal de Arte Pintor Laxeiro", que se celebrou ata esta data no Museo Municipal Ramón María Aller con un gran éxito de público e ventas para os artistas que alí expuxeron, superando a cifra de catro millóns de pesetas.

5/6/99

Inícianse as actividades da IV Forxa Literaria A Solaina de Piloño, cunha homenaxe a Maruxa Villanueva.

6/6/99

Novo día de actividades da IV Forxa Literaria A Solaina de Piloño, que contará cunha actuación de Farruco contando contos e con un recital poético de Antonio Taboada "Willi".

7/6/99

Da comezo o servicio de gas canalizado de Lalín en diversas rúas do centro urbano.

13/6/99

Eleccións Municipais 1999.

No Concello de Lalín resultaron elixidos José Crespo Iglesias (Alcalde), Román Rodríguez González, Gloria Rigueira Ferreiro, Camilo González Bodaño, Lucita Villar Jar, Ramiro Ruibal Fuentes, Manuel Gómez Estévez, Antonio Rodríguez Rodríguez, José Iglesias Rodríguez, José Antonio González González, Manuel Blanco Carballude, José Luis García Gómez, Fernando Varela Sousa, Agustín López Torres e Ana Isabel Lareo Montoto polo Partido Popular, José Luis Pérez Donsión, Luis Fernández Cuñarro e Mónica Crespo Diéguez polo Partido Socialista Obrero Español, e Xoan Carlos Vizoso González, María Xesús Iglesias Rodríguez e Rafael Iglesias Blanco polo Bloque Nacionalista Galego.

14/6/99

Exposición de Xulio García Rivas no Museo Municipal Ramón María Aller ata o 26 de xuño.

19/6/99

Conferencia a cargo de Carmen Buxán, experta en cultura castrexa en Galicia, pronunciada na sede de ExpoDeza en Lalín. Nesta conferencia fixo un repaso polos espacios de interese arqueolóxico e por castros, mámoas, petroglifos, etc...

Na IV Forxa Literaria da Solaina de Piloño presentación da obra de Vázquez Pintor "Lume de biqueira".

20/6/99

Domingos folclóricos na Praza da Igrexa coa actuación de Os Xuncos e Outras Herbas.

Recital poético en A Solaina de Piloño, como clausura da IV edición da Forxa Literaria, coa intervención de Gonzalo Navaza, Isolda Santiago, Alba Payo, Nuñez Fiuza, Carlos Negro, Xurxo Alonso, etc... e coa actuación musical do trío de música tradicional formado por Azucena Castro, Luis Areán e Luisa Areán.

21/6/99

O **Seminario de Estudios de Deza** convoca o **Premio Deza de Investigación**, no que se propón o tema "Natureza, paisaxe e medio ambiente na comarca de Deza". Ata o 30 de novembro tiñan os interesados prazo para presentar os seus traballos realizados. O premio ten unha dotación de 250.000 pesetas.

23/6/99

Romaría do Corpiño en Santa Baia de Losón (Lalín).

25/6/99

Concerto dos alumnos do Conservatorio de Lalín dos distintos instrumentos, e que contou co pianista acompañante David Fernández Taboada.

26/6/99

Preséntase en Lalín o concerto "**As Bandas Populares**", dentro da programación cultural do Xacobeo 99. O citado concerto contaría coa presencia de Teresa Novoa, o tenor Manuel Sirera e as Bandas de O Rosal, Beade e Lalín.

27/6/99

Domingos folclóricos na Praza da Igrexa coa actuación de A Carballeira de Cercio, Os Dezas de Moneixas e Roxedoiro de Palmou.

O Alcalde de Lalín, Xosé Crespo Iglesias, lé o pregón da Festa do Melindre de Melide, no que destaca as riquezas desta variedade de melindre, dulce típico da rexión.

29/6/99

O Coordinador do Seminario de Estudios de Deza e Concelleiro de Cultura do Concello de Lalín, Román Rodríguez, presentou en Santiago de Compostela o seu último libro: "**De aldeas a cidades**", editado pola Editorial Ir Indo.

30/6/99

Exhibición no Pavillón do Colexio Comarcal de Lalín dos alumnos das escolas municipais de patinaxe e aerobic. Ademais contouse coa presencia da patinadora Tamara Valderrama.

Dende o Parque do Auditorio, concerto "As bandas populares", dentro da programación do Xacobeo 99, coa actuación da Banda de Lalín, a banda de O Rosal, a Banda de Beade, o tenor Manuel Sirera e a soprano Teresa Novoa.

XULLO

3/7/99

Toma de posesión da Corporación Municipal de Lalín, na que xuraron ou prometeron os seus cargos os novos membros. Xurou o cargo tamén o Alcalde Xosé Crespo Iglesias

3 e 4/7/99

Gran Trofeo Concello de Lalín de tiro de pichón, organizado pola Sociedade de Caza e Pesca de Lalín. En total entregáronse 250.000 pts. en premios.

4/7/99

Domingos folclóricos na Praza da Igrexa coa actuación de Mulleres Rurais de Deza, Os Trasnos de Doade e O Eixo de A Xesta.

8/7/99

Inaugúrase no Museo Municipal Ramón Aller a exposición **Itinerium de Egeria**, na que se expuxeron as litografías, obra de Antón Lamazares, que ilustran esta obra

histórica editada pola editorial parisina Raíña Lupa. Itinerium de Egeria relata a viaxe dunha monxa por terra santa alá polo siglo IV.

10/7/99

Concentración de vehículos antigos na Praza da Igrexa de Lalín.

11/7/99

Domingos folclóricos na Praza da Igrexa coa actuación de Beroila de Lalín, Airiños de Soutolongo e Ailola de Lalín.

12 a 16/7/99

Campus de fútbol Verano 99 Umbro coa colaboración do Concello de Lalín.

16, 17 e 18/7/99

III Foliada de Lalín, cun excelente cartel de artistas e actividades, como un festival de cinema, obradoiros de coiro, maquillaxe corporal e construcción de xoguetes, un roteiro ciclista, unha feira de artesanía popular, así como charlas coloquio. Entre os músicos participantes están Violia, Berrogüetto, Lúnasa, Brendefol, Rafik, Mau Mau, etc...

Do 19 ó 30/7/99

Campamentos urbanos de Lalín, organizados pola Concellería de Servicios Sociais, e destinado a nenos de entre 5 e 8 anos.

27/7/99

O Alcalde de Lalín recibe na Casa Consistorial ó Senador de Argentina D. Jorge Villaverde por segundo ano, xa que o citado senador e fillo dunha muller natural de Melide, razón pola cal mantén unha estreita relación con Galicia.

28/7/99

Constitúese en Lalín un novo Consello de Administración do Patronato Cultural de Lalín, presidido por Xosé Crespo Iglesias, vice-presidente Manuel Gómez Estevez, ademais dos vocais Román Rodríguez González, Saturno Valdés González, José Quintá, Julio López, Daniel Gonzalez Alén, Ricardo Couto, María Xesús Iglesias Rodríguez, José Luis Pérez Donsión.

29/7/99

Chegou a Lalín o espectáculo do Mago Antón, "Fugas e Soños". Tivo lugar no campo da feira vello.

AGOSTO

2/8/99

Comeza a **Romaría Internacional en Lalín** coa actuación do grupo moldavo Las Virtuosas del Violín dende o Auditorio Municipal de Lalín.

3/8/99

Romaría Internacional en Lalín, coa actuación dende o Auditorio Municipal de Lalín da Compañía Hui Ópera de Anhui de China.

4/8/99

Terceiro día da Romaría Internacional en Lalín coa actuación da Compañía Slask de Polonia, tamén dende o Auditorio Municipal de Lalín.

5/8/99



O cadro "A República", obra do Pintor Laxeiro, e que estaba en poder da familia Garar Goyanes é devolto ó Concello de Lalín nun pequeno acto na Casa Consistorial. Finalmente, a acta do Pleno municipal de 9 de agosto de 1931 probaba a propiedade municipal deste cadro que Laxeiro pintara para o Concello de Lalín como agradecemento pola beca que lle fora concedida anos antes.

6/8/99

O pintor de Lalín, Sucasas, inaugura, coa presencia do Presidente da Xunta de Galicia, o Conselleiro de Política Territorial e o Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, a súa exposición antológica, que estivo aberta o público no Pazo Provincal de Pontevedra ata o 6 de setembro.

10/8/99

Conferencias no Museo Municipal Ramón Aller. Trátase de "O patrimonio da Igrexa en Galicia", a cargo do Catedrático Xosé Fernández Fernández e "A arquitectura popular galega", a cargo do Catedrático José Ramón Soraluce Blond. Estas conferencias encadrábanse dentro da programación de "Aulas no Camiño", organizadas pola Universidade da Coruña.

Do 15 ó 28/8/99

Campamento de Verán na Illa de Ons, coa participación de 85 nenos de entre 8 e 14 anos.

21/8/99



Romaría da 3ª Idade na Carballeira de Barcia.

SETEMBRO

1/9/99

Dentro da programación Cine na Rúa, proxectóuse a película "Sargento Bilko" na Praza da Igrexa.

2/9/99

Iníciase un curso de Corte e Confección organizado pola Asociación de Amas de Casa Laxeiro.

3/9/99

Desfile de moda benéfico no Auditorio Municipal de Lalín, organizado pola Academia de Peluquería Rasgos. Os cartos recadados foron enviados integramente para paliar as causas da catástrofe do terremoto sufrido poucos días antes en Turquía.

7/9/99

O Concello de Lalín inicia unha campaña de recollida de materias e productos destinados ó seu envío para Cuba. Esta iniciativa da Consellería de Sanidade, denominada "Lembrando os maiores en Cuba", tivo unha excelente acollida en Lalín, dende onde se enviaron pañais, compresas, xabón, muletas, andadores, productos básicos de alimentación, etc.. elementos básicos para paliar as condicións de extrema necesidade que viven algúns colectivos de aquel país.

8/9/99

Dentro da programación Cine na Rúa, proxectouse a película "Willow" na Praza da Igrexa.

9/9/99

A Concelleira de Servicios Sociais de Lalín, Lucita Villar Jar, sustitúe a Antonio Pillado no seu escaño no Parlamento, xa que este é nomeado Conselleiro de Xustiza. De esta maneira, Lucita Villar, que ocupaba o posto número 6 da lista do Partido Popular nas eleccións ó Parlamento, pasaba a sustituír ó congresista Pillado. Convértese así na primeira deputada da Comarca de Deza en acceder ó Congreso dos Diputados de Madrid.

Actuación do grupo "Código de Barras" no Auditorio Municipal, patrocinado por Caixavigo e Ourense.

10/9/99

Organizado pola Xunta de Galicia, **Festival Pop-Rock "Xuventude 99"**, dende o pavillón de Deportes de Lalín, no que venceu o grupo vigués "Garlics".

O Conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia, acompañado polo Alcalde de Lalín, inaugura o servicio de telemedicina do Ambulatorio de Lalín.

13/9/99

Varias firma de moda de Lalín acuden á Semana de la Moda de Madrid, onde exporán as súas novedades para a próxima tempada. Ademais de Géneros de Punto Montoto, tamén acudiron Mercedes Fuentes, D´aquela, Enmanuel e Luis Alberto, integrados dentro do grupo de moda Gallaecia. A empresa Montoto xa estivera semanas antes na Spain Fashion Exhibition en Tokio e Osaka (Japón) e na Prêt a Porter de Paris (Francia).

15/9/99

Dende a Praza da Vila, teatro para nenos: concurso "Conta o que queiras".

16/9/99

Ata o 30 de setembro estivo exposta no Museo Municipal Ramón Mª Aller a exposición "Dúas Xeracións", con obras de Xaime Quessada Blanco (1975) e Xaime Quessada (1937).

A firma textil lalinense Toypes desfilou neste día na Pasarela Gaudí de Moda de Barcelona.

17/9/99

O Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, Xosé Cuiña, e o Alcalde Xosé Crespo Iglesias inauguraron as obras realizadas na rúa Principal e a rúa Colón, así como a fonte dos Cabalos e a súa nova ubicación.



17, 18, 19, 20 e 21/9/99

Festa das Dores de Lalín coas actuacións estelares de Cristina Pato, Marcela Morelo, Navajita Plateá, Los Piratas, etc...

23/9/99

A Concellería de Cultura do Concello de Lalín anuncia e presenta o circuito de actividades lúdicas e culturais do rural, programa polo cal se subvencionarán dúas actividades deste tipo en cada parroquia, das 52 que compoñen o municipio.

24/9/99

Exposición de esculturas de Fernando Rodríguez baixo o título "Sen motivo aparente", no Auditorio Muncipal de Lalín.

26/9/99

RENFE pecha definitivamente a estación de Vilanova.

28/9/99

As firmas de Lalín Florentino, Toypes e Montoto, expoñen as súas creacións na pasarela Pontus Veteris de Pontevedra, retransmitida en directo pola Televisión de Galicia.

30/9/99

Dende a Praza da Vila, "Barriga Verde" de Viravolta.

OUTUBRO

1/10/99

Sae a circulación en Lalín a **edición Deza Tabeirós do Diario Faro de Vigo**, diario decano da prensa nacional.

Concerto de apertura do curso do **Conservatorio de Lalín** 99/00 no Auditorio Municipal a cargo da súa Orquestra.

Iníciase un Curso de Perfeccionamento de Galego, organizado pola Asociación e Amas de Casa Laxeiro.

4/10/99

Morre en Salvaterra o artista Colmeiro, un dos patriarcas da pintura galega. Sería enterrado en Margaride (Silleda), na máis estricta intimidade.

8/10/99

Inaugurouse, coa presencia do Director do Centro Galego de Arte Contemporánea, a exposición OUTRA MIRADA, organizada pola Concellería de Cultura e o propio CGAC.

14/10/99

A empresa de moda de Lalín, Mercedes Fuentes participa en la pasarela Campus Stellae de A Coruña.

15/10/99

Exposición de apeiros náutico-pesqueiros no Auditorio Municipal de Lalín. A recollida destes apeiros foi realizada por Evaristo López, mariñeiro actualmenete afincado en Lalín.

16/10/99

Comezan as escolas deportivas de ximnasia infantil, fútbol sala, patinaxe artístico, aerobic e ximnasia de mantemento organizadas pola Concellería de Deportes do Concello de Lalín no Pavillón Municipal de Deportes de Lalín.

17/10/99

Lalín recibe a visita, invitada polo Alcalde Crespo, da Cònsul Maior de **Escaldes-Engordany**, vila de Andorra na que reside unha importante colonia de lalinenses, e coa que o Concello de Lalín estudia levar a cabo un irmanamento cultural. A vila de Escaldes, a segunda en importancia de Andorra, conta con 16.000 habitantes e importantes ofertas turísticas de inverno e balnearias.

22/10/99

Inicia as súas emisións **Canal Deza**, canal de televisión local de Lalín.

23/10/99

Patrocinado por Caixavigo e Ourense, concerto da Coral Casablanca no Auditorio Municipal de Lalín.

Celébrase no Pavillón Municipal de Deportes o IV Circuito Internacional "Presas" de dardos e futbolín.

27/10/99

Dende o Auditorio Muncipal de Lalín, actuación do grupo "Ludus Trombonis", formado por tres profesores de materias de vento metal de diversos conservatorios de Galicia.

Este concerto tivo unha clara intención pedagóxica para os alumnos do Conservatorio de Lalín.

27, 28 e 29/10/99

I Xornada de língua e literatura da Comarca de Deza organizada polo Servicio Lingüístico Comarcal de ExpoDeza e patrocinado polo Concello de Lalín.

NOVEMBRO

1, 6, 14, 20 e 27/11/99

Actividades do Ciclo Cultural da Asociación "A Carballeira" de Cercio.

3/11/99

O Alcalde de Lalín e o Director Xeral do IGVS (José Antonio Redondo), firman en Santiago de Compostela un convenio polo cal a citada Dirección Xeral cubrirá mediante subvención (23 millóns de pesetas) os gastos do proxecto de adecentamento das traseiras do Pontiñas no seu marxe dereito. Un proxecto polo que se embelecerá este paseo tan popular entre os veciños.

4/11/99

Comeza a funcionar en Lalín o Servicio de Teleasistencia Médica.

5/11/99

A exposición de estampas e gravados de Goya, "Tauromaquia" e "Disparates" foi presentada neste día no Museo Ramón Aller. Esta exposición celebrouse en Lalín gracias á Obra Social e Cultural de Caixavigo.

8/11/99

O Diario Oficial de Galicia recolle os espacios que serán incluídos na **rede europea ecolóxica Natura 2000**, entre os que se encontran as Sobreiras do Arnego e a Serra do Candán no que respecta a Lalín. Estos espacios contan dende ese momento cun carácter especial de protección para o seu valor ecolóxico.

10/11/99

Actuación do grupo local de títeres Viravolta no Auditorio municipal, onde puxo en escea "**Barriga Verde**", dentro da campaña Títeres na escola.

11/11/99

Dentro da mesma campaña actuación tamén para os escolares no Auditorio de Lalín do grupo Kaos de Moaña, coa obra "Xoán Pantera e a garrota dando a nota".

Inauguración oficial cunha festa amenizada pola Banda de Vilatuxe, do Centro Social da citada parroquia, coa asistencia da maioría dos veciños, que agora terán un lugar para as súas celebracións e reunións.

12/11/99

Última posta en escea de títeres para escolares a cargo de Spaghetti de Vigo, coa obra "Chímpate....Chámpate".

Así mesmo, foi presentada no Auditorio Municipal a exposición da historia de Galicia en comic "Historia de Galicia", que acercou ata Lalín a Obra Social de Caixa Galicia. Contou con 25 paneis en cartón pluma nos que se puideron ver

debuxos que explicaban de maneira moi didáctica e dirixada ós escolares a historia de Galica.

16/11/99

Uns vinte deputados provincias de Pontevedra, invitados polo Alcalde de Lalín visitaron nesta xornada a Finca de Mouriscade, así como as empresas Florentino e Mercedes Fuentes do mundo da moda. Este recorrido foi deseñado para que os deputados puidesen comprobar distintos aspectos da realidade social de Lalín.

18/11/99

Dende esta xornada, estiveron expostos no Auditorio de Lalín os traballos do curso de talla de madeira dos alumnos do **Centro Ocupacional Laxeiro do Concello de Lalín**.

19/11/99

Concerto do Grupo de Cámara da **Orquesta Sinfónica de Galicia "Coruña Brass"**, no Auditorio Municipal de Lalín. O seu programa inclúe obras de Martini, Calvert, Bizet, entre outros.

20/11//99

Iníciase a campaña de merca de árbores de Nadal que o Concello de Lalín subvencionou ó 50% para ser replantados unha vez pasen as festas do Nadal.

26/11/99

A firma D'áquela expón na sala Ave Nox de Madrid os seus traxes de festa cun rotundo éxito.

27/11/99

Concerto da **Banda Municipal de Lalín** dende o Auditorio para celebrar a patrona dos músicos, Santa Cecilia.

30/11/99

O Museo Municipal Ramón María Aller cumple dez anos mostrando o mellor da arte para os lalinenses, por onde pasaron 588 artistas.

DECEMBRO

2/12/99

A Comisión de Goberno da Deputación Provincial e Pontevedra acorda a cesión dos baixos dun dos edificios da Finca de Mouricade para a instalación alí do **Museo Etnográfico Casa do Patrón**, que ata este momento se encontraba situado en Doade.

3/12/99

Conferencia de Mar Llinares García no Auditorio Municpal de Lalín, baixo o epígrafe "Persoaxes imaxinarios no folclore galego".

Sae a rúa o suplemento de ocio, cultura, gastronomía e turismo **Kilómetro Cero**, dentro do xornal Faro de Vigo.

10/12/99

Convocados polo Alcalde de Lalín, Xosé Crespo, reunión de Pedáneos no Auditorio Municipal para recibir explicacións sobre as características da revisión do catastro de rústica que nesas datas se comezaba a realizar en Lalín.

13 a 16/12/99

Campaña "Nenos á Biblioteca" na Biblioteca Municipal de Lalín.

14/12/99

Audición pública dos alumnos do conservatorio no Auditorio Municipal, que coordenados polos profesores interpretarán pezas cos instrumentos oboe, clarinete e fagot. En total foron 12 os alumnos que interviron.

16/12/99

ExpoDeza acolle unha exhibición das curtametraxes realizadas na Comarca de Deza polo grupo **"Deza, cine galego"**, que foran realizados por Daniel González e os seus fillos Daniel e Xesús como guionistas. Foron o documental "Lalín" e os cortos "O Consello do Compadre" e "Cantigas da emigración".

17/12/99

No Auditorio Municipal, organizada polo Instituto de Bacharelato Ramón María Aller, representación da obra "Tempestades", a cargo de Ricardo Frazer Teatro.

Inauguración da exposición "**Un século de arte en Deza:1900-2000, na lembranza de Laxeiro e Colmeiro**", que permanecerá aberta no Museo Municipal Ramón Aller ata o 27 de febreiro de 2000.

18/12/99

Reunión dos forxadores de A Solaina de Piloño, coa presentación do libros sobre a Forxa Literaria, teatro con Armadanzas da Solaina e a actuación de "Dame Lume" de Bandeira.

19/12/99

A Concellería de Servicios Sociais do Concello de Lalín repartíu nestas datas 86 paquetes de Nadal entre os máis desfavorecidos do municipio.

20/12/99

O traballo "**Ángel Nieto-Miguel Induráin-Holocausto Piñeiro**", obra de Martiño Nercellas, Jesús Taboada e Rodrigo Carbajal, foi o gañador da primeira edición do **Premio Deza de Investigación de natureza, paisaxe e medio ambiente**. Este premio foi convocado polo **Seminario de Estudios de Deza** e está dotado con 250.000 pts.

21/12/99

Tamén convocado polo Seminario de Estudios de Deza, outorgouse o **Premio de Recuperación e Estudio do Patrimonio Cultural de Lalín**, dotado cun millón de pesetas que se repartirán os autores dos traballos "A Banda da Xesta", "O Clamor de Bermés", "La sociedad campesina del siglo pasado" e "Las huellas de Prisciliano en la Comarca de Deza".

22/12/99

Exposición de fotografías antigas de Lalín "Lalín: cen anos en fotos", no Auditorio Municipal ata o 27 de febreiro de 2000.

Primeira fase do Concurso Fin de Milenio.

25/12/99

Concerto de Fin de Ano a cargo da Banda de Lalín, coa actuación da soprano Teresa Novoa. Tivo lugar no Auditorio Municipal.

30/12/99

Fase final Concurso Fin de Milenio.

25, 26, 27 e 28/12/99

A "Taberna do Terror" instálase, para diversión dos máis pequenos, no Auditorio Municipal.



28/12/99

Pleno da Corporación Municipal de Lalín no que se aproban un orzamento de 1.052.000.000 pts. para o exercicio de 2000.

31/12/99

Baile de fin de ano na Praza da Vila.

BOLETÍN DE SUBSCRIPCIÓN

Todos aqueles interesados en ser subscriptores do Seminario de Estudios de Deza, deberán enviar o boletín adxunto debidamente cuberto.

—Os subscriptores recibirán no seu domicilio por correo ordinario tódolos libros publicados ó longo de cada ano polo Seminario de Estudios de Deza.
—Os subscriptores poderán acudir de xeito gratuito a tódolos actos organizados polo Seminario.
—A cuota **ANUAL** é de **5.000** pesetas.

PATRONATO CULTURAL DE LALÍN - SEMINARIO DE ESTUDIOS DE DEZA

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN E DOMICILIACIÓN BANCARIA

S.E.D.

NOME DO SUBSCRITOR .....

.....

DIRECCIÓN POSTAL .....

.....

Depositar ou enviar por correo este boletín de subscrición ó Museo Municipal de Lalín, Rúa Ramón Aller, 9 de Lalín.

ENTIDADE BANCARIA .....

ENDEREZO ENTIDADE ..... **Nº** .....

C.P. ..... **LOCALIDADE** ..... **PROVINCIA** .....

Moi Sres. meus:

Prégolle que, con cargo a miña conta e ata novo aviso, atendan o pago dos recibos correspondentes a miña subscrición que lles presentará ó cobro o Seminario de Estudios de Deza pola cantidade de 5.000 Ptas.

CÓDIGO DA CONTA			
Entidade	Oficina	D.C.	Núm. de conta

..... *de* ..... *de 200*.....

Saúdaos atentamente
(firma)

O Titular. Asdo. .....

N.I.F. .....

Este libro
"DESCUBRINDO"
Rematouse de imprentar
no mes de febreiro de 2000
nos obradoiros de
IMPRENTA ALVARELLOS, S.L.

Descubrindo ten un doble significado. É investigar, analizar, atopar. É tamén ensinar, destapar, divulgar. Con Descubrindo, Anuario de Estudios e Investigación de Deza, búscase o logro deste dobre obxectivo, pois a súa finalidade é afondar no coñecemento da nosa comarca e amosar no exterior os resultados acadados.

O patrimonio, a economía, a historia, a arte, a etnografía, a xeografía, a natureza,...todo ten cabida en Descubrindo como unha publicación aberta e comprometida.

Descubrindo é resultado dun esforzo colectivo de estudio e reflexión dos seus colaboradores, ós que debemos darlle-las gracias por nos axudar a coñecer mellor e respectar este pedazo da Terra no que nos tocou vivir.

Concello de Lalín
Patronato Cultural de Lalín - Seminario Estudios de Deza